

Galicia

*Un país desnortado
e minguante*

Autor

Albino Prada Blanco

Miscelánea

Serie de textos misceláneos






Albino Prada é doutor en Ciencias Económicas pola USC, profesor de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, membro de Ecobas e do Consello Científico de Attac España. É autor de *Caminos de incertidumbre* (Catarata, 2020), un ensaio co que pecha a triloxía que iniciase con *El despilfarro de las naciones* (Clave intelectual, 2017) e prosegue coa súa *Crítica del hiper-capitalismo digital* (Catarata, 2019). No ano 2021 publicou *El regreso de China. ¿Chimérica o Telón Digital?* (Mundiediciones) e *Riqueza nacional y bienestar social. Más desarrollo con menos crecimiento* (Universidade de Vigo). Recentemente publicou en galego *O país dos sen alma. Rosendo Salvado en Australia* e *Trabajo y capital el el s. XXI*.

Mutaciones, consecuencias, alternativas (ambos, Universidade de Vigo 2022). O seu traballo máis recente é *¿Sociedad de mercado o sociedad decente? Crítica de la gran abducción neoliberal* (Universidade de Vigo 2023).

É colaborador habitual en diarios e revistas de información periódica, tanto en papel como dixitais. Os seus campos de traballo céntranse na análise crítica do crecemento e desenvolvemento rexional, así como nos aspectos ambientais e sociais do mesmo. Sobre esa temática, ademais de libros e informes técnicos, publicou artigos académicos en revistas españolas e internacionais.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

Adobe stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-1188-015-2

Depósito legal

VG 367- 2024

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2024
© Albino Prada Blanco

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicación no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH




Galicia

*Un país desnortado
e minguante*

Autor

Albino Prada Blanco


	Limiar	9
01	Introdución e panorámica	11
02	Bases produtivas	29
	O contexto: soberanía e autodeterminación produtivas	29
	2.1 PIB, riqueza e benestar social	33
	2.2 Medios de transporte e comercio exterior	41
	2.3 Unha política industrial	43
	2.4 Os eléctricos e as eólicas	54
	2.5 Estratexias e conclusións	64
03	Bases territoriais e institucionais	71
	3.1. Unha nova ordenación do territorio	71
	3.2. Economía da dispersión	80
	3.3. As infraestruturas	91
	3.4. Desnortados: entre Abanca e Kutxabank	103
	3.5. Federalismo plurinacional e autonomismo centrípeto	112
04	Balances e resultados	129
	4.1. Unha xeración perdida: Galicia (2000-2019)	129
	4.2. O país minguante	136
	4.3. Protección social e sanidade neoliberais	148
	4.4. Do Plano Estratéxico 2020 ao do ano 2030	154



05

Ano 2050, ¿utopía ou distopía? 157

Bibliografías 171



Dende que nos vimos arrastrados pola Grande Recesión de 2008 e, despois, polo Grande Confinamento de 2020 teño para min que as análises previas -como as miñas propias- sobre os retos sociais aos que neste século XXI nos teríamos que enfrontar foron quedando rebordadas por múltiples e xigantescas incertezas que se nos van amoreando.

Non só as climáticas, financeiras ou dunha globalización orientada polo neoliberalismo, cousa que xa se viña observando dende hai medio século, senón pola estratexia de posta ao servizo dos chamados mercados de variados e emerxentes avances tecnolóxicos (xa sexa na dixitalización ou na intelixencia artificial, na descarbonización enerxética ou na manipulación xenética). Forzas e tendencias que se están acelerando como nunca antes, e que nos deixan abraiados cando non impotentes.

Ao mesmo tempo comprobamos que a influencia dos axentes económicos dominantes (bancos, enerxéticas, dixitais) condiciona as análises -cando non as evitan- que se fan e divulgan polo mundo fora (tamén en Galicia). Mentres que os esforzos académicos, salvo en moi contados casos, afánanse apenas en asuntos de detalle ou especialización -que se di que son os "produtivos"- quedando orfos os máis transversais e interdisciplinarios.

Nestas coordenadas o texto que o lector ten nas súas mans procura enfrontar eses retos e paliar aqueles vesgos e baleiros para o caso da sociedade e da economía de Galicia. E facelo na altura desta terceira década do século XXI. Con esa intención tentei artellar cunha ollada poliédrica -non economicista- argumentos de fondo que axuden a centrar unha estratexia de desenvolvemento acada para o país, aínda que non dubido que os voceiros do ideoloxema dominante os cualificarán de "*utópicos*" e "*antisistema*". Pois sempre preferirán que sigamos desnortados axudados da man invisible dos chamados mercados.

A estratexia utópica para deixar de ser un país desnortado e minguante fórame demandada para o número cen da revista *Luzes de Galicia* co reclamo de que debuxara a Galicia do ano 2050, con ela péchase este ensaio. Pero as trabes en detalle desa estratexia, que se editan actualizadas nos sucesivos capítulos e apartados, foron publicadas nos últimos anos como análises críticos daquela man invisible.

Prefiro non sumarme á santa compañía galega dos caladiños. O cal non quita para recoñecer que a tarefa que debullo nestas páxinas reborda o empeño dunha soa persoa, e que -a bo seguro- debía terse enfrontado cunha maior actualización e detalle empírico en non poucas das súas pasaxes máis debedoras de textos e achegas das últimas dúas décadas.

Asumido o anterior poño a andar a roda deste feixe de argumentos na confianza de que outros collan o relevo dende estas coordenadas, pondo ao día datos e documentos de referencia. Pois eso: poñédelle chatas a obra, que hai sitio pra todos. Con esa intención aquí seguen estas páxinas por si axudasen a deixar de andar tan desnortados e minguantes.

Capítulo 01

Introdución e panorámica

11

Non comparto a opinión de olláronos como si vivísemos ao final dunha estrada, nun Fisterra, final do mundo, nunha terra de “*término*”, ou nunha latitude periférica¹. Se nos vemos así é porque asumimos unha perspectiva peninsular, mesmo radial, desnortada. Penso máis ben o contrario. Que, ben mirado, a nosa xeoposición non é excéntrica nin periférica senón punto de chegada e paso dunha das maiores vías de transporte e comercio da xeografía mundial: o corredor atlántico europeo. Situados entre os continentes europeo e americano ou o africano, configuramos un continuo territorial e social coa rexión norte de Portugal, e daquela vivimos nunha envexable eurorexión transfronteiriza que mira ao mar.

Ao observar unha foto de satélite que recolla o escintilar luminoso pola noite dos asentamentos humanos na superficie da Terra, non hai na península Ibérica eurorexión máis rechamante que a que vai de Porto a Ferrol. Este ben visible corredor urbano atlántico, densa e intensamente poboado, non é só un lugar privilexiado de chegada e paso, nun vello continente, senón tamén, en si mesmo, un espazo social e económico comparable -sen complexos- a calquera outro da península. Por ambas razóns contamos con fortalezas e oportunidades para ser o lugar de localización de investimentos (na manufactura, no comercio) que avalíen con rigor esa xeoposición.

Esta xeoposición non só é un recurso económico de primeiro nivel (que lamentablemente veremos aquí que non se utiliza como merece) en termos loxísticos, supón tamén realidades materiais moi tanxibles. Pois fala dun litoral e dunha plataforma continental abondosas en nutrientes e biodiversidade mariña. Tanto para a pesca silvestre como para os cultivos (a gandería mariña) nas rías, nos areiros e en moder-

1 IGAPÉ (2000: 14) anota como unha debilidade, “... unha situación xeográfica periférica ...”, tamén González Laxe (1992:11) “... su lejanía a los centros de gravedad ...”, ou Villares (2019: 4, 8, 31, 39, 44) e Villares (2023: 54): “Fisterra”, “terra de termo”, “final do mundo”, olladas que terían non pouco que ver cun camiño cara unha tumba compostelá, ou co punto de vista de civilizacións mediterráneas como a romana, Rivas (2004: 15).

nas plantas acuícolas. Se o combinamos cunha axeitada conservación e calidade do medio natural e dos areais tamén configura un recurso “alimenticio” (para o corpo, a mente e o lecer) que outros moitos desexarían ter.

- 12 Deste argumento agroman polo menos outros dous. Que contamos cun saber facer para as actividades mariñas que nos converte nun referente en todos os mares do mundo. E contamos cun envexable capital produtivo para a fabricación de todo tipo de embarcacións e equipamentos industriais relacionados cos recursos do mar. Ambos, como é o caso do recurso alimentario, podémolos capitalizar, mellorar ou estragar. Mesmo así, temos o privilexio, e a enorme responsabilidade, de escoller. Outros non poden facelo.

Esta xeoposición atlántica de Galicia leva de seu unha dotación bioclimática que nos permite unha paisaxe rural e agrícola especializada na gandería, en certas castes de viñedo e na silvicultura. Tamén nestes casos podemos aproveitar este potencial apostando pola calidade e non pola cantidade (como tanto e ben se fixo nos viños) ou, pola contra, desperdicialo na procura da maior cantidade o máis rápido posible (como é o caso das plantacións de eucalipto ou na opción dos pensos fronte aos pastos). Sendo así que hoxe en moitos produtos alimentarios non deberamos perder nunca de vista que calidade e a seguridade deben ir da man, pois os días da cantidade, non sostibilidade e risco alimentario están contados. De novo temos condicións -o que é un privilexio e unha responsabilidade- para elixir o camiño a seguir.

O sector forestal e dos montes é outro bo exemplo de que, como rexión atlántica, como queira que dous terzos da nosa superficie son montañas, non deberamos malgastar este recurso natural abandonando a metade desa enorme superficie á matoqueira e a incendios cíclicos. Porque un axeitado uso da biomasa é unha alternativa renovable, sostible e factor de autonomía enerxética.

E isto lévanos ás nosas importantes potencialidades enerxéticas. En recursos hidráulicos que deberían ser homologados en concesións (condicións, devolucións, taxas, etc.) que son habituais nos países desenvolvidos. E facendo o mesmo cos recursos eólicos privilexiando as concesións de ámbito público-municipal. Fontes limpas e renovables que son xa unha determinante fonte primaria da electricidade que consumimos, e que adquiren un carácter estratéxico nun mundo no que a enerxía está a ser cada vez máis un factor crítico.

En todos os recursos revisados (posición marítima, oceánica, acuícola, agrícola, forestal, enerxética,...) a aposta pola calidade nunha perspectiva de diferenciación, valorización social, resiliencia ou proximidade debера ser o noso norte.

Tamén no turismo. Xa que a estratexia de replicar o modelo de sol e praia, cun hábitat conxestionado e poucos servizos complementarios, sitúanos nunha posición residual no mega negocio da potencia turística mundial que é o Reino de España. Aquí

de novo a calidade remítenos a un urbanismo respectuoso co medio ambiente, que non xera conxestión, que asume os elementos da nosa arquitectura tradicional e os seus materiais, cunha xestión paisaxística que vai máis aló do tópico da Galicia verde, con diversidade e contrastes estacionais que poñan en valor o noso patrimonio etnográfico, artesanal, monumental, gastronómico, termal, etc.

En todo o anterior, a aposta pola calidade e a diferenciación afortunadamente non só é posible, senón a única perspectiva de futuro fronte á idea de cantidade, o máis barato ou a marca branca. Máis sucede que esta aposta só pode aproveitar a xeoposición se contamos cunhas infraestruturas ferroviario-portuarias axeitadas (autoestradas do mar, zonas loxísticas, portos secos) e cunha organización territorial funcional para este século XXI. Dando tamén por suposto que dificilmente podemos apostar pola calidade se non contamos cunha poboación moi cualificada profesionalmente, con acceso e experiencia para xestionar a mellor tecnoloxía existente no mundo.

E, finalmente, todo o anterior atopa o seu sentido na apertura ao exterior, nunha aposta polos países que medrarán no mundo que aboiará neste século XXI (Brasil, África, Asia,...) non para vender o que sempre poderán facer eles máis barato, senón o que nós podemos e sabemos facer mellor. Un saber facer mellor que será un reto permanente, e para o que -a día de hoxe- podemos dicir que contamos con recursos excepcionais.

Pero se a nosa xeoposición pode ollarse dun xeito desnortado (como un Fisterra e non como unha eurorexión atlántica de múltiples potencialidades) cara fora, tamén pode ollarse de xeito desnortado dentro da península ibérica e dentro do Reino de España. Aquí -como veremos de vagar no capítulo terceiro deste ensaio- o desenfoque ten que ver cunha ollada centrípeta e radial dende Madrid por vez dun horizonte policéntrico peninsular encaixado nun federalismo plurinacional. E ese horizonte policéntrico tamén se pode aplicar dentro de Galicia: pois fronte a catro provincias e un feixe de capitais e localismos, algún tamén centrípeto, debemos ter o horizonte dun anel urbano do conxunto do país. Aí temos as tres facianas desnortadas do noso contexto territorial (mundial, español e galego) si as manexamos na perspectiva de Fisterra, de noroeste ou provinciano.

★

Certo que, malia estes desenfoques, si volvemos a mirada cara ao pasado recente (anos 1950-2000) comprobamos o enorme salto cuantitativo que realizou a economía e máis a sociedade galega. Pois se referimos como índice 100 a media de riqueza por habitante dos países europeos nos anos cincuenta, Galicia non chegaba daquela a 35 puntos, mentres países como Arxentina ou Uruguai superaban a media europea de cen puntos. Cincuenta anos máis tarde os dous países americanos citados caían por baixo do índice 50 ... e Galicia roldaba os 70 puntos.

Sobra dicir que o listón que tomamos de referencia non fixo máis que medrar nesas décadas e que se trata dun “club” privilexiado no ámbito mundial. Daquela ter pasado de 35 a máis de 70 supón duplicar o noso nivel relativo verbo dun conxunto a cada paso máis rico. Tal logro faise máis de valorar por canto, como nos demostran Argentina ou Uruguai, o camiño virtuoso non é inevitable e pódese andar de volta, de máis de 100 a menos de 50.

Claro que aqueles setenta puntos sobre cen da media europea que vimos de ver como un logro poden tamén ser considerados como un enorme reto de futuro. Como veremos nas páxinas que seguen Galicia conta con recursos para seguir a avanzar naquel camiño virtuoso de converxencia (sobre todo se soluciona algúns atrancos dos que tamén nos ocuparemos) pero non debe escapárenos que o camiño restante vai ser progresivamente máis dificultoso de percorrer. Vaia un exemplo: o conxunto da economía española precisou dúas décadas (1980-2000) para ascender dez puntos do nivel dos setenta sobre 100 da media europea que tiña no inicio do período. E nós só avanzamos a metade: cinco puntos nos últimos vinte anos².

Sendo así de vagar o noso achegamento económico á media de riqueza por habitante dos países europeos máis desenvolvidos do mundo, non o é menos certo que da súa man se rexistra un xigantesco proceso de metamorfose social. Abondará con dar dous exemplos: o cambio nas actividades máis determinantes e o papel do traballo da muller.

No primeiro caso débese lembrar que á altura do 1950 tiñan un peso semellante na produción comercializada as actividades agrarias e as actividades que coñecemos como de servizos (xa destinados á venda xa públicos). Setenta anos máis tarde as primeiras non chegan ao dez por cento mentres as segundas superan o setenta. E non se debe supor que a poboación galega estea peor alimentada, ou que cubrir as súas necesidades básicas supoña un esforzo (en horas de traballo, ou como parte da renda) superior. Todo o contrario. Outra cousa será a sostibilidade, resiliencia e impactos ambientais que hai por tras desa metamorfose³.

No segundo aspecto (o traballo feminino) o cambio non foi menos espectacular, e se acaso máis intenso, pois as mulleres ocupadas no sector agrícola pasaron de ser trescentas mil no 1976 a só vinte mil en 2023, mentres que as ocupadas nos servizos partindo de cen mil teñen alcanzado xa as catrocentas cincuenta mil⁴. Porque

2 En 2021 estamos no 72 % da UE27 (Eurostat) mentres era o 67 % no 2000, apenas un avance de cinco puntos neses 20 anos, por regresión demográfica relativa; https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/NAMA_10R_2GDP__custom_9623092/default/table?lang=en

3 Analizaba a evolución da resiliencia alimentaria nos últimos 20 anos aquí: <https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/perdendo-resiliencia-alimentaria/20231221080954185362.html>

4 Datos INE-EPA para 2023: <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=3977> para 1976: https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?path=/t22/e308/meto_02/pae/px/10/&file=02002.px

a maiores a participación da muller nas actividades económicas dos servizos non só se disparou nos menos cualificados e peor remunerados (distribución comercial, restauración, etc.) senón tamén nos máis cualificados e de maior status social (saídade, xudicatura, ensino...) onde sobre a base dunha maior igualdade no acceso ó sistema educativo se ten modificado espectacularmente a distribución por xéneros.

Daquela podemos resumir esta nosa primeira reflexión dicindo que cuantitativa e cualitativamente nos temos asemellado aos países que se consideran no ámbito mundial bos exemplos de desenvolvemento económico e social. Sendo así que un tal resultado ten que descansar necesariamente nun conxunto de recursos e factores que soubemos aproveitar no pasado recente. Se isto é así, as preguntas son obvias: ¿contamos aínda con argumentos favorables para continuar neste carreiro?, ¿agromaron ou debúxanse no horizonte próximo factores que poden estragar esas posibilidades?. De dar resposta a estas preguntas ocuparémonos nas seguintes páxinas.

Porque se, chegados aquí, tivese o lector que dispor dunha recapitulación e dunha perspectiva do que vai seguir, deberamos partillar que aproveitar a nosa privilexiada xeoposición atlántica, apostar pola calidade e diferenciación, investir en capital humano e infraestruturas e, con esas premisas, beneficiarse dunha apertura intelixente aos mercados exteriores (que é a única estratexia para defender o noso mercado interno) son elementos chave desa estratexia económica.

Note o lector como, despois de sinalar as dúas primeiras liñas estratéxicas, pouco se pode aproveitar a xeoposición sen modernas infraestruturas, e pouco se pode apostar pola calidade se non aproveitamos no país unha poboación de alta cualificación profesional e con acceso e manexo da mellor tecnoloxía. Abordaremos de seguido estes recursos, mais como queira que nisto ternos moito que espelir, farémolo nun epígrafe de seu, de factores retardatarios.

★

Xa de entrada non considero o recurso poboación, por mais que sexa minguante e un sinal de alarma, como un problema maior para a economía de Galicia dende o punto de vista cuantitativo senón máis ben dende o punto de vista cualitativo. E digo isto con toda a intención cando tan arreo se está a falar do noso declive demográfico e do envellecemento galopante. Daquela vaiamos por partes.

En conxunto o noso crecemento vexetativo (defuncións menos nacementos) adoita ser negativo pero o certo é que entre 1971 e 2022 perdemos apenas vinte e sete mil habitantes⁵. Claro que debe engadirse que -a pesares disto- temos unha moi alta taxa de desemprego e unha moi baixa taxa de actividade (feminina sobre todo), dous problemas que a perda de poboación debiera ter facilitado resolver. Aínda así tal cou-

⁵ Datos INE: <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=10262>; outra cousa é imaxinar a poboación que teríamos que ter acadado de seguir a tendencia media española.

sa non se comproba⁶. Sucede ademais que ese comportamento agregado da poboación é desigual: unha evolución moi negativa na Galicia interior e un crecemento positivo na Galicia litoral (a nosa dorsal atlántica, utilizando unha metáfora europea). Pois convén saber que hoxe no litoral concéntrase máis do 75 % da poboación galega mentres que estamos a falar de só o 30 % do territorio. Pola contra, a Galicia en grave declive demográfico ocupa un 70 % do territorio, mais só o 25 % da poboación. É, daquela, un asunto moi asimétrico.

Algo semellante sucede co envellecemento. A nosa porcentaxe de persoas maiores (con máis de 65 anos) é alto e non fai senón medrar, mais se un observa a pirámide poboacional da Galicia interior ao carón da da nosa dorsal atlántica litoral verá que son como a noite e o día. A primeira nada ten que ver coa figura dunha pirámide, e máis ben semella xa un cogomelo, a segunda se ben ten unha base mellorable, ten a forma estilizada e clásica dunha pirámide de poboación.

Verbo da sostibilidade ou desenvolvemento social da nosa economía manexarei de entrada aquí só dous indicadores: o índice de dependencia e a taxa de paro. O índice de dependencia cuantifica canta poboación maior (de 65 anos) temos por cada cen persoas en idade de traballar⁷ (entre 15 e 64 anos). Para o período 1990-2021, a situación tamén é dunha minguante sostibilidade. Se en 1990 superabamos en tres puntos a media española, en 2021 superamos esa media en máis de oito puntos. Este feito tradúcese, entre outros efectos, nun problemático potencial de financiamento dos servizos públicos decisivos para os maiores, coma son as pensións, a asistencia sanitaria, ou a asistencia social ós dependentes.

Un indicador complementario da sostibilidade social do noso crecemento económico, que teño tamén analizado como desenvolvemento social⁸, viría cuantificada pola taxa de paro, definida coma a porcentaxe das persoas dispoñibles para traballar -e que buscan activamente emprego- sobre o conxunto da poboación activa. Tampouco dende esta perspectiva a nosa situación presenta un balance positivo no longo prazo⁹. Pois de estar apenas dous puntos e medio por riba da media da UE27 en 2000 pasamos a estar case cinco puntos por riba no ano 2022. E, reitero esta circunstancia, malia anotar unha regresión demográfica que debera ter facilitado a diminución deste desequilibrio.

6 Segundo a Memoria 2022 do CES-Galicia “A taxa de actividade se sitúa en Galicia no 52,9%, por debaixo da media estatal (58,6%) e non supera o penúltimo posto entre todas as Comunidades Autónomas”
<https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

7 Datos Eurostat:
https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/DEMO_R_PJANIND2__custom_6249575/default/table?lang=en

8 Prada, A. (2021)

9 Datos Eurostat:
https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/LFST_R_LFU3RT__custom_6249712/default/table?lang=en

Por iso sosteño que a poboación non é tanto un problema cuantitativo como cualitativo (mesmo para resolver o problema cuantitativo). O que nos obriga a avaliar o nivel formativo ou educativo da poboación. Un aspecto determinante na medida en que o devalar das economías desenvolvidas, como a nosa, vai depender cada vez máis de medios de produción e tecnoloxías que aforran traballo humano (pénsese na agricultura, na construción, nas manufacturas, e agora nos servizos) pero que reclaman persoas que sexan quen de manexar, xestionar, deseñar, etc., novos, potentes e cambiantes medios para producir. Pois hoxe é moito máis crucial para un sistema económico ter medio millón de persoas moi ben preparadas, que contar co cuádruplo con escasa cualificación ou formación. E iso non é menos certo si o que se quere priorizar é poder garantir a esas persoas o dereito a vivir e ocuparse do xeito máis satisfactorio e decente posible. Pois ben, Galicia partía nisto cun acusado diferencial negativo verbo doutras rexións españolas á altura dos anos 60 do pasado século. ¿Reducimos dende entón aquel diferencial educativo?. Pois non se trata de comprobar a obvia mellora do acceso e permanencia no sistema educativo dos mozos entre os anos 1960-2020, senón de ver se esa mellora superou en intensidade á que tiveron o resto das rexións españolas que partían dun nivel superior. Xa que este sería o único xeito de dar cabo delas.

Se nos centramos en avaliar a porcentaxe da poboación activa que ten un nivel de estudos secundario ou de formación profesional Galicia cun 22 % sitúase na metade da media europea e por baixo da media española¹⁰. Eso si, temos unha porcentaxe con formación universitaria moi superior. Algo que apunta cara unha sobre cualificación na superior, e a unha fenda crítica na secundaria e profesional. E temos que superar esa fenda porque o aspecto cualitativo da poboación do que estamos a tratar garda unha relación máis que virtuosa co desenvolvemento económico. Neste eido o caso de Irlanda é paradoxal: hoxe supera a media europea de riqueza cando hai dúas ou tres décadas estaba tan lonxe coma nós. Pois ben, se comparamos o noso nivel relativo o resultado é nidio¹¹: mentres entre nós preto do 32 % dos ocupados tiñan só estudos primarios en 2022, en Irlanda a porcentaxe dese colectivo cae ao 12 %. Vinte puntos menos.

Sendo ben certo que moi pouco se pode apostar pola calidade se non temos unha poboación con alta cualificación, e con acceso e manexo da mellor tecnoloxía, tampouco se poderá aproveitar a xeoposición sen dispor de modernas infraestruturas e dotacións de capital. Neste asunto o punto de partida das dotacións de capital público (estradas, redes ferroviarias, aeroportos, portos, redes de distribución enerxética,

¹⁰ Datos Eurostat:

https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/EDAT_LFSE_04__custom_6249935/default/table?lang=en

¹¹ Datos Eurostat:

https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/EDAT_LFSE_04__custom_6249935/default/table?lang=en

solo industrial, etc.) en Galicia era nos anos 1960 do pasado século moi inferior á media española, tanto avaliada por habitante como por unidades de superficie. Unhas dotacións (stock) de capital público que se consideran un factor determinante para o despegue económico na literatura económica por máis que se discuta a intensidade e desagregación de tal efecto. Por non falar hoxe das novas redes dixitais¹². Non debiera daquela estrañar que o noso crecemento non teña acadado o nivel doutras rexións onde a dotación de ditas infraestruturas era superior¹³. Pois a cantidade e calidade, por exemplo das dotacións portuarias (metros de atraque e calado, accesos ferroviarios, material móbil, áreas loxísticas de manipulación e intermodalidade, sistemas de comunicación, etc.) e a súa conexión intermodal (terrestre, ferroviaria para mercadorías) con canles de dobre dirección, son unha condición necesaria para aproveitar a xeoposición.

É por iso que se máis arriba destacaba como nunha foto satélite a fachada marítima da nosa eurorexión escintilaba na noite, agora sucede que se un observa un mapa da rede de transporte combinado na UE comproba que Galicia non existe¹⁴. Só aparece Vigo como un punto terminal dun ramal terrestre que procede de Porto e camiña cara a Valladolid. Nada que ver co tecido que se debuxa na fachada mediterránea española. E algo semellante sucede nun documento estratéxico elaborado en Galicia. Pois si ben é difícil non estar de acordo cos trinta obxectivos prioritarios, enumerados ao comezo das determinacións das nosas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT 2011), poñamos as dúas primeiras (1.2 letras a e b) que din: lograr unha maior integración de Galicia coas áreas que lideran o desenvolvemento europeo, aproveitando as oportunidades asociadas a unha localización única na costa atlántica europea e, a segunda, consolidar o liderado galego, e o papel na plataforma Atlántica para crear unha zona de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular. Cando se observa con atención un dos poucos mapas de Europa que se recollen no documento que comento, co significativo título de Articulación do Espazo Atlántico, chaman a atención dúas anomalías¹⁵. A primeira é que mentres se reflicte un vector de transporte marítimo entre Bilbao-Xixón con Francia e Reino Unido, nada semellante se etiqueta entre Vigo-Coruña e destinos idénticos (cando xa está en funcionamento unha Autoestrada do Mar). A segunda é que mentres se reflicte un

12 Nestas dotacións estamos na última posición española segundo a Memoria do ano 2022 do CES-Galicia na súa páxina 46, <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Cap1.pdf>

13 Ver aquí: https://www.ivie.es/es_ES/investigacion/proyectos/capitalizacion-y-crecimiento/

14 Por caso: [https://es.wikipedia.org/wiki/Corredor_Atl%C3%A1ntico_\(Europa\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Corredor_Atl%C3%A1ntico_(Europa))
https://es.wikipedia.org/wiki/Redes_Transeuropeas_de_Transporte#/media/Archivo:Trans-European_Transport_Network.svg.

15 Punto 1.5.10. das DOT de 2011 páxina 104
https://cmav.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudios_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html&std=descarga-dot.html

vector de transporte terrestre Lisboa-Madrid, non se fai o mesmo entre toda Galicia e a zona do Val do Ebro.

É tamén sintomática a invisibilidade das nosas cidades, tomadas unha a unha, nun informe da Dirección Xeral de Política Rexional da Unión Europea. Cando define as *Áreas Metropolitanas* de Crecemento para Europa, clasifícaaas en cinco niveis segundo unha puntuación que ten en conta o seu peso económico e demográfico, a súa competitividade, o capital humano e a conectividade. O primeiro nivel (nodos globais) ocúpano París e Londres con 380 puntos, no segundo (motores europeos) temos dezasete que inclúen Madrid e Barcelona con 150 puntos, no terceiro (megacidades fortes) outros oito e ningún español, en na cuarta (potenciais megalópoles), que comprende vinte e cinco áreas, atopamos Palma de Mallorca, Valencia e Bilbao con 70 puntos e xa na quinta (megalópole débil) son vinte e catro; pero aquí en España só temos Sevilla (tamén está o noso veciño Porto, con 50 puntos). Galicia non existe¹⁶. 19

Se esta é a situación das infraestruturas clásicas esta non é mellor nas emerxentes tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Outro mapa para Europa neste caso da rede de banda ancha para transmisión de datos informáticos¹⁷ da conta desa fenda dixital verbo das rexións con mellores dotacións. Esta nova alfabetización dixital superponse como un novo diferencial negativo ao que máis arriba describíamos como deficiente nivel do capital humano, e as dúas colócanos nunha preocupante posición no tocante aos chamados *recursos de futuro*. Estes serían: formación da poboación, tecnoloxías da información e da comunicación, esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Pois enténdense por tales recursos aquelas capacidades que supoñendo, a bo seguro, un gasto da riqueza actual (xa que logo unha dedución desta), non son de tipo suntuario (por exemplo: lecer, deportes...) ou para o día a día (alimento, vivenda...), senón para xerar máis e mellor riqueza no futuro. É esta unha opción pola que apostan moitas veces as persoas, mais tamén as sociedades que teñen un proxecto definido. Vimos de ver que non estamos a apostar o suficiente nos dous primeiros tipos, ¿será distinta a situación no terceiro tipo, no esforzo en investigación e desenvolvemento (I+D)?

Non se trata de comparar o esforzo realizado en Galicia co realizado en -poñamos por caso- Cataluña en termos absolutos para investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Pois se a súa riqueza cuadriplica a nosa, tal comparación sería improporcionada. Trátase de ver por cada cen unidades de riqueza anual xerada canta lle dedi-

16 https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:C3%81reas_metropolitanas_de_Europa

17 Ver aquí: <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/ddn-20200414-2>
https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/ISOC_R_BROAD_H/default/table?lang=en
Reitero que nestas dotacións estamos na última posición española segundo a Memoria do ano 2022 do CES-Galicia na súa páxina 46, <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Cap1.pdf>

20

camos a este recurso de futuro, esa é a idea ao medir o esforzo¹⁸. Para 2020 eran 1,1 unidades por cen en Galicia, 1,4 de media en España e 2,3 na UE, daquela facemos un esforzo por baixo da media do Reino de España e na metade da media europea. Moito lle tiñamos que aproveitar a tan cativo esforzo para xerar condicións competitivas de futuro.

E o certo é que nestas actividades non adoitan darse milagres, máis ben existen niveis mínimos, procesos acumulativos virtuosos e economías de escala nos resultados obtidos. Cando se miden estes (por exemplo, o número de patentes conseguidas ponderadas por un certo número de habitantes) nun coeficiente de innovación, a nosa fenda no esforzo amplifícase nos resultados. É moi clarificador sobre este particular observar tamén un mapa da UE que represente por rexións os resultados da actividade innovadora. Poucas veces se visualiza mellor o que deu en chamarse *dorsal europea* (nunha liña Rotterdam-Marsella) como eixo polarizado de xeración de recursos de futuro, mais tamén se observa o páramo que -sen excepcións- é a Península Ibérica¹⁹. Abonde dicir que entre os anos 2016-2022 Galicia mesmo pasou de estar na posición 143^a a 149^a nun índice de competitividade das rexións europeas, ao tempo que a Rexión Norte de Portugal pasou da posición 164^a a 135^a. Sobran comentarios²⁰.

Esta fenda é de tal dimensión que quizais deberamos sobre todo priorizar a difusión e mobilidade da tecnoloxía existente (ben incorporada en investimentos directos, ben adquirida) e o seu eficiente manexo e a adaptación ás nosas necesidades. Enténdase ben, non se trata de concluír aquilo de “*que inventen eles*”, mais sucede que, agás en certas liñas que deberían ser selectivas e estratéxicas para nós (poñamos por caso alimentos da terra e do mar, certa construción naval, confección...), no resto non paga a pena que, por así dicir, inventemos a roda (os muíños, as turbinas ou as placas solares).

Recentemente Nacións Unidas engadiu ao seu moi relevante índice de desenvolvemento humano outro relativo a estes recursos de futuro, rotulándoo como Índice de Adianto Tecnolóxico (IAT). Un índice que resume moita información crucial na liña que estamos a desenvolver aquí. Así a cualificación dos traballadores (nomeadamente en disciplinas científico-tecnolóxicas) (IAH), dotacións de capital tecnolóxico non recente (IDIA: redes telefónicas, eléctricas...), incorporación de innovacións recentes (IDIR: TIC por exemplo) e resultados na creación de tecnoloxía (ICT). Non é este lugar axeitado de entrar en detalles a maiores do que xa levamos anotado, máis abunda o índice agregado para dar conta cualitativa e panorámica do noso déficit²¹.

18 Datos aquí: <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/ddn-20200414-2>

19 https://es.wikipedia.org/wiki/Banana_Azul

20 Ver cadro 1.1.24 aquí: <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Cap1.pdf>

21 Ver aquí: https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2017/06/FBBVA_Esenciales_17.pdf

En conxunto a lección debe estar clara. Para acadar un sólido crecemento económico en Galicia (base do desenvolvemento social ao que debe orientarse), para aproveitar a nosa non pequena dotación de recursos produtivos, de posición, patrimonio natural, etc. debemos reducir as fendas de dotacións de capital (físico, humano, tecnolóxico), fendas que, se non as deixamos atrás, nos paralizarán como unha economía e sociedade desnortadas e minguantes.

★

Porque, con estes vimbios, non é de estrañar que nos derradeiros trinta anos Galicia perdesse peso económico e demográfico no conxunto do Reino de España²². Do case 6 % que supuña Galicia no PIB español en 1986, temos o 5,2 % na actualidade (2021). E só o feito de que a poboación sufrise un devalo de maior magnitude -pasando do 7 % ó 5,7 %- permitiunos avanzar cara un nivel de PIB per cápita do 92,2 % (ano 2021, sendo cen a media española). No longo prazo isto só pode cualificarse de converxencia pasiva²³. Unha economía desnortada e minguante²⁴.

Asemade, anótanse outros aspectos negativos no balance. En primeiro lugar, e no que atinxe ó emprego, o devalo económico das actividades primarias e a nosa defectiva terciarización non foron quen de ser compensadas pola expansión das actividades externas de tipo industrial e polo crecemento da demanda no sector da construción. O comportamento da poboación activa galega tamén reflicte con claridade este menor ritmo de crecemento económico en termos relativos ó conxunto de España; así como un maior volume de desanimados, de potencialmente activos ou unhas menores taxas de actividade e de ocupación que teñen que ver coa nosa particular evolución económica no conxunto dos últimos vinte anos. Perdemos, xa que logo, peso no emprego no conxunto de España como pon de manifesto a cota de Galicia no total da poboación ocupada²⁵ no conxunto español que pasou do 7,5 % en 1996 ao 5,4 % en 2022.

En segundo lugar hai que anotar o nulo avance na andaina de dar solucións aos problemas de ordenación do territorio²⁶, tanto no terreo institucional coma no socioeconómico. Seguimos tendo unha poboación con elevada dispersión (tanto por fora como na contorna das cidades), que incrementa os custes de provisión dos

22 Datos aquí: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736167628&menu=resultados&idp=1254735576581#

23 Cuarenta anos antes estabamos no entorno do 80%, Fernández (2004: 47), Vence (205: 102); tamén anotaban esta converxencia pasiva Fernandez, X. e López, E. (2000: 59)

24 O calificativo de minguante ten un certo paralelismo coa de encollerse como un “bonsai” que no seu día usara Rivas (1989: 173), e retomara vinte anos despois: “Galicia ten sido sometida a un proceso de diminución ...”, Rivas (2009: 37); pode que tamén estea vencellado ao problemático síntoma de “traspasar el umbral de visibilidad” que para Galicia anota Villares (2019: 3)

25 Datos aquí: <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4211>

26 Ocupáremonos de vagar destes factores no capítulo 3 deste ensaio.

servizos públicos e eleva a factura medio ambiental. Sufrimos un custoso atraso na aplicación dunhas directrices de ordenación do territorio que definan espazos metropolitanos, áreas urbanas e comarcas nos que planificar o conxunto de políticas públicas autonómicas (deixando obsoletas as provincias). E a maiores a cooperación intermunicipal é mínima, con localismos que aboian en canto se quere facer algunha aposta estratéxica con incidencia espacial, e sen atopar tampouco unha saída nos procesos de fusión de concellos.

Falando de cooperación hai que referir dúas cuestións con incidencia económica directa. Que, dunha banda, o avance na consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal vai arrastras (no ferroviario, no aéreo, na loxística). E doutra, que Galicia segue tendo un capital social²⁷ moi feble, por baixo da media española, o que remata dificultando estratexias de cooperación en diversos eidos: dende os clusters empresariais ás propias áreas metropolitanas funcionais.

Tampouco no terreo da sostibilidade melloramos o que sería preciso. Cunha pegada ecolóxica en aumento²⁸ e coa incapacidade para protexer e tirar partido da paisaxe e dunha xestión sostible dos nosos abondosos recursos naturais (hidráulicos, eólicos, biomasa), asuntos que escurecen o noso balance medio ambiental²⁹. E, en derradeiro termo, acentuáronse os problemas de despoboamento no rural por mor dun proceso de concentración da actividade produtiva nas zonas urbanas que non foi acompañada por unha estratexia clara de desenvolvemento do medio rural.

A explicación da nosa menor capacidade de desenvolvemento atoparíase nuns fundamentos económicos máis febles. Aínda que mellorados respecto de 1986, Galicia seguiría mal situada verbo do resto das Comunidades Autónomas nos indicadores habitualmente empregados para medir o capital humano, o capital tecnolóxico, o capital produtivo privado, o tecido empresarial, a capacidade de atracción de fluxos de investimento directo, ou a especialización sectorial.

Para virar de rumbo contamos con valiosos recursos, mais tamén topamos con moitos atrancos xa anotados e dos que nos ocuparemos polo miúdo. Se removésemos uns e outros cunha estratexia de innovación, calidade, resiliencia, proximidade, sostibilidade, ... se potenciamos e identificamos aquelas iniciativas e demandas que teñan ese norte, a economía de Galicia podería dar pasos sólidos para igualar (en benestar social, en riqueza por habitante, en probabilidades de emprego, en peso económico, en inclusividade, en sostibilidade, etc.) o nivel medio do espazo econó-

27 Pérez, F. (2005) (Dir.) páxina 106

28 Para 2012-2015 ver páxina 36, aquí:
https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-cmaot/Documentos_SXCAA/Plans_e_Proxectos/Pegada_Ecoloxica_Galicia.pdf

29 Como en páxinas posteriores detallaremos (capítulo 4.1.)

mico e social europeo. Que suporía unha moi valiosa converxencia si a avaliamos a escada mundial.

★

23

Nesa folla de ruta, e dende o punto de vista de quen isto escribe, a crecente captación da demanda mundial por parte dunha pequena economía como a de Galicia, suporía moverse simultaneamente cara a diminuír os prezos, pero sen buscar ser a opción máis barata, e, sobre todo, aumentar o valor e a calidade adaptándose ós consumidores, pois un produto só será máis valioso se é singular. Máis que en cantidade de traballo barato e en abondoso capital natural, trátase de especializarse en coñecemento humano cualificado e en bens intensivos en capital tecnolóxico. Claro que para esta viaxe –como se revisou no que antecede– non contamos cun bo punto de partida. Aínda así, e malia a situación actual, paga a pena comentar con algún exemplo as posibilidades desta estratexia.

No caso alimentario (carne, viños, lácteos, etc.) argumentos de sanidade e seguridade, de cultura e trazabilidade garantida e de loxística poden considerarse vectores de defensa diante da súa deslocalización estritamente produtivista e de competencia en prezos. Se ben se comproba que hoxe a orixe do produto non é un elemento determinante na maioría das eleccións realizadas polos consumidores, os riscos asociados ás crises alimentarias recentes e a ruptura de abastecementos lonxanos debora xogar en sentido contrario. A estratexia errada sería a das conservas en Galicia cando se dirixen a segmentos de baixo prezo con marcas brancas, ou do distribuidor, intensivas en man de obra barata e con contratos non decentes (co que non domina a diferenciación nin a calidade). Neste caso a seguridade alimentaria, a calidade das compoñentes, a rigorosa transformación e conservación, a relación alimento-saúde, ausencia de contaminación, garantía de orixe, estratexias de diferenciación, marcas propias, investigación e adaptación ós mercados e simbiose co canal de distribución deberan orientar a estratexia de especialización. E nesta perspectiva non se debora esquecer a relación alimentaria do mar coa emerxente utilización para biomedicina e fármacos.

Teríamos outro exemplo nos electrodomésticos e equipamentos sostibles. Se ben o pequeno e familiar entraría máis ben na competencia en prezos, nos grandes aparellos a competencia por argumentos sanitarios, de seguridade, de eficacia enerxética, non obsolescencia, ambientais ou de mantemento en proximidade ou resiliencia pasan a ter maior importancia. Outro exemplo témolo nas enerxías limpas e renovables (hidráulica, eólica, biomasa, térmica solar, xeotermia) ou no dos servizos ambientais; trátase de conseguir calidade e prezo combinando tres vectores: dominio de tecnoloxías básicas (recurso estratéxico), integración vertical para competir en custos en mercados globais e dominio tecnolóxico das compoñentes do produto. Mesmo sabendo onde mercar a mellor tecnoloxía. Porque no sector da enerxía a nosa fortaleza

vai ser o renovable e a descarbonización, poñendo en valor os danos ambientais que evitamos con eses recursos enerxéticos, a autonomía enerxética, as potencialidades aínda sen explotar, e os efectos de arrastre que ten ou que debería ter o sector da enerxía con outras actividades. Todo elo nunha escala de proximidade e axustada ao ámbito comarcal.

Ben é certo que mentres os consumidores prefiran (moitas veces por non dispor de ingresos suficientes) produtos de prezos cada vez menores con independencia do seu lugar de produción, estarían a ignorar o conflito que adoita darse entre prezos baixos e preservación de empregos de proximidade. E neste sentido, os grandes canais de distribución, na medida en que configuran os prezos como o factor determinante da compra, estarían a xogar a favor das producións deslocalizadas e lonxanas, e a minusvalorar a calidade e a intensidade tecnolóxica. Por tal motivo, e dadas as consecuencias que adoita xerar un canal de distribución masiva nos consumidores (dominio do prezo sobre a calidade, deslocalizar, loxística global, etc.) non é irrelevante contar con canais autóctonos (Froiz, Gadisa, Cooperativas, ...) a poder ser vinculados coas manufacturas locais para fortalecer a resiliencia e autonomía. Pois os grandes canais de distribución foráneos non valoran tanto a calidade do produto, e favorecen as producións importadas de zonas xeográficas de baixos custes salariais, empurrando cara a deslocalización das industrias nacionais. E sen ter en conta os enormes custos e ameazas loxísticas.

Alternativa, ou complementariamente, os pequenos produtores locais ou nacionais deberan organizarse para convivir cos grandes distribuidores. Sen esquecer que os grandes produtores (no téxtil, alimentarios, construción, etc.) non deberan desbotar a opción de contar cun canal de distribución de seu. Por unha ou outra vía trataríase de evitar caer en mans dos grandes distribuidores –especialmente, pero non só, foráneos- polo risco que teñen de actuar como axentes deslocalizadores. O uso de internet nesta estratexia pode ser unha opción proactiva en moitos casos, como xa sucede na pesca conxelada, lonxe de ser un factor de corrosión.

Para o tipo de vectores de especialización de calidade que quedan anotados, non deba perderse de vista na definición dunha estratexia económica para un pequeno país como Galicia que, malia seguir avaliando algo máis *"o nacional"*, o identitario e a calidade, se asiste a unha profunda transformación dos hábitos de consumo. A renda dispoñible para cada segmento de gasto estase a ver modificada pola "produción" dun novo tipo de consumidor. Daquela o modelo de consumo remataría afectando por esta outra vía ó modelo e especialización na produción. Refírome agora a que podería estar a reducirse a cota de renda gastada en bens materiais (alimentos, roupa ou calzado) e aumentar a destinada a servizos (ocio, comunicacións, móbiles, dvd, xogos e internet, entre outros). Nos de ocio tamén habería que integrar as segundas residencias e os gastos asociados dentro ou fora do país, tanto por residentes como por foráneos. Inversións e gastos que tamén medran no consumo familiar.

Este sería o encaixe axeitado para un clúster do Audiovisual en Galicia. Novas necesidades e saturación das vellas. Polo que habería que explorar na participación nestas novas necesidades; poida que non tanto na produción material dos aparatos, senón nos servizos que os alimentan: contidos e distribución dixital. Tamén un sector como o de prendas de vestir e confección, onde existen retos na globalización, pero no que -sen dúbida ningunha- temos empresas de referencia que son quen de defenderse razoablemente ben cunha estratexia gañadora nese mercado global. Debemos seguir apostando nesa dirección, pero tamén aló onde se atopa o complexo da confección ou o complexo téxtil alemán: novos téxtiles e produtos con compoñente tecnolóxica. Porque as nosas empresas van externalizar, cada vez máis, as fases do proceso que requiren menos coñecemento e xeran menos valor engadido, para concentrarse naquelas outras, tales como, deseño, sostibilidade, duración, comercialización ou loxística, que requiren máis cualificación e xeran valor. Sen esquecer as posibilidades de diversificación cara mercados afíns, aproveitando as economías de alcance en distribución.

Na automoción debemos cambiar a perspectiva e mais que falar, sen deixar de facelo, dunha mega planta de ensamblaxe en Vigo, apostar pola especialización en algúns ámbitos da industria de compoñentes (para mobilidade colectiva e sostible) con vocación de competir a nivel global, cos debidos e necesarios apoios loxísticos, para depender menos do ensamblador. Tamén ambiciosos e activos na captación de investimentos estranxeiros sobre todo si son en vectores de transición enerxética e dixital para transporte colectivo, porque ademais do seu evidente impacto directo, xerarían enormes economías de aprendizaxe tecnolóxico. Deberamos ser quen de desenvolver moito máis esas economías de aprendizaxe nas industrias de compoñentes de cara ó futuro. É este un sector paradigmático da importancia que terán a I+D+i e a loxística. Se non estamos á altura nestes dous aspectos, será imposible competir nun mercado tan global como é este. A automoción exemplifica tamén que non hai sectores maduros. En todos os casos o que haberá serán sub actividades que teñan ou que non teñan futuro.

A construción (de vivenda ou de obra pública) viña sendo unha aceleradora da economía galega e da española no pasado recente. Construción e turismo remiten así a un agregado que depende da oferta residencial de calidade durante a época de estío suave da que desfrutamos en Galicia, pero antes debérase atender unha oferta residencial (arrendamento a prezo taxado nun parque público para os mozos ou residencial para xubilados) que evite a especulación e a exclusión da poboación con menores rendas. Con esa base anotaríamos un efecto de arrastre sobre outro tipo de actividades (rochas ornamentais, outros produtos minerais, produtos básicos de ferro, transformacións da madeira, etc.) cara ós mercados exteriores.

Na oferta interna turística só conseguiremos estancias mais prolongadas, fidelización no ocio, máis efectos indirectos e inducidos, se en troques de competir só en

produtos turísticos (regrados, hoteleiros, en prezos) o facemos sobre todo en espazo turístico (relax, seguridade, non conxestión, calidade ambiental, paisaxe, patrimonio cultural, gastronómico,...) que tire dunha demanda residencial prolongada por parte de non residentes do resto de España e de fora. A contención e xestión urbanística do litoral é unha responsabilidade autonómica que xoga aquí un papel crucial para facer isto posible, pero tamén para contar con operadores cooperativos ou asociativos non foráneos.

Na loxística mar-terra debemos superar os déficits de infraestruturas portuarias e ferroviarias para o século XXI, así como a dotación de solo industrial de vocación transoceánica (MOS, *Motorway of the Sea* ou Autoestradas do Mar) e para o cabotaxe europeo (SSS, *Short Sea Shipping*). Loxística só posible e competitiva a escala da euro-rexión e basculando máis que cara un eixo radial madrileño, nunha perspectiva transversal cara ó Val do Ebro e para cabotaxe europeo. É obvio que naval e loxística poden ser un bo exemplo dun *maritime clúster*. E no naval habería que centrarse en subactividades dalgúns produtos: oceanográficos, laboratorios flotantes, remolcadores anticontaminación, pesqueiros especializados, quimiqueiros, deportivos e mega iates, patrulleiras gardacostas e parques eólicos ou maremotrices, entre outros.

Un sector emerxente como o das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) ten xa unha significativa presenza entre nós que pode manexarse en combinación ás industrias de contidos do audiovisual. Novas necesidades de ocio e cultura, novos soportes, novas canles de transmisión cada vez máis flexibles e baratas. Pero tamén a capacidade creativa, imaxinativa, artística, musical, literaria, tradicional, da maxia, ou do teatro como fermento de contidos. Pois semella que as aplicacións dixitais a sectores tradicionais está re configurando un conglomerado de servizos sen unha precisa delimitación sectorial, pois abrangería dende o hardware de distribución e recepción de sinais ata o audiovisual e a animación. Se engadimos o CTTG (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia) a CRTVG (se deixa de estar pilotada³⁰ por unha xestión neoliberal) tamén estaríamos definindo un emerxente clúster ou polo de competitividade.

★

Remato xa. Vimos de comprobar que no último medio século (1970-2020) malia os evidentes avances no nivel de renda por habitante Galicia perdeu peso no valor engadido xerado no conxunto da economía española, tamén nos ocupados ou na poboación. En vez de menos ingresos e no canto de menos emprego teríamos que ir cara un modelo con maior peso en termos de valor engadido e maior en emprego. Para facer posible unha maior recadación de impostos e cotizacións e, de resultas, con dúas consecuencias obvias coas que vou dar remate a esta introdución.

30 Lamas (2004:111) cualifica de *xubilariado* a potencia arquetípica coa que a CRTVG unifica a día de hoxe Galicia.

Pois só se somos quen de entrar neste vieiro non teremos que negociar á defensiva polos saldos fiscais e as políticas de cohesión dentro do Reino de España³¹ ou na Unión Europea. Pendentes do que outros nos dean ou nos poidan dar como pactos de redistribución máis ou menos federais. A estratexia gañadora ten que ser outra. Non quero dicir que nos desentendamos das axudas á cohesión, pero á larga é unha estratexia perdedora. 27

Así, por caso, nos debates da Unión Europea seméllame que vai sendo hora de que en vez de distribuír os fondos, para as políticas rexionais e de cohesión, en función de indicadores nominais que teñen comportamentos confusos –e mesmo virtuais– como pode ser o PIB por habitante, poñamos riba da mesa un indicador que deixe as claras que as desigualdades rexionais en Europa non fixeron mais que amplificarse e incrementarse. Por exemplo un indicador que ten unha nidia incidencia social: a taxa de paro. Ou en positivo: a probabilidade de emprego. Para por o foco no desenvolvemento social en troques de facelo no crecemento económico³².

31 Antepoño o debate sobre unha pendente *reforma fiscal* no conxunto do Reino de España, que permita reforzar o sistema de financiamento descentralizado dos servizos públicos, que outro máis habitual sobre *balanzas fiscais* que tentan reforzar o duns territorios (que gañan) por conta de outros (que perden). Propostas concretas miñas poden verse en Prada (2021) e Prada (2022), ensaios dispoñibles en aberto: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/358>
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/378>

32 Analizo polo miúdo esta disxuntiva en Prada (2021)

Capítulo 02

As bases produtivas

29

O contexto: soberanía e autodeterminación produtivas

Nos anos 2021-2022 fomos deixando atrás a incerteza sanitaria na que nos meteu a pandemia do Covid a comezos de 2020. Coas vacinas e as precaucións sociais fomos quen de case recuperar o punto no que colapsara case todo. E, no medio dese tsunami, puxéranse riba da mesa dúas estratexias sociais de amplo consenso: unha transición enerxética e outra dixital. Que a enerxía e o dixital van estar no centro das nosas vidas nas próximas décadas é bastante obvio, máis xa non o é tanto que «*recuperación ou transición*» sexan as palabras máis atinadas para dar co rumbo certo de agora en diante. Para non andar de novo desnortados. Iso por unha banda.

Pero, por outra, no centro das nosas vidas hai tamén moitas outras cousas valiosas (a sanidade, o ensino, a protección social, a vivenda, a probabilidade de atopar un emprego, a non discriminación, os alimentos, etc.) que non podemos dar por garantidas con calquera crecemento acelerado co dixital e cos combustibles non fósiles no PIB. Pois poden, mesmo, xogar na nosa contra. Por eso barrunto que enfrontamos moitos desenfoques, moito desnorte potencial. Verei de explicarme ao fío dalgunhas novas, que tamén nos chegan, ao meu ver, desenfocadas.

De entrada penso que a xestión do big data, da internet, da robotización, da IA ou do 5G (do dixital para abreviar) non pode ser cousa de oligopolios aos dous lados da fronteira dixital global do Pacífico (GAFAM á dereita e Baidu-Alibaba á esquerda) teledirixidos por grandes tecnocracias de acordo cos seus intereses privativos e corporativos. Cun capitalismo financeiro³³ de *Vanguard Group* e *Blackrock* por aquí, ou co capitalismo de Estado dun partido único aló. Nin dun imperio en declive, nin dun xigante global en ascenso. Sendo así que a desfeita de Afganistán debера ternos demostrado que a Unión Europea non pode seguir facendo traballo de criado para

³³ Para o conxunto do Reino de España ver aquí: https://elpais.com/economia/2019/08/15/actualidad/1565865659_225611.html

un imperio en declive. Que debemos argallar unha soberanía alternativa no eido da defensa e da seguridade. E iso hoxe pasa, si ou si, polo dixital. Falo de soberanía a escada europea porque no eido dixital e de seguridade, nun mundo con dous xigantes dos que non queiramos ser protectorados, conseguilo pasa polas nosas capacidades de deseño propio (5G e algoritmos), de fabricación de hardware e de xestión da nube e do big data. O caos actual no fornecemento global dos chips nos nosos países debera ser toda unha luz de alarma. E soberanía tamén significa ter un tecido empresarial con competencia real, evitando levar ao 5G (con poxas para vinte anos) e ao resto de actividades dixitais cara oligopolios sen axentes públicos, bendicidos por rumbosos organismos de defensa aparente da competencia. Unha soberanía que conviva cun eido público do dixital, controlado pola cidadanía, que faga imposible repetir o escándalo de que entre nós só o un por cento dos infectados na pandemia de 2019 teña activado a aplicación pública radar COVID.

Por razóns semellantes a chamada transición enerxética para frear o colapso climático non debera ser xestionada polos mesmos axentes empresariais que nos trouxeron ata aquí. Naturgy, Iberdrola, Endesa ou Repsol non poden ser os xestores en Galicia da auga, do sol, do vento, da biomasa, ... dos recursos renovables que temos, e que podemos e debemos manexar a unha escada local ou municipal sen grandes redes e centros de xeración. Pois si o fan, vai ser coa súa lóxica (amortizar de entrada o que teñen, axeitalo todo a súa escala, xogando ao póker coas futuras xeracións). O baleirado dos ríos, a tarifa-timo da luz, o auto privado eléctrico, as baterías, as cadeiras xiratorias³⁴, o oligopolio bendicido pola Comisión da Competencia, etc. etc. hoxe teñen que ver coas procuras de *Vanguard* ou de *Blacrock* (ou dos australianos de IFM para Naturgy-Fenosa). Porque no seu xogo de casino global (gas, petróleo, uranio, minerais, materias primas, terras raras, etc.) non ten acomodo a resiliencia e a autodeterminación das sociedades locais. Menos aínda o freo do consumismo e da obsolescencia de deseño.

Que un país poida ter autonomía destes recursos (dixitais, enerxéticos) e autodeterminación na súa xestión non entra na súa lóxica cosmopolita e globalista. Pois gañan millóns nos mercados de futuros empobrecendo aos seus consumidores, hoxe xa co xigante chinés integrado no seu macro modelo especulativo de depredación global dos recursos do planeta. Por todo iso deberan evitarse, nesa «transición», os macro proxectos chamados de interese público-privados (por vez de enfrontar iniciativas públicas locais ou municipais que garantan a redución do consumo e a autonomía dos aprovisionamentos), proxectos que non pasan de ser unha camuflaxe para por os recursos e o endebedamento público local ao servizo dos fondos de investimento globais.

³⁴ Ver aquí: <https://blogs.publico.es/cristina-fallaras/2021/08/14/aqui-va-su-triste-leyenda-vicepresidenta-ribera/>

Esta soberanía dixital e esa autodeterminación enerxética pode que non aceleren o crecemento do PIB tanto como o turbo capitalismo das «transicións» que nos venden os fondos de investimento globais e os seus próceres neoliberaís locais da Next Generation. Pero van moito mellor da man con cousas máis valiosas que o PIB: para ter “*más desenrolo con menos crecemento*” como argumento nun ensaio recente³⁵.

31

Só así, de paso, teremos mercados máis competitivos, con máis axentes, menos oligopólicos. E con axentes públicos ou cooperativos de ámbito local. Teremos máis probabilidades de emprego porque a amortización e automatización dixital desenfreada de postos de traballo nin garante un mellor servizo (financeiros, sanitarios, comerciais, educativos ou de protección social en particular) nin que teñamos autonomía e resiliencia para enfrontar novos shocks externos e situacións de incerteza. Tampouco garanten, senón todo o contrario, un sistema fiscal progresivo e soberano na Unión Europea, mentres fan competir á baixa os dos Estados. En conxunto esa lóxica lévanos ao colapso da asistencia sanitaria pública (por aquí no SERGAS) ao tempo que se prestixian ofertas (sanitarias, de pensións ou de estudos universitarios, por aquí A Banca) en centros privativos para os sectores de maior renda.

★

Do que precede dérívase que o esforzo colectivo multimillonario do que se fala para superar as incertezas sociais que nos ameazan neste comezo de século (colapso climático, plutocracia dixital, pandemias, inverno nuclear, manipulacións xenéticas, exclusión social galopante, etc.) pode moi ben rematar servindo para reforzar aos axentes que nos conduciron a estes abismos (por caso Bill Gates polo mundo fora, ou a CEOE por estas terras) ou ben para cambiar de rumbo. O centrismo neoliberal que nos goberna en formato variable aposta, claro está, polo primeiro³⁶.

Non detallarei aquí como financiar ese esforzo que sen dúbida pagará, iso si, á seguinte xeración: mutualizando, mancomunando ou con cargo aos gorróns fiscais. Un asunto que por si mesmo merecería unha análise de vagar. Mesmo en relación ao que si se permiten facer no faro mundial do centrismo neoliberal: Estados Unidos. Tampouco discutirei aquí os grandes obxectivos declarados. Pois tanto nos obxectivos dos fondos europeos NextGenerationEU como no Plan de Recuperación español atopamos os mesmos tópicos: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a igualdade de xénero e a cohesión social e territorial³⁷. Pero cando os recursos son públicos (sexan débedas ou ingresos pagados case sempre polos cidadáns menos ricos) é crucial evitar que uns poucos (grandes axentes privados) decidan, en nome

35 Prada, A. (2021)

36 <https://www.penguinlibros.com/es/ciencia-y-tecnologia/226599-libro-como-evitar-un-desastre-climatico-9788401025167> ou <https://ceoe-tenerife.com/wp-content/uploads/2020/11/NdP-Next-Generation-EU-003.pdf>

37 <https://www.lamoncloa.gob.es/temas/fondos-recuperacion/Paginas/fondos-europeos.aspx>

da eficacia e da capacidade de xestión, como se concretan eses obxectivos. Mesmo camuflándose coa luva de veludo do financiamento público-privado. Porque eses poucos e poderosos axentes privados, empoleirados con eso de que non hai alternativa³⁸ distinta da súa forma de entender o progreso económico e social (TINA), acabarán escribindo torto para os intereses colectivos... ¡con recursos financeiros colectivos!.

Centrareime, daquela, só nun asunto: ¿deben marcar os novos camiños deses investimentos os mesmos grandes actores que nos trouxeron desnortados hasta aquí, ou débense abrir novos camiños a uns novos actores?. Vexamos.

No caso da transformación dixital a cousa é ben simple: ¿han ser, nesta parte do mundo, as GAFAM as que leven a batuta?. Pois si o fan (e están a oito niso) a soberanía dixital do país será papel mollado (por exemplo para xestionar o big data crucial nunha pandemia), e, por riba, a aplicación da IA e a dixitalización farase ao servizo dos fondos de investimento que se moven por tras das GAFAM (Vanguard, Blackrock), e contra das oportunidades de emprego dos cidadáns. Pero *Wikipedia-Galipedia*, a biblioteca pública dixital *Europeana* fronte a de Google, e o Espazo Europeo Común de Datos, demostran que a dixitalización pode avanzar por outros camiños³⁹. E que, de xeito especial, nos servizos (persoais, turismo, ensino, sanidade, ocio, xeriatricos, etc.) a prioridade debe ser a atención persoal con emprego digno e con respecto á privacidade, non a súa deshumanización dixitalizada e tele operada. Algo que será crucial para superar a actual fenda de xénero en emprego e paro. Con empresas e redes locais de proximidade, dixitalizadas si, pero con epicentro na soberanía e no emprego para a sociedade máis próxima.

No caso da transición enerxética e ecolóxica a cousa volta a ser simple: ¿serán as Naturgy, Endesa, Iberdrola, Repsol, Gas Natural, ... as que leven a batuta en Galicia?. Pois si o fan seguirán a consolidar unha mega rede de produción, distribución e subministro fósil-nuclear, gañando tempo para amortizar os seus investimentos cun solucionismo de transicións con baterías, captura de carbono, hidróxenos verdes e outras lindezas. Nun mercado oligopólico engraxado por portas xiratorias. Claro que, daquela, o impulso do solar, eólico, hidráulico, biomasa, etc. van ser capturados e modulados por elas⁴⁰. Co que a autodeterminación enerxética do país será letra morta, pois lonxe de que os concellos, comunidades sociais, cooperativas conformen unhas redes de abastecemento resilientes, con xeración descentralizada e fixando as rendas no territorio, teremos un oligopolio do contador que controlará, si acaso, o

38 https://es.wikipedia.org/wiki/There_is_no_alternative

39 https://www.europeana.eu/es?utm_source=new-website&utm_medium=button e <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52020DC0066&from=ES>

40 Falla de transparencia e de defensa do interese público que xa anotara Rivas (2009: 92) nos comezos das concesións eólicas en Galicia.

ritmo dun imparable colapso climático e ambiental. Poñamos por caso: ¿cada coche eléctrico virá coas placas solares a instalar na casa para cargar as baterías?, ¿os parques eólicos serán cousa de empresas municipais de subministro?

Na comercialización, na distribución e nas manufacturas (sobre todo nas que agora chamamos esenciais, as alimentarias e farmacolóxicas por exemplo), ¿seguiremos deixándonos abanear polos canais de subministro a longas distancias ou apostaremos por alternativas de proximidade con emprego local?. E as nosas residencias e vivendas, ¿terémolas en mega núcleos urbanos con conxestión automobilística ou en cidades nas que boa parte da nosa vida social se resolva a pé?, e, no outro extremo, ¿en urbanizacións difusas-dispersas que precisan de percorridos de coche, ou en vilas de tamaño medio que eviten dispendios ambientais (combustibles, saneamentos, tendidos eléctricos, redes de auga potable, reparto a domicilio). En todos estes casos, a nada que o pensemos, ao final teremos algún big brother empresarial que fará medrar o seu modelo máis “barato”, e que porá cento e un atrancos (coa retórica da ineficiencia) as alternativas máis resilientes, sostíbles, inclusivas e autónomas.

Porque convén reiterar que o solucionismo tecnolóxico das mega empresas (no dixital, nas enerxías, nos servizos, nas manufacturas) vai polo camiño contrario da resiliencia e da proximidade, de manter emprego de calidade ou de contar cunha economía non privativa (social: cooperativa, pro-común, pública). Non quere, por máis que o diga, partillar con esas alternativas. Dirao, pero será para meternos nunha rateira e así seguir cos seus disparates ambientais e sociais presuntamente ben fundamentados no competitivo, no barato, no eficiente e no único razoable: TINA. Si o conseguen, e van facer todo e máis para que así sexa, os recursos públicos millonarios que sen dúbida pagarán as xeracións seguintes (Next Generation) e que deberan abrir dende hoxe novos camiños ao seu servizo, apenas serán unha nova oportunidade de negocio para os que nos trouxeron desnortados hasta aquí.

2.1 PIB, riqueza e benestar social

O crecemento económico pasou en 2022 dunhas previsións iniciais para Galicia do 6 % ao 4 %, e para 2023 semella que xa imos camiño dun crecemento do PIB de apenas o 2 %. Non dimos saído da pandemia cando xa nos vimos metidos nun shock inflacionario a causa dos prezos dos combustibles fósiles e, para rematala, por unha guerra polas fronteiras e a seguridade en Ucraia-Rusia ou para Israel. Nos dous casos semella que a potencia hexemónica declinante (os EE.UU.) podería saír reforzada desta desfeita, mentres que a emerxente (China) frearía o seu ascenso.

Para avaliar este devalar no crecemento do PIB creo que nos viría ben cavar sobre a diferenza substantiva entre facer medrar a renda monetaria (que mide o PIB á súa maneira) e a mellora do benestar social. Porque frear o primeiro pode mesmo axudar a mellorar o segundo. Non só porque, a calidade do emprego ou dos servizos públi-

cos básicos pode ser mellor nun país menos rico que nun máis rico, senón porque os recursos naturais se ven estragados de múltiples formas mentres o PIB medra. E así teremos máis PIB, pero menos riqueza ou benestar.

- 34 Así en Galicia anotaríamos, despois de que o pasado verán unha vaga cíclica de incendios forestais nos arrasou, que por paradoxal que pareza o PIB medre canto máis gastemos en extinción (bombeiros, tripulacións, helicópteros, avionetas, etc.) dos mesmos. Mentres o noso patrimonio natural se evapora en fume, e coas toneladas de cinzas que deixan tras si correntes de auga contaminadas e terreos erosionados. E dependendo de onde facturen as empresas de extinción, o PIB das rexións máis ricas e urbanas do Reino de España podería incluso medrar, mentres que as rexións menos ricas e rurais se empobrecen en recursos naturais. E, neste contraste, hai circunstancias inquietantes. Porque as rexións máis ricas de España segundo o PIB por habitante (como Euskadi, Madrid ou Cataluña) teñen menos recursos naturais por habitante que as menos ricas (como Extremadura, Andalucía ou Galicia). Por exemplo, se avaliamos os recursos naturais por biocapacidades (hectáreas globais por habitante) estimadas no seu momento polo Ministerio de Medio Ambiente (2007) na súa pioneira *Análise Preliminar da Pegada Ecolóxica en España*⁴¹. Un estudo por desgraza non actualizado ata a data. Que traducido sobre o desastre do verán pasado significa que mentres o PIB español medraba impulsado polo aumento dos gastos en extinción de incendios forestais, as rexións menos ricas -que máis sufriron esta catástrofe- quedaron máis empobrecidas nos seus recursos naturais. E así que cremos mentres nos empobrecemos.

Máis do mesmo acontece coa xestión de residuos. Un capítulo do PIB este que supera os catorce mil millóns en todo o Reino de España, e medra sen acougo ata o punto de que non deixamos de xerar máis residuos e custos asociados ao seu tratamento. Facemos así medrar o PIB multiplicando estes envases (plásticos, papel, cartón, vidro, latas, etc. sempre con consumo de moita enerxía) en lugar de evitalos; e nun duplo salto mortal facemos medrar o PIB reciclándoos (de novo máis consumo de enerxía). Medramos mentres malgastamos recursos.

Entre os residuos sólidos non quero deixar de mencionar aquí os nucleares⁴² (coa nosa Fosa Atlántica incluída). Porque precisan unha xestión durante centos de anos e, aínda que mentres tanto xeran un PIB asociado ao seu almacenamento e custodia, non é menos certo que implican unha incerteza catastrófica en situacións como as de Fukushima e outras semellantes que de ningún xeito podemos considerar imposibles. Por suposto, tal cousa pouco lles importa aos que así poden gabarse de circu-

41 <https://studylib.es/doc/4871936/an%C3%A1lisis-preliminar-de-la-huella-ecol%C3%B3gica-en-espa%C3%B1a>

42 https://www.infolibre.es/politica/ue-admite-nadie-vigila-vertidos-nucleares-frente-galicia-75-anos-despues-arrojar-primeros_1_1452865.html, na Fosa Atlántica ata 1981, Rivas (2008:247 e ss.)

lar con baterías eléctricas cargadas con enerxías non fósiles. Evitar estes refugallos faríamos decrecer o PIB, pero axudaríanos a evitar un colapso.

Por desgraza hai ademais outros tipos de lixo asociado ao noso PIB crecente que non son sólidos: as emisións á atmosfera. Tamén neste caso, canto máis combustible precisemos máis medrará o PIB, pero máis dano estaremos facendo á calidade ambiental. Así o queroseno de aviación, que non paga IVE ou impostos sobre hidrocarburos, leva o ramo en cada tempada turística. Deste xeito, conséguese un prezo por pasaxeiro moi barato (e moito PIB turístico) que nos resulta moi caro porque a demanda e as emisións dispáranse sen freo. Certo que estas emisións á atmosfera non se manexan como residuos sólidos: non xeran PIB na súa xestión. Pero a súa “non xestión” provoca o que algúns chaman cambio climático e outros, entre eles eu mesmo, colapso climático. Xa que unha incerteza que castigue á humanidade co risco de extinción a medio prazo, e que xa está provocando millóns de refuxiados climáticos dende o Sur global, seméllame un escarnio definilo como un simples “cambio”.

Todos son asuntos que partillan un denominador común que xa Galbraith detectara no ano 1958, falando da tarefa dun⁴³ *«filántropo que se convenceu de que había grande escaseza de medios no hospital da súa vila, e andaba a molestar á xente pedíndolle cartos para máis camas, mentres se negaba a reparar en que é o médico da cidade o que atropela á xente co seu coche para manter a clientela»*.

No caso dos incendios forestais iso debémolo traducir en que mellor que procurar cartos para máis camas (gastos de extinción nos montes) mentres o médico do concello (PIB) segue a atropelar o patrimonio natural (emisións que xeran veráns a cada paso máis abafantes), estaría ben imitar (a falta dunha proposta mellor) o que xa facemos cos residuos sólidos urbanos: pagar para xestionar a biomasa forestal como fonte de enerxía eléctrica ou de fertilizantes. Traducido: que a biomasa vexetal se saque do monte de xeito ordenado para que, en lugar de arder ciclicamente, se converta en electricidade, abonos ou calor en instalacións públicas e de ámbito local se é posible. Por iso deberamos pagar todos (como xa facemos co lixo): para evitar grandes danos ao noso patrimonio natural⁴⁴.

Dez anos despois de Galbraith, corría o ano 1968, R.F. Kennedy escribiu⁴⁵: *«O noso produto nacional bruto é agora de máis de oitocentos mil millóns de dólares ao ano. Pero suma a contaminación do aire, a publicidade de cigarros e as ambulancias que eliminan as carnicerías das autoestradas. Conta o napalm e as bombas, e os vehículos blindados da policía que combaten os disturbios das nosas cidades»*. Medio século despois, neste ano 2023, decrecer en todo iso sería o máis axeitado mentres,

43 Galbraith (1992: 204)

44 Ocupabámonos disto con moito detalle en Prada, A. ; Vázquez, M.X. e Soliño, M. (2006)

45 R.F. Kennedy, citado por Sandel (2009: 297)

ao mesmo tempo, poderíamos medrar sen taxa en cousas non mediadas polo diñeiro (axudas mutuas, voluntariado, etc.) ou en servizos persoais nos que o emprego humano directo debера ser insubstituíble (coidados, ensino, saúde, etc.). Minguar nalgunhas cousas para concentrar as enerxías sociais noutras.

Pois non se trataría tanto de propor un obxectivo simplificado de decrecemento, senón de reducir non poucos compoñentes da produción (e o seu PIB asociado, mesmo catastrófico como vimos de ver), ao tempo que alimentamos unha expansión doutros compoñentes da produción material (por caso alimentos saudables baratos de proximidade) e, sobre todo, de moitos servizos básicos. Reducir tamén a produción e consumo (modas, marcas) de automóviles ou de roupa, así como de todos aqueles aparellos que nos vemos empurrados a cambiar por razóns de prestixio publicitario ou obsolescencia programada. E facelo mentres temos boa conta das nosas enerxías limpas (nos ríos, nos montes, do sol) e freamos aquelas que chegan as refinerías e plantas de gas⁴⁶.

*

Aclarado isto, e agora que no pasado ano 2022 xa case recuperamos o nivel de produción que tiñamos antes da pandemia, podería ser boa ocasión para ver no tempo que levamos deste século (2000-2022) como evolucionou en Galicia a creación de riqueza que mide o PIB en relación ao traballo que se precisa para conseguilo. Pois de entrada sabemos, cos datos do IGE da Contabilidade Rexional⁴⁷, que a produción de riqueza (o PIB real, descontada a inflación) entre o 2000-2022 tería medrado nun 30 %, ao tempo que para facelo posible as horas traballadas teñen mesmo diminuído un 10 %.

En boa parte do pasado século XX cando algo así sucedía ao menos íase reducindo a xornada laboral media semanal nunha tendencia que, de ter continuado, teríanos permitido acadar unha xornada de 26 horas á semana⁴⁸. Pero o certo é que, sendo Galicia un país a cada paso máis rico, aquela tendencia está paralizada dente hai catro décadas. Así entre os anos 2000-2021 a xornada media habitual que no ano 2000 era aínda de 41 horas en Galicia pasou a 39 horas no ano 2020 (datos Eurostat), unha redución que non só é moi cativa para vinte anos, senón que sigue moi lonxe daquelas 26 horas da tendencia de boa parte do século pasado.

Unha redución cativa e, por riba, aparente. Pois podería estar a reducirse algo a xornada media de todos os traballadores tamén por unha causa imprevista: que medre o volume de traballadores a tempo parcial e diminúa o emprego a xornada completa.

46 Para non alimentar unha demanda galopante de transporte de hidrocarburos por mar que nos deixa desastres como o do Prestige, Rivas (2008: 255 e ss.), Prada (2023: 91 e ss.).

47 https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001

48 Prada, A. (2022: 47 e ss.)

E ese é o caso para Galicia, porque os datos da Contabilidade Rexional do IGE dinnos que no que levamos de século caen algo estes últimos e medran moito os primeiros (na xente moza sobre todo). Cando iso sucede explícanse dúas cousas problemáticas. A primeira que a actual redución da xornada media débese ao maior peso do emprego a tempo parcial, mentres os empregados a tempo completo seguen a facer as mesmas horas (ou mesmo máis horas extras non pagadas). A segunda é unha caste de milagre: pois traballándose menos horas totais no país os ocupados mesmo poden medrar un chisco si o fan a tempo parcial.

Que medre o emprego a tempo parcial, mentres a xornada laboral semanal está conxelada para unha maioría de traballadores a tempo completo, é toda unha vitoria neoliberal sobre os traballadores. Pois, ben pola contra, trataríase de ter un traballo e ingresos decentes a tempo completo con xornadas cada vez máis reducidas (dado que no país se produce máis riqueza con menos traballo), e non colleitar a cada paso máis traballo non decente a tempo parcial.

Como queira que ao mesmo tempo anotamos aínda uns cento trinta mil desempregados, esa posibilidade de redución da xornada laboral (que debera acompañar a ese PIB maior) mataría dous paxaros dun tiro. Por unha banda melloraría as condicións de traballo a tempo completo dos ocupados (por exemplo pasando daquelas 39 horas a 30 horas, para nunha segunda volta ir cara as citadas 26) e, por outra, permitiría abrir probabilidades de emprego a todos os parados, e mais a poboación inactiva en idade de traballar. Por non falar do regreso daqueles que tiveron que emigrar. Abonde dicir que para absorber a todos os parados galegos en empregos a tempo completo só se precisaría unha redución dunha hora diaria dos actuais ocupados.

Sen tampouco esquecer que aquela maior produción de riqueza con cada vez menos horas de traballo necesarias tamén poderíamos imaxinar que abrise oportunidades para traballar menos anos ao longo da vida. É dicir, que no só a xornada laboral minguase, senón que tamén o fixese a idade de xubilación. Pero de novo a realidade neoliberal do sistema económico nada ten que ver con esa posibilidade. Todo o contrario. Os datos (Eurostat) para o conxunto do Reino de España -Galicia incluída- informan que de ter traballado 30 anos por termino medio antes da xubilación en 2000 pasamos a traballar case 36 anos en 2021. Vai de seu que con esta tendencia lonxe de mellorar o tempo de ocio para os traballadores de máis idade empeorámolo e, o que aínda é peor, de paso poñemos un maior tapón que impide o relevo laboral polos máis novos. Que así seguirán en desemprego ou teñen que emigrar.

O problema agrávase aínda máis cando os chamados expertos en reformas da Seguridade Social se empeñan en vender como unha evidencia que o sistema de pensións só se pode soste si se traballan máis anos. Pero ¿como é posible soste tal cousa en países que a cada ano que pasa producen máis riqueza nacional con menos horas de traballo?, ¿traballar máis (xornada, anos) cando somos quen de producir cada vez máis riqueza con menos traballo humano?.

★

38 O pasado século XX tamén nos demostrou que para alimentar a poboación dun país (e a mundial) xa non precisamos un 40 % de agricultores⁴⁹ senón apenas un 5 % dos ocupados, e este século XXI leva camiño (coa dixitalización, robotización e intelixencia artificial) que suceda algo semellante co resto da produción material e dos servizos. Nesas condicións vender a moto de seguir afanados en facer medrar o PIB, non só provoca un colapso ambiental (enerxía, recursos, colapso climático) senón que reforza o colapso social: pois na realidade concentra a cada paso máis riqueza no 1 % e na elite laboral, esnaquiza as clases medias, precariza os empregos necesarios e provoca un crecente desemprego⁵⁰. A alternativa – a medrar así– pasa na miña opinión por redistribuír o emprego social necesario e a riqueza xerada, polo que conviría tomar boa nota de varios asuntos que paso a resumir de seguido.

De entrada porque non é certo que producir máis nos leve a vivir mellor, porque moitas das nosas necesidades só se satisfarán axeitadamente si producimos menos bens materiais, máis duradeiros e con menos obsolescencia. E a cambio diso si adicamos máis tempo (cada un de nós e o conxunto da sociedade) a servizos públicos e colaborativos. Redistribuír o tempo de traballo da sociedade doutro xeito: a tarefas hoxe non pagadas da casa, ou do pro-común.

Tamén comprobamos que, para moitas cousas, a tecnoloxía e a enerxía empregadas nos permiten producir máis con menos traballo humano. Hoxe para producir o necesario podemos aforrar materiais, enerxía e traballar menos. Non é preciso que todos traballemos oito horas cinco días a semana, ou mesmo máis horas e que haxa parados. Abonda con facelo todos seis ou menos horas. Danse as condicións para que o traballo remunerado deixe de ser, pouco a pouco, a principal ocupación das nosas vidas. Para elo a redución de xornada debe ser incentivada e compensada (en ingresos) por unha renda básica social ó efecto, que permitirá liberar unha bolsa de horas de traballo para incorporar ós que non o teñen. Sobre esa base o conxunto de ingresos dunha persoa (laborais, renda social, servizos públicos) axustaríanse non tanto a cantidade de traballo realizado senón a súa participación na creación de riqueza (nas empresas ou no común).

Porque o risco actual de pobreza (para parados, precarizados ou xubilados) ten como determinante que a maior riqueza producida con menos ocupados se apropia polos donos e directivos do capital produtivo. Sendo por iso que o sistema fiscal debe corrixir esa apropiación e garantir unha renda básica mínima persoal incondicional para todos. E a eses ingresos deben contribuír de xeito especial as rendas xeradas nas actividades máis automatizadas (finanzas, enerxía, servizos dixitais, ...). Pois trátase de garantir que unha persoa independentemente do país, da rexión, da familia, do

49 No 1976 o 48% dos ocupados éranos na agricultura, IGAP (2000: 59)

xénero, da herdanza xenética, etc. ... que lle teña tocado en sorte, conte co acceso ós bens e servizos para unha vida digna. Nunha sociedade decente⁵⁰.

Sucede que cando facemos unha simulación nesta liña para Galicia en sintonía cun informe recente⁵¹, que partilla as consideracións que preceden, sobre a base do último dato fornecido polo Instituto Galego de Estatística de horas efectivamente traballadas en 2016 a cifra media semanal por ocupado era de 35 horas en Galicia⁵². Ese ano 2016 xa eramos quen de producir a mesma riqueza que en 2007 (antes da crise) pero cun 20 % menos de horas de traballo (439 millóns de horas menos). Daquela si as horas traballadas en 2016 se repartisen entre toda a poboación entre 20 a 65 anos (parados, mulleres, etc.) abondaría cunha xornada semanal media de 22 horas en Galicia (a mesma cifra obtense para o conxunto de España, axustadas á tendencia secular coutada en 1980) para obter o PIB actual. Esta é a posibilidade e a escolla: ou redistribución do (menor) traballo necesario e da (maior) riqueza producida, ou colapso social por hiper enriquecemento duns poucos e risco de pobreza de a cada paso máis xente.

★

A boa nova de producir a mesma riqueza que no pasado con moitas menos horas de traballo activa outras oportunidades para a mellora do benestar social. Así, segundo os datos da Contabilidade Rexional do Instituto Nacional de Estatística, a riqueza xerada pola economía galega en termos reais (en volume, descontando a inflación) entre 2000-2015 non deixou de medrar. Pois aínda despois do forte impacto da recesión de 2008, o nivel de riqueza producido en 2015 xa era moi superior ao de 2000 (un 32 %) e igualaba ao de 2006.

É singularmente salientable -para as consideracións que agora virán- comprobar que tanto en 2014 como en 2005 producimos o mesmo volume de riqueza en termos reais. Porén, o traballo humano (tanto en horas como en persoas ocupadas) necesario para obter o mesmo volume de riqueza era moito menor. Son trece puntos menos de cen, o que, traducido en ocupados, supón unhas cento vinte e unha mil persoas menos. A boa noticia é que xa eramos tan ricos como aquel ano, a mala noticia é que o somos con moita menos xente empregada. Pero poderíamos repartir esa mesma riqueza entre o mesmo volume de cidadáns e no conxunto seríamos igual de ricos. Por exemplo -como xa reiteramos en páxinas anteriores- distribuíndo entre todos o emprego a tempo completo menor necesario, cunha xornada de traballo máis curta para todos, pero cun nivel de ingresos reais que garantiría unha calidade de vida semellante en 2014 que en 2005. Porque cando así non se fai a situación de moitos

50 Prada (2023); coincido aquí con Lamas (2004: 167)

51 "21 hours Why a shorter working week can help us all to flourish in the 21st century" (New Economics Foundation, 2010), https://troballes.org/wp-content/uploads/21_horas.pdf

52 Tempo completo máis tempo parcial

cidadáns debe ser paliada con transferencias de ingresos aos desempregados ou con axudas á poboación en risco de pobreza.

40 Ese idéntico nivel de riqueza entre 2014 e 2005 obtido con moitas persoas menos ocupadas tamén pode supor outro reto: imaxinemos que esa marxe de persoas agora en exceso pasou á situación dos xubilados. Nesta nova situación é moi posible que os ingresos da seguridade social (cotizacións salariais) fosen cada vez máis insuficientes para financiar a todos os pensionistas, debido a que o cómputo de días (e salarios) por este decrecente número de ocupados sería menor. E, unha vez máis, non parece moi razoable que coa mesma riqueza anual producida non poidamos ceder unha parte dela a eses milleiros de ocupados (antes) que (agora) puideron xubilarse.

¿Que pasou na realidade? Entre 2014 e 2005 (reiteramos que no conxunto da economía a riqueza real xerada era a mesma) o excedente de emprego foi de sesenta mil ocupados menos, mentres que o incremento dos pensionistas rolda os oitenta mil. Isto quere dicir que, se dependese do volume de riqueza xerada, e non da súa distribución específica, non habería razón para supor que hoxe o sistema público de pensións sufriría (como o fai realmente) unha peor situación financeira que hai dez anos. Que así sexa só se entende porque se basea nun sistema de ingresos e cotizacións dependente dos salarios dos ocupados e non da riqueza real xerada pola nosa economía. Porque se a forma de financiamento fose doutro tipo teríamos que ser capaces, coa mesma riqueza, de seguir ofrecendo unhas condicións de vida dignas, cando menos, aos novos pensionistas rexistrados nesa década (sen agravar o déficit do sistema), e aos novos desempregados mediante unha renda básica asociada á realización de tarefas socialmente necesarias (por exemplo, na atención a persoas dependentes ou na conservación do medio rural). Sumados, ambos os colectivos (novos pensionistas e novos desempregados) axustaríanse ás cento vinte e unha mil persoas que en 2005 eran necesarias para producir a mesma riqueza que en 2014, e que nese ano xa non o eran.

Só así, como apuntou hai anos André Gorz, os avances produtivos en lugar de traducirse en desastres colectivos (en pobreza social e crise da protección social) se traducirían en avances sociais: *"distribuindo mellor todo o traballo socialmente necesario e a riqueza producida"*. Nada máis e nada menos⁵³. Cando isto non se fai, o que teremos é un maior volume de riqueza producida, grazas ao progreso tecnolóxico, que se distribúe de forma cada vez máis desigual. Por unha banda, cada vez máis a favor das elites empresariais, directivas e financeiras e, por outra, decrecente para unha maioría social na que desaparecen as clases medias e medran os xubilados empobrecidos, traballadores a tempo parcial que non gañan o necesario para vivir, ou desempregados en risco de exclusión social. Así é como un país cada vez máis rico e

53 Gorz (1997)

con maior capacidade de produción de riqueza como Galicia estraga o seu potencial de desenvolvemento social.

2.2 Medios de transporte e comercio exterior

41

O conxunto das nosas actividades de produción material (manufacturas, alimentarias, construtoras, enerxéticas, etc.) utilizan infraestruturas físicas de transporte (marítimo, estrada, ferroviario, aéreo) cunha desigual incidencia nos impactos ambientais. Algo que nos obriga a acelerar -e a facelo dun xeito concreto- nunha transición enerxética de abandono dos combustibles fósiles.

Sen dúbida en Galicia o modelo ferro-portuario pode e debera ser, con enerxías renovables, a alternativa á estrada. Centrarémonos na análise do uso actual do canle marítimo (cuns breves apuntes para o aéreo e o ferroviario), pois neste canal en termos de valor económico movemos hoxe unha cota superior ao transporte por estrada (falamos do comercio que realiza Galicia fora de España⁵⁴) sendo o ferroviario residual. Xa que o transporte marítimo canaliza máis da metade do valor das exportacións galegas, e en relación ao volume anual exportado dende Galicia por vía marítima destaca con case o 40 % do valor total o sector do automóbil, seguido por bens de equipo co 24 % (que inclúe sector naval e vehículos industriais); xa en terceiro lugar, e a moita distancia, as semi manufacturas con menos do 10 % (ferro e aceiro sobre todo).

Aínda que sen dúbida o vector de maior interese para analizar é o das exportacións convén caracterizar tamén os movementos portuarios no relativo ás importacións. Neste caso a canle marítima case alcanza o 60 % do total importado (e a estrada baixa mesmo a súa cota). E irrompen en escena dous sectores que apenas teñen presenza no vector de exportacións: produtos enerxéticos (hidrocarburos, gas e carbón) e alimentos (sobre todo cereais para penso). Esas dúas partidas concentran o 66 % do importe monetario das nosas importacións por vía marítima. Dúas partidas que podemos e debemos reducir para gañar en resiliencia e sostibilidade para a economía de Galicia.

Realizada esta primeira aproximación semella conveniente contextualizar o uso do transporte marítimo no comercio exterior de Galicia respecto ao que desta canle fan outras Comunidades Autónomas españolas con importante peso económico e portuario como Cataluña e o País Vasco. Para os sectores dominantes en Galicia (bens de equipo e sector do automóbil) queda patente o moi superior uso que se fai en Galicia do transporte marítimo respecto do que fan nas rexións tomadas de refe-

⁵⁴ Todos os datos son de <https://datacomex.comercio.es/>. No comercio co resto de España (que Datacomex deixa fora) o canal dominante é a estrada (que debera transvasar cargas ao ferrocarril si a transición dixital vai en serio).

rencia (un 85 % do volume exportado pola automoción en Galicia respecto a un 24 % en Cataluña). Soamente en manufacturas de consumo as exportacións realizadas dende Galicia por vía marítima (un 7 % do total exportado) representan unha cifra por baixo da metade do que sucede en Cataluña e no País Vasco. No resto de actividades consideradas a cota do transporte marítimo é superior en Galicia. Non debe estrañar polo tanto que mentres en Galicia movemos por vía marítima algo máis da metade das nosas exportacións fora de España (51 %) en Cataluña e País Vasco as cifras sexan moi inferiores (26 e 38 % respectivamente).

Para o vector das importacións por vía marítima en Galicia supérase a cota das outras dúas rexións (sobre todo de Cataluña que só importa o 36 % do valor por esta vía). Para a principal partida importadora neste caso en Galicia (produtos enerxéticos fósiles) non se aprecia diferenza ningunha na súa cota respecto ás Comunidades de referencia. En todos os casos a vía marítima é a canle de transporte case exclusiva. Nos alimentos non obstante a cota marítima de Galicia duplica a do País Vasco ou Cataluña. Algo semellante sucede no sector do automóbil onde as empresas galegas reciben por vía marítima unha porcentaxe moi superior das súas subministracións do exterior. As únicas actividades onde a cota importadora de Galicia na canle marítima é inferior é en bens de consumo duradeiro e en manufacturas de consumo (respecto a Cataluña).

Do ata aquí revisado dedúcese que as actividades nas que o comercio exterior marítimo de Galicia conta cun peso inferior ao que canalizan os portos do País Vasco e Cataluña é no relativo á mercadoría que se move en contedores nos sectores de manufacturas de consumo e bens de consumo duradeiro. O que aconsellaría proceder a unha diversificación tanto das nosas exportacións coma da actividade portuaria asociada, sendo prioritario neste dobre obxectivo o impulso das autoestradas do mar (camións con contedores cargados por vía marítima) cara aos mercados europeos en sectores como confección, alimentos conxelados, etc. Nas actividades exportadoras hoxe dominantes (automoción e vehículos industriais) así como nas importadoras (produtos enerxéticos e alimentos) a cota da canle marítima en Galicia nada ten que envexar ao que anotan esas rexións de referencia. Sendo, en principio, un bo sinal de sostibilidade fronte a opción da estrada. Na lista de actividades onde a canle marítima ten unha cota exportadora inferior á media da economía galega tamén destacan as actividades de carne, pesca, produtos químicos, semi-manufacturas, bens de equipo, compoñentes de automóbil, mobles ou confección que son aquelas que, pola súa escasa cota e volume actual exportado fóra de España, poderían centrar os esforzos de diversificación que se propoñían máis arriba.

Pola súa banda a canle ferroviaria é residual nas relacións da economía de Galicia fóra de España. Isto podería considerarse en boa medida inevitable (e máis dada a calidade e xestión da infraestrutura). Pero aínda así compre analizar a importancia do ferrocarril nas nosas exportacións coa cota que esta canle de transporte detén

nas exportacións cos nosos veciños (Portugal para Galicia e Francia para Cataluña e o País Vasco). Son mercados de destino sen dúbida importantes (entre o 15 e o 18 % do total exportado) para as tres CC.AA. consideradas, pero cara aos cales a canle de transporte que domina de forma abafadora é a estrada. O ferrocarril non chega ao 1 % en ningunha das tres rexións cara ao Estado veciño, e o transporte marítimo só alcanza o 10 % no caso galego (no País Vasco queda no 2 % do que exportan a Francia e en Cataluña no 4 %).

Nestas circunstancias faise necesario un dobre enfoque estratéxico: priorizar o novo corredor atlántico ferroviario Ferrol - Porto de altas prestacións e uso mixto e a súa conexión con todas as terminais portuarias. Que sería a estratexia equiparable á adoptada no corredor Mediterráneo no leste de España. E conectar a rede ferroviaria de Galicia coa rede española de ancho europeo para uso do transporte de mercadorías, para así garantir a intermodalidade ferro-portuaria de Galicia co resto de España.

Dicir por fin que a canle aérea apenas ten importancia nas nosas exportacións fóra de España (un 7 %) que na súa inmensa maioría ten que ver co sector da confección, aínda que só un terzo das exportacións de confección se realizarían dende aeroportos galegos. Sendo residual a importancia da canle marítima e ferroviaria na actualidade para este sector, o resto das exportacións galegas de confección fóra de España ven de seu que estarían a realizarse por estrada, que é o medio de transporte menos sostible.

2.3 Unha política industrial

A breve análise que vimos de facer sobre as canles de transporte que están a usar as nosas importacións e exportación fora de España paréceme un marco axeitado para avanzar na análise do sector industrial galego, tendo en conta que segundo a metodoloxía da Contabilidade Nacional as actividades industriais son as formadas polas manufacturas e mais as actividade enerxéticas. Trátase de procesos de produción material (a diferenza dos servizos), das que só pola natureza singular do produto xerado (edificios, infraestruturas) se adoitan separar as de construción. Tamén, e só por unha inercia do pasado, se separan do sector industrial as actividades de produción material agrarias, gandeiras ou forestais sen as que serían incomprensibles hoxe en día as actividades das industrias agroalimentarias.

Por todo elo, nunha primeira aproximación, considerarei o conxunto de actividades de *producción material* da economía de Galicia (industria, construción, primarias) para avaliar a nosa situación. Un indicador inverso, e tamén clarificador, sería a importancia das nosas *actividades non materiais ou de servizos*. Avaliase por tanto de seguido a distribución porcentual do valor engadido total nunha economía en dúas partes: o xerado na produción material e nos servizos.

Polo xunto as nosas actividades materiais (entre as que se inclúen as industriais) teñen a día de hoxe unha importancia superior a media española, ou de Cataluña, pero están por baixo da que teñen no País Vasco. En todos os casos se observa a crecente hexemonía da chamada terciarización, un macrosector que inclúe actividades⁵⁵ directamente dependentes do resto (no caso dos servizos públicos para poderen ser financiados: ensino, sanidade, dependencia), cando non das actividades de produción material das que aquí nos ocuparemos (caso en boa medida das financeiras, loxísticas, comercialización, deseño, xestión, promoción, pos-venda, etc.). Produciuse aquí unha radical inversión nos derradeiros cincuenta anos: a produción material de ocupar ao 70 % pasou a ocupar apenas ao 30 %, mentres os servizos pasaron do 30 % ao 70 %.

Unha inversión que liberou horas de traballo da produción material grazas a maquinaria, a automatización e a uns combustibles fósiles (gasóleo, gasolinas, fuel, queroseno, gas natural, butano, etc.) que hoxe deberamos abandonar, mentres os servizos pasaron a ocupar a maior parte das capacidades laborais do país. Sendo por este motivo que a actual revolución dixital e da IA abre por vez primeira oportunidades de amortizar moitos empregos humanos de servizos sen que se albisque onde estarán os novos xacementos de emprego. Unha situación que aconsellaría ter unha extrema prudencia na dixitalización (no ensino, sanidade, distribución, dependencia, etc.) ou avanzar decididamente nunha redución radical da xornada laboral en favor da prestación personalizada dos servizos e do dereito a un emprego decente para todos.

Non é menos certo que un eventual incremento do tamaño do sector de produción material vai a provocar efectos de arrastre positivos en moi diversas actividades do sector servizos, así como tamén mellorará a capacidade de financiamento dos servizos públicos. É neste senso que aínda podemos considerar a industria como o un motor crucial do sistema económico dun país⁵⁶, tamén, sen dúbida, polo papel central que teñen as actividades de produción material nas que dimos en chamar actividades esenciais na pandemia do ano 2020 (alimentarias, manufacturas, enerxía, fármacos, ...) pola súa crítica resiliencia. Convén reparar tamén en que mentres as actividades de produción material teñen unha relevante dependencia dos mercados exteriores e, xa que logo, da competencia internacional e da súa competitividade, as actividades dos servizos están maioritariamente orientadas ó mercado interno⁵⁷ e

55 Á marxe dos servizos persoais ou en persoa que tamén teñen unha importancia crecente (coidados persoais, do fogar, xeriatria, lecer, ...), e que en boa medida dependen das rendas derivadas da produción material.

56 Aquí encaixa o concepto de *industria estendida* ó que nos imos referir de seguido.

57 Nalgunha partes do Reino de España a excepción serán as actividades dos servizos que dependen da demanda turística. Nas de produción material as de construción serán as menos dependentes, entre nós, da demanda externa. No resto dos servizos a súa dependencia do exterior será indirecta e a través da produción material exportada. Caso á parte son os servizos hoxe globais asociados ás TIC.

non se ven tan afectadas pola competencia externa (por caso os servizos financeiros).

A perda de peso da produción material mesmo se acelerou a partires da crise do ano 2008 (seis puntos en sete anos fronte a apenas dous puntos nos oito anos precedentes⁵⁸), todo elo á marxe das precisións que, sen dúbida, habería que facer na medida en que a produción material incorpora a cada paso máis servizos avanzados⁵⁹. O que se deu en chamar *industria estendida ou manufactura estendida*. Será neste contexto que un recente obxectivo da Xunta de Galicia pasase por darlle a volta a esa tendencia e recuperar máis de seis puntos⁶⁰ ata o ano 2020. Como de seguido teremos ocasión de comprobar ese obxectivo (non acadado) era non pouco ambicioso pois sería equivalente, por poñer un exemplo, a triplicar o peso económico actual das manufacturas de material de transporte (automoción e naval).

Nesta perspectiva a economía española que mellor estaría defendendo o peso das producións materiais é o País Vasco, unha economía que defende a produción material (e o emprego necesario para obtela) como a base que fundamenta en maior medida os seus servizos públicos e os seus servizos destinados á venda. Pois esa produción material (na que polo momento incluímos as manufacturas, a enerxía, construción e primarias) explicaría a solidez dos servizos que dela dependen (financieiros, comerciais, transportes, públicos, etc.) e, polo tanto, a estabilidade do crecemento e desenvolvemento social do conxunto dun país. Pola contra, unha economía cunha minguante e residual produción material⁶¹ como a galega será case seguro unha economía cunha moi problemática estabilidade do seu emprego, da súa demanda interna e, en suma, do seu benestar social.

Podemos nesta altura dar un segundo paso para avaliar si, máis aló do conxunto das manufacturas, nese case 33 % do VEB galego dependente das actividades de produción material temos unha estrutura interna semellante á que presentan os espazos económicos que vimos avaliando. Neste punto o máis salientable para o que aquí interesa é a cualificada presenza en Galicia de actividades relacionadas cos recursos

58 O sector da construción terá moito que ver.

59 Os analistas simbólicos dos que se ocupou xa no seu día Reich (1993)

60 Na páxina 20 aquí: <http://www.igape.es/images/axenda/Agenda4.0-ES-web.pdf>
https://www.xunta.gal/plans-e-actuacions?content=/Portal-Web/Contidos/Actuacions/actuacion_0082.html
<https://www.farodevigo.es/galicia/2017/06/03/ces-lanza-alianza-universidades-empresas-16292464.html>

61 Sucede así que fronte ao obxectivo do 20 % do PIB para 2020 (IGAPE, Axenda 4.0, 2015) para o conxunto da industria (manufacturas máis enerxía) a realidade é que no ano 2022 estabamos no 17,8 % segundo datos do INE.

En termos de emprego industrial o obxectivo alónxase a cada paso pois segundo a Memoria 2022 do CES-Galicia: “A evolución do sector industrial galego caracterízase por unha perda de emprego no período comprendido entre os anos 2008 e 2022 de 40.000 empregos”.
<https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

46

naturais (enerxéticos, agrarios ou forestais) que non somos quen de transformar en maior valor engadido das actividades manufactureiras. Pois podería darse o caso, pondo un exemplo non de todo arbitrario, de que na economía catalá, ou madrileña, se estivesen transformando e comercializando recursos gandeiros galegos⁶², e facéndoo con recursos enerxéticos (directos ou indirectos) do noso país. O cal é un argumento en favor das súas capacidades manufactureiras (e de control dos mercados dentro de España) e en contra das nosas. O resultado sería que sen unha base tan sólida como a de Galicia en recursos materiais outras economías serían quen de contar cun vector manufactureiro con un peso maior, entre tres e dez puntos, no seu PIB⁶³.

Xa con datos dos Institutos Estatísticos respectivos podemos precisar algo máis a nosa análise desagregando as actividades manufactureiras. Por orde de importancia destaca a especialización galega nas ramas de material de transporte (vehículos terrestres e construción naval) que nos sitúa por riba da que teñen en Cataluña e no País Vasco nestas actividades. Conflúen neste caso un aproveitamento da nosa xeoposición marítima, a captación de investimentos directos nos anos 50 do pasado século e a disposición de recursos para a xeración dunha enerxía eléctrica moi necesaria para estas actividades. Segue en orde de importancia a nosa especialización na industria agroalimentaria (sobre todo en relación ao País Vasco), aínda que neste caso si a ponderamos pola importancia das actividades primarias respectivas a repercusión industrial destas actividades nas manufacturas asociadas debe considerarse en Galicia insuficiente. O mesmo cabe dicir das actividades da transformación da madeira, mobles, papel e gráficas pois sendo Galicia unha potencia determinante do sector forestal español non somos quen de transformar ese potencial no circuíto industrial das manufacturas derivadas (actividades nas que en conxunto estamos por baixo do peso que teñen en Cataluña ou no País Vasco). En ambos casos a diversificación e peche de transformacións de maior valor engadido son materias pendentes da nosa política industrial. Na fabricación de produtos metálicos, non metálicos e na metalurxia do ferro estamos por baixo de Cataluña e do País Vasco malia a contar cunha xigantesca planta de alumina, grande consumidora de enerxía eléctrica⁶⁴.

En conxunto non parece que a conversión en valor engadido manufactureiro dos abondosos recursos enerxéticos renovables cos que contamos contribúa a recortar o noso déficit en peso industrial agregado (cousa que só sucede no caso de material de transporte).

62 Perdemos capacidade productiva segundo a Memoria 2022 do CES-Galicia: “ *O elevado peche de explotacións agrogandeiras afonda na xa preocupante situación do rural galego. A redución do número de explotacións gandeiras, especialmente as de bovino de carne, que se reduciron en máis de 10.000 en tan só un ano*” <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

63 Dez puntos de PIB industrial serían equivalentes a cen mil empregos directos máis en Galicia.

64 López (1990: 90)

Pechando este bloque de actividades manufactureiras nas que a súa actual presenza en Galicia é destacada figuran as da confección que nos sitúa xa por riba dunha rexión de referencia do sector en España como é Cataluña. Aquí a maior parte do éxito é imputable a INDITEX que se ten convertido en principal empresa do sector a escala mundial. A súa lóxica empresarial ten un encaixe e dimensión global mesmo superior ao da planta de automoción de Stellantis en Vigo⁶⁵ (neste caso con decisores foráneos, mesmo chineses). Pola súa dependencia dos mercados exteriores, e pola súa incidencia na balanza comercial galega, sería oportuno sempre perfilar ben na análise das nosas actividades exportadoras manufactureiras as que non son nin de confección nin de automoción.

Pois, como estamos a ver, nas principais especializacións industriais do país anotamos debilidades manifestas na súa contribución ó produto industrial (salvo en automoción e confección), e así a lista das actividades nas que temos unha moi deficiente presenza non é pequena: Industria química, caucho e plástico e refinados; Industria farmacéutica; Equipamentos informáticos e electrónicos; Equipamento eléctrico e Fabricación de maquinaria. Trátase, como ben se observa, de actividades cun alto compoñente tecnolóxico e de innovación e nas que os custos laborais teñen un menor peso no custo total, aínda tendo mellores retribucións por hora. Actividades que mentres no seu conxunto para Galicia ascenden apenas a dous puntos do VEB total da nosa economía, tanto en Cataluña como no País Vasco acadan nada menos que o triplo.

*

Como comprobamos nun apartado anterior dende o punto de vista do comercio exterior teñen unha singular dependencia dos mercados de fora de España as manufacturas como as da automoción, pezas para automoción, construción naval, pedra, pasta de papel ou minerais non metálicos. Nestes tres últimos casos (pedra, pasta e aluminio) estamos diante de exemplos de exportación fora de España con base a recursos naturais pero con ruptura da cadea de valor⁶⁶.

Aínda que tamén son moitas as actividades manufactureiras que presentan unha elevada dependencia do mercado interno español. En xeral todas as agrarias, forestais e agro alimentarias, incluídas as bebidas e os derivados da madeira. En moitos destes casos estarían a indicarnos que a ruptura da cadea de valor desas manufacturas galegas (como exportacións de escaso valor engadido) se aproveita polas ma-

65 <https://es.wikipedia.org/wiki/Stellantis>; sinalaba a excesiva dependencia destes dous complexos industriais Xan Carmona no GalizaLivre (27/1/2024)

66 Datos do Ministerio de Economía (Datacomex): http://datacomex.comercio.es/principal_comex_es.aspx; xa sinalaba esta esquilmación dos recursos naturais galegos Martínez (1991: 128), cito por Fernández, X; Baamonde, A.; Martínez, R. e Iglesias, B. (1991)

nufacturas doutras partes de España⁶⁷. Os casos de formigón e produtos metálicos estaríannos tamén a informar dunha dependencia do mercado interno español da construción. Outra precisión crucial ten que ver co feito de que si descontamos (tanto para Galicia como para o conxunto de España) as exportacións de automoción e de confección a cota exportadora galega cae no conxunto de España a unha cifra moito máis axustada ó noso peso en termos do PIB. O cal quere dicir que o noso moi elevado desempeño exportador no conxunto de España depende das realizadas por Inditex e Stellantis-Citroen. O que obriga a ser precavidos co indicador en volume monetario das exportacións, e fai aconsellable afinar a nosa avaliación en función do número de empresas exportadoras.

Sendo así que a nosa porcentaxe no total das empresas exportadoras españolas é moi inferior ó noso peso en termos de PIB. Non sucede isto para o caso de Cataluña que supoñendo un 19 % do PIB español anota un 32 % das empresas exportadoras. Nin tampouco no País Vasco que supondo o 6 % do PIB español conta con case o 10 % das empresas exportadoras. De xeito que para acadar unha axeitada avaliación na competitividade que mide o número de empresas exportadoras galegas teríamos que contar cunha porcentaxe que reclama engadir unhas 2.500 empresas manufactureiras exportadoras máis. Pero o certo é que no ano 2022 aínda seguíamos no 4,5 % do total de exportadoras españolas⁶⁸.

Temos aquí un reto ben concreto que pode ser desagregado por ramas de actividade dentro das manufacturas (seguindo esta análise coa rateo de empresas exportadoras galegas no conxunto das españolas e co referente medio do 5,2 % do noso PIB). Dende esta perspectiva só en alimentación, bebidas e tabaco o noso desempeño competitivo no conxunto de España pode considerarse positivo. Pero no resto de actividades manufactureiras o diagnóstico é desfavorable.

É singularmente desfavorable nos bens de consumo e noutras actividades. Reto que, nestes casos, suporía case duplicar o número de empresas exportadoras. Un obxectivo descomunal que só podería abrirse camiño a partires das empresas deses sectores que teñan un tamaño mediano e vontade de innovar nos seus produtos e procesos. Pois nestas actividades un xigante como Inditex, que é un éxito global competitivo, coas súas exportacións millonarias está a agochar que en moitos outros bens de consumo a situación galega é máis que preocupante. E nunca debemos esquecer que cando isto sucede, cando nunha actividade non temos suficientes empresas exportadoras, o problema agrávase coa doada ocupación e cobertura da demanda interna por importacións desas mesmas manufacturas.

67 O mesmo cabe dicir dos sectores da produción eléctrica e do gas cuxa demanda final depende de xeito determinante das exportacións ó resto de España (sesenta de cada cen euros de produción eléctrica galega se exportan ó resto de España).

68 Datos para 2022 aquí: https://comercio.serviciosmin.gob.es/Datacomex/principal_comex_em.aspx

Para evitar este tipo de opacidades, dependendo do tamaño das empresas exportadoras, paga a pena dispor dunha diagnose ó respecto polo menos para algúns exemplos sectoriais significativos. O INE no seu Directorio Central de Empresas permítenos comparar entre Comunidades Autónomas -para unha actividade concreta das manufacturas- a distribución das súas empresas segundo o número de empregados⁶⁹. Analizaremos aquí, dende esta perspectiva, dous sectores sintomáticos.


Para o caso das manufacturas da alimentación e bebidas a comparativa entre Galicia e Cataluña xa sabemos que está de sobra xustificada pola importancia que ten nos dous territorios este sector no VEB total. Ademais sabemos que para Galicia estas actividades anotan un excepcional e positivo comportamento exportador (avaliado polo número de empresas exportadoras galegas sobre o total das españolas). Tamén sabemos que a economía catalá no seu conxunto é un bo referente en España na presenza de empresas exportadoras, algo que a bo seguro ten que ver co seu tamaño. Sobre esa base os datos son ben clarificadores: en Galicia temos un dez por cento mais de micro empresas (menos de 10 traballadores) e unha presenza defectiva no resto dos tramos considerados. Si por exemplo igualásemos a estrutura catalá teríamos que duplicar o número de empresas con máis de cincuenta traballadores dedicadas a alimentación. Todo un reto para a nosa política industrial. Ó facelo así a bo seguro que a nosa capacidade exportadora (e sobre todo de abastecemento do mercado interno) pasaría a depender menos dos xigantes da confección e da automoción.

Nas actividades metalúrxicas contamos cunha presenza significativa (en boa medida vencelladas á actividade construtora) e cunha cota exportadora mellorable. Polo seu número (sobre dúas mil empresas) estamos diante dunha poboación empresarial tan numerosa como a das actividades alimentarias. Tamén aquí o déficit estrutural no sector da metalurxia galego debera centrarse en transformar un exceso de micro empresas en empresas de maior tamaño (de 10 a 50 traballadores).

★

Con estas premisas estruturais compre destacar que dende a irrupción da Grande Recesión do ano 2008, ao fío da burbulla inmobiliaria e hipotecaria, Galicia ben modificando de xeito radical as súas contas externas no relativo ao comercio de mercadorías e de servizos. Mentres naqueles anos o noso saldo total se situaba nuns dez puntos negativos sobre o PIB, no ano 2019 previo a pandemia Covid estabamos en cerca de dous puntos positivos. É este un cambio espectacular que debe ser explicado e detallado para entender o que ten variado e porqué. Para aclararalo recolleemos nun mesmo gráfico a evolución do *saldo comercial* (mercadorías, en vermello) fora de España e o *saldo externo total* (co resto de España xa incluída e cos servizos, en escuro) da economía galega.

⁶⁹ Microempresas (9 traballadores ou menos), pequenas (10-49), medianas (50-199) e grandes (máis de 200), datos aquí: <http://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=51&dh=1>



SALDOS EXTERNOS DE GALICIA

Elaboración propia con datos IGE e Datacomex

Obsérvase que o percorrido das dúas series é parello sobre todo entre 2007-2013 (mesmo nos picos de 2011 e 2013) o que nos permite identificar que é o crecente e favorable saldo comercial fora de España o que determina que o saldo externo total se vaia reducindo e pase de case seis mil millóns de déficit a terceira parte (dous mil millóns de déficit) entre eses anos. Só entre 2017-2019, xusto antes da pandemia, o comercial perde fol mentres o total segue a recuperarse. E xa en 2020 sucede ó contrario: mellora o comercial e non o fai o total.

O primeiro que se debe clarexar é o motivo que explica que durante 2007-2013 o *saldo comercial* fora de España teña mellorado de xeito espectacular provocando unha redución radical do *saldo externo total*. ¿Como fomos quen de pasar dun saldo comercial fora de España positivo do 1 % do PIB a outro do 8 % do PIB que se veu mantendo durante anos?. Para clarexalo temos que desagregar o comercio de mercadorías que mantén Galicia fora de España e comprobar en que grupo de produtos se virou de xeito tan radical.

Polo seu volume e polo cambio anotado a viraxe céntrase en tres: enerxéticos, semi-manufacturas e bens de consumo. Nos produtos enerxéticos chegamos a ter un saldo negativo de 3.300 millóns (2012) que cae a 1.500 millóns (2019) para quedar en 550 no ano da pandemia (2020). A radical corrección deste saldo negativo favorece o espectacular incremento do saldo comercial total do un ao oito por cento do PIB que anotamos. Sen dúbida ten que ver cunha crecente menor dependencia dos

combustibles fósiles importados en paralelo a nosa crecente xeración de enerxía con fontes renovables (eólica, solar, hidráulica, ...). Nas semi-manufacturas (ferro, aceiro, químicos, ...) pasamos dun saldo negativo de máis de 1.100 millóns (2007) a outro positivo de case 400 millóns (2019) algo que debe entenderse directamente asociado aos materiais precisos para un sector da construción que vai estar todos eses anos en niveis moi baixos de produción.

A redución ou superación dos números vermellos nestas dúas partidas axudan a entender o cambio radical que vimos analizando, pero non abondarían para facelo de non anotarse o espectacular crecemento dos saldos positivos nas manufacturas de consumo. Que pasan de 600 millóns a nada menos que 4.300 millóns entre 2007 e 2019. Aquí todo o mérito é do sector do téxtil e da confección⁷⁰.

Daquela o éxito comercial de Galicia no período analizado ten que ver co dinamismo da confección por unha banda e coa redución dos nosos aprovisionamentos de combustibles fósiles e de manufacturas para o sector da construción. Esas son as tres forzas que nos permitiron pasar dun saldo comercial do 1 % a outro do 8 % sobre o PIB. Sendo así que do saldo positivo externo en 2022 por 3.711 millóns de euros⁷¹ nada menos que 3.559 dependeron do saldo fora de España do noso sector da confección⁷².

Como consecuencia disto o noso saldo total (cando incluímos o resto de España e os servizos) foi así que trocou de moi negativo (-12 % PIB en 2008) nada menos que a lixeiramente positivo (2 % PIB en 2019). Unha viraxe que tamén se reforza si engadimos que as nosas importacións de mercadorías do resto de España, e de servizos de fora de Galicia, veñen contendo o seu crecemento dende a Grande Recesión de 2008, pois medran notablemente menos que o conxunto das nosas exportacións. Algo que sen dúbida se entende que suceda nun país minguante en poboación e con rendas que perden poder de compra⁷³. É así como a nosa radiografía do comercio exterior combina factores de éxito comercial (confección), problemáticos (automoción ou construción) e de transición cara unha maior autonomía enerxética.

★

70 Hoxe a importancia de Inditex (manufacturas) mesmo pode ser menor a de Zara (comercialización) na contabilidade rexional. Complementariamente debemos anotar que o sector do automóbil, entre eses mesmos anos, tivo o comportamento contrario: de achegar 2.000 millóns ao saldo positivo pasou a provocar 2.000 millóns negativos. Nos automóviles exportamos a cada paso menos e importamos a cada paso máis.

71 [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0307007002&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9621&R=4\[0\];3\[all\];0\[2022\]&C=1\[0\];2\[0\]&F=&S=998:12&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0307007002&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9621&R=4[0];3[all];0[2022]&C=1[0];2[0]&F=&S=998:12&SCF=)

72 <https://comercio.serviciosmin.gob.es/Datacomex/CabeceraPersonalizada.aspx>

73 Utilizaba a idea dun “país minguante” no *Sermos Galiza* n° 480 (18 nadal de 2021), tamén en *Nós diario* do 16 de marzo de 2023

Sen dúbida para mellorar a competitividade das nosas manufacturas, para diversificar e completar as súas cadeas de valor e para facer que o noso saldo externo mellore sen depender tanto do saldo comercial fora de España é preciso investir na definición de novos produtos e novos procesos. A ferramenta para ter éxito nesta andaina non é outra que o esforzo en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i ou IDi). Esfuerzo que pode ser desempeñado tanto polo sector público como polo sector empresarial. Sabemos que o esforzo público en Galicia é claramente menor que o das economías do noso entorno. Tampouco está claro que a súa xestión sexa eficiente (polos resultados acadados) e que os obxectivos estratéxicos sexan os axeitados.

Pero tamén procede aquí reflexionar sobre a compoñente empresarial de innovación das nosas manufacturas. Compoñente que pode consistir tanto en esforzos internos (gastos en persoal dentro da empresa) ou ben externos (adquisición de tecnoloxía ou equipos que a incorporan, así como asesoramentos varios). Neste senso débese anotar de entrada que a presenza en Galicia de empresas manufactureiras de alta tecnoloxía⁷⁴ está por baixo do noso peso no PIB español pois supoñen o 4,8 %. Si avaliamos os gastos en I+D desas empresas a nosa porcentaxe en España empeora (2,1 %) así como no persoal ocupado (2,8 %). Pero destaca con claridade que os mellores comportamentos relacionados coa innovación concéntranse nas empresas que superan o nivel dos cen traballadores.

Non é de estrañar, en consecuencia, que só menos da quinta parte das empresas galegas utilizen ó menos unha das seguintes tecnoloxías facilitadoras consideradas esenciais: materiais avanzados, biotecnoloxía, microelectrónica, fotónica, nanotecnoloxía e sistemas de fabricación avanzada⁷⁵. O que mesmo podería levarnos a automatizar procesos organizativamente ineficientes ou a seren apenas mellores en ámbitos, e produtos, crecentemente obsolescentes. Ademais pódese engadir que nunha análise desagregada das nosas manufacturas destaca a defectiva cualificación innovadora media en sectores como madeira e mobles, electricidade ou naval. Sendo máis positiva en actividades como maquinaria e equipo ou produtos químicos. En xeral, reitérase no informe citado, as nosas empresas tenden a centrarse nas innovacións incrementais, fundamentalmente de proceso, dedicando menos atención a aquelas que son quen de rexuvenecer a organización ou desenvolver novos modelos de negocio.

Xa neste diagnóstico van implícitas as recomendacións de políticas a aplicar. Que non pasan tanto por incrementar o esforzo, que tamén, senón por reformas institucionais que multipliquen o número de ideas, o seu atractivo ou a súa novidade. Para

74 As que invisten en I+D máis do 4 % da súa facturación. Os datos primarios para Galicia: <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=4252&paxina=001&c=0402>

75 Vázquez (2016)

elo as dimensións non cognitivas do ensino obrigatorio deberan ocupar cuanto antes o terreo que hoxe non teñen, así como o considerar que os obxectivos empresariais, sociais, ambientais, etc. non son ámbitos de acción inconexos ou incongruentes cando falamos de innovación. Esta transversalidade (hibridación de actividades) debера ser especialmente estratéxica nas empresas que ofrecen bens de capital a diferentes cadeas de subministro.

★

Xa por último debo referirme a como a burbulla financeira das últimas décadas (sobre todo dende a posta en circulación da moeda única europea) foi a causa da grande recesión do ano 2007, así como de non poucos problemas de fondo que arrastran as nosas economías. Un deles é o excesivo endebedamento do sector privado (empresas financeiras e non financeiras) español verbo dos seus competidores. Segundo Eurostat⁷⁶ as débedas das empresas non financeiras españolas sitúanse nun 92 % do PIB (dato que chegou a estar no 128 % en 2008) mentres en Alemaña é do 66 %, e en Chequia ou Polonia están tamén por baixo do 50 %. Nese contexto español para o caso de Galicia o IGE infórmanos de que mais da metade das empresas industriais pagan cretos hipotecarios ou fan uso do desconto comercial⁷⁷. Este excesivo endebedamento relativo ten necesariamente como consecuencia uns maiores custos financeiros mesmo si o noso mercado crediticio fose igual de competitivo e os tipos de xuro de semellante nivel ao daqueles países. Máis o certo é que, lonxe diso, a reestruturación de entidades (en Galicia coa desaparición das caixas e absorción do Banco Pastor) foi reducindo a competencia dentro do noso sector financeiro.

Así, a altura do ano 2014 a concentración bancaria en Galicia situábase xa moi por riba da media europea ou mesmo española. Pois si mesmo cun indicador de concentración ou cota de mercado das cinco entidades de maior tamaño (CR5), estando moi por riba, non chegamos a duplicar a media europea, co indicador (HHI) que considera todos os bancos que operan no mercado duplicamos tanto a concentración media española como a media europea⁷⁸. Como consecuencia de todo o anterior hoxe os tipos de xuro para as sociedades non financeiras sitúanse moi por riba dos tipos para os depósitos que poidan realizar esas mesmas empresas que están practicamente no nivel cero⁷⁹. Un alto nivel de endebedamento combinado cun alto nivel dos tipos de xuro que lastran, si engadimos os custos da enerxía, a competitividade

76 <https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/TIPSPD15/default/table?lang=en>

77 Datos aquí: <http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0307006002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=I&B=1&M=&COD=2762&R=1%5ball%5d&C=2%5ball%5d&F=&S=T%5b1:0%5d;998:12>

78 Da medo da imaxinar o valor destes indicadores si a actual A Banca fose adxudicada polo FROB a unha das grandes entidades españolas como veremos máis adiante neste ensaio. Datos de Maudós, J. (2016) *Cuadernos de Información económica*, FUNCAS, n° 251, marzo-abril

79 Datos do Boletín Económico do Banco de España (Indicadores Económicos de decembro de 2016 páxina 64) http://www.bde.es/bde/es/secciones/informes/boletines/Boletin_economic/index2016.html.

que as nosas empresas poidan estar a gañar en custos laborais unitarios. Tal como sucederá no ano 2022 de xeito especial, pois terá lugar esa tormenta perfecta: inflación enerxética disparada e subas dos tipos de interese polo BCE para contela.

54

2.4 Os eléctricos e as eólicas

Agora que tanto falamos de transición enerxética, por caso sen combustibles fósiles no transporte, observo pasmado como os mesmos que nos venderon o actual modelo de mobilidade están dirixindo a súa mutación. Pois semella que abonde con cambiar un automóbil vello privado por outro eléctrico (ou un autobús, camiión ou barco) para que case todo siga máis ou menos igual: usos privativos, distancias percorridas, viaxeiros, atascos, etc.

Deixo agora os camiións e os barcos aparte (pois o hidróxeno verde con enerxía eólica leva camiión de ser outro xeito de estragar as nosas enerxías limpas en usos disparatados fronte a opción do ferrocarril e a proximidade) e vou referirme a cando a electricidade xa movía boa parte do noso transporte urbano e, esta é unha primeira pedra da longa noite fósil, deixamos de usala en favor dos hidrocarburos. Pois corría o ano 1912 cando en Vigo se creaba TEVCA (Tranvías Eléctricos de Vigo Compañía Anónima) da que chegará a ser xefe do seu departamento técnico e xerente o que fora líder anarquista galego Ricardo Mella. A súa progresión e éxito de viaxeiros será espectacular: pasando de dous millóns no 1914 a case catorce millóns no 1939. Contaba daquela con nove liñas urbanas e catro da área metropolitana: a Baiona, Samil, Gondomar e a Porriño. Algo que semella hoxe unha fantasía.

Abonde dicir que tras a súa desfeita caciquil para abrir camiión a rede de autobuses fósiles realizada no ano 1968 aínda esta, no ano 1993, apenas rondaba os dezaoito millóns de pasaxeiros. Desfíxose unha rede rendíbel e limpa para deixar camiión aos que ían cubrir o servizo con autobuses movidos con derivados do petróleo, e tamén a un parque de automóviles privados que pasaría de quince mil unidades no 1960 na provincia de Pontevedra a setecentos mil en 2017. Fíxemoslle caso aos vendedores do modelo aos que me refería ao comezo deste apartado. Modelo do que agora estamos a pagar caras as consecuencias, entre outras, climáticas. Algo semellante tiña a cidade de Pontevedra - Marín que tamén levaría o modelo eléctrico, neste caso sin ter hoxe nin rede urbana de autobuses.

Na Coruña será no ano 1901 que se cree a Compañía de Tranvías de Coruña S.A. que estará operativa ata o ano 1962. Tamén a progresión de pasaxeiros foi espectacular (con dezaseis millóns no ano 1947) e con catro liñas urbanas e outras da área metropolitana (a San Pedro de Nós e a Sada). Ferrol tamén contaba con tranvías daquela. E tamén, despois do desmantelamento, si había na provincia dezaseis mil automóviles en 1960 pasará a haber case oitocentos mil no 2017. Un éxito total dos vendedores do modelo do motor de combustión.

Nas cidades galegas (Vigo, Coruña, Pontevedra, Ferrol) e nas súas áreas urbanas deixouse así de contar cunha rede electrificada de transporte terrestre colectivo de pasaxeiros. Que podía alimentarse por caso coa electricidade dos nosos encoros daquela, e hoxe coa eólica. E fíxose en favor do modelo de carburantes fósiles. Cambiouse un modelo limpo e colectivo por outro porco e privativo. Claro que neste asunto non fixemos máis que copiar o modelo que viña dos Estados Unidos, aquí en favor de capitalistas amigos do franquismo. Por aló foi o propio Rockefeller quen entre 1936-1950 promoveu a desaparición dos tranvías en favor do transporte urbano baseado no petróleo. Pois entre eses anos empresas con grande interese no automóbil, como General Motors, Standard Oil e Firestone, crearon a empresa National City Lines (NCL), que comprou as redes de tranvías de 45 grandes cidades dos Estados Unidos para substituílas por redes de autobuses fabricados por General Motors.

Mentres todo isto pasaba dun e doutro lado do Atlántico, en beneficio dos vendedores de hidrocarburos e de automóviles, e contra da saúde do planeta e da calidade de vida das nosas cidades, hai quen -polo menos agora- non tropezou nesa pedra. Interésame destacar aquí, entre moitos exemplos por Europa adiante, o caso de Tranvías de Vitoria. A capital vasca non tiña rede tranviaria cando no ano 2008 a compañía pública Euskotren Tranbia impulsa dous itinerarios iniciais con quince quilómetros que se están a ampliar a outros dous, pasando de catro millóns de usuarios en 2009 a oito millóns no 2019 (duplicar en dez anos non está nada mal). O lector interesado pode ollar en Youtube imaxes espectaculares do que levan feito en tan pouco tempo⁸⁰. E fano tamén en Bilbao (onde pensan dar cabo dun anel urbano tranviario) e na súa área urbana (Lejona, Baracaldo, Basauri).

Sucede isto polo mundo fora, mentres en Galicia seguimos a durmir e tropezar por segunda vez na mesma pedra. Porque contamos de sobra con enerxías limpas para mover os tranvías nas nosas cidades e áreas metropolitanas, pero apenas os temos como obxectos de museo vintage (en Vigo ou Coruña) mentres deixamos que a transición enerxética nola fagan os mesmos que levantaron os tranvías que un día tivemos.

*

E falando de asuntos eléctricos é sabido que os ríos de Ourense foron, no pasado remoto, obxecto de notables obras de enxeñería para obter o valioso metal amarelo do que, en definitiva, xurdiu o nome que herdamos para estas terras galegas. Tamén e ben sabido que nos últimos cen anos os nosos ríos volveron ser obxecto de atención doutros enxeñeiros con outros intereses. As súas obras provocaron non poucos dramas colectivos (desde A Alberguería⁸¹ ata Castrelo de Miño) e puxéronse ao ser-

80 Ver aquí: https://www.youtube.com/watch?v=BAg_6um0k38

81 Ver aquí este documental: <https://versionvaldeorras.com/xares-o-rio-que-nos-leva/>

vizo absoluto da produción eléctrica: ouro branco. A día de hoxe o resultado é que se Galicia enteira produce un 35 % máis de electricidade da que consume, Ourense produce un 70 % máis da que consume. Co que as exportacións de enerxía eléctrica de Ourense son, con diferenza, a súa principal partida comercial xa que supoñen nada menos que o 60 % do valor de todo o que se exporta desta provincia. E boa parte dos lucros dese ouro camiña en silencio cara ao seu lugar habitual: a cidade capital onde os enxeñeiros proxectan as súas obras (pois a Roma de Ourense agora chámase Madrid e pódese mesmo ir e vir en AVE).

A electricidade de Ourense é ouro branco e verde do século XXI. Porque practicamente toda esta produción é hidráulica e non térmica (carbón, gasóleo, gas,...). É dicir, un triplo bingo: materia prima autóctona –auga-, renovable ou non esgotable –chuvia- e (feito o depósito ou encoro) non contaminante, nin na súa produción nin no seu consumo. Un produto de exportación da máxima calidade como se ve, cunha competencia imposible. Unha mina de ouro branco e verde que cae do ceo. E neste produto Ourense é o campión do Reino de España porque mentres a produción hidroeléctrica por habitante e ano para o conxunto do país é de apenas un Mw, en Galicia chega ao triplo, pero en Ourense acada a decenas de Mw por habitante. Non é difícil estimar unha cifra para o valor “verde”, o valor dos danos que evita esta electricidade procedente da auga, na medida en que substitúe a que -de non contar con ela- habería que obter de combustibles fósiles. Unha minuciosa investigación europea (ExternE) calcula que son catro céntimos de euro por kw co que só a “parte verde” do ouro branco de Ourense valería 164 millóns de euros anuais⁸².

Como esta historia vai de enxeñeiros de imperios (antigos e modernos) habería que reclamar ao Ministerio de Medio Ambiente que reduza á metade os prazos das presas das concesións do franquismo, e aos Ministerios ou Consellerías de Economía ou Facenda (en Madrid e Compostela) concretar un moi potente canon hidráulico. Porque entre as reformas decote suxeridas polo Consello Europeo, a Comisión Europea ou os Bancos Centrais (Europeo ou de España), podería esta ser a ocasión para propoñer urxentemente unha reforma da Lei de Augas do ano 1985. Lei que estableceu un prazo -prorrogable- de 75 anos para as concesións hidroeléctricas, que xa se concederon durante 99 anos durante a ditadura franquista en virtude dunha lei do ano 1879. E que na reforma de 2012 o seu vencemento quedara mesmo ampliado desde a súa concesión inicial⁸³. Feito isto poderíamos dotar dun Fondo Soberano

82 O actual canon hidroeléctrico (augas embalsadas) da Xunta de Galicia recada menos de 20 millóns, aquí:
<https://www.farodevigo.es/galicia/2008/09/25/xunta-ingresara-ano-15-millones-17999747.html>
<https://www.laopinioncoruna.es/galicia/2014/10/21/tribunal-superior-avala-canon-embalses-24708803.html>

83 Sobre o custo social destas ampliacións das concesións, ver aquí:
https://www.infolibre.es/opinion/plaza-publica/concesiones-hidroelectricas-tomando-cielo-asalto_1_1208327.html

como en Noruega; cos beneficios que xeran cada día os kw baratos, limpos e autóctonos en relación ao prezo fixado no mercado (e que todos pagamos) pola electricidade xerada con petróleo ou gas. Pois a auga é o noso gas, é o noso gasóleo. E coa extinción destas concesións (xa amortizadas varias veces) eses ingresos deixarían de ser embolsados por empresas privadas para facelo polos nosos orzamentos públicos.

Faríamos entón un exercicio moi oportuno de memoria histórica. Moito máis didáctico, penso eu, que unha visita ao Pazo de Meirás. Toda unha lección sobre o valor das institucións democráticas, a non submisión aos intereses, contra o nepotismo e a corrupción pre democráticas e pre Constitucionais. De indignación contra os privilexios e as portas xiratorias. Abondaría con lembrar o acontecido na localidade ourensá de Alberguería⁸⁴ ou noutros casos semellantes. Como se pode ver, esta sería unha reforma non só verde, non só democrática, senón tamén competitiva. E por eso penso que hoxe tampouco está nada mal que haxa moita polémica co resultado das licenzas dos parques eólicos, pois todo esforzo por conseguir un retorno á sociedade e ao territorio propietario dos seus ventos e da súa choiva será pouco. E diso vou ocuparme de seguido.

★

Dos encoros eléctricos pasemos a analizar os parques eólicos. Porque a mediados de xaneiro de 2023 coincidiu unha certa polémica sobre a mensaxe da película «As Bestas» coa mobilización social contra da acelerada privatización dos recursos eólicos do país da man da Xunta de Galicia. Unha electricidade verde da que tan bo uso farían aqueles tranvías modernos que non temos segundo vimos de analizar.

O argumento desa película ten que ver cun crime en Valdeorras que tivo de móbil de fondo a oposición de dous paisanos a partillar os ingresos do monte comunal cuns novos veciños. Na película eses paisanos tamén queren ingresar uns milleiros de euros por deixar instalar uns muíños eólicos, mentres o novo veciño oponse por razóns ecolóxicas. Neste punto do asunto clarexar a radical diferenza dos feitos que dan lugar a este crime é importante. Porque vender madeira comunal e partillar, si ou si, os ingresos non ten volta de folla. Ou non debera tela. Pero vender o uso eólico dun monte xa é outro cantar. Porque sobre como aproveitar o vento temos que decidir todos os cidadáns e non só os donos (particulares ou comunais) dun monte. Estean estes a favor ou en contra de facer caixa. Máis ou menos caixa.

Sucede que o Goberno galego está a decidir por legal maioría parlamentaria sobre o modelo de aproveitamento eólico que lle parece mellor. Pero que ben pode non selo. Pode selo para as multinacionais que reciben as concesións, para un sistema

⁸⁴ <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/xares-o-rio-que-nos-leva> e https://www.albergueria.es/xares_leva1.htm

eléctrico centralizado e mesmo para algúns veciños (como en “As Bestas”), pero non para moitos outros cidadáns que están mobilizándose en favor dun aproveitamento eólico non capitalista. Pois convén saber que noutros países os seus Gobernos teñen desenvolvido modelos de aproveitamento de recursos naturais propios (auga, sol, vento, ...) a escala local ou rexional, por empresas públicas ou asociativas e con retornos plenos (mesmo no prezo da electricidade) a todos os veciños. Nada semellante ao que no seu día fixo o franquismo coa hidráulica, e o que queren facer agora unha parroquia galega do capitalismo de amiguetes. Porque habería neste asunto dous xeitos de facer a transición enerxética e de evitar o quecemento global. O de untar a uns poucos (como en “As Bestas”, ou da man da actual Xunta de Galicia) e o dos países desenvolvidos (Alemaña e máis aló), onde se coidan moito de que non suceda que sobre os recursos naturais de todos mangoneen uns poucos. Nestes asuntos convén saber moi ben quen defende os intereses dos moitos e quen dos poucos. Porque as aparencias enganan.

Neste punto da análise debo engadir a inoportuna achega da subordinación do Goberno Central aos intereses do xigantismo na transición enerxética. Para empezar nos parques eólicos de máis de 50 Mw para os que no Decreto 20/2022 de medidas⁸⁵ contra do actual shock enerxético se deixa a porta aberta case para calquera cousa (art. 23): *“Con el fin de lograr una reducción de la dependencia energética, la contención de precios y la garantía del suministro, se declaran de urgencia por razones de interés público, y se tramitarán en todo caso de acuerdo con lo dispuesto en este artículo, los procedimientos de autorización de los proyectos de generación mediante energías renovables competencia de la Administración General del Estado”*. Unhas presas que foron rebatidas e denunciadas no debate no Congreso dos Deputados a finais de Xaneiro, polos deputados López de Uralde e Rego Candamil⁸⁶. E un ten medo en imaxinar o que pode dar isto de si na eólica mariña. Onde non hai Rede Natura 2000 nin comunidades de veciños mobilizadas.

Pero moito máis aló dos impactos ambientais dun proxecto eólico, a escolla dun ou doutro concesionario debера ter que ver coa autonomía, resiliencia enerxética e prezos sociais para as bisbarras onde se localicen, e tamén da propia Comunidade Autónoma. Penso que deberan ser prioritarios aqueles proxectos de base pública (Concellos-Deputacións) ou cooperativa para subministro da área da contorna do parque. Claro que non semella que nin Xunta de Galicia nin o Goberno Central vexan así o modelo de transición. Porque manda o feito de que os grandes depredadores da economía fósil (por caso entre nós a fabricación de aluminio ou do transporte pesado por mar e por estrada), os pais do colapso climático, tamén queren gobernar esta transición. E así os axentes do transporte pesado marítimo e por estrada procurarán

85 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-22685-consolidado.pdf>

86 https://www.congreso.es/public_oficiales/L14/CONG/DS/PL/DSCD-14-PL-239.PDF

no hidróxeno o substituto do gas-oíl. Chamarano verde se se elabora con enerxía eólica, e pouco lles importa que se anoten perdas enerxéticas se o tal hidróxeno sae abondoso e barato. Menos aínda lles importa que o país onde se obteña o hidróxeno teña outras opcións de uso da electricidade verde máis valiosas socialmente, máis resilientes e con maior autonomía enerxética. Só así o xornal *Faro de Vigo* puido titular que o hidróxeno verde galego podería papar toda a enerxía eólica que se ten programado instalar⁸⁷. E pode que por iso a navieira *Maerks* mire cara Galicia coa mesma filosofía enerxética que mirou no seu día –e aínda mira- Alcoa-Alúmina⁸⁸, ou antes o capitalismo de amiguetes hidroeléctricos do franquismo.

E como a cousa semella que non pode ir de rachar cun modelo de consumo centralizado e de xigantismo (iso din que é utopía) así andamos. Movendo en milleiros de quilómetros polo mar toneladas de cousas que debíamos facer en proximidade, ou movendo en milleiros de camións por terra cousas que debíamos mover nun ferrocarril electrificado (este si, con eólicos), ou consumindo derivados da alumina (que non temos) en troque de madeira ou materiais renovábeis que si temos.

Suma e segue. Segundo o INEGA no 2022 os 157 parques eólicos galegos tiñan unha potencia instalada de 3.837 MW que producían 10.000 Gwh (superando xa a hidroeléctrica), unha produción que abondaría para alimentar toda a demanda doméstica e de servizos galega⁸⁹. A prezos non marxinalistas (os que hoxe marca o gas natural de Reganosa) sería un xeito directo de ter enerxía verde, propia e barata. Se o lector lle suma a hidráulica a cousa daría para dar brincos. Máis se lle sumamos os proxectos eólicos en espera de aprobación-execución achegarían 2.900 MW máis. Co que é claro que a nosa riqueza potencial –da auga e do vento- vai indo sen freo polo mal camiño⁹⁰: macro xeración en mans de grandes capitalistas (Endesa, Iberdrola, Naturgy, Siemens, Vestas, ...) e para o lucro de grandes depredadores.

Nestas circunstancias retornar as concesións hidráulicas a onde nunca deberon deixar de estar (dominio público de empresas locais) e evitar que pase o mesmo coa eólica, son dous retos cruciais –máis que complicados- para a Galicia deste comezo do século XXI. Para non seguir a andar tan desnortados. Digo e reitero máis que complicados porque, por caso, a cota de parques eólicos singulares de iniciativa municipal supón apenas o un por cento da potencia hoxe instalada no país. Unha nova Xunta de Galicia e a capacidade de investimento das Deputacións Provinciais deberían tomar boa nota desta escandalosa asimetría neoliberal.

★

87 <https://www.farodevigo.es/tags/hidrogeno-verde/>

88 Enclave industrial para Nogueira (2019: 647)

89 https://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/potencia_electrica_castellano.pdf

90 <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/economia/2023/01/25/luz-verde-quinceparques-colicos-suministraran-energia-barata-industria-gallega/00031674663932241533515.htm>

A maiores do que precede é bo tomar nota de que a situación actual das potencialidades das enerxías renovables en Galicia e as perspectivas para o ano 2030 (INEGA, 2023) poden resumirse de xeito máis que positivo⁹¹. Pois si a achega destas enerxías xa acada entre nós o 46 % do total do consumo (mentres que no conxunto da UE e no Reino de España non chega a metade desa porcentaxe), prevese que nos situemos en 2030 no 58 % (daquela a UE estará apenas no 33 %). Xa que a eólica aumentaría en máis do dobre entre 2020 e 2030 (en Gwh) e a solar tamén (en TEP).

Si a referencia é o consumo de electricidade a situación é moito mellor pois xa andamos no 74 % e pasaríamos ao 85 %. Claro está que para avaliar tanto a situación actual como esas previsións debemos avaliar ambas en relación aos consumos (actuais e futuros) de enerxías fósiles. Sendo así que no ano 2020 da enerxía primaria total mentres a electricidade renovable acadaba as 2.704 ktep con fontes autóctonas (vento, auga e biomasa sobre todo e o resto das opcións residuais), as fontes fósiles precisas andaban nas 7.519 ktep, case todas importadas sendo crecente o gas e minguante o carbón⁹². Co que si certamente as renovables supuñan o 46 % do consumo galego o certo é que só chegan ao 26 % das enerxía primarias consumidas en Galicia (fenda que moito ten que ver coas exportacións de electricidade e de derivados do petróleo).

Feita esta precisión, na situación actual os datos dos consumos enerxéticos de electricidade en Galicia informan que xa o cento por cen é case renovable, mentres que a produción renovable de electricidade é do 70 %. No consumo para calor e calefacción a cota renovable é moi inferior (30 %), mentres que no transporte non chega ao 7 %. Enténdese ben así que a media estea por baixo do 50 % por causa dos usos de transporte e de calefacción. Pois os combustibles para transporte supoñen 1.764 ktep de consumo, e para uso térmico son 1.312 ktep, mentres que son 1.381 ktep as de electricidade⁹³ (case toda xa renovable a día de hoxe).

Daquela serían estes usos -transporte e calor- os que habería que electrificar con fontes renovables, sen esquecer políticas de aforro nos actuais consumos eléctricos e o control das exportacións (singularmente se son fontes renovables como se quere coa eólica e o hidróxeno). Como é certo que a xeración de electricidade xa a temos descarbonizada, trátase de concretar estes usos de transporte e calor e como electrificalos i é aí onde se nos presentan dous modelos alternativos. No caso do calor será

91 https://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/Obxectivos_Galicia_2030.pdf

92 páxina 43 da Axenda INEGA 2030

https://www.inega.gal/sites/default/descargas/Axenda_Enerxetica_de_Galicia_2030_280622.pdf
Sobre a localización disparatada da planta de regasificación de Reganosa no Ferrol ver Rivas (2008: 62) que cita o documental “*O salario do medo*” de Henrique Banet e Mabel Rivera.

93 páxina 54 da Axenda INEGA 2030

https://www.inega.gal/sites/default/descargas/Axenda_Enerxetica_de_Galicia_2030_280622.pdf

a biomasa a fonte renovable máis emerxente (pois supón un 30% neste uso) e na que podemos seguir medrando (sen esquecer a aerotermia e a xeotermia).

Pero vai ser na mutación do transporte de carburantes a electricidade onde nos xogamos a maior parte da transición enerxética e da loita contra do colapso climático. E de paso poder superar aquel 58 % de renovables no consumo final en 2030 sen aumentar o consumo enerxético global per cápita ou por unidade de PIB. Neste punto os dous modelos alternativos contrapoñen usos privativos a usos colectivos, e escala local fronte a escala global. O automóbil eléctrico é un exemplo do segundo modelo (privativo, grande escala) fronte as opcións colectivas: tranvía, metro, cercanías, ferrocarril. Téñome ocupado pouco máis arriba neste apartado sobre como a mediados do século XX deselextrificamos e carbonizamos o transporte urbano pasándoo de colectivo a privativo, como desmantelamos unha rede eléctrica colectiva que en moitas cidades europeas e españolas (Vitoria, Bilbao, ..) goza hoxe de excelente saúde. Por non falar, ben preto de nós, do metro de Porto ou das cercanías ferroviarias que son unha prioridade en Catalunya. Pero en troques de todo isto por aquí andamos a darlle voltas as baterías pros coches particulares, aos prezos destes e onde se vai facer todo isto. Dispostos a gastar moitos millóns en facer o contrario do que tiñamos que facer. 61

No caso ferroviario mesmo apostamos por unha rede de AVE de novos ricos que ten unha lóxica radial e centrípeta cara Madrid en troques de conformar un anel urbano interno de media velocidade que puxese as nosas principais vilas a media hora de viaxe colectivo unhas de outras⁹⁴. Para deixar de pensar en andar con ou sin baterías pola A9. E o mesmo co transporte marítimo: por vez de artellar un sistema ferroporuario de cabotaxe europeo de media distancia seguimos subordinados a lóxica dos mercados globais transoceánicos. Nin proximidade nos abastecementos nin aforro enerxético. Como si o mundo non estivese cambiando de vez: colapso climático, crecentes custos do transporte e crise da Chimérica do Pacífico. Seguimos así de desnortados.

★

Despois de lembrar a nosa errada decisión de abandonar o transporte colectivo electrificado no pasado, tamén como entregamos os recursos renovables (agua antes, e agora vento) a axentes económicos aliñados co complexo fósil-nuclear, alimentamos sectores depredadores da enerxía (térmicas de lignitos⁹⁵ ou plantas de aluminio) e nos especializamos en orientacións gandeiras consumidoras máis de recursos importados (enerxéticos, concentrados, etc.) que de recursos vexetais propios, ten interese que resumamos a nosa encrucillada enerxética verbo do que se deu en

94 Baamonde (2012: 78) diagnostica con ironía unha “*converxencia afectiva*” de non poucos galegos con Madrid. Mentres Barreiro (2005: 17) asume que “*dedicámonos a vivir como os ricos*”.

95 Caso de Fenosa en Meirama, Rivas (2008: 281-283)

chamar Antropoceno a escala mundial, e que eu mellor denomino Capitaloceno. E facelo cunha radiografía derivada dos datos de Galicia. Pois sabemos, salvo uns cantos zombis negacionistas, que hai xa demasiadas razóns (resiliencia, dependencia, colapso climático, contaminación, etc.) para superar o modelo enerxético actual por medio do que se deu en chamar unha *transición enerxética*.

Sin embargo, sobre esa base, é crucial decidir -xa de entrada- si do que se trata é de consumir moita menos enerxía e, de paso, facelo con fontes renovábeis, ou ben manter -ou mesmo medrar- os consumos actuais pero cun crecemento moi superior das fontes non fósiles. Os que toman esta segunda folia de ruta mesmo chegan a vender a opción nuclear como inevitable para facer viable a transición. É por iso que a cuestión de fondo deste último apartado vai ser esta: ¿en Galicia consumimos moita ou pouca enerxía?, ¿hai algún criterio para dicir si é demasiada?

De acordo cos datos dispoñibles⁹⁶ (INEGA) o consumo de enerxía primaria por habitante en Galicia situábase no ano 2010 en 4,5 tep (toneladas equivalentes de petróleo) o que debemos considerar unha cifra moi elevada, si temos en conta que a media mundial por habitante estaba en 1,5 tep. O triplo. Formamos parte do que eu chamo xinetes do Antropoceno, é dicir, esa parte do mundo que máis empurra cara ao colapso climático. Certo que, con todo, aínda estamos moi lonxe do maior depredador enerxético mundial que é Estados Unidos (8,2 tep, o dobre que nós), pero moi por riba da que xa é hoxe a economía que disputa a hexemonía mundial⁹⁷ (China con 0,9 tep). Co que semella claro que Estados Unidos é dos maiores xinetes do Capitaloceno, mentres China aínda non o é. E convénnos a todos convencer a China de que non se sume a esta tropa.

Como queira que entre 2010 e 2020 en Galicia íamos facendo medrar sen parada ese consumo por habitante, chama a atención que no 2020 o indicador pasase daqueles 4,5 aos 3,8 tep. Paga a pena saber como o conseguimos, pois foi unha redución do 16 % que tivo todo que ver co impacto da pandemia Covid nas nosas economías e nas nosas vidas. Nos nosas economías porque ese foi o nivel de caída do PIB, e nas nosas vidas porque sobre todo ten que ver coa diminución do uso do petróleo e dos carburantes derivados do mesmo. Neste punto débese lembrar que do total de enerxías primarias que consumimos en Galicia só a cuarta parte procede de fontes renovábeis que non importamos (algo no que encaixamos na media mundial, pois o 80% da enerxía primaria que se usa ven dos combustibles fósiles). Aquí o 75% aínda provén dos combustibles fósiles a día de hoxe. Asunto serio.

96 https://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/evolucion_consumo_enerxia_primaria.pdf

97 Tomo estes datos para 2010 da media mundial, de EE.UU. e de China do libro de V. Smil (2021) “*Energía y Civilización. Una historia*” (Arpa, Barcelona, p. 634).

Cos datos do xa citado Balance Enerxético de Galicia (2021) podemos precisar algo máis as razóns de fondo desta bulimia enerxética e de combustible fósiles que nos sitúa no grupo de países xinetes do Antropoceno. E como queira que non son as fontes renovábeis as que nos colocan nesa situación debemos fixarnos nos usos do petróleo e do gas importados para atopar a orixe do problema. Van ser usos distintos da xeración de electricidade pois a día de hoxe neste vector, por fortuna, é maioritaria a súa orixe renovable e autóctona. No caso do petróleo o destino dominante son carburantes para o transporte-maquinaria ou para exportación. E no caso do gas o dominante é para calefacción. Aí temos os eixos chave para deixar de ser xinetes do antropoceno. Compre dicir que son vectores que non dependen tanto do que fagamos cada un, cuanto do que nos animan a facer os xestores dos mercados (empresas de maquinaria e material de transporte ou de sistemas de calefacción). Capitaloceno.

Pois si o transporte, aéreo e sobre todo marítimo, fai as grandes distancias que fai é porque a loxística do capitalismo global así o reclama. Si o transporte pesado se fai no Reino de España por estrada é porque o sector reclama axudas e infraestruturas que non ten o transporte ferroviario. Se as redes de tranvías no se modernizaron senón que se levantaron, foi porque os capitalistas dos autobuses e da demanda do parque automobilístico así o quixeron. E si, nun país que produce electricidade verde ou inxente biomasa forestal que arde nos montes, é máis “económico” ter calefacción con gas importado non será porque os grupos de presión do asunto non estean implicados.

Por non falar de como nun país que conta con recursos de madeira privilexiados, que teñen un moi reducido custe enerxético (3 MJ/kg), resulta que rematamos tendo mega factorías de aluminio cun custe enerxético sesenta veces maior (175 MJ/kg). Puro Capitaloceno galego. Ou cando tiñamos un sistema agrario tradicional cun axeitado retorno enerxético e con elevadas oportunidades de emprego local, pasamos a unha⁹⁸ “*agricultura moderna que está «dopada» por combustibles, fertilizantes, pesticidas e maquinaria agrícola*”. Sendo así que temos tantos tractores como explotacións agrarias e, por riba, cada ano se inscriben uns seiscentos máis⁹⁹. Perdemos o equilibrio dun sistema agrario resiliente e dimos en ir cara un “sistema” que se esnaquiza a si mesmo (peches de explotacións) mentres deteriora o medio ambiente.

É por todo iso que creo que vai ser mellor falar de Capitaloceno en troques de Antropoceno. Porque o lío no que andamos metidos, tamén en Galicia, ten máis que ver coa lóxica do negocio capitalista que coas demandas dos cidadáns. Cidadáns que o que queremos, si pode ser, é movernos e non pasar frío sen contaminar, ou mercar produtos de proximidade a prezos que compensen a quen os produce e sen danar o

98 Smil 2021, op. cit. p. 32-33; López (1990: 75-77)

99 Lamas (2004: 161) anota máis de cen mil tractores nos anos 1980. Agora: [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8089&R=9928\[12\];0\[all\]&C=2\[0\]&F=&S=&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8089&R=9928[12];0[all]&C=2[0]&F=&S=&SCF=)

medio ambiente. E non que a lóxica do asunto sexa sobre todo negocio para os que moven a artillería tecnolóxica ou actúan de intermediarios.

64 De resultas diso e coas nosas catro toneladas equivalentes de petróleo (tep) de consumo medio por habitante non só formamos parte do club dos maiores responsables do cambio climático senón que, por riba, estamos no club facendo os disparates aos que nos animan os feirantes do Capitaloceno. Porque, segundo o ensaio dun dos maiores expertos mundiais en enerxía que veño citando¹⁰⁰, por riba das dúas tep *"non hai unha mellora perceptible da calidade de vida fundamental"*. E o que si hai é moitas formas de consumismo: nas vivendas, no parque automobilístico, na loxística, na alimentación ou nas viaxes aéreas. Asuntos dos que me ocupaba recentemente no meu ensaio *"El despilfarro de las naciones"* (Prada, 2017).

Só baixando nós de 4 a 2 tep (e nos EE.UU. de 8 a 2) poderemos falar en serio con China e cos países emerxentes para que non superen as 2 tep. Para que non imiten o noso camiño torto. Máis para eso temos que desfacer por aquí os camiños do Capitaloceno dos últimos cen anos. A boa nova é que en Galicia podemos facelo, porque contamos coa auga, vento, sol e biomasa para facelo si as priorizamos cara unha demanda interna redimensionada con criterios sociais como aquí se explicou. E, por descontado, sen asumir unha estratexia de hidróxeno verde para exportación.

2.5 Estratexias e conclusións

Á vista da especialización manufactureira que resumíamos páxinas atrás para as economías catalá e galega pode ser útil reflexionar sobre as opcións estratéxicas que naquela nacionalidade se están a seguir para a mellora da súa competitividade, na perspectiva de clarear o que nos podería convir para no caso de Galicia deixarmos de andar tan desnortados.

Sinteticamente a súa folla de ruta viría recollida polo que denominan os seus sete ámbitos industriais estratéxicos en diversos documentos¹⁰¹ e que de seguido anotamos neste recadro.

100 Smil 2021, op. cit. p. 502

101 Poden consultarse aquí http://accio.gencat.cat/cat/binaris/Politica_industrial_sectorial_2014-2020_tcm176-196597.pdf e máis aquí (eiquí) (30).



ÀMBITOS ESTRATÉGICOS EN CATALUÑA

Os dous primeiros teñen un encaixe directo coas especializacións en valor engadido sectorial que vimos de revisar para Galicia (alimentación e bebidas ou industrias químicas, enerxéticas e do refinado) pero nos outros casos semella que a orientación é basicamente transversal¹⁰². Pois sistemas industriais, deseño ou mobilidade poden afectar a moi diversas ramas de manufacturas, e o mesmo sucede (con derivacións a actividades dos servizos) coas industrias da saúde ou as culturais. Ráchase así, nesta estratexia, coa segmentación de sub-actividades tan propia da Contabilidade Nacional que é hoxe posiblemente pouco axeitada para os novos produtos e servizos do século XXI.

Neste eido, ¿que estamos a facer en Galicia?. Na *Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0* (Xunta de Galicia, 2015) (p. 23, ver recadro adxunto) por unha banda defínense¹⁰³ como estratéxicos sectores das manufacturas nos que contamos cunha certa especialización ou con recursos naturais favorecedores (da enerxía, alimentario, forestal, confección, automoción), e, por outra, defínense actividades potencialmente emerxentes na liña dos ámbitos transversais da estratexia catalá (creativas,

102 Ámbitos en troques de *sectores estratéxicos*. Isto semella apenas un matiz pero é unha das propostas do xa citado documento de Vázquez (2016) sobre IDi empresarial: “*apoio decidido ás empresas que ofrecen bens de capital a cadeas de subministro diferentes*” (p. 38). Como alternativa ó dubidoso concepto de “*sector estratéxico*” mellor empresas que traballan na intersección de varias polas de actividade, que están a cabalo de varias cadeas de subministro: empresas que fan autómatas, liñas de produción... bens de equipo en xeral.

103 Aquí: <http://www.igape.es/es/ser-mais-competitivo/asesoramento/item/1103-axenda-da-competitividade-galicia-industria-4-0> ou https://www.xunta.gal/plans-e-actuacions?content=/Portal-Web/Contidos/Actuacions/actuacion_0082.html

saúde, eco industria, novos materiais ou bio tecnoloxía). Penso que sería precisa unha máis explícita hibridación polo miúdo entre os estratéxicos e os emerxentes para consolidar fortalezas con novas oportunidades.

66

Estratéxicos

- Agroalimentación, produtos del mar y acuicultura
- Automoción
- Energías Renovables
- Madera/Forestal
- Naval/Industria marítima
- Piedra Natural
- Textil/Moda

Emergentes y de alto potencial

- Aeronáutico/Aeroespacial
- Industria de la salud y bienestar
- Industrias creativas
- Biotecnología
- Nuevos materiales
- Ecoindustria
- TIC

Fonte: Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 (2015)

Así, por exemplo, definiría *industrias da mobilidade sostible* para integrar –nunha hibridación transversal– automoción, naval, enerxías renovables e eco industria. Ou *industrias agro alimentarias saudables* integrando alimentos agrarios e do mar, con saúde e benestar ou industrias creativas. Estas serían propostas en liña coas que se defendían noutro documento¹⁰⁴ previo, “*Estratexia de especialización intelixente de Galicia, RIS3*” (Xunta de Galicia, 2014), que resumimos tamén de seguido nun Recadro. Ampliándose agora o alimentario ó conxunto dos recursos (aínda así chama a atención a ausencia doutras enerxías renovables) e reiterando o alimentario tanto no reto 1 como no reto 3. Este reto 3, máis aló das derivacións en alimentos saudables e outras manufacturas, remite de xeito moi singular ás actividades non materiais das que falabamos ó comezo da nosa análise. Por exemplo en toda a rede de asistencia ás persoas maiores en relación á ordenación das nosas vilas, cidades e núcleos rurais, ou a asociación dunha renda básica ós activos desocupados que presten servizos á comunidade. En xeral ó que se deu en chamar cuarto eixo do noso Estado de Benestar.

104 Aquí: <http://www.ris3galicia.es/wp-content/uploads/2015/09/ESTRATEGIA-REGIONAL-RIS3-GALICIA.pdf>

Novo modelo de Xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación					Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento			Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación	
Valorización Mar	Acuicultura	Biomasa e Enerxías Marinas	Modernización Sectores Primarios	Turismo TIC	Diversificación Sectores Tractores	Competitividade Sector Industrial	Economía do Coñecemento: TIC e TFEs	Envellecemento Activo	Alimentación e Nutrición

Estratexia de especialización intelixente de Galicia, RIS3
Fonte: op. cit. p. 116, detalles nas p. 79, 94 e 105

Tamén conviría imbricar este deseño estratéxico coa actual realidade dos clusters en Galicia, pois aínda que a súa mera relación (ver recadro) informa de aparentes e numerosas iniciativas (pode que xa excesivas) sería importante cuantificar para cada un o número de empresas, facturación e emprego tal como se fai en Cataluña para os sete ámbitos estratéxicos¹⁰⁴ que alí definen.

Automoción - CEAGA	Sector Naval Galego - ACLUNAGA
Alimentario - CLUSAGA	Bioteecnoloxía - CBG
Acuicultura - CETGA	Alimentación ecolóxica (AEG)
TIC Galicia	Madeira - CMA
Industrias Textiles - COINTEGA	Termal - AITEGAL
Saúde	Xeotermia - ACLUXEGA
Produto gráfico e libro	Loxística e transporte
Granito	Ciencias da vida- BIOGA
Enerxías renovables - CLUERGAL	Audiovisual (CLAG)

CLUSTERS EN GALICIA¹⁰⁵
Fonte: elaboración propia con datos da Consellería de Economía (2015)

105 Aquí: <http://www.igape.es/images/ser-mais-competitivo/MapasActualizacion2015.pdf>
Ver tamén La Caixa (2007: 68 e ss.)

Máis aló do anterior, e aínda non sendo o obxectivo dun ensaio como este, as concretas políticas industriais que abran camiño a esta estratexia deberan encaixar no documento¹⁰⁶ da Comisión Europea (2014) *“Por un renacemento industrial europeo”* e na posta ó día das que fixeramos¹⁰⁷ xa no ano 2007 sobre políticas industriais para Galicia. Só así, cun incremento do tamaño do sector industrial, induciríamos efectos de arrastre positivos en moi diversas actividades do sector servizos e melloraría a solidez dos servizos públicos. Pois, pola contra, unha economía cunha minguante e residual produción material será forzosamente unha economía cunha moi problemática estabilidade do seu emprego, da súa demanda interna e, en suma, do seu benestar social.

Claro que, lonxe diso, o certo é que nas desnortadas décadas recentes rexistrouse en Galicia unha crecente terciarización pero cunha parella perda de peso da produción material (case oito puntos do PIB), facéndonos moito máis dependente dos mercados exteriores. O obxectivo -ao cabo retórico- da Xunta de Galicia sería darlle a volta a esa tendencia e recuperar para a industria máis de seis puntos sobre o PIB.

Certo é que en Galicia, dentro da nosa produción material, compróbase a cualificada presenza de actividades relacionadas cos recursos naturais (enerxéticos, agrarios ou forestais) que non somos quen de transformar en crecente valor das actividades manufactureiras. De xeito que, sen unha base tan sólida como Galicia en recursos materiais, outras economías rexionais españolas (como o País Vasco ou Cataluña) son quen de contar cun vector manufactureiro con un peso maior, entre tres e dez puntos, no seu PIB. E tampouco se observa que sendo Galicia unha potencia determinante do sector forestal español sexa quen de transformar ese potencial no circuíto industrial das manufacturas derivadas. Comprobamos así que non parece que a conversión en valor engadido manufactureiro dos abondosos recursos enerxéticos cos que contamos contribúa a recortar o noso déficit en peso industrial agregado (cousa que só sucede no caso de material de transporte).

E débese reiterar que a lista das actividades nas que temos unha moi deficiente presenza manufactureira no conxunto de España non é pequena: industria química, caucho e plástico e refinados; industria farmacéutica; equipamentos informáticos e electrónicos; equipamento eléctrico; fabricación de maquinaria. Trátase de actividades cun alto compoñente tecnolóxico e de innovación que mentres no seu conxunto para Galicia ascenden a apenas un dous por cento do valor engadido no total da nosa economía, tanto en Cataluña como no País Vasco triplican ese peso. Sendo actividades que contan cunha maior marxe para xerar emprego mellor e ben remunerado. Tampouco debemos esquecer neste asunto que de cada cen euros exportados case

106 Aquí: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2014:0014:FIN:ES:PDF>

107 Páxinas 35-89, aquí: <http://aprada.webs.uvigo.es/pdfs/Globalizacion%20competencia%20deslocalizacion.pdf>

setenta e nove corresponden ás manufacturas, co que son o factor clave do noso comercio exterior¹⁰⁸. Pero tamén debe terse moi en conta que outra boa parte das nosas exportacións de manufacturas teñen como mercado o resto de España¹⁰⁹. Que, en consecuencia, unha prioridade para as nosas manufacturas, de todas pero singularmente para as máis dependentes do mercado interno español, sería mellorar o seu saldo comercial dentro de España (reducindo as cuantiosas importacións).

Tamén convén precisar que son moitas as actividades que presentan unha elevada dependencia exportadora do mercado interno español. En xeral todas as agrarias, forestais e agro alimentarias, incluídas as bebidas e os derivados da madeira (tamén a electricidade). En moitos destes casos ese destino estaría a indicarnos que a ruptura da cadea de valor desas manufacturas galegas (como exportacións de escaso valor engadido) se aproveita por empresas doutras partes de España. Neste caso o obxectivo debiera ser transformar estas exportacións de escaso valor engadido noutras con maior diferenciación e valor. Sendo singularmente desfavorable a situación nos bens de consumo e no grupo de outras actividades onde teríamos que duplicar as empresas exportadoras. Xa que cando nunha actividade non se contan suficientes empresas exportadoras o problema agrávase coa ocupación e cobertura da demanda interna por importacións desas mesmas manufacturas. Nestas coordenadas e para mellorar a competitividade exterior, no que atinxe ao tamaño empresarial, comprobamos que si, por exemplo, igualásemos a estrutura catalá teríamos que duplicar o número de empresas con máis de cincuenta traballadores dedicadas a alimentación en Galicia.

Complementariamente, para mellorar a competitividade das nosas empresas de manufacturas, o número das exportadoras e para diversificar e completar as súas cadeas de valor, é preciso investir na definición de novos produtos e novos procesos que nos permitan entrar en novos mercados. Tendo en conta toda a cadea de valor e de subministros (dende enerxía, materias primas), ós servizos (mantemento post venda ou de financiamento) ou mesmo a reciclaxe de materiais. O problema neste eido é que si avaliamos os gastos en I+D+i das empresas a nosa porcentaxe en España é moi reducido, así como no persoal ocupado. Como queira que os mellores comportamentos relacionados coa innovación concéntranse en empresas que superan o nivel dos cen traballadores, estas empresas deberan ter unha especial consideración tanto nisto como na ampliación dos seus mercados de exportación. Pero mesmo sendo o anterior grave non o é menos que as innovacións realizadas concéntranse na faciana tecnolóxica pero cun defectivo énfase na innovación non tecnolóxica.

108 Cunha apertura total (export + import) fora de España do 41% do PIB, datos para 2018: https://www.ige.gal/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/Resumo_resultados_MIOGAL_2018.html#exportaci%C3%B3ns

109 Entón a apertura sobre o PIB pasa a estar algo por riba do 100 % do PIB [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0307007001&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9606&R=1\[all\]&C=T\[5:0\]&F=2:0&S=998:12&c=0307007001](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0307007001&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9606&R=1[all]&C=T[5:0]&F=2:0&S=998:12&c=0307007001)

As nosas empresas tenden a centrarse nas innovacións incrementais, fundamentalmente de proceso, dedicando actualmente menos atención a aquelas que son quen de rexuenerar a organización ou desenvolver novos modelos de negocio. Débese, xa que logo, priorizar a innovación non tecnolóxica e a transversalidade (hibridación de actividades) que deberan ser especialmente estratéxicas nas empresas que ofrecen bens de capital a diferentes cadeas de subministro.

Para estes obxectivos débese ter en conta que as empresas non financeiras españolas e galegas, e dentro delas as manufacturas exportadoras das que estamos a falar, están sobre endebedadas en relación á media dos países europeos cos que competimos. Se a iso lle engadimos que duplicamos tanto a concentración media bancaria española como a media europea, provócase que os custos financeiros (xunto cos enerxéticos) contribúan para estragar as ganancias en competitividade obtidas por axuste dos custos laborais. Co que corrixir o sobre endebedamento, a concentración bancaria e o oligopolio enerxético axudarían a mellorar unha competitividade industrial non baseada na desvalorización salarial. Tamén axudaría que a necesaria duplicación do IDE recibido (ou do investimento dos nosos grandes investidores no exterior) se polarizase naquelas actividades manufactureiras que coincidan coas prioridades detectadas na análise que vimos de desenvolver¹¹⁰. Pois para igualármolos neste asunto coa media española aínda teríamos que contar con máis empresas filiais de empresas estranxeiras (á marxe das que operan en Galicia con capital do resto de España nomeadamente no sector bancario ou da enerxía).

Para avanzar nesa mellora debemos actuar sobre as nosas debilidades, e potenciar as nosas fortalezas, no relativo aos factores de localización destes investimentos. Factores que son ben coñecidos a escala internacional. No noso caso falamos da xeoposición atlántica na importante eurorexión Galicia-Norte de Portugal¹¹¹, así como as nosas boas condicións potenciais de calidade de vida e de recursos humanos. Para elo as actuais dotacións de solo industrial han de contar con loxística intermodal (nomeadamente ferroportuaria, autoestradas do mar, etc.). Sendo así que as actividades e as prioridades detectadas deberan configurar ámbitos transversais e non só sectores estratéxicos, e sería precisa unha hibridación entre os estratéxicos e os emerxentes para consolidar fortalezas con novas oportunidades.

Así, por exemplo, industrias da mobilidade sostible integraría –nunha hibridación transversal– automoción, naval, enerxías renovables e ecoindustria. Ou industrias agroalimentarias saudables, integrando alimentos agrarios e do mar con saúde e benestar ou industrias creativas. Transversalidade que tamén debera aplicarse á unha política de clústers poida que a día de hoxe excesivamente sectorializada.

110 Para unha análise detallada destes investimentos cara Galicia, López Facal (2007: 101-117)

111 Villares (2023: 12, 20) tamén considera esta unha aposta estratéxica de futuro na parte atlántica da península, ao fío da entrada na UE, fronte as forzas centripetas do resto de España.

Capítulo 03

Bases territoriais e institucionais

71

3.1 Unha nova ordenación do territorio

Argumentarei no que sigue que compre redefinir unha ordenación institucional, administrativa e territorial que leva, no caso do Estatuto de Autonomía, case medio século de camiño ou no caso das administracións locais (concellos e deputacións provinciais), xa mais dun século.

¿É precisa unha posta ó día?, ¿porqué facelo? , ¿como facelo?. Con estas premisas exporei neste apartado argumentos e elementos que me parecen substantivos para avanzar neste asunto. Pois teño para min que o maior problema institucional a enfrontar son as medias tintas, o posibilismo, a chapuza, o conformismo, o inmovilismo, o localismo a rutina e a falla de ambición. Están en xogo asuntos moi importantes –na academia e na bibliografía científica noméanse as veces como integrantes do “capital social” dun país– que segundo se encarrilen nestes comezos do século XXI poden axudar, ou lastrar, en boa medida o desenvolvemento social do país. Seguir ou non desnortados¹¹², seguir ou non sendo un país mingunte.

Con esta motivación e intención primeiro farei unha revisión global e crítica sobre o actual marco xurídico-institucional galego relativo á cuestión obxecto da análise. Sendo así que no que sigue resumirei esquematicamente as distintas estratexias que, por si mesmas ou combinadas, permitirían avanzar nunha xeira federalizante¹¹³ e tamén nunha anovada segunda descentralización despois de téresmos realizado hai máis de corenta anos a reforma Autonómica do Estado.

112 Para Barreiro (2005: 12, 278): “*a falta dun diagnóstico axeitado para orientar os movementos sociais e políticos*” ou “*se deixamos que sexan os ventos os que marquen a singradura*”. Neste contexto paga a pena deixar aquí anotado que o complexo de Cidade da Cultura (https://gl.wikipedia.org/wiki/Cidade_da_Cultura_de_Galicia) é todo un paradigma deste xeito de tirar para diante desnortados, pasando dun custo de 100 a case 500 millóns sen que se teñan clarexado os seus obxectivos e contidos concretos.

113 Ver aquí o apartado 3.5.

Trataríase de artellar un nivel intermedio entre o Goberno Autónomo e o Municipal. Xa sexa dende a perspectiva da planificación do territorio xa sexa dende a directa faciana institucional. Pois a premisa común sería que as actuais demandas e realidades supra-municipais (ben na Galicia urbana, ou na rural) non están a ser axeitadamente resoltas nin polas administracións locais territoriais dese horizonte (deputacións provinciais, concellos e comarcas) nin polas non territoriais (mancomunidades e consorcios sobre todo). Sen dúbida neste eido o documento estratéxico –do que durante décadas de Autonomía careceu¹¹⁴ o país- van ser as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT de 2011). En Galicia pasarán dezaseis anos despois de aprobar unha Lei de Ordenación do Territorio¹¹⁵ mentres que, por exemplo, no país Vasco aprobaron as Directrices apenas sete anos despois de aprobar a Lei de Ordenación¹¹⁶.

É neste marco no que se debera partir dun novo modelo de mobilidade (para as persoas, para os produtos), e onde a posta ó día ferroviaria debe ser unha magnífica “percha” da que colgar unha estratexia urbana e supra-municipal fronte á dispersión neo rural e ó actual minifundismo municipalista¹¹⁷. Pois as Directrices deberan dar cabal cumprimento a esta axeitada definición de ordenación do territorio¹¹⁷: *“expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade co obxectivo dun desenvolvemento equilibrado das rexións”*.

Unha política e estratexia no sentido global de coordinación do compacto urbano, unha estratexia do anel de cidades –e áreas funcionais metropolitanas- que conformaría e vincularía un auténtico anel periférico con unha anovada rede ferroviaria. É así como eu vexo un Mapa (da Cidade Rexión) que se inserta de seguido e no que intencionadamente non se recolle o vector de acceso cara/dende Madrid pola liña AVE Lubián-Ourense-Compostela exclusiva para pasaxeiros¹¹⁸. Deste xeito para unha velocidade media de 200 km./hora, todas as áreas urbanas sinaladas quedarían situadas unhas das outras a tempos medios inferiores ós trinta minutos¹¹⁹ (A

114 Barreiro (2005: 151) constataba como despois de 25 anos de Autonomía aínda estabamos sen que *“a ordenación e organización territorial se enfrontasen en serio”*. Finalmente aprobadas en 2011: https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudios_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html&std=descarga-dot.html

115 Art. 4 e capítulo II da Lei 10/1995 <https://xeg.xunta.gal/es/normativa/ley-101995-del-23-de-noviembre-de-ordenaci%C3%B3n-del-territorio-de-galicia>


116 Ley 4/1990 e Decreto 28/1997 do Goberno Vasco; directrices elaboradas por unha equipa dirixida por Alfonso Vergara (Gobierno Vasco, 2001) que, ademais, foron galardoadas co Premio Europeo de Planificación Rexional polo Consello Europeo de Urbanistas en 1995

117 Carta Europea de Ordenación do Territorio, sexta Asemblea da Conf. Europea de Ministros, 20 maio do 1983

118 Villares (2023: 29) anota que no pasado Compostela non xogara como *“eixe das comunicacións radiais coa capital do Reino”*, algo que coa actual liña AVE a Madrid deixaría, e non necesariamente para ben, de ser así.

119 Baamonde (2021)

Coruña-Compostela, Compostela-Vigo, Vilagarcía-Tui, Pontevedra-Ourense, Vigo-Ourense, Ourense-Lugo, Lugo-A Coruña, etc.).



MAPA DA CIDADE REXIÓN
O ANEL FERROVIARIO METROPOLITANO¹²⁰

Neste anel metropolitano poderíanse encarreirar os tráficos das persoas cara nodos e terminais urbanos, ós que un se achegaría mediante transporte terrestre colectivo ou deixando o automóbil propio en amplos espazos para aparcadoiros¹²¹. Un modelo de mobilidade que, por riba, pode ser alimentado con enerxía propia, limpa e renovable (electricidade verde hidráulica e eólica coa que contamos) fronte ó actual modelo dependente dos combustibles fósiles. Un anel de mobilidade das áreas metropolitanas e urbanas que sería verde (tal como xa sucede hoxe co ferrocarril por exemplo

¹²⁰ Anos máis tarde esta proposta do autor (Galaxia, 2006) retomárase por exemplo aquí (20/09/2023): <https://praza.gal/politica/proposta-de-novo-plan-ferroviario-para-galicia-tren-circular-que-une-cidades-e-conecta-outras-60-estacions>

¹²¹ Radios de acción de 20 km. mínimo. Nestes nodos os intercambiadores entre liñas de alta velocidade, liñas estándar, cercanías, metro, tranvía, ... permiten a un tempo evitar a dispersión metropolitana e a conexión centrípeta, Hall (2007: 40)

na Suecia) e que podería complementarse cunha rede tranviaria urbana tal como no pasado tiveron as de Vigo, Coruña, Ferrol e Pontevedra.

74 Ese semella ser o modelo de mobilidade que está a xerar as novas formas urbanas que Peter Hall rotula como *Rexións Megaurbanas Policéntricas*¹²². E para min ese debora ser o vector de mobilidade rexional que determinase o contido (art. 7.g. Lei 10/1995) das Directrices no que atinxe á “determinación de áreas homoxéneas de carácter supra-municipal, conforme ó seu potencial desenvolvemento e á súa situación socioeconómica”. Sobre esta base e de acordo coa proposta que xa se facía no avance das Directrices de Ordenación de 2004 (p. 53) no anel urbano así definido encaixarían as seguintes Áreas Funcionais prioritarias¹²³:

As áreas funcionais metropolitanas (afm)

Metropolitana Vigo-Pontevedra

Metropolitana de Ourense

Metropolitana de Santiago

Metropolitana de A Coruña-Ferrol

Metropolitana de Lugo

Área urbana de enlace de Lemos

Área urbana de enlace de Arousa

O cualificativo de funcional para as Áreas Metropolitanas faríaaas mais semellantes ó que define a Comisión Europea como *Rexión Urbana Funcional* (CESE 2004: 2-3) no que se inclúe unha metrópole nuclear (ou varias, caso no que sería policéntrica) e a súa área de influencia definida polas relacións de interdependencia que existen entre as unidades territoriais que forman a rexión urbana¹²⁴ (mercado de traballo, desprazamentos domicilio-traballo, redes de transporte, centros comerciais, localizacións produtivas, mercado inmobiliario, parques de ocio, preservación do medio ambiente, etc.).

122 Hall (2007: 31, 38, 45). Nunha escala europea chega a falar do anel de mobilidade Londres-París-Milán-Munich-Hamburgo (p. 34) e en xeral “... *as rexións metropolitanas policéntricas poden englobar a varias cidades florecentes de tamaño medio*” (p. 510); as DOT de 2011 recollen só unha vez esta estratexia policéntrica (determinación 1.2.d.)

123 Que decaeron (Xunta de Galicia, 2004); nunha análise mais recente (EGAP 2007: 28 e 43) radiocéntrica con 28 variables conclúese tamén coa procedencia funcional das áreas Vigo-Pontevedra e Coruña-Ferrol; unha revisión da metodoloxía (radiocéntrica, nuclear, policéntrica, ...) e das aplicacións para España pode verse en Box (2006).

124 O concepto de área funcional reitérase nas DOT de 2011 nas determinacións do bloque 10.1. referidas ao desenvolvemento das mesmas.

Só así se poderían superar¹²⁵ os *"problemas de fragmentación administrativa e de imposibilidade dun goberno do territorio apoiado nos sistemas tradicionais de división municipal"* mediante a delimitación de ámbitos de planificación e xestión que recoñezan tanto as novas dinámicas xa existentes como as estratexias de desenvolvemento social e territorial que se queren impulsar. Pois cando non hai un marco xeral desta caste, e os poderes locais están moi fragmentados, a competencia dende cada óptica particular adoita xerar comportamentos oportunistas para fortalecer as finanzas (urbanismo) ou para atraer certas actividades (solo industrial, tráfico aéreo) localistas. Sendo¹²⁶ así que se *"ten constatado a insuficiencia do planeamento municipal para acometer os grandes temas de estruturación territorial de escala rexional"*.

Na miña opinión é obvio que o sistema territorial dun país non pode estar condicionado por desenvolvementos só cavilados á escala local-municipal. Esta alternativa evitaría dous riscos problemáticos: tanto a contra urbanización ou desurbanización que supón un desenvolvemento difuso, como a cidade dinosauro ou metrópole centrípeta que se serve dun espazo vital no seu contorno. Fronte a esta disxuntiva a alternativa dun Anel de Cidades e de Areas Funcionais Urbanas aproximaríanos ó concepto de Cidade Rexión ou Rexión Policéntrica que evitaría, ó tempo, as dúas problemáticas derivas anteriores. É este tamén o modelo que seguen as premiadas DOT do País Vasco que definen quince Áreas Funcionais (cun Bilbao Metropolitano e un sistema de tres cidades) nunha idea coherente coa de Cidade Rexión que nas súas palabras¹²⁷ é o *"Sistema Polinuclear Vasco de Capitais"*: *"As tres cidades do Sistema Polinuclear Vasco de Capitais deben liderar, conxuntamente, dende o punto de vista económico, cultural e especificamente urbano o conxunto do Territorio da Comunidade Autónoma"*.

En calquera caso, esta segunda opción penso que é a única que encaixa coas dinámicas sociais actuais en Galicia, coa escala que reclaman as novas infraestruturas de comunicacións en curso de execución e, mesmo, coas eventuais simplificacións administrativas que puideran producirse a medio prazo no mapa das administracións locais do país. E, por riba, é a única que permite integrar funcionalmente A Coruña con Ferrol, así como Vigo e Pontevedra¹²⁸.

Feito o anterior, unha vía complementaria e subseguinte sería a dos *Planos Territoriais Integrados*¹²⁹ como desenvolvemento das DOT (art. 12 e capítulo III da Lei

125 Vergara, A. e de las Rivas, J.L., 2004

126 Gobierno Vasco, 2001; explicitamente *"superar as limitacións do planeamento estritamente municipal"*

127 Preámbulo do xa citado Decreto 28/1997 e Gobierno Vasco 2001; DOT País Vasco (200: 77); Vergara, A. e de las Rivas, J.L., (2004: 207)

128 A determinación 1.3.1.a das Directrices aprobadas en Galicia en 2011 recolle este sistema de grandes cidades pero refire só xenéricos obxectivos de *"procesos de cambio e modernización"*.

129 Só neste caso anotan as citadas DOT de 2011 unha infrecuente referencia (de apenas tres) ao ámbito metropolitano (Determinación 1.3.2.)

10/1995). Neste caso a proposta sería desenvolver, prioritariamente para as áreas funcionais definidas, a “organización de áreas xeográficas supra-municipais”. Sería esa a prioridade das relacións funcionais para asuntos tan específicos como: solo industrial, servizos de común utilización por varios concellos, soporte de grandes infraestruturas, criterios de referencia para co-ordenación urbanística, etc.

Como consecuencia do anterior resumirei de seguido, despois de revisar DOT doutras rexións españolas, as que na miña opinión poderían ser as principais funcións e directrices sectoriais. Así en mobilidade e transporte: redes viarias, redes ferroviarias, sistema portuario e aéreo, sistemas de transporte público, combinado e loxística, impacto ambiental das infraestruturas. En servizos básicos: abastecemento de augas, depuración de augas, xestión de residuos, protección civil, enerxía e fomento das renovables, telecomunicacións, mapa educativo e sanitario. Nos aspectos territoriais e urbanísticos: a identidade territorial e ambiental, areas residenciais e urbano continuo, centros loxísticos e solo industrial, superficies comerciais e para o ocio, solos non urbanizables, rurais e agrarios; os montes, a compactación do disperso, os espazos protexidos, corredores verdes e o litoral¹³⁰. Unha estratexia semellante á iniciativa francesa da Lei de 1999 (Comunidades Urbanas) aplicable a municipios que suman máis de 500.000 habitantes –cun concello central de 50.000- para reforzar a cooperación inter-municipal en: desenvolvemento económico, ordenación do territorio, xestión de servizos (auga, cemiterios), medio natural, calidade de vida, vivenda social, transporte urbano.

★

En ausencia do que precede, e cando nas nosas cidades se elaboran e aproban plans xerais de ordenación municipal, adoita afirmarse que a aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia non entra a valorar o “modelo de cidade”; porque se entende que este sería un ámbito de competencia exclusiva do concello que o aprobou democraticamente. De xeito moi singular, adoitan incluírse nesta autonomía as estimacións de crecemento demográfico e demanda residencial e, en consecuencia, as de oferta de solo e edificabilidade. Persoalmente dubido moito que tal asunto poida ser analizado racionalmente polos concellos das nosas cidades. E de ser así, sería moi necesario que o Goberno galego tomase medidas ao respecto, porque todos coñecemos concellos (Ponteareas, Porriño, Teo, Culleredo,...) cun crecemento demográfico espectacular á sombra do emprego que se xera no núcleo urbano do que son coroa.

Os técnicos na materia aplican a isto a palabra e concepto anglosaxón de *commuting*: a porcentaxe de veciños destes concellos que se desprazan diariamente á cidade de traballo. Son concellos que manteñen relacións funcionais co seu nú-

130 Sería o Bloque 4 das determinacións das Directrices aprobadas en Galicia en 2011 (que ocupan once páxinas), aínda que só se adican un par de páxinas ao Bloque 5 sobre equipamentos supramunicipais. Sintomático e preocupante.

cleo urbano, que xeran a súa oferta residencial, que demandan infraestruturas de comunicación,... e que deben ser considerados como elementos da conurbación urbana para os efectos da planificación do plan xeral do núcleo e do seu propio plan. Con datos do Censo de Poboación un estudo realizado na Universidade Autónoma de Barcelona e aplicando un criterio idéntico (de *commuting*) en toda España, determináronse estas áreas metropolitanas en Galicia: vinte e oito concellos cara a Vigo (cos que pasamos de 280.000 a 550.000 habitantes), na Coruña trinta e dous concellos (cos que pasamos de 236.000 no núcleo a 485.000 na conurbación), en Compostela dezanove (de 90.000 a 204.000), co que a bo seguro sucede que os plans xerais destes núcleos urbanos apenas se ocupan da metade do seu modelo real de cidade.

Poidese ser que por estes motivos o Goberno Vasco, a través das súas Directrices de Ordenación do Territorio, obrigase desde 1997 a compatibilizar as normas urbanísticas de dezaioito concellos da Área Funcional de Bilbao. Pois estamos diante dun claro exemplo da imposibilidade de deixar o modelo de cidade en mans de cada concello afectado. E tamén de como as necesidades do conxunto (en vivenda ou solo industrial) non poden ser o resultado daquelas que se definen pola suma dunhas partes que as calculan con absoluta independencia do resto. Sendo así que aqueles que se atrincheiran detrás da autonomía municipal para definir o seu modelo de cidade sen interferencias externas van ser miopes para estas realidades metropolitanas.

Complementariamente ao que precede considero que calquera posta ó día en profundidade do marco institucional supra-municipal en Galicia deba actuar en tres ámbitos: o Estatuto de Autonomía, a Lei de Administración Local e máis as eventuais Leis de creación das Áreas Metropolitanas e Urbanas. Todo isto a pesares de que a Xunta de Galicia presentara no 2005 un proxecto de Lei, e que –de non modificarse o marco estatutario- esta Lei Local (a vixente ou unha nova) marca as lindes inevitables de calquera iniciativa no ámbito supra-municipal. Pois partimos aquí da base de que precisamos novas estruturas de goberno para a nosa Cidade Rexión, para aquel anel de áreas metropolitanas e urbanas que –como fenómeno socioeconómico emerxente que é- non pode xestionarse en absoluto cun marco institucional e político do pasado¹³¹. Vaíamos daquela por partes.

Sabido é que o actual Estatuto de Autonomía consolidou a administración territorial supra-municipal provincial (as Deputacións) e máis o ámbito provincial como ámbito institucional de referencia; por exemplo como circunscrición para o Parlamento de Galicia no seu art. 11.4. Transferiuse así ó ordenamento autonómico unha lóxica centrípeta-estatal (Gobernadores Cívís, Deputados provinciais, ...) en troques de axustala a un Estado Autonómico de horizonte federal onde a Autonomía fose circunscrición electoral única (non vexo outra vía para o Senado Español como Cámara territorial do

131 Vergara, A. e de las Rivas, J.L., (2004: 206); as DOT de Galicia do ano 2011 refírense as Deputacións ao menos unha vez (determinación 10.2.7.e)

século XXI) e non as provincias decimonónicas (para a Xunta ou o Goberno Central) nin os partidos xudiciais (para as Deputacións). Claro que mentres estes asuntos non se enfronten nunha reforma Federal da Constitución debemos centrarnos nas marxes existentes para facer emerxer outras Administracións Supramunicipais.

Nesta encrucillada caben ó menos dúas posibilidades: ben a inmediata creación de Comisións Territoriais Metropolitanas dentro das Deputacións ou ben a progresiva creación por Lei das Áreas Metropolitanas (AM) nos sistemas das grandes cidades e das Directrices de Ordenación do Territorio¹³². Por calquera das dúas vías as AM rematarían asumindo boa parte das funcións das Deputacións Provinciais no seu ámbito, mais as provincias manteríanse porque daquela as Deputacións Provinciais seguirían a ter as competencias directas sobre os municipios non comprendidos no espacio metropolitano¹³³. Esta simplificación/separación evitaría unha reduplicación.

O anterior (unha auténtica “segunda descentralización” pendente en España) supón borrar progresivamente as provincias e as Deputacións¹³⁴, pero non é menos certo que se atoparía con resistencias do goberno autónomo polas súas implicacións en termos de gasto público. De xeito que podemos resumir, despois do que levamos visto, que en xeral as AM enfróntanse a dous temores. O dos municipios da periferia da grande urbe central polo medo a converterse en simple espacio vital desta. E máis o do goberno rexional ou federado, cando ás AM poden chegar a ter moito peso verbo da poboación rexional global¹³⁵. Pois poden chegar a xerar entidades políticas de enorme poder (en poboación, en PIB), e que se vexa daquela o seu xurdimento como un competidor institucional potencial.

Non podo rematar esta parte da análise sen explicitar que existe unha vía complementaria tanto verbo desta iniciativa institucional como daquelas propostas de ordenación territorial que defendíamos como primeira opción: a fusión de concellos. Estratexia a considerar tanto en áreas en declive demográfico como en áreas de expansión por mancha de aceite do urbano compacto das cidades. Serían casos nos que a Xunta de Galicia pode, en principio, tomar a iniciativa (LALGA 5/1997, art. 20) e

132 A Ley 7/1985 de Régimen Local asigna a súa creación ás CC.AA. (EGAP 2006: 167); así fai en Galicia a Lei 5/1997 nos arts. 120-134 que tratan sobre as Áreas Metropolitanas. Temos comentado esta vía noutro documento (Prada, 2006) polo miúdo. Non se consideran aquí nin as Mancomunidades (art. 135 e ss. da LALGA), nin os Consorcios (art. 149 e ss. da LALGA)

133 Enfoque que tomamos de Carro (2006: 186); non debe esquecerse que a día de hoxe os Deputados Provinciais asignanse por Xuntas Electorais que coinciden cos partidos xudiciais (BO Pontevedra do 16.4.2007 serían Vigo, Tui, Pontearreas, Pontevedra, Lalin, A Estrada, Cambados) e non por comarcas ou áreas metropolitanas. Xa Peña Novo no ano 1918 propuxera a supresión das Deputacións, Barreiro (2005: 214)

134 Da supresión das Deputacións e das delegacións provinciais do Goberno xa se ocupaba Martínez (1991: 102), cito por Fernández, X.; Baamonde, A.; Martínez, R. e Iglesias, B. (1991); Beiras (2016: 96) remite tamén nisto ao ancoraxe centralista das provincias.

135 Madrid vai a ser a grande excepción no panorama metropolitano español: pois o seu éxito socioeconómico descansa en boa medida na doada superposición institucional da Comunidade co nivel provincial que levou consigo a supresión da Deputación (EGAP 2006: 170)

para os que existen precedentes nesta dirección no ámbito da OCDE. Se tivéssemos que citar unha experiencia de suceso moi singular nesta dirección esta sería a de Toronto. Terían realizado alí un exemplar proceso de transformación administrativa e política, pois os denantes sete municipios independentes que configuraban ese territorio se terían unificado para formar unha nova cidade metropolitana cun único Alcalde e un Concello común, nun proceso singular e democrático de fusión de municipios¹³⁶. Tanto en Bélxica, Suecia, Xapón, Dinamarca ou o Reino Unido o número final de administracións locais quedaría así reducido entre un 20 e 30 por cento das iniciais¹³⁷.

Nesta orde de cousas compre lembrar que a poboación media por municipio en Galicia está hoxe situada en menos dos nove mil habitantes, e que o noso minifundismo medio -relativo ós casos de Suecia ou Dinamarca- cifraríase en que neses países o tamaño medio acada entre trinta mil ou vinte mil habitantes respectivamente. Para acercarnos a esas rateos en Galicia habería que pasar a contar só con 87 ou 140 concellos (respectivamente) dende os actuais máis de trescentos¹³⁸.

★

Esta é na miña opinión a encrucillada e o reto actual: superar un modelo decimonónico (concello, Deputación), segmentado, asimétrico, minifundista, descoordinado piramidal, agonizante nuns casos e conxestionado noutros, que sempre define unha relación bilateral e clientelar coas outras administracións públicas (Deputación, Xunta, Estado). A alternativa neste século XXI no que xa andamos debera estar clara: un modelo de ordenación e planificación territorial que sexa liderado por un sistema rexional de áreas metropolitanas e urbanas (que poderían ser froito –de entrada– da fusión e modificación do actual mapa comarcal) que sexa referencia operativa obrigada para todas as administracións públicas na territorialización das súas políticas¹³⁹. Políticas que deberan estar ó servizo dos seus respectivos plans de desenvolvemento ou dos seus planos territoriais integrados.

136 Vergara, A. e de las Rivas, J.L., (2004: 206)

137 Soo-Jin (2006: 91)

138 Revisaba unha simulación para 160 concellos aquí:
<https://temposdixital.gal/outros/concello-galegos-menos-son-mais/>

139 Aplicaba esta perspectiva nunha análise do valioso ensaio de Antón Bamonde (2021) “Unha nova Olanda”, Galaxia, Vigo. Pode lerse aquí: <https://temposdixital.gal/cultura/pais-sen-cidades-cidades-sen-pais/>; pola súa parte Barreiro (2005: 215 e ss.) relata os obstáculos e desvirtualización da comarcalización por parte do Partido Popular.

3.2 Economía da dispersión

80 A diversidade de funcións e actividades é o que caracteriza a cidade tradicional¹⁴⁰: “o contacto, a regulación, o intercambio, a comunicación entre persoas, actividades e institucións diferentes, que, como é sabido, constitúe a esencia da cidade”. Daquela as notas da configuración do urbano fronte ao rural serían: compacta, densa, cunha certa continuidade formal, multifuncional e diversa, á medida do transporte público e cun alto capital social.

Xa de entrada topamos cun indicador da nosa cativa trama urbana, pois se como índice de capital social tomásemos a recadación¹⁴¹ de certos espectáculos (cine, artes escénicas) Galicia anda no catro por cento do total español nuns e no un e medio noutros, mentres a nosa poboación sobre o total español andaba no seis por cento. Acompañando a este cativo desenvolvemento entre nós do modelo urbano-compacto, víñamos no pasado dunha distribución do hábitat no rural tradicional que¹⁴² “organizaba o espazo do arredor como un mosaico de campos de cultivo, sebes, marxes, pastos, fragmentos de bosques, seguindo unha organización do campo máis ou menos vencellada ás concas de recepción”. Unha organización labrega e mariñeira que en Galicia adoptara diferentes solucións nunha etapa de aínda moita menor concentración da poboación no litoral.

Nun mapa que resumía aquela distribución a mediados do século XX (Bohquier, 2001), e que pode considerarse elaborado no derradeiro momento no que o sistema agrario tradicional galego estaba plenamente activo -aínda que funcionalmente xa dependese en boa medida dos contados espazos cidadáns e vilegos do país-, moi esquematicamente resumidos habería que considerar tres grandes estruturas das células de poboamento. As aldeas e vilas de *estructura compacta*, localidades de barriadas ou aldeas reunidas arredor da igrexa parroquial: ocupaban a maior parte da superficie do país dende a montaña ata a Costa da Morte. As aldeas elementais de orde frouxa e aldeas de *núcleos múltiples*: a súa zona de distribución na Galicia setentrional dende o litoral de Lugo ata o inicio da Costa da Morte. As *aldeas nebulosas*, de estrutura despregada, en regueiro ou globulosas non compactas: neste caso a delimitación sitúanos no conxunto das Rías Baixas e da súa prolongación e influencia cara ao interior.

O lector intuirá doadamente que a concentración da poboación e da actividade económica non agraria vai atopar no último medio século, sen solución de transición e sen planos de ordenamento, un substrato tradicional (nas de núcleos múltiples nun caso, e nas aldeas nebulosas —moito máis— noutro) para unha metástase do que eu

140 Muñiz *et al.* 2006: 5; Rueda 2002: 3, 9; Innerarity 2006: 108; Estévez 2007.

141 Datos de CES 2006; sobre o capital social ver a miña análise do ensaio “Palacios del pueblo” (2021), https://www.infolibre.es/cultura/los-diblos-azules/si-seguimos-divididos-pereceremos_1_1322237.html

142 Rueda 2002: 21

considero grave problema actual da dispersión. Pois si ben esas formas tiñan a súa funcionalidade no complexo agrario, van ser replicadas ad infinitum nunha particular mutación do poboamento disperso, por causas que a continuación revisaremos como locomotoras da nova dispersión.

Unha dispersión que está vencellada de xeito decisivo á irrupción xeneralizada do automóbil privado, sendo así que non debiera estrañar que xa nun libro editado en 1915 nos Estados Unidos se comezase a falar do que dende entón se coñeceu como modelo do urban sprawl, do urbano disperso¹⁴³. Paseniñamente vai ser a partir dos anos 60 do século XX que a lóxica non agraria e peri urbana se apropie —sen o control que impuñan as necesidades do complexo agrario tradicional— do sistema nebuloso e do de núcleos múltiples para derivar en edificación indiscriminada; onde todas as leiras e montes se metamorfosean en parcelas urbanizables.

Podemos avaliar tentativamente a faciana que presenta na actualidade este proceso pola porcentaxe de poboación —diseminada— que reside no municipio en agrupamentos que non chegan ás dez vivendas ou veciños¹⁴⁴. Con dúas notas previas: nas sete cidades (e en vilas de grande tamaño poboacional e pequena superficie) este indicador non é relevante nin preciso, a segunda nota vai ser que deixamos fóra a dispersión de primeiro nivel que supón que Galicia conte coa metade dos núcleos-entidades de poboación (con máis de dez veciños) que recolle o INE nos Censos de Poboación de España¹⁴⁵. Volveremos sobre isto. Daquela a diseminación con ese indicador será extrema si afecta a máis do 50 % da poboación, moi alta si afecta ao 25 a 50, alta si está entre o 16 e o 25, e por baixo da media si é inferior ao 16 %. Téñase en conta que a media galega deste indicador (16 por cento) supera máis do triplo a media española (4 por cento) polo que o mapa viría sinalizar a especial intensidade dun fenómeno que é xeneralizado entre nós, mais con matices.

Tíñamos en primeiro lugar a dispersión máis difusa, a das aldeas nebulosas, de estrutura despregada e non compacta, que abranguía o conxunto das Rías Baixas coa súa prolongación e influencia cara ao interior, nomeadamente de Lugo. Décadas máis tarde, esa parte do país intensificou a súa caracterización de poboación diseminada. Se especificamos un caso extremo deste grupo¹⁴⁶, como o de Abadín, a súa situación é tal que dos seus 3.326 habitantes tiña o 87 por cento cun diseminado extremo en 179 entidades de menos de 10 vivendas; o resto vivía en 6 pequenos

143 O libro é da autoría de Patrick Geddes, *Cities in Evolution*, referencia que tomo de Vergara e de las Rivas (2004: 195), tal explosión do disperso fai que Innerarity (2006: 105) sosteña que o proxecto norteamericano “*ten dende os seus comezos trazos antiurbanos*”; o citado autor (pp. 110-114) realiza unha crítica do tal modelo de “*urban sprawl*”. Datos da explosión do parque automobilístico dábanse no epígrafe 2.4.

144 Elaboración propia sobre datos de www.anuariosoc.lacaixa

145 Lamas (2004: 80 e 96)

146 Elaboración propia sobre www.ine.es, Nomenclátor

núcleos (con só un de máis de cen residentes; dous entre cincuenta e cen; tres de menos de cincuenta e máis de dez).

82 O segundo tipo de hábitat en intensidade de ocupación difusa era o das aldeas elementais de orde débil ou de núcleos múltiples. Ocupaba este segundo tipo, no pasado recente que analizara Bohuier, toda a Galicia setentrional dende o litoral de Lugo ata o comezo da Costa da Morte. Podemos observar como tamén se axusta á situación do que hoxe está máis intensamente diseminado, que se espallou cara ao sur —todo Lugo— e mesmo conectou coa área de aldeas nebulosas a través de Silleda, no nordeste de Pontevedra.

Soamente escapan a eses dous xeitos de intensa dispersión o que Bohuier chamaba aldeas ou pobos de natureza compacta, con barriadas ou aldeas agrupadas a carón da igrexa parroquial. Nos anos 1960 ocupaban a maior parte da superficie do país dende a montaña ata a Costa da Morte. Pero na actualidade a súa presenza diminuíu, recluíndose en dúas zonas: a Costa da Morte e boa parte de Ourense. Dúas áreas, sintomaticamente, afectadas por graves problemas de envellecemento, falta de remprazo xeracional e regresión demográfica.

A conclusión provisoria debera ser que durante as últimas décadas as áreas demográficamente máis dinámicas de Galicia replicaron e potenciaron ata niveis extremos o hábitat nebuloso e máis fragmentado; e deron as costas ao outro modelo, o de localidades de estrutura máis compacta ou con núcleos múltiples. E se, daquela, eses tres modelos coexistían e adaptábanse a unha estrutura da vida —e da mobilidade— dunha Galicia rural e agraria, a día de hoxe a metástase do disperso xa non obedecerá a esa lóxica. Todo o contrario, vai ser o automóbil e mais a especulación no mercado inmobiliario dous dos seus determinantes decisivos¹⁴⁷. O que —con modernas infraestruturas de acceso por estrada— converterá a todos os municipios das Rías Baixas e da Mariña luguesa en territorios de máximo descontrol potencial da dispersión.

Para relativizar aínda máis o mapa do diseminado que vimos de comentar, paga a pena descender ao nivel parroquial no caso dun concello urbano como Vigo. Segundo a base de datos de La Caixa, se a media para Galicia era do 16 por cento, Vigo, cun 0,2 por cento, tería un moi baixo poboamento diseminado. Agora ben, nesta densidade de poboación media do concello, a situación é moi desigual. Podémolo comprobar¹⁴⁸ na distribución parroquial pois hai casos claros de asentamentos moi dispersos (Zamáns, Beade) e outros (Lavadores, Castrelos) máis compactados. Esta situación na que se rexistra tamén unha elevada edificación dispersa nas nosas áreas urbanas (fronte ao poboamento continuo ou á cidade compacta) recóllea con claridade a

147 Baamonde (2012: 65)

148 Elaboración propia con datos de <http://www.crtvg.es/concellos/entrada.htm>

distribución das superficies artificiais-urbanas-edificadas que o *Instituto Geográfico Nacional* analiza para dar conta dos cambios da ocupación do solo en España¹⁴⁹. Nesta fonte a poboación urbana que reside en edificacións dispersas en Galicia supera de lonxe a media española (a total e a das maiores áreas metropolitanas) e faino mesmo verbo do que sucede no País Vasco ou en Asturias. Só Cantabria se aproximaría á nosa situación. Neste escenario simplificado que acabamos de presentar irá aboiaando de xeito espontáneo, e sen suxeición a ningún plan durante as últimas décadas, o que se deu en chamar cidade dispersa ou difusa nas conurbacións e concellos de influencia das sete cidades galegas.

Chegados a este punto da argumentación, fronte ao concepto de cidade compacta con que abriamos este apartado, citarei dun traballo¹⁵⁰ de revisión da investigación sobre as causas e efectos da dispersión urbana ou cidade difusa a seguinte definición: *“podemos definir la dispersión urbana como un modelo de expansión caracterizado por al menos una de las siguientes pautas: a) una densidad de población decreciente acompañada de un mayor consumo de suelo; b) un peso creciente de las zonas periféricas respecto a las centrales; c) un mayor aislamiento (falta de proximidad) entre cada una de las partes de la ciudad; d) una menor concentración de la población en un número limitado de zonas densas y compactas; e) una creciente fragmentación¹⁵¹ del territorio”*. Para a presente argumentación gustárame propor unha síntese aínda maior na definición, segundo a cal a dispersión ou cidade difusa consistiría nun proceso de expansión en mancha de aceite¹⁵² (cunha densidade, tanto de vivendas como de poboación, decrecente) mais unha segregación funcional do espazo (residencias, industria, comercio, ocio, deporte, etc.), a medida que nos afastamos do centro urbano.

Entre os determinantes que terían impulsado entre nós este proceso sinalarei, para o caso do uso residencial, as que enumero a continuación. Causas que adoitan combinarse de múltiples formas para así amplificar o resultado que vimos de diagnosticar: a oferta e prezos do solo urbanizable cunha mínima accesibilidade, a chegada dos fogares á posesión dun primeiro e dun segundo automóbil, o abaratamento en termos reais (renda/prezos) dos combustibles, a compra cos aforros (internos e das remesas/retornos migratorios) dunha segunda vivenda, máis o efecto euro como

149 Ministerio de Fomento (2006: 102, 146, 366, 300, 268, 410)

150 Muñiz et al. 2006: 5.

151 Isto afecta fundamentalmente a outros usos distintos do residencial, pois na dispersión urbana atopamos *“infinitude de actividades dispersas no solo non urbano coma se fose unha perdigonada con milleiros de impactos: cemiterios de coches, campos de roulottes, circuítos de carreiras, gasolineiras, parques de atraccións, aeroportos, campos de golf, prisións, complexos hoteleiros, depuradoras, vertedoiros, superficies comerciais, centros loxísticos...”* Rueda (2002: 23).

152 Utiliza esta expresión tamén Alves Costa na páxina 100 de Baamonde *et al.* (2006). Pola súa banda Alonso (2006: 58), noutro contexto, anota dúas forzas centrífugas determinantes (custos do solo e da mobilidade).

alternativa de investimento¹⁵³, a procura de rendas do negocio turístico non regrado, a demanda dun espazo de residencia e de ocio alternativo á conxestión urbana e ao compacto especulativo, a crecente oferta de emprego e solo industrial en espazos periurbanos, o uso xa residual das terras como agrarias ou forestais ou a ausencia de políticas de ordenación territorial tanto a grande como a pequena escala¹⁵⁴.

Claro que, como xa adiantamos, se houbera que pór en primeiro plano un factor crítico para o conxunto do proceso, este sería o acceso masivo ao automóbil¹⁵⁵. De feito é ben sabido¹⁵⁶ que *"a peza chave de calquera plan, a que determina, sen dúbida, a configuración final do territorio, é o modelo de mobilidade escollido"*. E neste aspecto convén salientar que mentres o ferrocarril é xerador de nós, o automóbil favorece a ocupación masiva do territorio. De feito o *disperso tradicional* descansaba na tracción animal para o transporte, mentres á *cidade difusa* vaise asentar no transporte privado motorizado. Provócase así cidade difusa nas áreas urbanas mais metástase de diseminados nos espazos rurais¹⁵⁷: *"o inicio da lenta crise da estrutura dos asentamentos tradicionais coa que emerxen na paisaxe novas edificacións que ignoran a lóxica de crecemento dos núcleos rurais, atraídos pola accesibilidade que trae consigo o novo trazado viario"*.

Nesta automobilización da edificación (no difuso urbano e no diseminado rural) xogaran sucesiva e acumulativamente as ondas migratorias cara a centro Europa no reinvestimento dos seus aforros, a expulsión de residentes dende o compacto urbano e o acceso masivo a segundas vivendas para ocio-inversión¹⁵⁸. Unha primeira proba deste impulso da dispersión en Galicia teríamola na rateo de vivendas que non dispoñen de automóbil (que son menos en Galicia que na media española) e na correspondente ás vivendas que teñen máis dun automóbil (que é claramente superior en Galicia). Unha motorización que, á súa vez, garda unha relación inversa co

153 Muñiz *et al.* (2006: 10); sobre emigración Lamas (2004: 57); a resultas disto en 2021 había en Galicia medio millón de vivendas baleiras segundo o INE: <https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=59531>

154 Martínez (2006: 204), plans directores territoriais, plans xerais ou directrices supramunicipais. No mesmo libro, Alves Costa (p. 112) sostén que os arquitectos e outros profesionais *"demitiran desenhar territorio"*.

155 Artefacto que transfire un modelo de mobilidade dende os Estados Unidos levando *"para outras realidades un modelo de desenvolvemento que não ten nada que a ver con esta realidade"*, Alves Costa na p. 128 de Baamonde *et al.* (2006). Non será por acaso que os estudos seminais sobre dispersión se producisen nos Estados Unidos, como deixamos anotado máis atrás.

156 Rueda (2001: 31)

157 Martínez (2006: 202); estudoso que combina este factor co acceso masivo dos emigrados ao automóbil no que denomina *arquitectura do desarraigo* da casa illada *"lonxe da aldea e do rueiro, dos cales se afasta sen recato [...] rexeitamento da linguaxe da arquitectura popular, rexeitamento das formas de asentamento como a aldea e o rueiro, a estigmatización do aldeanismo"*, Martínez (2006: 203); tamén comparte esta liña argumental López (2001: 41); cita explicitamente o automóbil e a súa estratexia de accesibilidades Souto (2001: 64).

158 Téñase en conta que o automóbil foi o primeiro signo emblemático do éxito migratorio, especialmente na xeira cara a centro Europa a partir dos anos 60. Os datos de parque automobilístico tomáronse de Movilia (Fomento 2000).

tamaño municipal, pois nos concellos de menos de dez mil habitantes é moi superior a porcentaxe de fogares que teñen máis dun automóbil á dos concellos maiores; e ao revés, é menor a porcentaxe de vivendas nas que non se dispón de automóbil. Galicia adoptaría as bases de motorización dun modelo difuso que se faría máis acusado canto menor é o tamaño do concello. Así, nun con alta taxa de diseminado como Tomiño, habería 49 automóviles por quilómetro cadrado, mentres que nun máis pequeno pero con baixa taxa de diseminado, como O Bolo, contaríamos apenas 7 automóviles por quilómetro cadrado.

A outra cara da moeda vai ser a menor presenza do transporte público e colectivo nos espazos onde domine o modelo difuso baseado no automóbil. Tamén nisto, fronte a un 60 por cento dos fogares en España que teñen acceso a ese servizo, a pé e en menos dunha hora, en Galicia a porcentaxe cae ao 31 por cento, pechando sintomaticamente o círculo argumental¹⁵⁹. Un factor que estimulou esta motorización masiva foi o abaratamento en termos reais dos prezos dos carburantes (gasolinas, gasóleo...) posterior á crise dos anos setenta, un proceso de abaratamento que só moi recentemente se ten interrompido¹⁶⁰. E debe dicirse que, en paralelo, as rendas dos fogares en unidades monetarias constantes si tería aumentado progresivamente, co que, daquela, encher o depósito foise convertendo paseniñamente en máis barato en termos reais nas décadas do bum da dispersión. O que tamén explicaría o progresivo aumento da cilindrada e da potencia do parque automobilístico (non só do seu número).

Tal modelo de mobilidade e accesibilidade posibilitou unha forte expansión da demanda de espazos residenciais como investimentos en segundas residencias, fosen opción para ocio, obtención de rendas turísticas ou para un moi rendible desinvestimento posterior. Proceso que, cun espectacular encarecemento especulativo dos prezos na cidade compacta (agora acelerado coa chamada xentrificación turística), empurraría non só cara a unha litoralización da poboación senón tamén cara a unha dispersión nas áreas metropolitanas fóra do concello-núcleo¹⁶¹. Aínda que convén matizar que tal proceso de litoralización non é entre nós superior ao que xa teñen en Cataluña (onde no 30 por cento do territorio reside o 95 por cento da poboación, mentres que no noso caso é do 75 por cento).

159 Círculo vicioso da dispersión sobre a mobilidade en transporte público. Así, para o caso de Madrid mentres no centro urbano o 70 por cento dos viaxeiros diarios utilizaba o transporte público no conxunto da comunidade só o facía o 25 por cento (Monzón, 2007).

160 Pódese ver unha clarificadora gráfica en Lomborg (2003: 191). Un proceso que volveu a activarse no ano 2022.

161 Para o caso de Madrid, ver Monzón (2007); en xeral Hall (2007: 501); para nós *La Voz de Galicia* (3-I-2007) titulaba: *“El precio de los pisos dispara la fuga de vigueses a otros municipios”, “Vigo pierde población, mientras toda su área de influencia sigue creciendo”*.

Tal proceso tense cualificado tamén como fuxida das clases medias cara ao campo en asentamentos neo rurais¹⁶². Unha particular metástase entre nós do “*tradicional soño americano de lograr para cada familia unha parcela de terreo ampla onde situar unha vivenda unifamiliar illada [...] cada familia precisa de varios coches [...] a construción de autoestradas urbanas, o baixo prezo dos coches e da gasolina terían incentivado ese xeito de vivir*”. Así un indicador da intensidade de segundas vivendas (na dispersión da cidade compacta e na litoralización) teríámolo tamén no stock das baleiras que son, á súa vez, as que adoitan cualificarse como de potencial uso turístico nas análises para ese sector no conxunto de España. Pois ben, tamén neste indicador destacamos claramente con case trescentas mil as que hai que engadir outras tantas segundas residencias¹⁶³.

Para inducir este bum edificatorio no que atinxe ao factor solo (abundante, barato, accesible en automóbil particular) vai ser determinante tamén a non separación real e rixida entre usos agrarios activos e usos urbanos. Porque coa automobilización toda superficie rural pode chegar a ser —e leis e planos se aprobarán— solo urbanizable. Convértese o solo forestal e agrícola en solo urbano¹⁶⁴: “*pois son moitas as familias que pensan que a súa vai ser a derradeira xeración que poderá vivir da agricultura*”. Unha encrucillada que leva á aparición do absentismo (no forestal), ao uso como vertedoiro, ou aos lumes no inculto como forma de limpeza barata, ao que se engade o abandono agro-forestal para usos inmobiliarios e absentistas na área de influencia do modelo diseminado da franxa litoral. Non é de estrañar que, isto así, os efectos da dispersión na área metropolitana de Vigo afectasen aos usos das terras nos sucesivos censos agrarios¹⁶⁵; tal cousa se observa, por citar só un exemplo, na evolución do concello de Nigrán no que a SAU (cultivos, prados e pastos permanentes) pasa de 2400 has. no ano 1982 a apenas 1400 no ano 1999.

Nesta situación¹⁶⁶, “*todo terreo agrícola, prado, monte ou regadío é susceptible de ser edificado. Galiza é un inmenso soar de predios en que o emigrante ergue a súa vivenda, o urbanita o seu chabolo ou o seu chalé [...] casas soas, moitas veces baleiras durante longas tempadas*”. É este un proceso que, por riba, pola súa particular causación, se pode producir perfectamente cunha situación de demografía estanca-da ou en retroceso mentres a poboación se está litoralizando e tamén, xustamente

162 Souto (2001: 65-67); a cita textual que vai deseguido en Vergara e de las Rivas (2004: 205); Lamas (2004: 125) denomina *Galifornia* a esta concentración litoral en dispersión fronte a *Garizona* interior.

163 Elaboración propia sobre censos de poboación e vivenda do INE de 2011
<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t20/e244/viviendas/p01/10/&file=01010a.px>

164 Muñiz *et al.* (2006: 14).

165 Datos en INE-Censos Agrarios; análise que fai para a Área Metropolitana de Barcelona, Rueda (2002: 23).

166 Martínez 2006: 203; tamén López 2001: 46. As segundas residencias roldan as trescentas mil (INE, 2011)
<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t20/e244/viviendas/p01/10/&file=01010a.px>

nese espazo periurbano litoral, mentres vemos multiplicar a súa ocupación difusa do territorio¹⁶⁷. É este un proceso —o modelo de cidade difusa— que pode ter¹⁶⁸ *“como reverso da mesma moeda, unha especulación salvaxe no centro da cidade central que se concreta nun aumento considerable dos prezos do solo e un levantamento das alturas edificadas, en moitas ocasións en forma de rañaceos”*. Porque, convén lembralo, as torres de moitas alturas non son elementos da cidade compacta senón da cidade especulativa.

No que atinxe aos custos relativos da residencia entre os derivados dun modelo de dispersión rural e/ou diseminado urbano e os asociados a un poboamento compacto, nunha breve síntese distinguiríamos custos directos e indirectos (e dentro destes os públicos e os privados).

No caso dos custos directos, a situación é de distinto signo dependendo do capítulo. Así, mentres nos custos do solo a súa repercusión sobre o prezo dunha vivenda en edificación no compacto urbano pode chegar ao cincuenta por cento, a porcentaxe no caso da construción no rural ou no urbano diseminado alcanzará, como moito, a metade daquel importe¹⁶⁹. Daquela, o custo relativo disperso/compacto para este capítulo situaríase entre un medio e un terzo. Pola contra, o prezo da edificación estímase que é dobre nunha vivenda familiar que nunha vivenda en edificios colectivos. É doado facer cálculos para concluír que o resultado conxunto vai ser un visible aforo neto entre o disperso e o compacto para o conxunto destes custos directos. Será este un factor de aceleración da demanda nada desprezable en favor do disperso.

As cousas empezan a ser ben distintas cando introducimos os custos indirectos. Así, no caso dos privados, os relativos ao mantemento e subministro (tanto de calefacción, limpeza, conservación, etc.) poden duplicar no disperso o que supoñen no compacto; máis do mesmo sucede cos gastos asociados ao transporte, nos que a distancia entre a residencia e o lugar de traballo xunto ao obrigado —con moita frecuencia— recurso ao vehículo particular encarecen esta compoñente dos custos. Pero estes custos privados indirectos, á diferenza dos directos, teñen unha característica de pago diferido no tempo que os fai relativamente invisibles para o comprador, o que explicaría que pesen moito menos en contra da decisión da residencia en disperso do que o fai ao seu favor o aforo en custos directos (derivados fundamentalmente, como vimos, dos custos do solo).

Onde os custos indirectos son absolutamente desfavorables ao disperso vai ser no caso dos públicos. Para analízalos distinguiremos aquí tres grandes partidas: de mantemento, ambientais e de capital social. Os de mantemento fan referencia á ins-

167 O que Lamas (2004: 100-101) denomina *urbanismo do desarraigo*.

168 Rueda (2001: 32).

169 Boa parte dos indicadores que se manexan neste epígrafe foron tirados de Muñiz *et al.* (2006: 16 e ss.) ou de Sierra Club (2000).

talación e conservación das redes de subministro de auga, saneamento, alumado, limpeza viarias, transporte escolar ou mantemento de estradas. As estimacións dispoñibles indican que no disperso septuplican aos do compacto.

- 88 Os custos ambientais veñen en boa medida derivados dos enerxéticos para mobilidade e para climatización (nos dous casos un indicador posible sería a pegada ecolóxica) que serán máis do dobre no disperso que no compacto; se, por riba, anotamos que o urbano disperso dificulta a oferta de transporte público ao resultar pouco doado lograr un nivel de usuarios/estación, a situación empeoraría. Nos custos ambientais tamén habería que engadir os de accidentes de tráfico, de maior risco de inundacións, de incendios forestais, de danos á paisaxe, etc. En todos estes casos estimar que o disperso duplica o compacto é unha hipótese prudente.

Por último teríamos os custos indirectos públicos de capital social, onde englobamos, entre outros, o tecido asociativo, as posibilidades culturais, para o coñecemento, emprendedoras e de asistencia social aos maiores¹⁷⁰. Os estudos dispoñibles para algúns deles indican que, tamén neste caso, os maiores custos e menores beneficios do disperso verbo do compacto son incontestables. Pero tamén é certo que o conxunto dos custos públicos engaden á “invisibilidade” respecto dos privados a característica do que se deu en chamar traxedia dos comúns: que o consumidor pode que decida a súa demanda mesmo por ser consciente de que non paga impostos na medida en que xera gastos públicos asociados (ao mantemento das infraestruturas e aos efectos ambientais) á súa residencia en diseminado.

Obsérvase que, no disperso, se os custos públicos non se contabilizan e os custos privados se dilúen no tempo, a relación inicial crítica para tomar unha decisión pasa a ser a simple rateo solo/edificación. E daquela sucederá¹⁷¹ que *“a promoción de novos barrios residenciais resulte artificialmente mais barato do que o é na realidade”* en termos privados, mais tamén que, dende un punto de vista colectivo, a cidade difusa se vai asentar nuns piares ambientais non sostibles. Sen esquecer que o maior custo privado en mobilidade da dispersión ten tamén detrás un maior custo público na construción e mantemento dunha difusa rede de estradas e pistas¹⁷². Unha consecuencia que é causa á vez da dispersión, pois estas estradas van ser verdadeiras indutoras¹⁷³ de edificacións *“atraídas pola accesibilidade que supón o novo trazado viario”*.

170 Sobre os beneficios do capital social ver a miña referencia do ensaio “*Palacios del pueblo*” (2021), https://www.infolibre.es/cultura/los-diablos-azules/si-seguimos-divididos-pereceremos_1_1322237.html

171 Muñiz *et al.* (2006: 17).

172 Mentres a poboación galega en España ronda o 6 %, a porcentaxe de estradas (km.) das Deputacións ou dos concellos sitúase por riba do 12 %, datos CES-Galicia (2006)

173 Martínez (2001: 140).

Non nos debiera daquela sorprenden que na descrición da mobilidade por modo de transporte e/ou motivo do desprazamento se reflicta para Galicia unha utilización máis intensa do vehículo particular en todos os desprazamentos¹⁷⁴ nos días laborables e, singularmente, no regreso á vivenda despois do traballo. Loxicamente estamos diante dun indicador que tamén é maior nos pequenos concellos (modelo máis difuso) que nos grandes (cidade máis compacta). Tanto nun caso como no outro¹⁷⁵ *“a falta dunha resposta ao transporte colectivo (ferroviario ou de autobuses) de ámbito comarcal é o mais coñecido, o que provoca o traspaso aos particulares das cargas derivadas dos desprazamentos, obrigándoos ao uso case exclusivo do automóbil privado”*. Un tráxico custo privado —mais tamén social en gastos sanitarios— daquela extensa rede de estradas van ser os accidentes de tráfico, que nos colocan diante do resultado catastrófico da combinación desa intensa mobilidade con aquela difusa e estreita rede de estradas. Co que tanto o peso de Galicia no conxunto de España nas vítimas de accidentes, como nos mortos nas estradas superan abondo o peso que temos no conxunto da poboación española¹⁷⁶.

Outro indicador indicativo de custos indirectos sensible ao diseminado da poboación, e ao tamaño do concello, vai ser o asociado á recollida do lixo. Dun pioneiro traballo realizado para o Consello de Contas de Galicia en 2001 extractamos aquí a síntese dos datos de custos por tonelada recollida¹⁷⁷: custos que son maiores canto menor é o tamaño do concello (por baixo dos 15.000 habitantes), mais tamén cuanto maior é a dispersión da súa poboación tal como sucede entre Foz e Burela. O mesmo cabe supor que acontece no caso das redes de abastecemento de augas¹⁷⁸ ou nas de saneamento e depuración. Co que unha visualización para calquera tipo de rede (xa falamos aquí de estradas, pero tamén: saneamento, subministro eléctrico, xestión dos RSU, distribución postal, abastecemento de augas, etc.) daría conta dos maiores custos asociados á dispersión.

Poñamos máis un exemplo particular sobre o mesmo asunto: os do alumeado público que se fai preciso. Nunha aplicación aos custos de subministro do alumeado público derivado dunha rede difusa (nas parroquias periféricas do concello) fronte á cidade compacta (para o caso de Vigo: centro, Bouzas, Coia) teríamos un abano que vai dende os 5,3 euros por habitante —axustados á media do Concello— de Lavadores, aos 10,6 de Alcabre, ata os 24,9 de Zamáns, que sería a parroquia máis difusa e dispersa. Como vemos tamén neste caso, e por termo medio, os custos do

174 Datos de Movilia (Fomento 2000), <https://apps.fomento.gob.es/BoletinOnline2/?nivel=2&orden=26000000>

175 Martínez (2006: 204).

176 Datos de CES-Galicia (2006)

177 Gago, A. (director) (2002: 57)

178 Son neste sentido reveladores os mapas de subministro de augas para Lavadores (17.000 veciños) e Zamáns (800 veciños) que aporta por exemplo o PXOM para Vigo.

difuso triplican os do compacto¹⁷⁹. Tampouco se deben esquecer as consecuencias indirectas nos custos dos servizos complementarios de transporte para os niveis educativos obrigatorios (Primaria e Secundaria), onde o descontrol no modelo difuso se visualiza con nidia claridade na porcentaxe de alumnos que utilizan o transporte escolar sobre o total de alumnos escolarizados, porcentaxe na que destacamos no conxunto de España sen dúbida ningunha¹⁸⁰.

★

Comprobamos neste apartado como a situación actual dos nosos asentamentos poboacionais, e a súa evolución nas últimas décadas, foi diverxendo do que poderíamos denominar modelo da cidade compacta clásica, mais tamén do hábitat rural tradicional en aldeas e vilas. Por unha banda, as sete cidades galegas veñen expandíndose de xeito disperso —en mancha de aceite— nos concellos veciños en ausencia de calquera ordenación supra-municipal da cidade-concello central. Esvaécese así a cidade compacta, densa, con continuidade formal, multifuncional, diversa, á medida do transporte público e con altas potencialidades de capital social. Por outra banda, no mundo rural —onde o agrario ten xa en boa medida desaparecido— os tres tipos de aldeas tradicionais (compactas, nebulosas e de núcleos múltiples) foron substituídas por unha pretendida negación do xeito de vida rural nun modelo da vivenda illada-diseminada en función da mobilidade do vehículo privado e dun sistema de obtención de rendas escasamente agrario.

Por unha e por outra vía todo o territorio devén edificable, empurrando suplementariamente unha litoralización da poboación nunha franxa costeira do país altamente especulativa, situación que vai parella a un progresivo abandono do territorio segundo nos afastamos cara ao leste da Autoestrada do Atlántico¹⁸¹. Unha especulación e abandono que conviven, cada un á súa maneira, co absentismo na xestión das superficies antes cultivadas ou a monte, ata que poidan ser promovidas ao seu desexado destino residencial. Aumenta así o consumo de solo, de recursos, mingua a densidade, gañan peso as periferias verbo das zonas centrais, fragmentase e segméntase o territorio e a cidade. O resultado é un modelo que combina dispersión (no urbano) con diseminado (no rural), modelo que veu sendo alimentado pola confluencia de factores moi activos de orde socioeconómica xunto coa pasividade de control e de ordenación do marco institucional. Nunha economía e sociedade desnortadas.

179 Na web do Concello de Vigo e *Faro de Vigo* (26-XI-2006) <http://hoxe.vigo.org/conecenos/estadisticas.php?lang=gal>

180 Datos dos informes do *Consejo Escolar del Estado*, fronte a un 15 % en España en Galicia acada o 50 % do alumnado, <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/cee/publicaciones.html>

181 Convén deixar anotado que a ampliación desta concesión de peaxe privado por 35 anos máis, polo goberno do Partido Popular (co Presidente Aznar, dende o ano 2000 ao 2048), é un exemplo de neoliberalismo radical (privatizando a concesión ampliada de ENA a Audasa) que penaliza as opcións non centrípetas para Galicia (<https://gl.wikipedia.org/wiki/AP-9>). O seu retorno as autovías públicas é imprescindible para poder falar dunha Galicia non desnortada.

Neste epígrafe centramos a nosa argumentación nos primeiros, entre os que o modelo de mobilidade que propicia o bum do automóbil dende os anos 60 vai ser a chave. Tamén a acumulación de aforro e o seu investimento no inmobiliario, a emerxencia do ocio-turismo-vacacional, o encarecemento xeométrico (especulación) do solo urbano na cidade compacta, etc. Do que resulta que os indicadores de motorización das vivendas, de vivendas non principais, do uso agrario das terras en concellos periurbanos, etc. son así converxentes cos que cuantifican o peso da poboación diseminada e dispersa.

Este modelo-metástase provoca dúas consecuencias que foron entre nós polo de agora pouco analizadas: uns custos (privados mais, sobre todo, públicos) relativos moi elevados, e efectos ambientais claramente insostibles. E aínda que é certo que na compra inicial da vivenda pode haber un aforro neto por unidade de superficie utilizable do modelo disperso fronte ao compacto, os custos diferidos de mantemento e transporte inverten esa situación mesmo para as contas privadas. Mais van ser os custos públicos os grandes pagáns do modelo disperso. Xa sexan os gastos efectivamente realizados en mantemento das infraestruturas (auga, saneamento, alumado, limpeza, conservación de estradas) ou en transporte escolar, que multiplican en varias veces aos da cidade compacta. Tamén sucede o propio nos custos ambientais que se ben non supoñen gastos, de entrada, poden ser cuantificados (pegada ecolóxica, paisaxe, conxestión). Tamén aqueles que xa agora periodicamente supoñen gastos para paliar os seus efectos (accidentes, lumes, inundacións, etc.). Uns e outros multiplícanse no modelo disperso fronte ao compacto. E a todos eses deben engadirse rendementos colectivos deixados de producir en forma de capital social colectivo (asociativo, emprendedor, democrático, institucional) que o modelo disperso non favorece. Por unha ou por outra vía o modelo vai ser insostible tanto en termos financeiros como ambientais.

É neste punto onde debera comezar a reflexión e o debate social sobre as propostas operativas para reorientar esta deriva e esta metástase. Para deixar de andar desorientados sería central desenvolver tres estratexias: evitar a cantonalización municipal nos espazos metropolitanos, modificar radicalmente os investimentos públicos en mobilidade e facer do compactar-nuclear o norte da ordenación territorial do país nestes comezos do século XXI. Reiterando que a posta ao día ferroviaria no conxunto de España para o horizonte do ano 2030 debera ser unha magnífica “percha” da que colgar unha estratexia de anel urbano e supra-municipal, fronte á dispersión neo rural e ao actual minifundismo municipalista.

3.3. As infraestruturas

Poucas dúbidas hai de que á inversión pública en infraestruturas (terrestres, aéreas, portuarias, enerxéticas, comunicacións, etc.) ten un papel de primeiro orde no des-

envolvemento económico e social. Esa inversión anual é unha parte substantiva do papel económico dos Estados modernos, á mesma altura do que tamén hoxe se lle recoñece na formación dos cidadáns, no despregue das modernas tecnoloxías da comunicación ou no esforzo investigador na parte –a miúdo crucial- impulsada polo sector público. Cando aquela inversión anual se contabiliza como capital acumulado ao longo dun período estamos a falar do stock de capital público.

Teño argumentado xa nestas páxinas que a xeoposición económica de Galicia só pode avaliarse como un Fisteria e unha ultra periferia europea –ou española- sobre unha dupla base: unha acomplexada e provinciana perspectiva radial e unha dotación de infraestruturas de transporte insuficientes ou desnortadas¹⁸². Pola contra, cunha dotación competitiva dos canais loxísticos para o transporte, as periferias deixan de selo en boa medida (as distancias físicas redúcense en tempo e custos) e poden aboiar as súas potencialidades como nodos e/ou puntos de inter conexión transoceánicos. Outros factores poden xogar tamén a favor dunha localización centrífuga que favoreza ás periferias especialmente en tráfico de alto valor engadido por unidade de peso: a conxestión paulatina nas áreas centrais así como a redución dos seus impactos, e dos custes relativos, no canal mar-terra fronte as opcións terrestres¹⁸³.

É xusto por todo iso que a dimensión actual das dúas áreas metropolitanas galegas (A Coruña-Ferrol mais Vigo-Pontevedra) urbanas e portuarias, non se explican senón como parcial éxito no aproveitamento destas potencialidades. É así que a inversión pública, e o stock de capital público, poden ou non ser para Galicia ferramentas chave para o seu desenvolvemento tamén no futuro, na medida en que poñan en valor ou non a nosa xeoposición. Revisaremos de seguido que balance podemos facer da herdanza do século XX en dotación de infraestruturas públicas para, feito isto, definir os retos nestes comezos do século XXI.

O balance ten un rótulo simples: Galicia viña acumulando nos últimos 50 anos (mais atrás os datos son imprecisos) unha fenda desfavorable no que atinxe á inversión pública e mais ó stock público de capital¹⁸⁴. Pois si nos anos 60 do pasado século a dotación de infraestruturas públicas en Galicia era inferior á media española, e nomeadamente á que tiñan outras rexións (como Cataluña, Madrid, País Vasco, ou Valencia), sucederá que entre os anos 1964-1998 –durante mais de 30 anos- o crecemento anual medio do capital público foi en Galicia do 5,8 %, mentres que en Cataluña foi do 6,3 %, en Madrid foi do 7,1 % e na media española foi do 5,9 %. A con-

182 Por eso non anda desnortado Nogueira (2019: 592) cando fala de “*fachada aberta ao mundo*” e non de “*territorio excéntrico*”.

183 Glaesser (2004:205, 219), Chen (2002: 28), Radelet e Sachs (1998: 2 e 13)

184 Manéxanse aquí os datos da Fundación BBVA sobre stock de capital en España dispoñibles na súa web. Tamén pode verse Prada (2004: 38-39); as taxas de variación acumulativa que se citan de seguido tómanse da p. 63 de Más, M. et al. (2003)

clusión é inevitable: lonxe de terse reducido a desigual dotación agregada para Galicia a distancia teríase ampliado. Ou, dito doutra forma, non contamos nesas décadas cun impulso público favorecedor do noso desenvolvemento á altura do realizado no conxunto de España. Temos en suma un déficit histórico acumulado na dotación de infraestruturas. Nótese que, si o punto de partida fose o mesmo as diferenzas serían sempre negativas verbo de Galicia pero si –como foi en realidade– o punto de partida era inferior para nós, entón o balance relativo de como encetamos o século uns e outros obrigaría a facer un esforzo igualitario moi intenso e prolongado a favor de Galicia.

Só para facer desaparecer as diferenzas acumuladas neses 30 anos (deixando fóra ás que houbera de partida) nos seguintes 15 anos (2005-2020), si supoñemos que a inversión pública en Cataluña segue a medrar ás taxas históricas, Galicia tería que pasar dun crecemento do 5,8 % inter-anual da inversión pública a un 7,5 %. E nótese que o suposto para o comportamento catalán é moi prudente pois a proposta da Generalitat de distribuír a inversión pública en España segundo á renda territorial aumentaría as taxas dos mais ricos e dificultaría, en principio, aquel esforzo igualitario para rexións que estivesen na situación de Galicia. En consecuencia só un crecemento anual estable da inversión pública dous puntos por riba da media española garantiría esa converxencia a medio prazo¹⁸⁵. Sucede que para o período 1995-2021 a base de datos¹⁸⁶ do IVIE permítenos concluír que en Galicia medrou o seu stock de capital a unha taxa media anual do 2,4 % o que non lle permitiría converxer coa media española en rateos nin por emprego, nin por superficie nin por PIB.

Claro que puidera ocorrer que nas dúas infraestruturas que aquí van a centrar a nosa atención (ferroviarias e portuarias) o diagnóstico fose menos desfavorable para Galicia verbo de Cataluña¹⁸⁷. E nótese que a comparación é especialmente oportuna porque son dúas Comunidades Autónomas cunha posición periférica no norte de España –ben cara o leste ou cara o oeste– para o caso do ferrocarril, e cunha posición portuaria –mediterránea e atlántica– potencialmente non tan diferente. Sucede que mentres Galicia apenas duplicou o valor das súas infraestruturas portuarias e ferroviarias en euros constantes de 1990 neses 34 anos, Cataluña estivo a piques de sextuplicar o valor inicial das mesmas¹⁸⁸. Mentres que en Galicia a taxa acumulativa anual de crecemento foi do 1,9 % en Cataluña foi do 5,2 % (mais de tres puntos por riba). Co mesmo suposto que facíamos para o conxunto do capital público, e para un

185 $680(1+i)^{15} = 806$ ($1+0,0633$)¹⁵

186 https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2023/02/DE_2023_BBDD_Stock_Fichas_CCAA_Ivie.pdf

187 de la Fuente et al. (2002) estiman que para 1995 fronte a unha dotación efectiva de infraestruturas públicas en Galicia dun 76 % (España = 100), nas ferroviarias temos entre un 28 e un 48 % (p. 47 e 59 op. cit.)

188 Datos para stock ferroviario e portuario da Fundación BBVA sendo 1964=100, para Galicia 200 en 1998 e Cataluña 560

período de 15 anos, absorber só ese diferencial acumulado implicaría pasar dun crecemento do 1,9 % a un do 7,4 %. Mais de cinco puntos en termos reais sobre a nosa tendencia, e dous puntos por riba da de Cataluña¹⁸⁹. Cousa que non sucedeu posto que entre 1995-2021 en Cataluña o capital neto medrou a unha taxa media do 2,2 % fronte ao 2,4 % xa anotado para Galicia¹⁹⁰. E convén tomar boa nota que a Generalitat non pensa perder o tempo, e menos nestes asuntos, pois dentro das prioridades que teñen asumidas figuran¹⁹¹ o impulso do fronte portuario catalán para que se converta na plataforma loxística do Sur de Europa, e unha liña AVE, tráfico mixto, de ancho internacional dende o porto de Barcelona á fronteira francesa.

Con este balance do pasado¹⁹², e estes retos de futuro, no que sigue precisaremos para cada unha das infraestruturas por separado (portuarias e ferroviarias) a análise estratéxica –falaremos de *transporte combinado*- que deba orientar ese esforzo a facer para a superación daquela fenda histórica¹⁹³. Sobre todo porque está ben comprobado que o canal ferroviario-marítimo reclama hubs (nodos) centralizados e ben dotados¹⁹⁴. Avanzo xa agora que o noso compás para non seguir a andar desnortados vai ser a potenciación da apertura ó exterior (non só cara o resto de España, mais tamén para Europa e o resto do Mundo), xa que a apertura e o comercio se ven favorecidos pola redución da distancia e dos custos de transporte¹⁹⁵. E aínda que ambas perspectivas non sempre son contraditorias, as veces poden obrigir –si os recursos son escasos, que o son- a elixir. Daquela facelo así aconsella definir primeiro unha estratexia marítima e, despois, unha ferroviaria.

★

Como xa anotamos no primeiro capítulo deste ensaio sabemos que no transporte total de mercadorías dentro de España o canal portuario-marítimo aínda xestiona a metade do peso comercial movido, e que cando só reparamos no comercio internacional –non de cabotaxe- entón mais do 80 % transitan por vía marítima. Compróbase ben así o papel crucial da posición marítimo-portuaria cando pasa a primeiro plano a competitividade e á apertura ós mercados exteriores. E mais aínda cando todas as análises prospectivas concordan nas importantes expectativas de crece-

189 Agora faríamos $193(1+i)^{15} = 565 (1+0,0522)^{15}$

190 https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2023/02/DE_2023_BBDD_Stock_Fichas_CCAA_Ivie.pdf

191 Citamos por “*El País*” de 29.9.2004 p. 17

192 Actualizaba esta análise para Galicia e o conxunto do Reino de España á altura do ano 2023 aquí: <https://temposdixital.gal/a-contratempo/infraestructuras-ferroviarias-transporte.html>

193 Enténdese por transporte combinado aquel no que o transporte por estrada actúa na parte inicial/final do traxecto mentres que para a parte intermedia –a mais longa- se usa o ferrocarril ou a vía marítima, CESRB (2001: 52)

194 Glaeser e Kohlhase (2004: 219)

195 Eaton e Kortums (2002: 1741)

mento do tráfico marítimo¹⁹⁶; mesmo para frear o aumento espectacular dun tráfico por estrada que se revela insostible e conxestionado, ó canalizar na actualidade o 97 % dos fluxos comerciais entre a península ibérica e o resto da UE.

En consecuencia, para as mercadorías e os seus fluxos exteriores, o transporte marítimo puidera ser un bo indicador do crecemento económico pasado, do actual e das expectativas futuras. Non é nisto unha excepción o sistema portuario da Grande Dorsal europea: dende Rotterdam en Holanda, Amberes en Bélxica, Hamburgo e Bremen na Alemaña, Le Havre e Marsella en Francia, ou Elixtove e Humberside no Reino Unido. Os portos actúan como xeradores de emprego, impulsores da industrialización das áreas metropolitanas nas que se inscriben e dinamizadores de actividades de servizos orientadas ó comercio exterior. Pero nese contexto débese afirmar xa de entrada -mal que nos pese- que o sistema portuario galego non está á altura das circunstancias e das potencialidades. 95

No seu conxunto nese sistema (A Coruña, Ferrol, Vigo, Marín, Vilagarcía) movemos menos toneladas que as que manexa por si só o porto de Bilbao ou quince veces menos que Rotterdam. Cando o ranking o establecemos só polas mercadorías de maior valor engadido que adoitan moverse en contedores (á marxe de líquidos a granel -hidrocarburos- ou sólidos -cereais, minerais, etc.-) andaríamos a anos luz de Algeciras, primeiro español en Europa que si estaría aproveitando a súa xeoposición de porto-illa. A rateo de mercadorías xerais containerizadas roldaría en Galicia o 30 % por baixo da metade do 65 % que acadan os portos atlánticos do conxunto de España. Anotado este perfil minifundista¹⁹⁷ dos nosos portos non é menos certo que teñen unha especialización bastante ben definida¹⁹⁸. A Coruña en hidrocarburos (sé-timo en España por baixo da metade de Alxeciras) e peixe fresco (terceira posición, un terzo de As Palmas); nos sólidos a granel (minerais -bauxita, carbón- e metais como a alumina) destacan Ferrol e San Cibrao; si se trata doutros a granel (cemento, pasta de papel, cereais) a especialización pasa por Vilagarcía e Marín; por fin Vigo é principalmente pesqueiro (lonxa de referencia en fresca e conxelada a nivel europeo), de automoción (segundo de España, tras Barcelona) e incipiente -octavo en España- en contedores. Defínense así dúas áreas metropolitanas e portuarias (Coruña-Ferrol e Vigo-Marín-Vilagarcía) que, á vez, son dous subsistemas a integrar.

Un dos principais estrangulamentos do noso sistema portuario, certamente non o único, vai ser a intermodalidade (cambio de medio sen ruptura de carga) co outro

196 PEIT (2004: 17), Comisión (2003:2), Gobierno Vasco (2002: 4)

197 En Prada (2004: 188) anotamos 8 Tm./habitante/ano fronte a 13 no País Vasco ou 10 en Andalucía

198 PMG (2005: 50-54) ofrece datos cos que o lector pode comprobar a caracterización e especialización que aquí se anota. Coruña-Ferrol moven 23 dos 30 millóns de Tm. do tráfico portuario galego. Esta hexemonía en peso das cargas a granel desenfoca a miúdo a percepción da nosa realidade marítima e portuaria, Comisión (1997: 31)

parente pobre da nosa dotación de infraestruturas de transporte: o ferrocarril¹⁹⁹. Ningunha terminal portuaria galega dispón de tendidos de dobre vía electrificada para velocidades medias de 150 km/hora, nin de amplas áreas de actividades loxísticas (plataformas loxísticas intermodais) nin a beira do mar, nin no interior (portos secos). A rede actual é ademais radial e obsoleta na súa faciana transfronteiriza. As superficies para xestión das cargas de mercancía xeral containerizada sitúanse en cifras moi lonxanas en Vigo das de Bilbao ou Algeciras (peirao onde unha soa operadora *Maerks Line* xestiona unha terminal propia de 300.000 metros cadrados). Na actualidade en suma, e malia as potencialidades certas e a excepcións puntuais, o noso sistema portuario caracterízase por ser periférico, atomizado, inconexo, burocratizado²⁰⁰, dirixido a mercados locais ou –como moito– rexionais; todo elo en contraste cun sistema portuario²⁰¹ (rexión urbana ou rede urbana portuaria) que deba concentrar fluxos intercontinentais.

Para corrixir esta situación dispomos de novos peiraos exteriores na rexión portuaria A Coruña-Ferrol que, si ben poden levar a superar as eivas de calado e ataque nas xornadas operativas, resta por definirlles a súa conexión intermodal (nomeadamente ferroviaria) con áreas loxísticas e portos secos, sen as que serían inversións que quedarían en boa medida infra utilizadas. Pola súa banda na rexión portuaria de Vigo-Marín-Vilagarcía a plataforma loxística de Salvaterra-As Neves (PLISAN) con 400 has. proxectadas de solo operativo²⁰² é un proxecto que vai camiñando moi de vagar no que, por riba, a súa conexión tanto coa liña de altas prestacións Vigo-Oporto como a crucial Bouzas-PLISAN son menos aínda que un proxecto²⁰³. Porque nos dous casos a Xunta de Galicia e o Goberno Central veñen optando por liñas de alta velocidade exclusivas de pasaxeiros que impiden a urxente solución –con ancho de vía internacional– desta ruptura.

Como ben se observa o noso diagnóstico crítico da situación actual, e mais na caracterización das iniciativas en marcha, encaixa ben sen embargo coas prioridades definidas para o transporte intermodal de mercadorías no citado PEIT: abrir plataformas intermodais e zonas de actividades loxísticas vencelladas a áreas con especializacións produtivas; garantir a accesibilidade ferroviaria ós peiraos e tamén entre estes

199 PMG (2005: 24 e 29) coincide neste diagnóstico, mais a Xunta de Galicia non semella tirar as conclusións pertinentes. Sobre os determinantes da intermodalidade e as medidas para favorecerla cfr. Kombi (2004: 90 e 114 e ss.)

200 Por caso a transmisión electrónica de información aduaneira (“eCustoms”) Comisión (2003: 17), que fixera posible por caso pasar de 50 formularios diferentes a 5, Comisión (2004: 9)

201 DOT (2004: 66), presenta nun mapa a necesaria xestión integrada dos portos de A Coruña – Ferrol e de Vigo – Pontevedra; ademais coincide coas dúas áreas metropolitanas que se definen para Galicia. Tamén RTA (2005: 45)

202 En 2022 (<https://plisan.com/>) contaría con 214.000 m² o que supón apenas 20 has.

203 Cun custo estimado de 120 millóns de euros ós que habería que sumar a conexión ferroviaria Bouzas-PLISAN (RTA 2005: 59); téñase en conta que “... la distancia de su ubicación con respecto al puerto es menos importante que la calidad de su doble conexión con el puerto y las grandes redes ferroviarias y viarias” (RTA 2005)

e as plataformas e zonas loxísticas e procurar a especialización portuaria no contexto do cabotaxe europeo e das autoestradas do mar²⁰⁴. Prioridades todas elas orientadas a conseguir unha óptima seguridade técnica, física, interoperabilidade, manutención, suxeición, resistencia, codificación e identificación das unidades de carga; ademais de condicións de prazo seguras e custos reducidos (Comisión 2003: 29).

97

Por iso sorprende comprobar que, malia o anterior diagnóstico, cando no PEIT se propoñen eixes e nodos intermodais para o transporte de mercadorías se lle negue o carácter supra rexional ou internacional as redes portuarias de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol. Sobre todo cando se rotula unha autoestrada do mar do Arco Atlántico fronte a outra do Mediterráneo onde si constan así catalogados Alxeciras e Barcelona. No caso dos portos galegos estamos diante dun perfil de portos rexionais de acceso (gateway) en troques de portos centro (hub), que para nós sería unha perspectiva máis valiosa estratexicamente²⁰⁵.

*

Pasemos ao ferrocarril. Pois está ben documentado polos historiadores que no pasado (entre 1880-1930) esta infraestrutura foi quen de facilitar para as áreas urbanas galegas un rotundo avance social (na mobilidade de persoas e de mercancías). Claro que, dende a perspectiva actual, hai que recoñecer que se construíu con escasa visión de futuro, nomeadamente en Galicia por razóns orzamentarias, con radios pequenos (< 300 metros) e con pendentes excesivas (> 15 milésimas). Por riba, e andando o tempo, no conxunto de España os desiguais esforzos inversores foron abrindo unha fenda favorable a rede de estradas e desfavorable ó ferrocarril²⁰⁶. Os problemas estruturais iríanse así agravando nunha rede paseniñamente obsoleta e de moi difícil posta ó día. Tal comportamento, sen restarlle importancia, vai ser paralelo ó que sucede no conxunto da UE onde no período 1980-2000 mentres a lonxitude da rede de estradas pasou dun índice 100 a 170 as ferroviarias²⁰⁷ caeron a un índice de 90.

Estes déficits vanse agravar cando ollamos cara a situación relativa de Galicia, pois fronte a un ascenso da dotación ferroviaria menor que nas estradas para o conxunto de España (pero ascenso ó cabo), Galicia presenta nada menos que durante tres décadas decisivas un estancamento sen paliativos no seu stock de capital-infraes-

204 PEIT p. 111 e 65; www.shortsea.info (*European Short Sea Network*). Dada a importancia deste cabotaxe europeo do eixo atlántico debido á conxestión pirenaica, Goberno Vasco (2002: 39), é preciso definir puntos focais en cada Estado para este tipo de transporte, Comisión (2004: 9)

205 Fageda (2003)

206 Datos en miles millóns euros constantes de 1990 (1970 = 100) de www.fbbva.es series stock de capital público territorializadas

207 COM (2001) 125

tractura ferroviaria avaliada en unidades monetarias reais²⁰⁸. E debe facerse notar que, en boa lóxica, a situación debiera ser inversa e existir unha correlación entre maiores dificultades orográficas e unha maior inversión en capital ferroviario. Póde-se dicir doutro xeito pero non mais claro: o ferrocarril só mellora algo a velocidade media neses trinta anos, pero mentres nese período na estrada cámbiase tres veces de plataforma, no caso da rede ferroviaria a plataforma en Galicia seguirá a ser a mesma. Tal déficit pode tamén visualizarse doadamente na escaseza de tramos de dobre vía e na escasa electrificación da rede galega²⁰⁹ *"... a evolución dos indicadores ferroviarios por ocupado e por superficie ten sido de perda continuada de posicións, o descenso é dramático no indicador de infraestruturas ferroviarias por superficie"*.

O resultado ben coñecido, e pouco sorprendente, vai ser a perda de competitividade e de cota de mercado (en mercadorías e pasaxeiros) do canal ferroviario. Sobre todo, pero non só, por razóns de investimentos, aínda que tamén terá que ver coa xestión loxística e a flexibilidade do xestor. Explícase así que a media española actual en mercadorías²¹⁰ no ferrocarril se sitúe por baixo da da UE (5,8 % fronte a un 8 %) o que *"... non pode dicirse que sexa unha fatalidade das economías modernas, xa que en Estados Unidos un 40 % das mercancías se transportan por ferrocarril"* (COM 2001: 11). Xa que logo neste momento o reto do ferrocarril debiera ser dobre: recuperar mercado de pasaxeiros e recuperar mercado de mercancías. E facelo tanto por razóns ambientais, enerxéticas, ou de conxestión do canal alternativo, como por argumentos de cohesión territorial e social en rexións periféricas da UE, como Galicia, que contan con opcións marítimas (transatlánticas e de cabotaxe europeo) que sen esta opción intermodal serían inviables. Pois tense comprobado como en Francia a polarización das autoestradas cara a Grande Dorsal e a caída dos custos dos carburantes en termos reais entre 1978-1998 (nun 37%) ten producido o resultado contrario: facer mais periférico o litoral francés²¹¹.

Chegados a este punto as dúas preguntas básicas a responder deberan ser: ¿débesse enfrontar a corrección dos déficits ferroviarios só para un vector do mercado (os pasaxeiros)?, ou, metaforicamente, ¿debemos facer novas autovías ferroviarias prohibidas ós camións?, ¿é posible –técnica e economicamente- ter altas prestacións ferroviarias de uso mixto?. Nótese que implicitamente supoñemos unha restrición orzamentaria que aconsella non imaxinar a posibilidade de pór ó día dúas redes diferenciadas para cada uso. Tamén que a plataforma actual, en xeral, non é apta para transformar en altas prestacións (dobre vía electrificada con travesas polivalentes)

208 De la Fuente et al. (2022: 43) estiman unha taxa de variación acumulativa entre 1964-1995 nas inversións ferroviarias do 0,6 % en Galicia fronte a un 3,5 % no conxunto español.

209 de la Fuente et al. (2002: 48); datos en www.fomento.es e www.banverket.se

210 Anuarios Estadísticos do MOPTMA

211 Combes e Lafourcade (2003: 13, 20)

por terse realizado con radios e pendentes non axeitados²¹². Pois, de novo hoxe, facer un canal exclusivo para pasaxeiros, en vez de mixto, supón construír unha plataforma que pode ter maiores pendentes e menores radios de curvas (de novo aforrar no curto prazo), pero que vai ser menos versátil para o futuro. Gañar con esta estratexia tempo na execución e rebaixa de custos, unha vez pasados máis de 100 anos, pode deixarnos, outra volta, cunha plataforma sen futuro²¹³.

Defendo aquí unha rede mixta de altas prestacións (o anel urbano ferroviario anotado no primeiro capítulo deste ensaio) que ademais permitiría o seu uso nas áreas metropolitanas con enlaces interurbanos (ciudades e vilas) circulares ou pendulares. Todo o cal veríase dificultado construíndo tramos internos de uso exclusivo para pasaxeiros en alta velocidade. Estratexia esta que sería semellante á do corredor atlántico Oporto-Vigo, pois tamén esta debera facerse en uso mixto, ancho europeo, 150 km/h., (40 minutos para 100 km.), xa que logo tamén co mesmo esquema que Barcelona-Perpiñán: *“finalmente, y con financiación del Estado, se considera totalmente necesaria la nueva línea ferroviaria, para pasajeros y mercancías de ancho internacional, que permita la conexión con Francia, así como el desarrollo del corredor transversal, y sus conexiones hacia la frontera francesa de Puigcerdà, y los puertos de Barcelona y Tarragona”*. Corredor mixto así conformado como do Arco Atlántico (de Setúbal ata A Coruña) nunha rexión urbana que concentra –non debera esquecerse- ó redor do 30 % da poboación peninsular ibérica²¹⁴.

Claro que esta estratexia mixta para as altas prestacións ferroviarias que aquí se defende, aparte da súa lóxica intermodal, de equiparación a outros centros portuarios da península e de polivalencia nun contexto futuro de non pequenas restricións orzamentarias, ten tamén un fundamento económico. A pregunta sería agora ¿vai ser máis barato enviar unha tonelada de mercadorías pola liña de altas prestacións que usando transporte por estrada?, porque si non é así ¿quen iría a usala?. Pois de non ser así o corolario sería irrefutable: fagamos as liñas de altas prestacións só para pasaxeiros e deixemos as mercadorías para a estrada.

Considero, ben pola contra, que hai razóns económicas de peso para soste que é máis barato usar un canal de altas prestacións mixto, que por iso terá usuarios e, en consecuencia, que non deberamos facer novas autoestradas ferroviarias só para pasaxeiros. De entrada a estrutura de custos (en euros/tonelada/km.) dun canal de transporte ven definida por dúas compoñentes básicas: os custos privados ou internos máis os custos sen mercado ou externos. Estas dúas compoñentes configuran

212 Son 1.435 mm. para ancho europeo (AE) e 1.668 mm. para ancho ibérico (AI)

213 Custos que, en calquera caso, non se repercuten nin moito menos ó 100 % no prezo do billete das liñas AVE (p.ex. Madrid-Sevilla ou Barcelona), González (2003: 211)

214 Bugarín (2005: 16); a cita sobre Cataluña en p. 9-10 versión de 12.01.2005 do *“Acord estratègic per a la internacionalització, la qualitat de l'ocupació i la competitivitat de l'economia catalana”*, na liña de Comisión (1997: 24) punto 77

o custo total ou social²¹⁵. Dentro dos primeiros teríamos os asociados á inversión do capital móbil, a infraestrutura e ó seu mantemento, combustible, man de obra, peaxes, impostos, etc. Dentro dos segundos teríamos²¹⁶ “... aquellos prejuicios que los usuarios de un modo de transporte provocan a otras personas, y que el mercado no es capaz de imputar tales como: accidentes, contaminación atmosférica, ruido, cambio climático o congestión”. Como, en xeral, só os primeiros contan con prezos nos mercados sucederá que os custos externos xerados por un canal (ou os danos evitados por outro alternativo) non van contar nos prezos, e nas decisións de contratación e demanda respectiva, de cada alternativa (p.ex. transporte de mercadorías por estrada ou por ferrocarril). Por iso é preciso contar con prezos “verdadeiros” (COM (2001) 370 final) que integren esas externalidades.

Nos custos privados –excluídos os da infraestrutura- sobre a base dunha recoñecida eficacia enerxética do dobre²¹⁷ (kg. petróleo/tm/km) do canal ferroviario sobre a estrada (COM 2001:48) e para un custo desta de 0,85 euros (op. cit. p. 105), aplicando un moi prudente aforro do 50 % só sobre a metade do custo (combustible e persoal que chegan aos 0,55 euros na estrada), teríamos unha estimación para o ferrocarril de 0,63 euros. Daquela o ferrocarril sería mais económico agás no que poida supor a repercusión do custo da infraestrutura. Sobre a eventual repercusión duns maiores custos (construción e mantemento da infraestrutura) nas altas prestacións mixtas ferroviarias -para os operadores de mercadorías- verbo da opción da estrada, compre lembrar que no caso da estrada estas non soportan todo o custo da infraestrutura de forma directa (agás -si acaso- nas de peaxe), e menos aínda se repercuten actualmente en prezos os custos externos ambientais e de conxestión²¹⁸. Mentres que no caso do ferrocarril habería que imputar como danos evitados os diferenciais coa estrada (ambientais, enerxéticos, de conxestión, etc.) e o custo da infraestrutura nunca aplicalo en maior medida que na estrada²¹⁹.

215 PEIT (2004: 30); tamén sobre custos sociais e custos externos COM(2001) 370 final p. 81-89. O transporte marítimo é mais económico dende o punto de vista da enerxía e menos impacto para o medio ambiente (Comisión 2004: 3) (CESRB 2001: 59). Pola súa banda uns maiores custos do combustible favorecen a redución da distancia na que o cabotaxe é mais competitivo que a estrada (CESRA 2001: 54)

216 PEIT (2004: 30). Nótese que o Ministerio de Fomento enumera fundamentalmente custos externos medioambientais, pois existen outros non medioambientais tal que: seguridade no subministro enerxético e en prezos, dependencia enerxética, esgotamento dun recurso, ...etc. Á redución da dependencia enerxética si se refire na páxina 23.

217 Son 50 Tm. en camión e 97 Tm. en ferrocarril

218 *El transporte viario es claramente favorecido ...*” (RTA 2005); “... aplicar al transporte por carretera una política ... que interiorice mejor los costes externos” (Comisión 1997: 12)

219 Agora co GIF ou ADIF como xestor-arrendador dos servizos da infraestrutura. Nótese que para pasaxeiros as liñas AVE tampouco competirían en prezos co avión de repercutirse todo o custo da infraestrutura. Na tarifa Madrid-Sevilla os 0.12 euros-viaxeiro-Km., González (2003: 211) non abundan nin para pagar os custes de mantemento da mesma.

Dito isto, os custos externos estimados para a estrada ascenden a 0,36 euros (contaminación, ruído, accidentes) mentres que no ferrocarril só chegan a cuarta parte²²⁰. Daquela os custos externos diferenciais non son pequenos. Téñase en conta que actualmente en España os sectores xa regulados (da enerxía e industria) por emisións de CO₂ emiten 155 millóns de Tm. Pero que o transporte –que non está polo de agora regulado– emite 100 millóns; e prevese que en dez anos duplique o crecemento medio total das emisións²²¹. Imaxine o lector, neste contexto, o efecto ambiental e económico do transvase de cargas que aquí se argumenta de cara ós obxectivos de Kioto cunha rede ferroviaria de altas prestacións electrificada e sostida con enerxías renovables como sucede xa no caso sueco²²².

Nesta situación de custos externos e custos sociais non recollidos polo sistema de prezos, mais que unha repercusión dos custos da infraestrutura ó cento por cen nos dous canles alternativos (que dubidosamente poderían cambiar as vantaxes do ferrocarril), o que se está a abrir camiño nos países mais desenvolvidos é mais ben o co-financiamento da infraestrutura para o canal mais limpo (e enerxéticamente mais eficiente) por parte do canal mais porco e intensivo en enerxía²²³. Así no caso suízo a situación é esta²²⁴: *“El canon sobre el tráfico de los camiones vinculado a las prestaciones debe garantizar la cobertura a largo plazo de los costes de infraestructura y de los costes que este tráfico causa a la colectividad, en la medida en que no compense dichos costes mediante otras prestaciones o cánones. Por otra parte, la introducción de este canon deberá contribuir a mejorar las condiciones generales del transporte ferroviario en el mercado de los transportes y a aumentar el transporte de mercancías por ferrocarril”. Un sistema que opera internalizando os custos externos en custos sociais da estrada, e transferindo os ingresos obtidos ao ferrocarril en razón dos danos evitados.*

Non sería por tanto certo que o uso mixto das altas prestacións ferroviarias sexa unha opción mais cara socialmente, nin tampouco que deba selo para os remitentes dunha carga. Así unha infraestrutura ferroviaria xa non deficiente (altas prestacións incluídas mercancías) e uns operadores que actúen ofertando servizos a custos sociais reais, serían claramente competitivos cun canal xa saturado e con importantes custos enerxéticos e ambientais como é a estrada. Dende esta perspectiva entenderíase aínda mellor o impulso ó “ferrocarril de camiós” para determinadas

220 COM (2001) 370 final: 82, 116.

221 Datos para o 2000 no Boletín Confemetal nº 124 (2004)

222 Con cerca do 90 % da enerxía consumida de orixe hidráulico, www.banverket.se

223 PEIT (2004: 151) cita os casos de Suíza, Alemaña, Austria. cfr. tamén PMG (2005: 31); como contrapunto FEGATRAMER (*La Voz de Galicia* 23.4.05 p. 28) oponse a que o transporte por estrada financie a mellora ferroviaria ... e pide axudas para o gas-oil.

224 COM (2001) 370 final p. 68-69 onde cita o art. 196 da Constitución Federal e reproduce textualmente esta cita da Lei Federal de 19.12.1997. O sistema é un Fondo alimentado con este canon, co imposto de hidrocarburos e co 1% do IVE; tamén (Parlamento 2000: 13)

orografía ou por esixencias ambientais²²⁵. Co que a modernización e posta ó día das infraestruturas portuarias e ferroviarias que aquí se argumenta abriría un maior espazo ó *transporte intermodal* que é aquel no que unha carga utiliza distintos modos de transporte. Estaríamos a favorecer o *transporte combinado* de mercadorías no que o transporte por estrada actúa na parte inicial/final do traxecto, mentres que para a parte intermedia –a mais longa- vai por ferrocarril ou vía marítima. É xusto nesta combinación virtuosa onde a nosa xeoposición semella ter moitas mais posibilidades das que, ata o de agora, somos quen de aproveitar.

*

Estou, como se observa, a desenvolver argumentos económicos, sociais, xeo estratéxicos e –mesmo- ambientais que deberan orientar os esforzos e prioridades dos investimentos públicos (do Estado, da Xunta, dos fondos europeos) na posta ó día do noso capital físico en infraestruturas de transporte. Pois si ben é certo que a comezos do pasado século o papel dos nosos portos e das liñas ferroviarias xa foi quen de situarnos diante de posibilidades antes descoñecidas (para a pesca, a emigración²²⁶, a construción naval, ...), non o é menos que empezamos o século XXI cunha fenda ferro portuaria para as mercadorías que nos impide aproveitar as nosas posibilidades na economía mundial. Pois Galicia pode hoxe deixar de ser un Fisterra desnortado e xogar como un nodo transoceánico de tamaño medio.

De entre os múltiples exemplos, síntomas e indicadores que nos permiten soste que isto é posible, vou escoller ó chou dúas novas da prensa diaria. Así o *Faro de Vigo* (15.9.2005) informaba da apertura dun servizo marítimo semanal a conta de Toyota dende as súas plantas en Sudáfrica ata Vigo, para dende aquí transbordar a outros portos do Mediterráneo. A mesma empresa utilizaba xa Galicia para descargar vehículos procedentes de Inglaterra que se distribúen por vía terrestre cara Portugal. En *La Voz de Galicia* (7.10.2005) informábase tamén da posta en marcha dun servizo quincenal de containers (CCNI Ltda.) entre Alemaña, Holanda, Reino Unido, Francia que, pasando por Vigo, conecta con Chile, Perú, Ecuador, Colombia, México e Costa Rica. A carga vai ser mercadoría refrixerada (peixe conxelado e froita sobre todo).

Por eso penso que a posta ó día daquelas infraestruturas (portuarias e ferroviarias) permitirá -ou non- xogar e replicar ese papel de forma competitiva. Pero é que ademais a apertura da nosa economía, e a posibilidade de acadar un saldo exterior máis positivo, pasa inescusablemente pola nosa aposta marítima e transoceánica (cara o mundo hispano e lusófono en primeiro lugar, mais tamén o cabotaxe europeo) combinada por un transporte terrestre ferroviario moderno (cara o nodo económico de España no val do Ebro e de aí cara o resto de Europa).

225 Gobierno Vasco (2002: 58)

226 A emigración como proletarización masiva dende os anos 1880 só se explica por unha posición non de Fisterra senón de porta/porto oceánico global, Villares (2019: 69-71)

Esta posta ó día ven ademais acompañada, como vimos, dun importante aforro enerxético e de menores danos ambientais. No caso do ferrocarril de altas prestacións para mercadorías mesmo coa opción de utilizar electricidade verde (eólica, hídrica, biomasa, etc.) autóctona fronte ó gas-oil importado para o transporte pesado por estrada²²⁷. Sen esquecer que a explotación óptima destas modernas infraestruturas en redes de transporte combinado e multimodal requirirá dunha loxística reforzada necesariamente coa incorporación das TIC (tecnoloxías da información e comunicación). O sistema Galileo para o telepeaxe non sería mais que un pequeno exemplo do que estamos a dicir.

Nas páxinas anteriores argumentei que a estratexia territorial que debe informar esa posta ó día defínese ó redor de dúas áreas metropolitanas e portuarias: a de Coruña-Ferrol-San Cibrao para líquidos e sólidos a granel e a de Vigo-Marín-Vilagarcía para automoción, TEUs ou tráfico alimentarios como especializacións estratéxicas. Tamén sobre cales son as principais necesidades que se deben priorizar na súa execución: gañar calados co porto exterior de Ferrol e na terminal de Bouzas en Vigo, pór en servizo dúas amplas plataformas loxísticas intermodais (unha en Salvaterra-As Neves e outra na confluencia loxística terrestre de Coruña e Ferrol) e situar un porto seco en Monforte de Lemos. Esta posta ó día portuaria precisa para ser operativa da interconexión dos peiraos, das plataformas e dos portos secos con rede ferroviaria de altas prestacións (dobre vía, electrificada, ancho europeo, velocidades medias de 150 km.) que deba ser de uso mixto para pasaxeiros na rede interna galega. A súa saída para mercadorías reclama priorizar o corredor Ourense-Monforte-León e Vigo-Oporto deixando como saída exclusiva para pasaxeiros o corredor Ourense-Lubián.

Quedan así anotados aspectos concretos nos que deberan complementarse esas prioridades: pasar a primeiro plano o eixo transversal dende Galicia-León-Val do Ebro en primeiro lugar, definir o sistema Vigo-PLISAN como nodo internacional (supra rexional polo tanto) do corredor atlántico que conforman Galicia e a Rexión Norte de Portugal en segundo lugar. Facer realidade esta estratexia de apertura e internacionalización, que sexa operativa cuanto antes mellor, sen estragar recursos escasos (para levala adiante) en proxectos que teñen como maior argumento intereses locais, provincianos e clientelares. Nisto nos xogamos o non seguir a andar desnortados, tamén o noso lugar no mundo, así como o noso potencial desenvolvemento social nas vindeiras décadas.

3.4 Desnortados: entre Abanca e Kutxabank

Como detallarei ao remate deste apartado, aínda non sendo público o capital dun banco pode ser cento por cen privado pero sen ánimo de lucro (Kutxabank). Tendo

²²⁷ E sin tomar a opción do hidróxeno verde coa que corremos o risco de exportar enerxías verdes propias, e non usalas como deberamos en favor do noso tecido económico.

104

isto non pouco que ver coa socialización dos beneficios e da súa actividade. Pero en Galicia a conxunción neoliberal do PP (Xunta de Galicia) e do PSOE (gobernando o Banco de España) non atopou obstáculo entre 2010 e 2014 para argallar unha privatización total con ánimo de lucro (será Abanca dende 2014) das dúas Caixas de Aforros galegas²²⁸, previa a súa fusión en NCG (Novacaixagalicia en 2010 e logo Novacaixagalicia Banco, que será nacionalizado²²⁹ en setembro de 2011). Finalmente BANESCO farase coa entidade no Nadal de 2013 sendo así que²³⁰: *“El Estado (FROB) cobró 712 millones por su participación, con lo que las pérdidas para el contribuyente ascendieron a 8.269 millones de euros. El Fondo de Garantía de Depósitos (FGD), por su parte, ingresó 291 millones con la venta, con lo que el sistema financiero asumió unas pérdidas de 511 millones”*. Será daquela cando os directivos colocados pola Xunta de Galicia deixarán paso aos executivos de Banesco²³¹.

Repasarei aquí os precedentes e avatares deste truculento proceso ao fío da crónica xornalística da que fun autor²³² entre outubro de 2010 e decembro de 2013. ¿Como explicar que dúas caixas de aforros gobernadas por mandarínatos personalistas rematasen nunha entidade financeira sen sombra de capital sen ánimo de lucro?. Xa de entrada presento un recadro coa cronoloxía básica dos feitos.

CRONOLOXÍA	
decembro 2010	Fusión de Caixa Galicia e Caixa Nova: Nova Caixa Galicia
xulio 2011	Nova Caixa Galicia Banco (NCGB) (Pres. J. M. Castellano)
setembro 2011	Nacionalización de NCGB polo FROB
Decembro 2012	O FROB contra o 100% de NCGB
xulio 2013	O FGD contra o 26% de NCGB e o FROB o 63%
novembro 2013	O FROB abre a apertura de ofertas na subasta de NCGB
nadal 2013	Banesco ao traveso de B. Etcheverría faise con NCGB

228 <https://es.wikipedia.org/wiki/Abanca>

229 Leemos na Wikipedia (negras miñas): *“Novacaixagalicia tiene su origen en la unión de Caixa Galicia y Caixanova, recomendada por la Junta de Galicia y el Banco de España como condición para evitar la intervención de Caixa Galicia, en aquel momento en quiebra técnica debido a sus problemas de tesorería y deficiente gestión”*. Aquí: <https://es.wikipedia.org/wiki/Banesco>

230 <https://es.wikipedia.org/wiki/Abanca>

231 https://elpais.com/ccaa/2015/03/02/galicia/1425330481_349868.html

232 En *“La Voz de Galicia”* (no sucesivo LVG). Reviso estas columnas ao lume da oportuna reflexión que fai Antón Baamonde (2014) (https://www.eldiario.es/opinion/zona-critica/mucha-gente-sabia_129_4563351.html) e (2020) (https://www.eldiario.es/galicia/economia/fume-xenuflexion-e-abis-mo-as-tres-claves-da-politica-economica-quebrou-as-caixas-galegas-e-derreteu-pescanova_130_6284158.html).

Xa en xullo de 2010 anotaba como o FMI e o Goberno socialista apostaban, ao fío da crise financeira, por un maior tamaño das entidades e por que pasasen a ser sociedades por accións²³³. Como si ambas cousas fosen garantes, polo mundo fora, de non ter alimentado unha burbulla financeira explosiva en 2008. En consecuencia, prognosticaba que no caso de Galicia *“los millonarios recursos públicos del FROB van a servir, primero, para reflotar nuestras cajas reagrupadas y para, luego, encauzarlas en una estrategia de pre privatizaciones”* e, concluía: *“llegado el caso yo propondría que, al menos, el Estado se cobrase en cuotas participativas”* (LVG 12/7/2010). O que suporía, ao menos, rematar como se acabou facendo con Bankia. É obvio que non tiven éxito pois o FROB apenas acougaría uns meses con NCG Banco, mentres que en Bankia faríao durante oito anos (2012-2020).

En xaneiro de 2011 sinalaba como no caso das dúas caixas galegas, que se fusionarían en NCG, a súa desfeita especulativa e explosiva tiña como orixe a *“manifiesta incapacidad de ejercer control por parte de las entidades fundadoras (sumidas en una auténtica captura por el supervisado)”* (LVG 25/1/2011). Sendo os presuntamente supervisados as equipas dos señores Méndez e Gayoso que fixeron das entidades fundadoras, Consellos, Asambleas e conselleiros, ao menos por estes pagos, zombies teledirixidos por dous mandarinatos²³⁴. Acadando así niveis de insolvencia que nos impedirían seguir a folga de ruta de Kutxabank ou Caixabank.

No mes seguinte, febreiro de 2011, diante da necesidade de captar mil millóns de capital por parte de NCG, por requerimento do Banco de España²³⁵, quen escribe propuña: *“que pasa a ser estratégico que la Xunta de Galicia, por medio de uno de sus fondos de capital riesgo, considere ejercer una especie de derecho de tanteo por, al menos, la mitad del capital necesario”* e engadía *“La Xunta sería así un socio estratégico y no especulativo; no entraría —como el FROB— para vender cuanto antes, sino para profesionalizar al máximo el consejo; mantener anclado nuestro capital social (de lo que fueron todas las cajas de ahorros gallegas) al servicio de nuestro desarrollo económico”* (LVG 28/2/2011). Sobra dicir que a Xunta de Galicia (IGAPE), que en xullo dese ano proporía a un presidente da súa confianza para NCG Banco, nunca entraría como accionista público. Sendo así que o FROB, entre setembro de 2011 e decembro de 2012 chegaría a controlar todo o capital da entidade.

233 Dez anos despois a absorción de Bankia por Caixabank suporía por o ramo deste empeño. Agravando a xa excesiva concentración bancaria en España e o risco moral de entidades sistémicas. Aquí: <https://temposdixital.gal/economia/concentracion-bancaria-e-risco-sistemico/>

234 Ver páxinas 6 a 8 no ano 2004 para Caixanova (<https://ddd.uab.cat/pub/infanu/50333/iaCAINO-Va2004ispa.pdf>) e nas páxinas 230-233 para Caixa Galicia (<https://ddd.uab.cat/pub/infanu/50333/iaCAINO-Va2004ispa.pdf>)

235 O papel do seu gobernador, Miguel Angel Fdez. Ordóñez (MAFO no seu ambiente), como raspután neoliberal das redes de poder capitalistas en España (Villena 2019: 55 e ss.) será crucial para a lóxica deste proceso. Xunto con Pedro Solbes e moitos outros do coñecido como *“Clan de la Dehesilla”*, un semilleiro de abducción neoliberal de xestores de gobernos presuntamente de esquerdas.

En setembro de 2011, cando nace NCG Banco con J.M. Castellano como presidente, diante das persistentes dificultades para captar o capital imposto polo FROB de investidores privados²³⁶, reiteraba a proposta de que entrase no capital de NCG Banco a Xunta de Galicia (LVG 12/9/2011). Pero a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia nese mes de outubro, mentres acusaba cunha man ao Goberno Central de querer privatizar as Caixas, coa outra non achegaba nin un euro para entrar no seu capital²³⁷. A Xunta de Galicia axudaba así de feito a acelerar o mesmo que denunciaba: vender rápido a prezo de saldo. O que nos afastaba tamén da folla de ruta de Bankia. E facíao a mesma Xunta de Galicia que tiña proposto a quen naquel momento era máximo directivo de NCG Banco.

Cinco meses mais tarde, en febreiro de 2012, este columnista diante das reiteradas presións do Banco de España e do FROB para capitalizar ou vender a entidade, reiteraba aquela demanda e alertaba dunha máis que probable asimetría²³⁸: *“La Xunta debiera arrimar el hombro y ayudar a abrir ese escenario en favor de la economía regional. Como si de una Baviera alemana se tratase. No sea que solo se vayan a hacer trajes a medida —centrípetos— para Madrid”* (LVG 5/2/2012). Pero nin a Xunta moveu ficha para evitar ir a escape cara a venda de NCG Banco, nin o Goberno Central (FROB) ía ter a paciencia con NCG Banco que sabemos tería coa sistémica e castiza Bankia. Un mes mais tarde, marzo de 2012, mallaba de novo no argumento e na previsible asimetría á vista da pasividade investidora da Xunta de Galicia: *“El gobernador del Banco de España el que en vez de dimitir por abducción financiera, puso en marcha una gigantesca cortina de humo (desamortización la llamó Antón Costas) para acabar con la biodiversidad en el sector, generar un peligro sistémico madridista y subastar entidades nacionalizadas a ritmo exprés”* (LVG 7/3/2012). Máis, ao mesmo tempo, lembraba as responsabilidades internas que, dicía mais atrás, nos levaron por aquí a niveis de insolvencia que impediron seguir a folla de ruta de Kutxabank ou Caixabank.

236 Sen por en cuestión o perfil de alto executivo de empresas do Sr. Castellano, axustado a proposta da Xunta de Galicia para NCG en 2011, é obvio que para o recrutamento de investidores galegos tiña un hándicap: o seu desentento recente (previo á venda de Unión-Fenosa a Gas Natural, hoxe Naturgy) co principal grupo investidor galego do que fora outrora grande protagonista. Pois Pontegadea-Inditex (https://es.wikipedia.org/wiki/Amancio_Ortega) con 73.000 millóns de capital (e con inversións enerxéticas e inmobiliarias) superaba en 2021 en nove veces o capital do BSCH (8.200 millóns, https://es.wikipedia.org/wiki/Banco_Santander) e tamén o seu valor bursátil. Era ese un non pequeno handicap para o citado executivo do que supoño eran conscientes os que o levaron a Presidencia de NCG Banco. O que non quita para que tivese éxito no recrutamento dun investidor-comprador de fora do país.

Inditex que xa contaba dende 1997 con Carlos Espinosa de los Monteros no seu consello (Villena 2019: 151) reforzaría en 2005 a súa anclaxe coas redes capitalistas de poder españolas coa fichaxe de Pablo Isla que sería CEO, vicepresidente e presidente do grupo (entre 2005-2022), xusto relevando a José María Castellano. Isla fora Director Xeral de Patrimonio do Ministro Rodrigo Rato e logo presidente de Logista, empresa resultado da privatización de Tabacalera por ese mesmo Ministro en 1999.

237 Sobre o papel da Conselleira de Facenda da Xunta nesta etapa ver Villena (2019: 219)

238 Titulaba a columna: *“Tercer asalto: subastas a presión”* (LVG 5/2/2012)

Responsabilidades tanto, ex ante, na orixe do tsunami financeiro, *"adicción al negocio mágico del ladrillo, a inversiones en mercados cautivos (concesiones de autopistas o de la energía) o al infame corralito de las preferentes"*, como, ex post, na ausencia dos grandes investidores autóctonos: *"los restos de este nuevo naufragio gallego se merecen más atención inversora que unas torres de hormigón (en Madrid o en París)"* (LVG 7/3/2012). Por caso na carteira de Pontegadea.

No mes de maio de 2012 resumín así a vía de saída sen ánimo de lucro de Kutxabank ou de Caixabank, pero tamén a venda rápida de NCG Banco fronte a longa espera que se ía ter con Bankia: *"Mientras en el resto de España unos hacían balance de la burbuja financiero-inmobiliaria con aprobado alto (catalanes y, sobre todo, vascos) y otros con un suspenso muy aireado (las cajas gallegas), en Madrid predicaban una cosa y hacían la contraria"* (LVG 11/5/2012). Muxindo daquela -o FROB e o Goberno- o pacífico relevo do Sr. Rato por Goirigolzarri na presidencia daquela entidade. E así no crucial mes de decembro de 2012, momento en que o FROB tomou o mando absoluto de NCG Banco investindo máis de cinco mil millóns de diñeiro público, xa era manifesta a dobre velocidade da que falara seis meses atrás: *"unos pequeños bancos rescatados que se van a liquidar o vender por un euro a toda pastilla, y un banco de gran tamaño -Bankia-, ahora público, al que se le permitiría continuar por ser sistémico"* (LVG 2/12/2012). E diante diso reclamaba un camiño ben distinto; que, non sen retransa, nomeaba como dous milagres: *"De manera que mi primer milagro consistiría en declarar sistémicos (es decir, con derecho a continuar una regenerada vida) los pequeños de ámbito regional y trocear el grande y, hecho esto, mi segundo milagro consiste en que permanezcan como entidades controladas públicamente, evitando malvenderlas o liquidarlas"*. Nin se faría unha cousa nin a outra. Bankia, oito anos máis tarde, sería absorbida por Caixabank (engordando un novo risco sistémico), e NCG Banco -antes de que pasaran dous anos- deixaría de estar controlada publicamente²³⁹.

Sigamos coa crónica. Meses mais tarde, en setembro de 2013, cando xa estaba moi cerca (pois sería en novembro) que o FROB convocase a poxa por NCG Banco, e xa se producira a venda da rede deste Banco en Asturias e León (EVO Banco) a un fondo de investimento norteamericano²⁴⁰, mentres a Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia avaliaba todo isto como unha maior viabilidade para NCG Banco, eu escribía xa case o epitafio da entidade sen ánimo de lucro: *"...ahora queda la madre del cordero, que entre el FROB y la SAREB nos ha costado a todos cerca de diez mil millones de euros de impuestos a pagar a largo plazo: NCG Banco ya saneada ... [pero] ... a una banca pública no se la espera (a pesar de que son públicos todos los millones en*

239 Días mais tarde (LVG 14/12/2012) reforzaba este argumento co referente do modelo alemán de caixas rexionais de mediana dimensión. Remontándose a Alexandre Bóveda defendía un Banco galego público Beiras (2008: 57)

240 https://es.wikipedia.org/wiki/EVO_Banco

juego)" (LVG 10/9/2013). O título da columna era "*Bancos públicos en tránsito*". Pois só coa entrada da Xunta de Galicia no capital da entidade podía terse diferido a poxa do FROB ao menos co ritmo e prazos que se aplicarían ao caso de Bankia.

- 108 Vou rematar esta crónica da desfeita das Caixas galegas no 15 de nadal de 2013. Nese intre xa o FROB tiña convocado a poxa por NCG Banco e só faltaban apenas tres días para coñecer que o adxudicatario sería un grupo financeiro venezolano (BANESCO) por riba das "ofertas" de BBVA²⁴¹, Santander²⁴² e Caixabank²⁴³ é dicir, do oligopolio do capitalismo de amiguetes financeiros de España que viñan facéndose con entidades por un euro.

No que sería o meu canto do cisne sobre este asunto deixei escrito: "*Sobre el papel habría cuatro posibilidades en la privatización de Novacaixagalicia Banco (NCG). Si se excluye por sacrilego -sigo sin entender por qué después de los miles de millones enterrados por los contribuyentes- la de seguir como banco público de ámbito regional*" (LVG 15/12/2013). Polo menos seguir tanto tempo como se lle ía permitir a Bankia²⁴⁴ que, algo é algo, retería aínda un 13 % do capital na súa fusión en marcha con Caixabank (vía FROB), mentres a Fundación La Caixa (sen ánimo de lucro) tiña outro 30 %. Case a metade do capital sen ánimo de lucro na entidade financeira resultante, un capital que en Abanca é cero²⁴⁵.

Coa precedente revisión das análises que escribira entre 2010 e 2013 penso que quedan ao menos claras dúas cousas. A primeira que fun venteando con certo tino e anticipación o que finalmente foi ocorrendo coas desaparecidas Caixas de Aforros galegas: banca privada pura e dura. Tamén creo quedan claras as teimas e responsabilidades dos axentes principais, por activa ou por pasiva, deste "éxito", tanto dos centrais como dos autonómicos. Teimas dunha abdución neoliberal de sociedade de mercado pura e dura.

A segunda será comprobar que todas as propostas que este analista foi facendo para manter unha folia de ruta, distinta da transformación nun banco con ánimo de

241 En 2012 este banco vería como o FROB lle adxudicaba por 1 euro as Caixas de Sabadell e Terrassa. Aquí: <https://www.expansion.com/2012/03/07/empresas/banca/1331138347.html>

242 Este banco compraría en 2017 o Banco Popular por 1 euro (<http://blogs.canalsur.es/documentacionarchivo/el-banco-santander-compra-el-popular-por-1-euro/>); previamente o Popular fixérase co Banco Pastor por máis de mil millóns de euros (<https://galego.farodevigo.es/portada/2011/10/08/popular-compra-pastor-1300-millones-acciones/586678.html>).

243 En 2012 o FROB adxudicoulle por 1 euro o Banco de Valencia (<https://www.lavanguardia.com/vida/20180702/45578058840/supremo-rechaza-recurso-por-venta-de-banco-de-valencia-a-caixabank-por-1-euro.html>) despois de recibir 5.500 millóns de fondos públicos (<http://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/68567/109934.pdf?sequence=1>).

244 <https://attac.es/importancia-del-capital-sin-animo-de-lucro-en-la-socializacion-de-beneficios-bancarios/>

245 https://temposdixital.gal/economia/bancos-e-fundacions-as-obras-sociais-en-espana/#_ftn1

lucro, ao servizo directo da sociedade, foron caendo en saco roto. Certo que a fenda coa folla de ruta de Kutxabank ou Caixabank cavárona os seus xestores históricos ata 2010. Mentres que a fenda co itinerario que seguiría Bankia foi cousa muxida pola Xunta de Galicia e o FROB-Banco de España entre 2010-2013. Méritos dunha tropa do neoliberalismo radical que nunca tiveron na cabeza a procura galega dunha Kutxabank. E que tanto se afanaron no seu empeño que mesmo deixaron que se colase na poxa a oferta dun banco privado fora do guión celtibérico. Un banco que, moi ben asesorado, papou todo o capital sen ánimo de lucro e os milleiros de millóns de diñeiro público. Chove sobre mollado: Fenosa para Fainé, o Pastor para os Botín e as Caixas para Escotet²⁴⁶. E mentres tanto Pontegadea anda mercando inmobles no mundo fora por quince mil millóns²⁴⁷ e a Xunta de Galicia investindo no Monte Gaiás mentres paga o alugueiro do Hospital Alvaro Cunqueiro de Vigo. Desnortados²⁴⁸.

★

Como acabo de resumir no que antecede, de resultados do colapso financeiro de 2008 sobreviviron no Reino de España algunhas Caixas de Aforros transformadas en Fundacións sen ánimo de lucro, axustadas á Ley 26/2013 de Cajas de Ahorros y Fundaciones Bancarias e a Ley 50/2002 de Fundaciones²⁴⁹. Así, na actualidade destacan –de entre as entidades financeiras que contan con capital sen ánimo de lucro- polo seu tamaño: a que está por detrás de Caixabank (terceiro posto no ranking bancario español) e as que están detrás de Kutxabank (noveno posto). No primeiro caso a Fundación Bancaria La Caixa controla o 40 % do capital, e no segundo tres fundacións (BBK, Kutxa e Vital) controlan o 100 % do capital. De Unicaja (sétima no citado ranking) a súa Fundación controla o 50 % do capital.

Ben diferente folla de ruta tomaron entidades como Bankia (na cuarta posición no ranking bancario actual) que estivo controlada no 62 % polo Estado mediante o FROB, como resultado dun conglomerado de Caixas (Madrid, Avila, Segovia, etc.) que foron a quebra polas súas temeridades inmobiliarias e financeiras. Neste caso ningunha Fundación tiña aí cota de capital.

Caso aparte é tamén o de A Banca (na oitava posición²⁵⁰ no ranking), pois sobrevive por un lado a Obra Social das antigas Caixas galegas quebradas, pero *A Fundación* que a xestiona non ten ningún control de capital sobre un negocio financeiro que

246 Un metabolismo empresarial que encaixa nas redes de poder do Reino de España que analiza polo miúdo Villena (2019)

247 https://cincodias.elpais.com/cincodias/2020/08/02/companias/1596366919_580327.html

248 Beiras (2016: 99-100) enumeraba nove puntos que poderían traducirse aquí como síntomas desta falla de norte que veño reiterando.

249 Disposición 13723 del BOE núm. 311 de 2013 e BOE 310 de 27/12/2002 Sec 1 Pag 45504 a. 45515

250 Deixamos fora desta análise dúas entidades xa de menor tamaño que Kutxabank: Ibercaja (10ª posición / 90 % capital da súa Fundación) e Liberbank (11ª posición / 23 % do capital da súa Fundación)

conta como accionista maioritario cun grupo bancario privado hispano-venezolano. O proceso galego revisado na primeira parte deste apartado levaríanos a un capital no que todas as accións o son con ánimo de lucro.

- 110 Agás, transitoriamente, o caso de Bankia, temos Fundacións sen ánimo de lucro que utilizan os seus recursos en obxectivos sociais (culturais, deportivos, asistencia social, etc.) con dúas situacións extremas: en Kutxabank as Fundacións controlan a totalidade do seu capital e en A Banca que a Fundación non controla nada do seu capital. No concreto caso da fusión ou absorción de Caixabank con Bankia a cota de capital refundida da Fundación La Caixa e do FROB tendería a perder peso en favor de inversores globais como *Vanguard*, *Blackrock*, *Norges Bank*, etc. que teñen xa cotas significativas na actualidade²⁵¹. Unha absorción a cada paso máis lonxe, polo tanto, do modelo vasco de control de Kutxabank polas Fundacións (con nula presenza de accionistas privados), para acercarse máis ao control maioritario que no modelo de A Banca teñen os accionistas privados (estando aquí a Fundación subordinada ao banco e aos seus accionistas). É obvio que dende o punto de vista do control do negocio por axentes de proximidade, e do destino dos resultados do mesmo, o modelo de Kutxabank é moito máis potente socialmente que o de Caixabank e, non digamos, do de A Banca.

Non é este o lugar para realizar unha análise polo miúdo dos variados ámbitos de responsabilidade social destas entidades financeiras (como é a calidade e cantidade do emprego xerado, a accesibilidade e proximidade aos clientes, a competencia real en comisións e condicións de creto a particulares e empresas, etc.). Imos supor aquí que neses aspectos actúan de xeito moi semellante a causa do presunto ditado dunha competencia ou man invisible que en España non é por certo moi intensa²⁵². Isto así, ten especial relevo o avaliar o volume dos recursos que destinan a Obra Social que é o obxectivo esencial das súas Fundacións. Para datos recentes temos recollido a información corporativa que comentamos de seguido.

No caso de Kutxabank leemos no seu informe financeiro 2018: "*Bilbao Bizkaia Kutxa Fundación Bancaria, con domicilio social en Gran Vía 19-21 de Bilbao, tiene la facultad de ejercer el control sobre Kutxabank*". O seu resultado era de 262 millóns de euros no 2018, "*en materia social, el dividendo que se distribuirá a las fundaciones bancarias accionistas del banco con cargo a los resultados de 2018 ascenderá a 166 millones de euros,... representando la mayor aportación a Obra Social en función a su tamaño de todo el estado español*" (p. 476), de aí derivase nada menos que destinar o 63 % de beneficio para Obra Social²⁵³.

251 https://elpais.com/economia/2019/08/15/actualidad/1565865659_225611.html

252 La fusión de Caixabank y Bankia sextuplicaría la concentración bancaria de Alemania – ATTAC España

253 <https://www.cnmv.es/AUDITA/2018/17986.pdf>

A Obra Social La Caixa conta con 530 millóns, una cifra que supón o 25 % do beneficio de 2000 millóns estimado para 2018 en Caixabank²⁵⁴. En Unicaja para 2019 esperábase dotar con 39 millóns a súa Fundación, unha parte dos 172 millóns de beneficios (un 20 %); recursos que mesmo corrían o risco de caer á metade por causa da crise do Covid-19 para facer provisións²⁵⁵. No caso de Bankia, con 541 millóns de beneficio, destinou 22 millóns de euros a Inversión Social o que supón apenas un 4 % do mesmo²⁵⁶.

En resume, dos beneficios anuais para obra social, un 63 % (Kutxabank), un 25 % (Caixabank), un 20 % (Unicaja) e un 4 % (Bankia). Finalmente Afundación, que é a obra Social financiada por A Banca, e que non ten cota de capital nesta entidade, recibiu do banco uns ingresos que ascenderon a dez millóns en 2019; como queira que os beneficios de 2018 foron de 430 millóns, aquela cifra supón apenas algo máis do 2 %. No citado informe de auditoría desa Fundación leemos²⁵⁷: *“en cada uno de los años desde 2018 a 2044, ABANCA aportará 5 millones de euros más, en su caso, una cantidad complementaria hasta alcanzar el 3 % de los beneficios que obtenga ABANCA en cada uno de los años 2018 a 2043”* (p. 27). De xeito que aquí o horizonte é, polo tanto, do 3%. Co que estariamos máis cerca do modelo dunha entidade bancaria sistémica como o Santander²⁵⁸: na que todo o capital o é con ánimo de lucro, e con apenas un 1 % dos beneficios destinados a súa obra social.

A tipoloxía que se deriva do que antecede é sinxela de resumir: canto maior é o control dos accionistas particulares (A Banca), e nulo o da Fundación, menor é a porcentaxe de beneficios para Obra Social (2 %). E canto maior é esa cota de accións da Fundación (en Kutxabank) maior é esa parte nos beneficios (63 %) para Obra Social. Trinta veces máis en Kutxabank que en A Banca. Nunha situación intermedia estaría Caixabank cun 25 % dos beneficios para os obxectivos sociais dunha Fundación que controla o 40 % do capital²⁵⁹. Ou Unicaja cun 20 % e 50 % respectivamente.

Situación insólita, e transitoria, é a de Bankia que sendo pública nun 62 % apenas destina un 4 % do seu beneficio a súa Obra Social. Claro que Bankia non debera tomarse como un exemplo de normal xestión pública, senón un banco zombi á espera dunha festa para tiburóns financeiros. Mentres tanto todos os seus beneficios destínanse a

254 <https://www.europapress.es/economia/finanzas-00340/noticia-caixa-ampliara-2019-presupuesto-obra-social-530-millones-20160129102716.html> e <https://es.wikipedia.org/wiki/CaixaBank>

255 https://sevilla.abc.es/andalucia/malaga/sevi-zarpazo-40-millones-obra-social-y-cultural-fundacion-unicaja-crisis-covid-19-202004300725_noticia.html?ref=https:%2F%2Fwww.google.es%2F

256 <https://es.wikipedia.org/wiki/Bankia> e <https://www.bankia.com/es/gestion-responsable/sociedad/inversion-social/>

257 <https://www.ceca.es/wp-content/uploads/2015/04/Libro-Mapa-fundaciones.pdf> e <https://www.afundacion.org/docs/galeria/FGOS+Informe+CCAA+2019.pdf>

258 <https://www.santander.com/es/sala-de-comunicacion/actualidad/banco-santander-ayudara-a-4-millones-de-personas-hasta-2021-a-traves-de-sus-programas-de-accion-social>

259 https://elpais.com/economia/2019/08/15/actualidad/1565865659_225611.html

tapar o buraco público que provocou. Tal sería a súa abraiante obra social. Alguén se ocupou en tecer a conciencia unha Bankia grande de máis para poder rematar dun xeito alternativo. Claro que á vista da nosa análise, para recuperar a Obra Social dese zombi, Caixabank puidera ser o tiburón menos malo. Certo que non o é para mellorar a competencia bancaria, nin para evitar o risco moral en España. Tampouco para evitar un control crecente por grupos de investidores globais da criatura resultante.

Porque para conseguir todo iso ten máximo interese, na miña opinión, o modelo de Kutxabank, e, dende logo moi pouco o de A Banca. Pero tamén nisto, como ben se ve, andamos non pouco desnortados.

3.5 Federalismo plurinacional e autonomismo centrípeto

No ano 1985 publicaba Jordí Solé Tura, que fora un dos redactores da Constitución de 1978, un ensaio que penso pode ser útil revisar case corenta anos despois²⁶⁰. Xusto agora que parte da dereita española mesmo confesa querer suprimir as autonomías, mentres non son poucas as forzas de esquerdas, nacionalistas ou independentistas que demandan por ao día neste punto a Constitución.

É esta unha disxuntiva que non é allea á particular crise social, económica e política derivada da Grande Recesión do ano 2008 no Reino de España. Pois daquela teríase posto de manifesto que a oligarquía centralista (financeira, enerxética, construtora, etc.) nel hexemónica -e a cada paso máis centrípeta- estaría subordinada á globalización neoliberal²⁶¹. Nesas circunstancias as forzas autonomistas (os socialistas e as dereitas catalá e vasca) veranse como comparsas desa subordinación e, como reacción, a autodeterminación e o independentismo²⁶² (xunto ao movemento 15M) aboarán como unha terceira vía para superala. O chamado réxime de 1978 porase en cuestión tamén porque no ano 2010 a sentenza do Tribunal Constitucional sobre o novo estatuto de Catalunya (aprobado polo Parlament e o Congreso) confirmou a deriva de feito do Estado central na imposición dun novo orde constitucional²⁶³.

En suma: a conxunción dunha crise social do modelo neoliberal global no 2008 coa parálise federalizante e deriva centrípeta do nacionalismo español no ano 2010 alimantarán a vía de saída independentista como posibilidade para unha sociedade -por caso catalá- máis decente. Co resultado de que uns e outros obstaculizarían

260 Titulado “*Nacionalidades y nacionalismos en España*”, Alianza Editorial, 1985; cando no texto deste apartado só citamos a páxina referímonos sempre a este ensaio de Solé-Tura.

261 Detalla isto moi polo miúdo Villeno (2019)

262 Xa no ano 1985 Solé-Tura referíase ao independentismo como unha fuxida cara diante na que un pode meter todo o que desexa (p. 187).

263 Esta sentenza situaría nunha “*corredoiira sen saída*” o desenvolvemento federal do Estado autonómico, Caminal, M. (2013) “*Trilogía federal*” (Sin Permiso, 2018). Nogueira (2012: 225 e ss.) sostería que foi un “*golpe baixo a todo o sistema estatutario*”.

(en sentidos contrarios) a folla de ruta dun horizonte federal para o actual Estado autonómico. Neste contexto si, como veremos, no caso do Reino de España as nacionalidades carecen de soberanía en favor dunha única nación española, e esta ven cedendo boa parte dela a unha federación débil como a Unión Europea (e ao BCE na eurozona) teremos unha crecente subordinación a unha *sociedade de mercado* neoliberal na que a soberanía remata en instancias sen control democrático directo. Este é un argumento a favor de construír federacións fortes (nunha UE menos confederal, ou nun Reino de España máis federal) con base ás nacionalidades, sendo unha condición crucial para vivir nunha *sociedade decente*.

Chegados a este punto convén lembrar que a actual Constitución do Reino de España concretou o marco xurídico da transición dunha ditadura, derivada dun golpe militar, a unha democracia parlamentaria. E fíxoo sobre a base de dúas disxuntivas: Monarquía fronte República, e Autonomías fronte a Federalismo. No primeiro caso a xefatura do Estado vai ser hereditaria pola dinastía dos Borbóns (fronte a elección democrática do presidente da República), e no segundo o Reino de España pasará de ser un Estado unitario a estar integrado por nacionalidades e rexións cunha certa autonomía, pero sen capacidade de tomar a decisión de separarse²⁶⁴ (fronte a decisión voluntaria para federarse ou separarse que si terían nunha España que fose un estado federal plurinacional). Concretaríase en consecuencia o dereito de autodeterminación só no modelo federal pois pasaríamos dunha *"unidade forzada a unha unidade consentida democráticamente"* (p. 143-144), no que *"só se pronuncia a poboación do territorio que pretende autodeterminarse"* (p. 155).

Esta opción (autonomía fronte a estrutura federal) vai explicar, entre outras moitas cousas, que a capacidade orzamentaria do Estado central sexa moi superior á das Autonomías, por unha banda, e, por outra, que estas dependan para enfrontar os seus gastos de forma decisiva dos fondos recibidos do Estado Central. Así aínda no ano 2019 o Estado gastaba²⁶⁵ o 56 % dos fondos públicos e as CC.AA. o 32 % (Banco España), mentres no 2022 a débeda total²⁶⁶ do Estado acadou o 112 % do PIB, da que a débeda das CC.AA. supuxo só un 23 % (Eurostat).

Nun Estado Federal a situación sería inversa: o Goberno Central vai depender de recursos ou bases impoñibles cedidos polas nacións federadas, sendo así que a importancia orzamentaria relativa nos ingresos de ambos (Goberno Federal e nacións

264 Tamén no proceso republicano español dos anos 1931-1932 a posición federal galega tivera que pregarse a un marco autonómico, Beiras (2016: 89, 91); unha posición tamén mantida nos anos 1950 cun enfoque europeísta, Villares (2019: 87). En 1978 teríase retornado ao autonomismo non federal do ano 1932, Nogueira (2019: 478 e 590-591)

265 <https://www.bde.es/f/webbde/SES/Secciones/Publicaciones/PublicacionesSeriadas/DocumentosOcasionales/22/Fich/do2217.pdf>

266 https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/gov_10dd_edpt1__custom_8358014/default/table?lang=en

federadas) pode chegar a ser moito máis parella. Combinándose así moito mellor o binomio autonomía/solidaridade, evitándose as nocivas competencias fiscais hoxe existentes, por medio do goberno compartido²⁶⁷.

114

*

Chegados a este punto é acaído facer un breve paréntese para concretar algunhas cifras sobre a concreta evolución da autonomía de Galicia dende o ano 1985. Despois dunha primeira fase de crecemento sostido das transferencias e dos recursos orzamentarios o volume financeiro da Xunta de Galicia sitúase por baixo do vinte por cento do PIB galego²⁶⁸, porcentaxe ao que si lle engadimos os gastos do Estado e da Seguridade Social en Galicia nos sitúan algo por baixo do cincuenta por cento do PIB que é o nivel de gasto público total medio no Reino de España.

Claro que ese vinte por cento do PIB ten unha importancia crucial para asentar unha sociedade decente na que o acceso universal e igualitario ao ensino, a sanidade ou aos servizos sociais e de dependencia permitan evitar as desigualdades que se derivarían da súa provisión polo mercado ou de favorecerse a súa privatización²⁶⁹.

*

Claro é que, máis aló dos recursos económicos mobilizados, a cuestión da autodefinición (para xuntarse ou separarse) e da soberanía orzamentaria (para acordar ceder recursos á federación) son dúas liñas mestras que distinguen unha estrutura política federal doutra autonómica, cando varias nacionalidades conforman, como é o caso, o Reino de España.

Nesta disxuntiva na miña lectura do ensaio de Solé-Tura saliento a súa explícita teima en clarificar a relación entre os nacionalismos, a esquerda e a construción presente e futura do Estado das Autonomías definido na Constitución, sempre na procura de darlle forma a un Estado federal dende os problemas actuais das autonomías. Pois xa avisaba este autor naquel ano 1985 que de non facelo *"pode desenvolverse un novo centralismo de corte tecnocrático que non só remate coutando as posibilidades de superar o vello centralismo, senón que de alas a movementos independentistas a cada paso máis radicais e máis amplos"* (p. 15). Xusto nesas é que rematamos.

267 A federación como un *pacto de Estado entre Estados*, no caso do Reino de España concretaría un *federalismo plurinacional*, Máiz (2008: 245-246, 257, 284) fronte ao monista federalismo nacional dos EE.UU.

268 Destes recursos a día de hoxe só seis de cada cen euros que xestiona a Xunta de Galicia son fondos procedentes da UE. Para os anos 1985-1998 ver IGAPE (2000: 50) e, sobre todo, Díaz (2010). Tamén Cao (2004: 7).

269 Algo que avaliaremos ao final deste epígrafe e, máis adiante, no apartado 4.3.; citaban ese 20 % autonómico como metade do gasto público realizado en Galicia, Fernández, X. e López, E. (2000: 19) e facían unha análise para o período 1980-1996 nas pp. 267 e ss. Ver tamén Cao (2004: 319-327) que defende *"un goberno potenciador do mercado"*.

Pero, ¿é posible facer federalismo plurinacional de fondo dende o actual marco autonómico?. Solé-Tura suliñaba xa daquela (p. 59) “*as potencialidades federais e solidarias*” ou “*sacar a flote todo o contido federal que ten o Estado das Autonomías*” (p. 66) fronte ao camiño do independentismo. Aínda que el mesmo recoñecía profundas contradicións no Título VIII, e no artigo 2 da Constitución, que farían difícil conseguilo. Limitacións e contradicións derivadas de que en 1978 non se concretou en España un proceso constituínte clásico senón un compromiso ou “*empate*” entre posicións antagónicas singularmente na cuestión das autonomías²⁷⁰. El chamaba “*empate*” (p. 75) ao que ten toda a pinta de ser unha cesión derivada de que, nas súas palabras, “*a oposición ao franquismo non conseguiu, a fin de contas, ir máis lonxe, non foi quen de converterse nun amplo movemento popular organizado e dirixido por líderes recoñecidos como tales*” (p. 73). Sendo así que cara ao final do seu ensaio (p. 196) mesmo asume que “*cedimos*” e estivemos “*demasiado á defensiva*”.

A disxuntiva era ter nun caso un Estado federal composto con catro Estados (Cataluña, Euskadi, Galicia e España) ao xeito dos Estados Unidos ou Alemaña, en troques dunha España con dezasete Autonomías²⁷¹ (de primeiro ou segundo nivel como se arbitrará: cinco nacionalidades -tres históricas máis Andalucía e País Valenciá- e doce rexións). Situándonos máis aló dunha simple rexionalización, como pode considerarse o caso de Italia ou, máis aínda, Francia. Será un compromiso entre unha rexionalización e os nacionalismos periféricos, na procura de resolver ao mesmo tempo a descentralización dun Estado e a articulación da súa plurinacionalidade²⁷².

Nesas coordenadas, ¿cales eran as concretas contradicións²⁷³, obstáculos e dificultades das que falaba Solé-Tura para que un sistema autonómico forte non se poidese asemellar -co paso do tempo- a un sistema federal?. Neste punto remítenos a un primeiro anteproxecto da Constitución (BOE 5.1.1978) máis federalizante que fora

270 Para Galicia este compromiso autonómico concretaría mesmo un avance máis aló do posible naquela conxuntura do ano 1981, segundo Martínez (1991: 112-113), cito por Fernández, X; Baamonde, A.; Martínez, R. e Iglesias, B. (1991)

271 Analiza esta disxuntiva dende Galicia, Beiras (2008: 41, 55, 295 e ss.) e máis de vagar en Beiras (2007: 182-247) con oito pezas vertebrais dunha folla de ruta plurinacional. Para Barreiro (2005: 116) en Galicia mesmo o proceso autonómico non foi gobernado por nós, foi arrastrado e sen folgos propios; Villares (2022: 46) cualifica de “*resultados desastrosos*” os do referendo galego de 1980. Será mérito de Camilo Nogueira (2012: 220 e ss.) (2019: 600), tomando pé neste borroso punto de partida, definir progresivamente unha folla de ruta de esquerdas autonomista e federalizante.

272 Barreiro (2005: 15) cualifica este proceso como “*descentralización territorial do poder do Estado*” e cualifica a posición da dereita en Galicia de “*rexionalismo de oportunidade*” cunhas pingas de clientelismo centrípeto madrileño (op. cit. p. 79 e 84). Un rexionalismo canteira de man de obra centrípeta (Franco, Fraga, Rajoy, Feijoo, ...) dende hai séculos, Villares (2019: 105). Sendo así que en febreiro de 2024 esta alternativa foi quen de acadar unha nova maioría social para seguir no Goberno da Xunta de Galicia, defendendo a unidade dunha España rexional e provincial, non prurinacional: <https://temposdixital.gal/a-contratempo/fejoo-rueda-elecciones.html>. Desnortados, provincianos e minguentes.

273 Enumeran, máis recentemente, sete liñas e cinco ámbitos non federais Fossas, E. e Requejo, F. (eds.) (1999: 285 e 292, 323-24, 335-336), sete liñas que habería que embridar a partir de hoxe.

moi contestado (p. 94-95) e rebaixado (BOE 17.4.1978) incorporando os tópicos²⁷⁴ “*indisoluble unidad*” e “*indivisible*” xa no artigo 2, e só recoñecendo os dereitos forais (disp. adicional 1ª) dentro do marco autonómico²⁷⁵. Tamén sinala dous importantes asuntos do título VIII como mal resoltos. A distribución ambigua de competencias (sen unha nidia lóxica federal), sen unha “*clara delimitación das competencias respectivas*” que dise “*garantías xurídicas contra de involucións centralistas*” (p. 115), así como no financiamento (p. 111).

No financiamento a lóxica federal é evitada na medida en que as autonomías “*dependen totalmente da capacidade recadatoria e da vontade redistributiva do Poder Central*” por unha banda, mentres nas forais con concertos estamos diante “*de departamentos fiscais case estancos*” (p. 118). Non son as nacionalidades e rexións en ningún dos dous casos as que asumen unha carga redistributiva partillada. O sistema autonómico deixa, en fin, a resolución destes dilemas e moi probables conflitos no Tribunal Constitucional supondo que este vai ser en xeral proclive ao poder Central, mesmo pola vía torta de evitar “*agravios comparativos*” entre nacionalidades e rexións.

Ben é certo que si esa dependencia dos ingresos do Estado erosiona a mutación federal non é menos certo que existen “*rasgos federalizantes en desenvolvemento*” ou “*formas operativas de federalismo*” sobre todo asociadas á ampliación do Estado de Benestar (na sanidade e ensino públicos). Sendo así que as Comunidades Autónomas entre os anos 2002 e 2023 pasaron de anotar un 38 % do emprego público do Reino de España a pasar a ter o 59 % do mesmo. Co que aquela asimetría en ingresos fiscais é xa moito menor en cotas de emprego público²⁷⁶ (entre o Estado e as CC.AA.).

Pero vai ser na “*subsistencia de elementos fundamentais do Estado centralista*” (p. 133) onde o sistema autonómico atopará máis obstáculos para asemellarse a cada paso máis a un federal. E aquí a continuidade das provincias (art. 137) supón a maior corrosión centrípeta do modelo. Tamén o Senado como cámara inútil²⁷⁷, na estrutura xudicial, na duplicación das forzas de seguridade e na incomunicación das forzas armadas e de seguridade coas autonomías (por caso coa súas bandeiras e linguas). Un modelo de Estado dual no que demasiado a miúdo a lóxica centrípeta se impón a autonómica.

274 <https://app.congreso.es/consti/constitucion/indice/titulos/articulos.jsp?ini=1&fin=9&tipo=2>

275 <https://app.congreso.es/consti/constitucion/indice/titulos/articulos.jsp?ini=1&fin=4&tipo=3>

276 <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4221&L=0> ; tamén anotaba o papel do sector público Vence (2005: 129).

277 Sobre a conexión das provincias (útiles centrípetas) e o Senado (inútil) ver Caminal, M. e Requejo, F. (eds.) (2009: 505-506); sobre a centralización do século XIX que nos converte en rexión de catro provincias ver Villares (2023: 79-80), tamén Barreiro (2005: 212-213) refire as provincias no século XIX como ferramenta centrípeta liberal.

Para superar todo isto, e sobre a base do recoñecemento de nacionalidades e rexións dentro do Reino de España, trataríase de por ao día a delimitación das competencias respectivas no contexto da actual integración na Unión Europea consonte ao principio de subsidiaridade²⁷⁸, e de artellar un sistema de financiamento con crecente autonomía das nacionalidades periféricas nos ingresos e con concretas cotas de contribución a cohesión-redistribución entre territorios²⁷⁹. Tamén axustar as provincias ao mapa autonómico actual (non só nas uniprovinciais) e asumir as linguas e simboloxía oficial en institucións do conxunto do Reino de España. Garantindo a cooperación, a coordinación e a coparticipación. En definitiva: redistribuír o poder e os recursos financeiros²⁸⁰.

Sería esta unha folla de ruta federalizante plurinacional, nas antípodas da rampante corrosión centrípeta nos tempos recentes do modelo autonómico, e con un nido senso e vocación federal (en verbas de Solé-Tura: “... *funcionando como un auténtico Estado federal*, aínda que non se chame oficialmente así”, p. 161) sen precisar a corto prazo unha reforma a fondo da actual Constitución²⁸¹, e que podería respaldarse nun referendo consultivo por exemplo, xa de entrada, en Catalunya.

Algo que considero pode tentarse facer segundo o artigo 92.1. da Constitución e o artigo 6 da Ley 2/1980; pois para o artigo 3.2. desta Lei a consulta de referendo pode celebrarse ben en todas as provincias ou ben só nas afectadas²⁸² (por caso as catalás, ou as galegas). E, daquela, autodeterminarse podería así concretarse non só en respaldar ou non a independencia nunha consulta, senón tamén no dereito a decidir manterse nunha concreta integración no Reino de España. Axustada a unha concreta axenda de mutación plurinacional federalizante do actual réxime autonómico como aquí se esbozou²⁸³. Respalda unha concreta integración federalizante e plurinacional suporía autodeterminarse, aínda que sería facelo nas antípodas de “consumar a secesión” ou unha “*independencia de Cataluña*” que tería moi doado declarar ilegais o Tribunal Constitucional. Como xa sucedeu en 2017 coa ley de re-

278 “*As unidades superiores só deberán asumir as funcións que as inferiores non sexan quen de executar*”, Letamendía, F. (1997: 173), tanto EM na UE como rexións nos EM.

279 Falar menos de solidariedade e máis de redistribución, Beiras (2016: 112)

280 Concretan tres tipos de acordos federais en cinco áreas básicas para o Reino de España, Caminal, M. e Requejo, F. (eds.) (2009: 222-223).

281 Na liña do que propuña, xa hai dúas décadas, Fossas, E. e Requejo, F. (eds.) (1999: 296-297), “*non esixiría forzosamente acudir a modificación constitucional para realizar todos os cambios sinalados*”. Para Baamonde (2012: 185) a situación de partida actual sería “*case-federal*”. Beiras (2016: 114) considera imprescindible unha futura reforma Constitucional para dar acomodo aos oito eixos dun Estatuto de Nación, pero mentres propón unha previa “*reforma estatutaria*” con ese norte (op.cit. p. 110-113 e 116)

282 https://www.congreso.es/constitucion/ficheros/leyes_espa/lo_002_1980.pdf

283 Do contrario, como xa se nos alertou hai dez anos “*o tempo federal está a ser rebordado polos acontecementos, ou se asume con valentía un pacto de Estado entre todas as forzas democráticas para un desenvolvemento federal e plurinacional do estado autonómico ou ...*”, Caminal, M. (2013) “*Trilogía federal*” (Sin Permiso, 2018)

ferendo do Parlament de Catalunya, ou cando no 2014 anulou a consulta, e no 2015 declarou nula a ruptura (república independente) co resto de España.

★

118 Fronte a estas posibilidades federalizantes entre as nacionalidades periféricas sería inxenuo obviar as ameazas centrípetas da sociedade de mercado no Reino de España²⁸⁴. Nese sentido nada mellor que analizar a lóxica territorial de Madrid para entender do que estamos a falar. Pois os case sete millóns de habitantes da Comunidade de Madrid conforman unha das maiores concentracións urbanas da Unión Europea, achegándose ao grupo de trinta mega urbes que superan os dez millóns de persoas no mundo, na súa maioría en Asia-Pacífico. Sendo así que Madrid non ten parado de gañar peso demográfico no conxunto de España²⁸⁵.


Sen dúbida porque ao factor capitalidade do Estado engadiu o feito de térselle feito un traxe a medida (a diferenza de Barcelona ou Bilbao) como capital-provincia que é, ao tempo, Comunidade Autónoma, para así dispor dun espazo vital de mega cidade rexión. Mega urbes que son centrípetas cara o seu país e que tenden a desprazalo como referentes externos, e que son pouco resilientes. Sendo así que, por exemplo, na pandemia Covid-19 as conexións directas (aéreas e de negocios) madrileñas coa mega urbe de Wuhan na China explícanos a expansión inicial do desastre nesa área urbana española, pero tamén deixaron a Madrid (e de rebote a todo o Reino de España) en dependencia absoluta duns aprovisionamentos (máscaras, equipos de protección, etc.) que viñan das mega urbes industriais chinesas. Só poucas empresas globais foron quen de acadar algún remendo aéreo con China nesa desfeita. E a mesma pouca resiliencia volveu a agromar (un Mercamadrid radial colapsado) nun recente temporal de neve.

O papel global de Madrid é a cada paso máis de conexión e de servizos. Así se explica que hoxe só doce de cada cen ocupados faga alí algo material, mentres máis de cincuenta de cada cen son técnicos ou xestores de todo tipo de servizos, por non falar dos de ocio, entretemento ou persoais (aquí con inmigración). Unha especialización no inmaterial que arrincou do seu papel burocrático administrativo centralizador, pero que hoxe se alimenta de xogar o mesmo papel coas tecnoloxías dixitais, o big data, a nube ou o 5G. Por caso a empresa global *Interxion* canaliza dende Madrid máis da metade do tráfico de internet de España. Un grande buraco dixital, xa non só eléctrico como exemplo de manual.

284 Pode que por eso Beiras (2008: 176) chegase a afirmar que *“a economía galega non é nin foi nunca unha totalidade, unha estrutura autónoma de seu”*.

285 Baamonde (2012: 191)

Generación media – demanda media (2008)



119

ELECTRICIDADE NA MEGA URBE MADRILEÑA

Fonte: Rede Eléctrica de España²⁸⁶

Case todas as cousas físicas i esenciais (alimentos, enerxía ou manufacturas) chéganlle de fora ou só pasan por Madrid. O que non quita para que Mercamadrid figure como segundo mercado do mundo (por tras de Tokio) en peixe e marisco. Sen comentarios. Barajas será a ferramenta chave neste control centrípeto e de referencia exterior, e o Real Madrid a súa marca mundial de servizos, ocio e recrutamento global. Así o grande buraco que visualiza a nula resiliencia eléctrica de Madrid é, á súa vez, resultado dunha estratexia de captura radial do resto de España que paso a revisar brevemente en varios eixos: autoestradas, ferroviarias e aéreas.

A captura radial ferroviaria de Mega Madrid Market tivo no ano 2000 un novo punto de inflexión. O daquela inquilino de La Moncloa prometía en dez anos unha rede ferroviaria de alta velocidade que "*situará a todas as capitais de provincia a menos de catro horas do centro da península*". E xa en 2010 o Ministro de quenda remachaba "*que todas as Comunidades Autónomas estarían a tres horas e media do centro peninsular no seu punto máis afastado*". Branco e en botella: centrípeto²⁸⁷. Chovendo sobre mollado dende o ano 1865. Pero tamén sen aproveitar a dobre oportunidade que a modernización ferroviaria reclamaba: unha perspectiva transversal (para nós Ferrol-Porto) e de rede urbana interna, máis un uso non exclusivo para pasaxeiros moi acelerados. Pois os gurús centrípetos do capitalismo castizo deseñaron unha

²⁸⁶ Ver aquí (páxina 17): <http://www.fundacionenergia.es/pdfs/UIIMP%2007/22.%20Luis%20Atienza.pdf>

²⁸⁷ Pola súa banda Fernandez, X. e López, E. (2000: 59) cualificaban de "*polarizado*".

rede incompatible co tráfico de mercadorías e de proximidade. Que só tería sentido en liñas de moi alta densidade de tráfico, cousa que nin Sevilla ou Barcelona garanten. E a esa miopía engádeselle a de deixar fora da súa funcionalidade os portos e, como pouco, o tránsito de contedores. Con estes vimbios técese un despropósito de tamaño mega quilométrico semellante a rede de Xapón ou Francia ... pero que non move nin a quinta parte dos pasaxeiros que o usan neses países. E iso malia a que os billetes están subvencionados ao non soportar os custes da infraestrutura. En prata: que os que vaian ou pasen por Madrid farano por conta tamén de todos os que non vaíamos nunca. Así se constrúe Mega Madrid Market, coa súa man invisible.

Claro que a captura radial de autovías e autoestradas xa fora un capítulo non menos de toco mocho. E nótese que aquí (dada a exclusión das mercadorías do canal ferroviario) as ringleiras de camións de transporte pesado serán infindas. Pois ben, neste caso a rede radial dende ou cara Madrid estará libre de peaxes durante décadas e financiámola todos a escote (usuarios ou non), mentres que a rede transversal (poñamos por caso ir dende Ferrol a Vigo) pagámola do peto os usuarios. Un pode ir de Vigo a Madrid case de balde de peaxes, pero si vai cara Ferrol pagará unha factura que non para de medrar. ¡E mesmo con ampliación da concesión por moitos anos máis²⁸⁸!. Provincianos e desnortados berrando: ¡Viva a mobilidade competitiva cara Madrid Market!. Daquela, aínda que deixemos fora o escándalo das axudas públicas e o rescate das autoestradas do cinto madrileño o “modelo” (tal como sucedía coas liñas AVE) fuxe de tratar todos os destinos por un igual. Por exemplo cunha peaxe branda de todas as vías de alta capacidade do país²⁸⁹.

A estratexia centrípete e radial aérea non é menos prosaica. Así, entre 1985-2008, o investimento acumulado por AENA en Barajas duplica a cota que ese aeroporto ten no tráfico aéreo. Sendo así que o resto do sistema (nomeadamente os turísticos de Canarias ou Baleares) virían financiando as melloras aéreas de Mega Madrid Market. Este anel centrípeto péchase co control centralizado dos dereitos de aterraxe e despegue, máis unha distribución centralizada dos tráfico internacional²⁹⁰.

Claro que xogar, con estes trucos, na liga das mega urbes globais ten o seu prezo nestes tempos de globalización. Non só en resiliencia, tamén en perda de control. Así hoxe “*El País*” é cousa dun investidor franco-armenio. E a maior parte das empresas do IBEX35, si ben teñen a súa sé operativa en Madrid, han de dar contas a fondos globais como *Vanguard* ou *Blackrock* (Bancos Santander e BBVA incluídos), men-

288 Do ano 2000 ao 2048 con Fraga e Cascos ao mando, Baamonde (2012: 170). En febreiro de 2024 ese mesmo partido foi quen de acadar unha nova maioría social para seguir no Goberno da Xunta de Galicia para defender esa unidade da España rexional e provincial, <https://temposdixital.gal/a-contratempo/fejoo-rueda-elecciones.html> . Desnortados, provincianos e minguantes.

289 Sobre a base, para o caso galego da Autoestrada do Atlántico, da reversión para o Estado da concesión privada prolongada polo goberno do PP de José María Aznar no ano 2000 ata o ano 2048.

290 Sobre forzas centrípetas e de aglomeración ver Alonso (2006: 49, 58).


tres operan en paraísos fiscais²⁹¹. Porque hoxe a secesión máis gorda dos ricos está neste punto e non tanto, que tamén, no gorroneo do sistema fiscal do Estado (coas residencias denominadas Golden Visa) ou da Comunidade Autónoma respectiva.

É con estes vimbios que Madrid tece o seu cesto de renda por habitante media máis alta de España. Un curioso cesto de éxito. Pois mentres Galicia é campión en vender máis mercadorías das que importamos, Madrid (e Barcelona que vai polo mesmo roteiro) teñen un déficit exterior xigantesco fora de España, varias veces a media española. O truco vai de que estas compras fora de escala son para colocar no resto de España, e, con eses mercados internos de bens e de servizos conseguen un moi superior saldo externo total que o de Galicia. Sendo así como, despois de compensar a electricidade ou os alimentos do mar que precisan, sacan bo proveito da unidade de mercado español. Sen que, por certo, os saldos fiscais que ceden a esoutros territorios clientes, e sen os que non terían mercados abondo, sexan máis que un investimento en demanda efectiva. Pois non poderían facturar iso que importan das cadeas globais de valor (o porto de Valencia é hoxe a súa entrada asiática), e, daquela o recadado como propio por valor engadido ou sociedades caería en picado. 121

Contan con territorios clientes dentro de España (a chamada España baleirada) que, para máis mérito, lle permite a Madrid anotar e compensar o maior déficit ecolóxico dentro de España, entre as súas bio capacidades e a súa pegada ecolóxica²⁹². Mesmo deixando que Galicia anote, por caso como pegada ecolóxica propia, a asociada a electricidade ou ao aluminio que finalmente só remata obedecendo á lóxica global de Mega Madrid Market. O que non quita para que este Mega Madrid sexa unha das cidades globais europeas con máis problemas de contaminación e mortalidade asociada. Tamén vai camiño de ser unha probeta perfecta para soñar con que as baterías eléctricas (autos, patíns) serán unha solución verde e libre. ¿Cargadas con electricidade nuclear de Estremadura?, ¿ou con encoros e vento das provincias de Sanchencho?. Porque a escala e tamaño de Madrid é unha bomba de sostibilidade, de resiliencia cero e de acumulación de incertezas asociadas ao seu encaixe na lóxica das sociedades de mercado globais. Como se ten posto de manifesto na pandemia do Covid-19 e en temporais de neve.

291 Ver infografía aquí: https://elpais.com/economia/2019/08/15/actualidad/1565865659_225611.html

292 Ver aquí (páxina 21): <http://www.factoria3.com/documentos/huellaeologica%202007.pdf>



Consumos de electricidade

Fonte: Rede Eléctrica Española²⁹³

Á súa vez esta mega urbe forza un encaixe centrípeto do resto de España, Galicia incluída, que convive mal con dinámicas centrífugas e transversais favorecedoras dun desenvolvemento territorial menos polarizado e radial. Tamén menos insostible social e ambientalmente, máis resiliente, menos mega. É por iso que chama a atención que no *Plano de Recuperación*²⁹⁴ que en 2020 definiu o Goberno, para ver de evitar colapsos como o do Covid-19, non se faga referencia algunha á unha deconstrución do Mega Madrid Market que aquí temos radiografado. Para quedar parvos: ese Madrid non existe para o Goberno como problema a reconstruír. Sen despeitearse.

Malia que contamos dende hai décadas coa acaida análise de Jane Jacobs na súa *"Morte e vida das grandes cidades"* (Capitán Swing) para evitar que o automóbil (M30, M40) e as grandes áreas comerciais conformen a vida urbana. Pondo ela como referente o tamaño de douscentos mil habitantes de New Haven. Algo que, de paso, nos axudaría en Galicia para transitar cara unha rede urbana policéntrica de vilas e cidades de tamaño medio, conectadas entre si cun anel ferroviario, asuntos dos que me teño ocupado aquí, e veño facendo dende hai quince anos²⁹⁵. Que tería a

²⁹³ Ver aquí (páxina 16): <http://www.fundacionenergia.es/pdfs/UIMP%2007/22.%20Luis%20Atienza.pdf>

²⁹⁴ Aquí: https://portal.mineco.gob.es/RecursosArticulo/mineco/ministerio/ficheros/plan_de_recuperacion.pdf

²⁹⁵ Ver no libro colectivo *"Chaves da economía pública galega"* (Galaxia, 2006) a páxina 31, aquí: https://books.google.es/books?id=Y6CMcF_vYqEC&pg=PA31&hl=es&source=gbs_toc_r&cad=3#v=one-page&q&f=false


súa prolongación nun eixo transversal e atlántico dende Ferrol ata Porto como alternativa ao camiño radial cara o grande buraco sistémico de Mega Madrid Market. E, desnortados, nesas seguimos.

★

123

A pulsión centralizadora e centrípeta da sociedade de mercado que visualiza Madrid no Reino de España (e que se converte nun obstáculo non menor para un avance federalizante integrador das nacionalidades periféricas, máis aló da actual lóxica das autonomías) resúmese moi ben nunha breve análise das balanzas comerciais respectivas como xa avanzaba liñas atrás.

Sendo así que cando tanto se fala de revisar o encaixe territorial das nacionalidades e rexións do Reino de España, penso que ten interese avaliar as súas relacións económicas fora de España²⁹⁶ (o que se recolle no saldo comercial que ofrece o Ministerio de Comercio), pero tamén as que manteñen dentro do espazo español²⁹⁷ (que podemos deducir da diferencia entre a citada balanza e os datos exteriores -saldo total exterior- das contabilidades rexionais respectivas).



Fonte: elaboración do autor con datos das fontes citadas no texto

²⁹⁶ <https://datacomex.comercio.es/>

²⁹⁷ [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0307007002&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9621&R=4\[0\];3\[all\];0\[2022\]&C=1\[0\];2\[0\]&F=&S=998:12&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0307007002&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9621&R=4[0];3[all];0[2022]&C=1[0];2[0]&F=&S=998:12&SCF=)

Con datos recentes para o ano 2022 observamos que en Galicia o saldo comercial explica tres cuartas partes do noso saldo total. Ademais podemos precisar que a economía galega ten unha elevada apertura exterior moi por riba da media do reino de España ou de Catalunya²⁹⁸. A outra cara é que si a nosa economía exterior a día de hoxe ten superávit é porque o acadamos fora de España non co resto de España. Pois dos 3700 millóns de superávit no saldo total exterior que estima o IGE máis de 3500 informa o Ministerio de Comercio que son da confección.

Nesa gráfica tamén observamos que o conxunto do Reino de España (Total) anota un importante déficit comercial co exterior (xusto o contrario que pasa en Galicia) que se converte en lixeiramente positivo²⁹⁹ (do -5,1% de Datacomex pasa ao 1,4% do INE) por causa do turismo e os servizos en xeral no saldo total exterior.

Observamos que, neste contexto español, o encaixe comercial de Euskadi ten semellanzas e asimetrías co de Galicia. Semellanzas porque o seu desempeño comercial fora de España é semellante ao de Galicia e, polo tanto, inverso ao conxunto español. Pero asimetrías porque cando engadimos os servizos e as relacións co resto de España o seu saldo total exterior pasa a ser negativo³⁰⁰. Semella así que a día de hoxe o seu encaixe comercial no Reino de España deteriora o éxito que Euskadi consegue polo mundo fora.

Tamén se comproba que a balanza comercial de Catalunya fora de España é moi negativa e en niveis semellantes aos que anota o conxunto da economía española (-6,2 e -5,1% sempre do PIB respectivo). Pero cando observamos o saldo externo total resulta espectacular comprobar que multiplica por dez o dato positivo español³⁰¹ (14 % fronte a 1,4 %). Sen dúbida os servizos (turísticos e outros) explican nos dous casos o cambio de signo, pero o factor diferencial crucial é que a economía catalá acada un superávit co resto de España de preto de vinte mil millóns. Co que Catalunya ten un encaixe comercial co resto de España completamente distinto (superávit en troques de déficit) do que quedou anotado para Galicia ou Euskadi. Máis dependentes eles dos negocios centrípetos da estrutura comercial española actual, e menos dependentes nós.

O caso da Comunidade de Madrid leva ao extremo a lóxica territorial interna de Catalunya dentro do Reino de España. Pois observamos que ten un déficit comercial fora de España espectacular (nada menos que preto do 20 % do PIB), pero que por

298 Unha moi alta apertura exterior a causa da que temos co resto de España por funcionar como unha economía “*rexional*”, Fernandez, X. e López, E. (2000: 9, 16-17, 118)

299 <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=30680>

300 https://www.eustat.eus/bankupx/pxweb/es/DB/-/PX_170115_ccet_cet02tb.px/table/tableViewLayout2/

301 <https://www.idescat.cat/pub/?id=piba&n=13239&lang=es>

arte de maxia o seu resultado total exterior³⁰² de acordo coa contabilidade rexional supera o 6 % do PIB. Son vinte e seis puntos de PIB de diferenza que só se poden explicar por un “éxito” comercial co resto de España descomunal, e por un semellante éxito na venda de servizos (dentro e fora de España). Dous éxitos que fan a esta Comunidade absolutamente dependente do seu papel centrípeto, e pouco receptiva a calquera folla de ruta de policentrismo centrífugo para o Reino de España (por caso un federalismo plurinacional).

O último dato do gráfico (RR España) recolle os dous indicadores para o resto dos territorios do Reino de España non considerados na análise previa. A agregación permite observar con absoluta claridade o encaixe territorial comercial que aproveita Catalunya e, moito máis aínda, Madrid. Porque este conxunto diverso de rexións e nacionalidades si ben fora de España non teñen un comercio moi desequilibrado (menos do -1% do PIB) sen embargo co resto de España (e aquí Cataluña e, sobre todo, Madrid vai ser onde conseguen boa parte do seu éxito) rematan tendo un saldo moi negativo que explica o dato total de case o – 6% do PIB.

Podemos dicir en resumen que a altura do ano 2022 o encaixe comercial interno do Reino de España (das súas nacionalidades e rexións) está a alimentar un espectacular e singular motor externo para a Comunidade de Madrid, un motor que tamén beneficia -pero xa moito menos- a economía catalá. Pola contra para Galicia a día de hoxe ese motor -e esa dependencia- e moito menos relevante. Mentres o resto de España (incluída Euskadi) pagan o éxito dos primeiros. Dende outro punto de vista podemos dicir que Galicia e Euskadi son espazos máis competitivos no tocante a súa balanza exterior que Cataluña ou, moito máis, que Madrid. Pois teñen saldos positivos fora de España, mentres que para os segundos son moi negativos, e que estes só co negocio turístico e os mercados do resto de España acadan uns bos resultados globais.

★

Vimos de describir e cuantificar como a lóxica pura e dura dunha sociedade de mercado impulsa unha mega concentración urbana como Madrid que -con semellante éxito comercial- reforza así o seu papel de capital do Reino de España e da súa lóxica territorial asociada. Pero ao mesmo tempo non é menos certo que as necesidades dunha sociedade decente (relativas a cobertura dos servizos públicos que veñen sendo prestados de forma descentralizada polas Comunidades Autónomas) vanse ver non pouco desatendidas. As tensións territoriais visualizarán así esta disxuntiva: un buraco centrípeto neoliberal cun espazo comercial periférico que lle é vital, pero para o que se minimizan as dotacións para a cobertura pública das necesidades preferentes (sanidade, ensino, dependencia, etc.) polos gobernos autónomos peri-

302 <https://gestionna.madrid.org/iestadis/fijas/coyuntu/economicos/coyuntucrb13.htm>

féricos. Como se dixo ao comenzo deste apartado é nesta dialéctica, en ausencia dun avance federalizante, na que agroman crecentes posicións independentistas e secesionistas: para garantir esa cobertura e deixar de ser ese espazo subordinado á lóxica centrípeta.


Nun breve e sintético repaso a situación desa cobertura dos servizos públicos atopámonos cunha anorexia social que, si ben é xeneralizada, vaise concentrar nos territorios e nacionalidades periféricos que anoten un forte dinamismo demográfico ou de inmigración (o que deixa fora a Galicia). Dunha revisión realizada³⁰³ agregando as tres dimensións dos principais servizos públicos xestionados polas CCAA (sanidade, ensino e dos maiores) para visualizar unha sintética avaliación global de como está a resultar a cobertura pública do actual sistema de financiamento, salientan cunha puntuación máis favorable (sempre sobre a media do Reino de España) as CCAA de Castela – A Mancha, Estremadura e Galicia, sendo a máis desfavorable para as de Canarias, Comunidade Valenciana e Murcia.

O factor demográfico semella determinante desas asimetrías. Así mentres Castela – A Mancha entre 2000-2020 tivo un crecemento demográfico semellante á media española, Canarias duplicou ese crecemento³⁰⁴ (34 % fronte a 17 %, datos INE). Ou para o caso de Galicia e Murcia (gobernadas polo PP), nese período Galicia anota un estancamento absoluto da poboación (como Estremadura) mentres que en Murcia medrou un 28 %. A cousa non precisa comentarios. Ou si: vese que tal como hai unha converxencia pasiva en PIB, semella que tamén a pode haber en “mellora” dos servizos por éxodo demográfico. Unha sociedade minguante en PIB e poboación como Galicia podería verse “beneficiada” así en indicadores de PIB por habitante ou de rateos de benestar por habitante respecto a sociedades demograficamente expansivas.

A liña de tendencia nun gráfico para todas as CC.AA. amosa con claridade que o dinamismo demográfico non se leva ben coa cualificación positiva (Balears, Canarias), mentres que o estancamento demográfico axuda a que esa avaliación sexa positiva (Estremadura, Galicia).

303 <https://sinpermiso.info/textos/reino-de-espana-la-desigual-corrosion-de-los-servicios-publicos-en-las-comunidades-autonomas>

304 https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736167628&menu=resultados&idp=1254735576581



Fonte: elaboración propia

A principal conclusión deste breve análise debera ser que o actual sistema fiscal e de financiamento das CC.AA. precisa dun urxente reforzo para corrixir a corrosión dos servizos públicos (ensino, sanidade e aos dependentes) que se observa de xeito moi particular nas Comunidades cun maior dinamismo demográfico e que non poden “beneficiarse” da progresiva caída da demanda que se anota en territorios en prolongado despoboamento. Ese reforzo pasa por compensar a fenda de dous puntos de PIB que a sanidade e o ensino veñen arrastrando no que levamos de século XXI. E para iso non abonda só acadar un novo modelo de financiamento autonómico, senón se reforza con tres puntos de PIB de mellora da recadación fiscal en España³⁰⁵.

Esta conclusión fai preciso que os que predicen e se benefician das rebaixas fiscais (como sucedera nos anos de Mariano Rajoy na Moncloa en boa medida con Madrid na vangarda da competencia fiscal á baixa) deixen paso e tempo para facer xusto o

³⁰⁵ O que Angel de la Fuente denomina dúas cuestións que precisan dun pacto político: o nivel de bens e servizos públicos dos que queremos desfrutar e as condicións para financiar e nivelar o sistema, Fuente (2024: 5, punto 7)

contrario: avanzar nunha folla de ruta federalizante, cara unha sociedade decente en beneficio dos cidadáns que máis o precisan no conxunto do país.

Capítulo 04

Balances e resultados

129

Veño sostendo neste ensaio que en Galicia navegamos nunha sociedade e economía desnortada porque nin somos quen de por en acción as nosas valiosas bases produtivas (revisadas no segundo capítulo deste ensaio), nin de remexer as bases institucionais (tal como propuxen no terceiro capítulo) que dificultan o noso desenvolvemento económico e social. Non debера resultar unha sorpresa comprobar -como se verá neste capítulo- que non avanzamos cara unha sociedade inclusiva e con melloras do benestar social ao ritmo que o fan as economías da nosa contorna no Reino de España, cara unha sociedade decente como argumento noutro ensaio recente (Prada, 2023).

4.1 Unha xeración perdida: Galicia (2000-2019)

Agora que tanto falamos de *Next Generation* pagaría a pena revisar o que non fixemos ben nestas dúas derradeiras décadas para, ao menos, modificar o que non foi por bo camiño e estragou as expectativas sociais dunha xeración. Viría ben que o fixésemos antes de fuxir cara adiante con ise mantra da transición enerxética e da dixitalización. Mesmo para que os novos retos ambientais e tecnolóxicos non desnorten, aínda máis, aquelas cousas que xan non estabamos a facer ben.

Para facer balance das dúas primeiras décadas deste século –do que agora xa chamamos vella normalidade pre Covid- voume axudar dunha batería de indicadores económicos e sociais para os anos 2000 a 2019. Non convén rematar a análise no 2020 por causa de que entrou en escena un feito excepcional –a pandemia do coroa-virus- do que en 2023 aínda estabamos a saír con dificultades.

Adianto que si volvemos á vista atrás daquela vella normalidade comprobaremos que para Galicia foi ben certo o que sosteño a nivel mundial nun recente libro³⁰⁶: que

306 Prada (2021), Acceso aberto: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/358>

130

o crecemento económico pode non vir acompañado de desenvolvemento social, nin tampouco por un crecente benestar social ou ambiental. Daquela, si comprobamos tal cousa, antes de tanto falar do dixital e do verde para a seguinte xeración, deberamos tomar boa nota de onde e como estivemos perdendo o tempo coas actuais xeracións (perdidas).

Breve radiografía da sostibilidade social

Os que viven de facer de voceiros optimistas do sistema que nos goberna teñen ao menos un bo dato para repetir todas as veces que se lles deixe facelo, un dato que amplifican os medios de comunicación, e que comentan os economistas orgánicos da produtividade. É este: Galicia pasou neses últimos vinte anos dun apenas 78 % da riqueza media por habitante española a algo máis do 90 %. Aínda no chegamos á media, pero ninguén pode discutir que anotamos un acercamento -dinlle converxencia- importante. É o que se recolle no primeiro indicador deste recadro.

RADIOGRAFIA ECONÓMICA DE GALICIA 2000 a 2019	2000	2019	
RIQUEZA E POBOACIÓN			
Nivel PIB por habitante (ESP=100)	77,6	90,3	
Cota de PIB en España (ESP=100)	5,2	5,2	
Cota de poboación en España (ESP=100)	6,7	5,7	
Cota dos activos galegos en España (ESP=100)	6,5	5,4	
OPORTUNIDADES DE EMPREGO			
Cota do emprego en España (ESP=100)	6,5	5,5	
Taxa de paro total en Galicia	14,3	11,7	
Taxa de paro xuvenil en Galicia	27,1	25,5	
Nivel traballadores con salarios baixos (ESP=100)	sd	114,8	
Nivel traballadores con contrato temporal (ESP=100)	sd	100,1	
BENESTRA SOCIAL			
Cota no PIB galego das rendas salariais	45,8	43,9	
Nivel pensión media mensual (ESP=100)	83,7	84,8	
Nivel desigualdade 20/80 (ESP=100)	92,3	88,1	

Fonte: elaboración propia con datos do INE e IGE

6	peor	5	semellante	1	mellor
---	------	---	------------	---	--------

Xa de entrada hai que dicir, como se observa no segundo dos indicadores que figura no recadro desta radiografía económica, que este éxito (que por selo está en cor verde na columna dereita) non se debe a ter mellorado o noso peso na economía española, que só se mantén, como nos di o segundo indicador. Senón (obsérvese o terceiro indicador) a que a poboación galega perdeu moito peso na do conxunto do Reino de España. O noso crecemento económico foise movendo na media do conxunto de España (de aí o balance en cor amarelo do segundo indicador) pero como a poboación se mantivo aquí, mentres que no conxunto de España aumentou, resulta que é por iso que nos acercamos a media española de riqueza per cápita³⁰⁷. Se a poboación se comportase como no conxunto de España non teríamos avanzado nada. Nin sequer no primeiro indicador.

Temos aquí xa o primeiro síntoma de que Galicia non está a transformar crecemento económico en desenvolvemento social: de que vivimos nunha economía desnortada. Pois a nosa parálise demográfica é o resultado dunha natalidade e duns saldos (in)migratorios retraídos. Nin somos atractivos como destino de traballadores de fora, nin xeramos expectativas de vida para os mozos e mozas galegos. Na produción medramos ao mesmo ritmo que o conxunto de España, e só gracias ao noso estancamento demográfico conseguimos mellorar a nosa converxencia en riqueza por habitante. Que é o único logro que poderemos anotar nesta radiografía.

Pasa outro tanto coa poboación dispoñible para traballar en Galicia (poboación activa): perdemos peso no conxunto de España³⁰⁸. E, de novo, será este o factor determinante de que as oportunidades de emprego, non sendo boas, non teñan sido moito peores. Pois unha das dimensións polas que se confirmaría que o crecemento económico empurra polo desenvolvemento social sería este: se medramos e as oportunidades de emprego son mellores para unha poboación crecente. Unha oportunidade que serían crecentes se Galicia mantivese ou mellorase a cota de ocupados no conxunto da economía española. Pero sucede todo o contrario. A economía galega medra ao mesmo ritmo que o conxunto de España pero o emprego non medra ao mesmo ritmo. Medra menos. Por iso pasamos dun 6,5 a un 5,5 % do total español neses vinte anos. Pode semellar pouco. Apenas un punto porcentual. Pero é caer un - 15 %.

Mentres na riqueza por habitante gañamos trece puntos (porcentuais) no emprego perdemos quince puntos. Non transformamos crecemento económico en desenvolvemento social. E son estas menores oportunidades de emprego as que están por tras, repetímolo, da nosa parálise demográfica. Claro que con este ritmo de creación

307 Tamén recolle e suliña este problema Baamonde (2012: 29)

308 Segundo a Memoria 2022 do CES-Galicia “A taxa de actividade se sitúa en Galicia no 52,9%, por debaixo da media estatal (58,6%) e non supera o penúltimo posto entre todas as Comunidades Autónomas”
<https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

de emprego as dúas taxas de paro (total e xuvenil) do recadro si ben algo se reducen (por iso o balanço poñémolo en amarelo e non en roxo) seguen a ser moi elevadas en parámetros europeos. En vinte anos a redución das taxas de paro foi tan cativa que podemos falar da súa cronificación en niveis de depresión económica. Con oportunidades de emprego menores e probabilidades moi altas de estar en desemprego non semella que a chamada vella normalidade fose entre nós como para tirar foguetes.

Tampouco é moi positivo o benestar dos ocupados galegos nos dous indicadores que manexamos: baixos salarios e contratación temporal. Nos dous casos en 2019 superamos a media española. Pero superar a alguén en cousas nas que sería mellor non facelo non é para presumir. Mesmo crecemento económico pero peor calidade do emprego.

Completamos o recadro da nosa radiografía do período 2000- 2019 en Galicia con outros tres importantes indicadores xerais de benestar social. No primeiro deles resúmese si os traballadores gañan ou perden peso na distribución da riqueza xerada no país. E claramente se observa que o perden, o que quere dicir que a maioría da poboación perdemos recursos para mellorar o benestar social. Xa a calidade do emprego nos avanzaba que algo así podería ocorrer; tamén a persistencia de altas taxas de paro. Non transformamos o crecemento en benestar social, pois para iso a porcentaxe das rendas salariais no PIB debера manterse. Pero non o fai.

Por si quedase algunha dúbida os outros dous indicadores remachan o argumento. A rateo de desigualdade (cantas veces o vinte por cento máis rico supera a renda do vinte por cento menos rico da poboación) malia que algo se reduce en relación á media española faino aumentando en Galicia (de 4,8 a 5,2 veces). Algo que evoluciona así non pode considerarse positivo. E xa no indicador relativo as persoas xubiladas observamos que a práctica parálise do acercamento á media española na pensión mensual media tampouco pode considerarse un avance substantivo no benestar social neste 20 anos.

En resumo. Aínda que non nos houbese golpeado a pandemia en 2020 teríamos que ter cambiado de rumbo respecto do que levabamos nos últimos vinte anos (2000-2019). E facelo tendo claro como mellorar a relación entre crecemento económico e desenvolvemento social, axustando os cambios precisos para a transición enerxética (para min a palabra chave é autodeterminación como se explicou no primeiro capítulo) e os da transición dixital (aquí a palabra chave é soberanía) a esa nova relación. Volveremos sobre estes asuntos no seguinte capítulo, e final, deste ensaio.

Estou certo de que, de seguir esa folla de ruta alternativa, en 2030 o recadro de indicadores que vimos de revisar tería moitas máis cores verdes. Moito máis desenvolvemento social, mesmo, con menos crecemento. Para non ter outra xeración perdida. Xusto o contrario do que predicán, de novo, a maioría dos chamados expertos neoliberais: que só hai que seguir a facer medrar moito máis a torta, porque só así

—desta vez seica si- todos sairemos ganando. E de seguro haberá quen lles siga a mercar ese xarope máxico.

Breve radiografía da sostibilidade ambiental

133

Vimos de comprobar que o período 2000-2019 debe ser cualificado en Galicia como dunha xeración perdida dende o punto de vista socioeconómico. Quere isto dicir que si ben o crecemento da produción de riqueza que mide o PIB fíxoo en Galicia ao mesmo ritmo que no conxunto de España, a súa tradución en desenvolvemento social foi moi problemática. Nin as probabilidades de emprego, nin as rendas da maioría da poboación melloraron respecto do sucedido no conxunto de España. Sendo así que un crecemento que non se traduce en desenvolvemento social é un crecemento socialmente insostible.

Pero, ¿podería acontecer que tal crecemento fose, pola contra, ambientalmente sostible?. Para comprobar si foi así, ou non, imos agora apurar un diagnóstico para a derradeira década (2010-2019) coa información oficial dispoñible. Sempre botando man de indicadores que permitan unha comparación directa entre a situación en Galicia e no conxunto de España. Con esta intención en primeiro lugar recollo indicadores que o Instituto Galego de Estatística³⁰⁹ reúne no seu apartado relativo á Axenda 2030 en relación a algúns dos seus obxectivos, pois para os numerados como 6, 7, 14 e 15 (nada menos que auga limpa e saneamento, enerxía non contaminante, vida submarina e ecosistemas terrestres) esa páxina web infórmanos de que *"aínda non se dispón de información"*. Puidemos así xuntar cinco indicadores relevantes desta fonte para Galicia e España. Feito esto, e si un se toma a paciencia de rastrexar indicadores relevantes sobre o medio ambiente no resto de apartados da web do IGE, podemos engadir ata media ducia de indicadores máis na táboa que se achega con esta análise.

Contamos, en suma, con once indicadores ambientais cos que tentar contestar a pregunta inicial: ¿o crecemento económico de Galicia foi ambientalmente sostible os derradeiros dez anos?. O dato final en cada caso sinálase no recadro para que ano foi posible rexistralo, sendo o dato inicial sempre o de 2010. E sempre, como queira que o crecemento económico foi moi semellante, avaliando a evolución ambiental de Galicia verbo da do conxunto do Reino de España. Dedúcese, xa de entrada, á vista da última columna do recadro que só nun dos once indicadores a avaliación de Galicia é positiva, mentres que en dous é dubidosa. Co que Galicia anotaría un suspenso en toda regra para o conxunto da década na mellora da nosa calidade ambiental. Máis vaíamos por partes.

309 Aquí: <https://www.ige.gal/Shiny/Axenda2030/>, consultada o 9/7/2021

	2010	2010	final	final	
INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (IGE)	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	
Poboación en vivendas inaxeitadas (2020)	26,7	21,8	24,3	14,7	
Resíduos sólidos urbanos (RSU) (2018, 2010 = 100)	100	100	93,5	93,1	
Porcentaxe de RSU incinerados (2018)	49,6	11,8	46,6	11,5	
Porcentaxe de RSU reciclados (2018)	19,3	31,3	19,7	35,1	
Intensidade enerxética primaria (Ktep/Meur2010) (2019)	150	120	123	106	
Emisións de gases invernadoiro por unidades de PIB (2019)	0,49	0,34	0,38	0,27	
Emisións de gases invernadoiro por habitante (2019)	10,1	7,84	8,54	6,86	
Emisións efecto invernadoiro (2019, 2010 = 100)	100	100	82	88	
Viaxeiros no transporte urbano regular (2019) (% G/E)	2,08	100	3,49	100	
Auga consumida nos fogares (litros/hab/día) (2018)	131	142	125	133	
Consumo auga sectores económicos (2018, 2010=100)	100	100	130	93	

Fonte: elaboración propia con datos do IGE

Temos cinco indicadores, en cor amarelo, que teñen que ver coa calidade do aire e as emisións a atmosfera. Tres, en cor laranxa, teñen que ver cos residuos e o seu tratamento. E dous, en azul, co consumo de auga e o seu tratamento. Suman así dez indicadores, quedando fora dos tres grupos só un indicador –que vai en branco- relativo a habitabilidade das vivendas. Este é claramente adverso para Galicia, pois residen entre nós en vivendas desaxeitadas un dez por cento máis de poboación por riba da media española. Nunha recente enquisa aos fogares do ano 2020 o IGE concretaba eses maiores déficits nas humidades, no illamento térmico e en cheiros vencellados as canalizacións e saneamentos³¹⁰.

As emisións de gases de efecto invernadoiro -que están por tras do colapso climático- tanto en relación ao PIB, como por habitante ou en volume absoluto melloran, redúcense, en Galicia entre 2010 e 2019. Non é esta unha mala nova, pero o certo é que nos dous primeiros casos seguimos por riba do conxunto de España nun 140 % e nun 124 % respectivamente. E iso que a referencia española media non é nada virtuosa. Unha referencia que tamén superamos na intensidade enerxética (consumo de enerxía por unidade de PIB). Quere isto dicir que nas emisións industriais, do tráfico, das calefaccións, nas derivadas do complexo agrario, etc. temos moito traballo por facer. Moito traballo de transición a unha economía libre de carbono.

Non é menos certo que contamos con recursos renovables (eólico, hidráulico, solar, biomasa, maremotriz) envexables, pero non somos quen de xestionalos cunha auto-

310 Datos:
https://www.ige.gal/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Vivendas_familiares_2020.pdf

determinación enerxética que descansa en iniciativas locais, cooperativas, asociativas á marxe dos oligopolios das enerxías fósiles. Iso polo lado da oferta de enerxía, pois polo lado da demanda o indicador de uso de transporte urbano colectivo fronte ao particular infórmanos de que a cota galega no total español está moi por baixo da que temos en poboación (un 3,5 % fronte a un 5,7 %).

A cantidade de residuos xerados por persoa en Galicia está por baixo da media española e cunha lixeira tendencia minguante. Neste caso a cualificación non é negativa. O que non quita para que se puidese reducir moito máis a cantidade por persoa e ano. Non sucede o mesmo coa xestión dos residuos. Pois a cota de incineración é moi alta e a de reciclados moi baixa respecto do que sucede no conxunto de España. Temos unha estrutura inversa na xestión dos residuos. E sobra dicir que o ambientalmente máis sostible é a reciclaxe fronte a incineración. Topamos aquí cun modelo neoliberal (SOGAMA) que tamén está enfiado por un xigante da economía fósil e que, en consecuencia, definiu un modelo mega centrípeto e pouco favorable á unha escala local máis resiliente e, o que é máis importante, á redución da xeración de residuos. En suma: anotamos como moito un punto sobre tres. Claramente un suspenso.

No conxunto dos indicadores relativos ao subministro das augas, Galicia acada un aprobado pois un é positivo e outro negativo. É positivo o indicador de auga consumida ao día nos fogares, pois é minguante e segue a estar por baixo da cifra media española. É negativo o indicador que cuantifica a evolución dos consumos de auga non domésticos. Consumos que se reducen algo no conxunto de España mentres que en Galicia medran un trinta por cento.

A síntese final vai ser que nas emisións contaminantes á atmosfera Galicia, sempre verbo do conxunto de España, ten un suspenso absoluto; na xestión dos residuos un claro suspenso e só no consumo de auga acadamos un aprobado raspado. No conxunto destas tres dimensións ambientais a cualificación global de Galicia na derradeira década de crecemento económico é claramente desfavorable. Trátase da década 2010-2019: dende a post crise do 2008 ao ano previo á crise do Covid. Unha década que supón pechar dúas (2000-2019) de xeracións perdidas na sostibilidade social e dez anos de mal camiño ambiental.

Debo reiterar que todo o anterior está baseado en datos oficiais da Xunta de Galicia para indicadores substantivos. O que non quita para que na propaganda oficial se veña sostendo interesadamente o contrario. Mesmo agora os propagandistas deron cun novo truco coa *Next Generation* e os seus mutantes: Transición Verde, Ecolóxica, Economía Circular, Economía Libre de Carbono ou economía Guai. Pero, mentres non se demostre o contrario deben considerarse síntomas de que estamos argallando unha fuxida cara diante. Para así non facer balance do que, e como, levamos estragado: no social e no ambiental. E así mal podemos deixar de andar desnortados.

4.2 O país minguante

136 O actual caldo de cultivo das alternativas políticas de extrema dereita (xenóforas e de estado mínimo) ten moito que ver, na miña opinión, coa incapacidade das opcións maioritarias de Goberno -tamén en Galicia e no conxunto do Reino de España- para frear una crecente onda social de medos, malestar, precariedade e vulnerabilidade. Sendo así que si algún colectivo padece esta desfeita é o da poboación máis nova. Daquela non nos deba estrañar que entre as mozas e os mozos as opcións pola abstención ou pola oferta da dereita extrema teñan unha presenza significativa. Así segundo o Centro de Investigacións Sociolóxicas³¹¹ (CIS) a probabilidade de ir a votar nunhas eleccións está por baixo da media na poboación de menos de 34 anos, e tamén a porcentaxe de voto a opcións de extrema dereita é maior cuanto menor é a idade. Dous síntomas máis que preocupantes.

Fronte a teima por aumentar a natalidade eu son dos que pensa que a súa caída é en boa medida efecto desta corrosión social. Pois se descontamos a parte que ten que ver cunha positiva transición demográfica (que en boa hora favorece a escada mundial o freo da medra da poboación) o que nos queda é o medo a ter fillos por non poder atendelos ben. Ou dito ao revés: só un país no que a xente moza ten un horizonte de vida decente pode evitar un desfeita absoluta da natalidade. Isto así, os efectos das tendencias de fondo desta dobre corrosión podemos cuantificalos pola porcentaxe de poboación nova dun país. Así na porcentaxe dos que teñen menos de 24 anos sobre a poboación entre 25-64 anos o dato (Eurostat) de España está moi por baixo do de Francia ou Finlandia, pero dentro de España é Galicia a que vai no furgón de cola³¹² (cun 36 % fronte a media española do 44 %).

Teño para min que este é o resultado dunha dobre corrosión: por unha banda dos que emigran e, por outra, dos que non nacen. Non tanto porque aqueles que emigran teñan os fillos fora do país, senón sobre todo porque un país en fuga migratoria non é o mellor clima social para ter fillos³¹³. Pois a decisión de emigrar fora do propio país ten que ver directamente coas probabilidades dun emprego decente e de poder independizarse nunha vivenda. Si no país que naciches as posibilidades para iso son poucas terás que pensar seriamente en deixalo. E son xusto esas, un emprego e unha vivenda decentes, as dúas materias pendentes que no conxunto do Reino de España (e tamén en Galicia) non foron quen de encarreirar as décadas de xestión política do país as dúas forzas políticas maioritarias.

311 <https://www.cis.es/es/detalle-ficha-estudio?idEstudio=14666>

312 https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/DEMO_R_PJANIND2__custom_4535561/default/table?lang=en

313 Como anotaba Rivas (2004: 28), mentres Castelao sostíña que o galego non protesta e emigra, agora a cousa sería que o galego non protesta: non nace.

Porque a taxa de desemprego xuvenil (Eurostat, entre 15-30 anos) é demoledora³¹⁴: en España do 27 %, en Galicia do 25 %, mentres é do 13 % na media da UE. En Alemaña é do 6 % e en Francia do 14 %. Con estes vimbios non paga a pena dar cifras (que sempre serán pouco sólidas) sobre cuantos mozos e mozas galegas emigran³¹⁵ e cara onde emigran dentro da UE. E a situación dos mozos ocupados tampouco da en Galicia para moitas alegrías. Dous de cada tres teñen salarios moi por baixo dos mil trescentos euros, con contratos de curta duración e a tempo parcial (con xornadas efectivas fora de control). Singularmente entre as mozas. E, sobra dicilo, cun nivel educativo como nunca antes tivera a xuventude do país.

Nun país así non se entende porque os contratos de relevo de pre-xubilados (a partires dos 60 anos por mozas e mozos) teñen unha presenza residual (por caso no emprego público), mentres ao mesmo tempo as tecnocracias neoliberais da reforma do sistema de pensións teiman en adiar a idade de xubilación (mesmo facendo mellorar así a pensión inicial). Un tapón que case ninguén semella tomarse en serio desfacer. Abonde dicir que mentres dixitalizamos e automatizamos o necesario e o menos necesario, os anos de vida laboral previa á xubilación pasaron nos derradeiros vinte anos de 31 a 36 anos³¹⁶ (Eurostat). Cinco anos máis de tapón para o emprego da xuventude e, ao tempo, para espremer a vida dos máis maiores.

Con esa base laboral e cun mercado da vivenda (en propiedade e en alugueiro) que as dúas opcións políticas maioritarias deixaron en mans dos especuladores (pois o parque público dunhas e doutras é de vergoña en rateos europeas), os poucos mozos que son quen de vivir pola súa conta en boa medida farano en vivendas cedidas por familiares. Aínda con esas, a porcentaxe de xente nova (datos INE) propietarios é dun 32 % fronte a un 76 % do conxunto da poboación, mentres no alugueiro sube ao 48 % fronte ao 15 % nos máis maiores³¹⁷. Alugamentos que o INE anota que o son a prezos dun “mercado” cebado pola chamada xentrificación e a especulación turística por máis que en Galicia teñamos medio millón de vivendas baleiras³¹⁸.

★

De maneira que o peor síntoma da corrosión económica e social de Galicia é a cativa porcentaxe de xente moza en relación ao que sucede no conxunto de España ou da UE, pois informa das cativas probabilidades dun emprego decente e de poder dispor dunha vivenda; que ao mesmo tempo son as causas de fondo da propensión a emi-

314 https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/LFST_R_LFU3RT__custom_4535652/default/table?lang=en; Vence (2005: 109) anotaba un 30%.

315 O cruce entre a evolución da poboación nova total e da poboación nova activa sería unha aproximación.

316 https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/lfsi_dwl_a/default/table?lang=en

317 <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=9994>

318 <https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=59531>

grar e a non ter fillos. E si cando eu era mozo os encargados de normalizar daquela a emigración falaban do espírito de aventura dos galegos, agora o relato conformista pasa por gabarse das vantaxes da mobilidade dentro da UE. E digo conformista porque esa é unha decisión que non está mal si un decide facelo a pesares de ter opcións decentes en Galicia, pero que é un fracaso si non as ten.

Temos así mozas e mozos emigrados, desempregados na casa dos país ou precarizados vivindo maioritariamente de alugueiro. Carne de canón da economía chamada de libre mercado. Pode que o xeito de resumilo sexa un síntoma que debера ser para saír correndo. Porque, ¿quen son os pobres neste século XXI, no tempo da dixitalización, do big data e o smartphone?: hoxe o colectivo no que taxa de risco de pobreza (datos INE) é maior con diferenza é a poboación de menos de 30 anos³¹⁹. Daquela falar de medos, malestar, precariedade e vulnerabilidade non semella unha esaxeración.

Pero tal cousa non foi un grave problema para o consenso e abdución neoliberal que mantiveron as forzas políticas maioritarias no Reino de España durante décadas. Porque nese consenso acéptase que o mercado (dereitos) e o seu prezo (salario) deben verse pactados entre dúas partes iguais que contratan, e por iso os salarios mínimos, os horarios, a xornada laboral, os sindicatos, a idade de xubilación, etc. dísenos que son cousas trasnoitadas a superar nun contrato mercantil –por caso de autónomos– entre presuntos iguais. Esta é agora a receita dos extremistas e radicais neoliberais de dereitas.

O resultado desa empanada é que non, non é este un país para que os mozos e mozas teñan fillos. Mesmo non o é para quedarse nel a (mal)vivir. Estamos a falar dunha corrosión social de moi longo alento. Nun país desnortado. E son xa décadas de ollar para outro lado mentres ían facendo con éxito os estudos que se lles ofertaban. E así, por caso, os cualificados sanitarios galegos, ou do resto de España, diante do panorama do mercado laboral salvaxe destes pagos foron votando cos pés. E agora pode que por eso teñamos graves problemas para reforzar un Sistema Nacional de Saúde que anda en caída libre de corrosión.

Nestas circunstancias, na saúde e noutras actividades, os empresarios procurarán inmigrantes de latitudes empobrecidas para profundar a precarización. E, xusto neste punto, algún vendedor de xarope máxico político do neoliberalismo extremo levará tras de si a unha tropa de mozas e mozos co conto de que os inmigrantes son os culpables de que este non sexa un (bo) país para eles. Pero cando este é o mar de fondo, a regresión demográfica e da natalidade dun país non se soluciona con cheques para o neno ou con prazas nas garderías públicas, nin cheques para gastos culturais dos mozos ou un ingreso mínimo para os que estean en risco de pobreza.

319 <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=9958>


Sen traballo decente (estable, a tempo completo, axeitado a cualificación) e ben pago, e sen vivenda accesible por un terzo como máximo dos ingresos seguiremos dando paus de cego, seguiremos desnortados. Sendo así que nos dous casos non queda outra que intervir no mercado (laboral e da vivenda) para que a man invisible deixe de alimentar o que sabe: unha sociedade de mercado pura e dura en desvalorización laboral e con especulación inmobiliaria. E, claro está, cunha morea de vivendas desocupadas ou infra utilizadas.

Neste punto débérase sacar as consecuencias que non se sacan, de que malia o extremismo neoliberal que nas últimas décadas ten estragado o emprego e os servizos públicos, só grazas a compoñente pública laboral da nosa economía moitas mozas e mozos ben cualificados foron quen de construír unha vida decente. E aínda debera selo moito máis no futuro contra todos os que pensan que o mellor Estado é o que non existe, e que o mellor sistema fiscal é o que ingresa o menos posible. Que son dous dos xaropes máxicos que se lles ofrece aos votantes e seguidores das novas dereitas extremas.

Galicia, como víamos ao comezo, ten unha cota de poboación moza por baixo da media española e moi por baixo –case da metade- da media por exemplo francesa. Tal cousa non impide que a corrosión do futuro desta poboación (emigración, desemprego, pobreza) teña un nivel superior ou moi parello ao desas latitudes. Cousa moi grave, pois sendo aquela cota menor, o seu acomodo debera ser –pola contra- mais doado. Pero, como acabamos de ver, nen sequera sacamos proveito de ser un país minguante porque somos un país desnortado.

Claro que eso de andar desnortados e minguantes pode ser algo que nos suceda xa de xeito tan inconsciente que así se explique como unha gráfica demoledora que presenta o Consello Económico e Social de Galicia na súa memoria de 2022 pasase completamente desapercibida entre moreas de datos e gráficas moito menos relevantes³²⁰. É a que se reproduce de seguido.

320 Na páxina 74: <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Cap1.pdf>



Pois para o período 2008 a 2022 observase como Galicia mingua o seu peso no conxunto do Reino de España de xeito permanente tanto en poboación³²¹, como en produción (PIB), como en emprego. Tres vectores no que o axeitado sería gañar peso. E só imos ben na caída da cota do paro rexistrado, algo que si ben se pensa non é mérito do emprego senón da caída da poboación (natalidade) ou da pura e simple emigración. Amoréanse neste gráfico as malas novas dun país que por andar tan desafortunado no fai outra que ser minguanete. Para saír correndo, é dicir, emigrando.

*

Aló polo ano 1798 Robert Malthus escribiu o seu famoso “Ensaio sobre a poboación” preocupado polo progreso da humanidade³²². Poucas obras chegarían a ser tan polémicas e descualificadas como esta. Keynes sería un dos escasos defensores de Malthus na súa célebre biografía deste autor do ano 1933. Interésame traer aquí, dous séculos despois, unha nova lectura do traballo de Malthus para amosar, eso espero, a súa utilidade para entender a nosa situación actual no relativo á poboación.

Pois si ben é certo que Malthus formulaba un conflito inevitable entre unha poboación humana que medraba, por caso cada vinte e cinco anos, en progresión xeomé-

321 Nogueira (2019: 627) refire un peso do 13% da poboación galega para o século XVII na española.

322 Cito polas páxinas da edición do ano 1993 de Altaya, Barcelona.

trica (1, 2, 4, 8, ...) e uns recursos alimentarios que medrarían en progresión aritmética como moito (1, 2, 3, 4, ...) non deixaba de anotar situacións nas que a poboación ou os alimentos poderían facelo de xeito singular. Centrareime aquí no que se refire a poboación.


Si ben Malthus consideraba que, como sucedía daquela nos Estados Unidos, a poboación tiña unha tendencia a duplicarse cada tres décadas (e eso sería un grave problema de xeneralizarse a nivel mundial, e certamente duplicouse nos cincuenta anos que van de 1970 a 2020 pasando de catro mil millóns a oito mil), xa daquela non se lle escapaba que en Europa: *"algúns países teñen unha poboación completamente estacionaria e outros mesmo minguante"* (páxina 82 da citada edición). Por eso ten para nós importancia especial coñecer as razóns que para Malthus podían explicar que aquela tendencia non se cumprise.

Distinguía o que el chamaba obstáculos positivos dos que eran preventivos. Un obstáculo positivo serían as carencias sociais e económicas que favorecesen a emigración ou a mortalidade, dúas forzas que evitarían que a poboación dun país medrase. Pero tamén facía especial énfase na redución dos fillos en cada parella a causa ben da *"aprehensión diante das dificultades que supón manter unha familia"* (páxina 99), ou para non *"reducir os gastos e ter que privarse dalgunhas caprichosas diversións"* dos proxenitores (páxina 83).

En resume, nesas circunstancias en troques de duplicarse a poboación en trinta anos (pasando de 100 a 200) podería suceder que non pasase moito dos 100 neses mesmos trinta anos, ou mesmo baixase se a emigración, as dificultades para manter unha familia ou evitar ter que privarse doutras satisfaccións se combinasen nun país concreto.

Xa que Malthus falaba así da Europa de 1800 vexamos que sucedeu no Reino de España entre 1990 e 2020: en trinta anos. Como el dicía: a tendencia está moi lonxe de ser de duplicación. Pois si en 1990 era 100 (con 39 millóns de habitantes) en 2020 era de 122 (con apenas 47,5 millóns). Nada que ver con aqueles Estados Unidos de 1800 ou coa tendencia da poboación mundial actual. Claro que dentro do Reino de España hai situacións ben diferenciadas como se observa na seguinte gráfica³²³.

323 https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/demo_r_d2jan__custom_8909745/default/table?lang=en



Fonte: elaboración propia con datos de Eurostat

Temos Comunidades, como Illas Baleares, Canarias ou Murcia, que aumentaron a poboación nun cincuenta por cen (pasaron de 100 en 1990 a 150 en 2020), daquela con aumentos moderados de poboación. E temos outras (como Asturias, Castela León, Galicia ou Extremadura) que non superan aínda o nivel 100 trinta anos despois. Comunidades nas que a emigración e as dificultades para manter unha familia están a ser determinantes.

Esos son os extremos. Pero tamén temos outras como Cataluña, Navarra ou a Comunidade Valenciana que medran moi lixeiramente a poboación gracias a que reciben inmigración ao tempo que os autóctonos priorizan outras gastos por vez de ter fillos. Pouco que ver con outras como Galicia ou Extremadura que combinan un longo alento de emigración cunha baixa natalidade polas dificultades para manter unha familia e, como resultado, a súa poboación é practicamente estacionaria. Como se observa na gráfica Galicia non se moveu neses trinta anos dos dous millóns setecentos mil habitantes, pero tería que ter acadado seiscentos mil habitantes máis de seguir a tendencia media española.

Asturias, Castela León e Extremadura son as Comunidades as que máis nos asemeillamos no declive demográfico segundo razoaba Malthus, mentres que outras como Baleares, Canarias, Murcia ou Madrid (ou o conxunto do Reino de España) teñen un dinamismo demográfico positivo gracias á inmigración, as maiores probabilidades de emprego e de ingresos para manter unha familia.

En calquera caso podemos concluír que Galicia, no contexto español dos derradeiros trinta anos, está da beira dos territorios que expulsan poboación e nas que se teñen dificultades para manter unha familia. E moi distante daqueles outros que non sofren esas carencias, reciben moita inmigración e, podendo ter máis descendencia, priorizan outros obxectivos na súa vida. Un país minguante.

★

Un país minguante -como Galicia- pode selo a causa sobre todo de que, como rematamos de ver, non se den as circunstancias axeitadas para reter e facer medrar a súa poboación nativa. Pero, complementariamente pode selo aínda máis porque, polos mesmos motivos, non atrae poboación inmigrante que si se precisa e chega a outras partes do Reino de España.

Sexa con maior ou menor intensidade -verémolo de contado- tal cousa sucede hoxe cara Galicia e o Reino de España do mesmo xeito que sucedía cara o centro de Europa nos anos setenta como relatara John Berger³²⁴:

"os traballadores inmigrantes cobren unha escaseza de man de obra especialmente axeitada, aceptan os salarios que se lles ofrecen, e ao facelo, frean o aumento dos salarios en xeral ... ¿quen ía construír os novos edificios e autoestradas, limpar as cidades, tender e soterrar as grandes tubarías? ... pois non hai suficientes traballadores dispostos a realizar os traballos manuais polos salarios que se ofrecen".

E así como se entende que no conxunto do Reino de España os traballadores estranxeiros xa ocupen oito de cada dez novos empregos na hostalería³²⁵. Pois os baixos salarios e os dilatados horarios farían que os traballadores nativos refugasen traballar no sector que máis emprego ofrece ao lume do negocio turístico español, sendo daquela os inmigrantes (xa legais ou xa sen regularizar) os que aceptasen esas moi subordinadas condicións de traballo.

Sería esa a punta dun iceberg de emprego de estranxeiros en España que a comezos do ano 2023 acadaba vinte de cada cen ocupados. E mentres en Baleares ou Canarias (destinos turísticos masivos) chegaban aos trinta de cada cen, e en Madrid ou Cataluña tiñan vinte e cinco (neste caso por turismo e coidados nos fogares e de persoas), en Galicia andabamos pola metade con trece de cada cen (certo que con moito menos turismo, pero con máis persoas dependentes). En calquera caso xa moi por riba dos catro migrantes de cada cen que se anotan a escada mundial³²⁶ pola OIM nos 174 países membros da ONU.

324 Berger e Mohr (2002: 134, 140, 151)

325 <https://cincodias.elpais.com/economia/2023-08-25/los-extranjeros-cubren-ochode-cada-10-nuevos-empleos-hosteleros-este-verano.html>, baséndose nos datos da Seguridade Social

326 <https://www.iom.int/es/datos-e-investigacion>

Sen dúbida tamén en Galicia son estes uns traballadores moi necesarios. Abonde anotar que segundo a Enquisa de Poboación Activa mentres o total de ocupados en Galicia entre os anos 2010-2022 estivo conxelado, os ocupados estranxeiros medraron de cincuenta mil a sesenta e dúas mil persoas³²⁷. Un crecemento do 24 % nun caso, fronte o estancamento do total dos ocupados, que nos deixa as claras como están solucionándose entre nós as dificultades da poboación activa autóctona galega para cubrir as demandas reais de traballo en non poucos sectores.

Os datos dos afiliados á Seguridade Social son tamén concordantes pois os traballadores non nacionais pasan en Galicia de trinta mil en 2014 a case sesenta mil en 2023 (mes de xullo). Son certamente cifras algo máis baixas pois non é infrecuente o traballo mergullado, pero a progresión é aínda máis espectacular: duplícanse aquí entre eses anos o número de traballadores estranxeiros³²⁸. E tamén entre nós son dúas as actividades que máis empregan a estes inmigrantes: a hostalería e restauración por unha banda, e, por outra, servizos de atención persoal e outras ocupacións sen cualificar. Sen esquecer que a estes ocupados residentes debemos engadir os parados e os inactivos nados fora de Galicia que en ocasións os acompañan.

Penso eu que nada debera impedir que en Galicia contásenos co dobre de traballadores estranxeiros -como Madrid ou Cataluña- en cifras absolutas e en porcentaxe. Sería un xeito de paliar o que algúns consideran un grave problema de natalidade dos autóctonos, supoño que -sobre todo- pensando nas necesidades do mercado de traballo. Aínda que os que así pensan farían mellor en airear que aínda así temos unha oferta excesiva de traballadores pois a día de hoxe rexistramos cento vinte mil desempregados cunha taxa de paro do dez por cento. Unha taxa de paro do triplo que Alemaña que, non por casualidade, fai preciso nese país un recurso á poboación laboral estranxeira moi superior que entre nós. Pero tanto en Alemaña como hoxe en Galicia non será a natalidade autóctona coa que cubriremos moitos dos empregos que a día de hoxe a poboación activa nacional non quere ocupar.

En relación a este asunto é oportuno lembrar que as cifras oficiais para a Unión Europea sobre refuxiados (políticos, climáticos, económicos, ...) solicitantes de asilo no ano 2022 acadaron a cifra de algo menos de un millón de persoas³²⁹. Para España foron cento dezaseis mil solicitudes (sobre todo de Venezuela e Colombia) das que apenas se admitiron a metade delas, mentres quedaban pendentes de resolver máis de cen mil solicitudes previas³³⁰. En Alemaña as cifras son do dobre.

327 <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=6409&paxina=001&c=0204031014&idioma=gl>

328 <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=6747&paxina=001&c=0204033001&idioma=gl>

329 https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Annual_asylum_statistics&action=statexp-seat&lang=es

330 https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Annual_asylum_statistics&action=statexp-seat&lang=es#Principales_pa.C3.ADses_de_destino_.E2.80.94Alemania.2C_Francia.2C_Espa.C3.B1a_y_Austria

Pola súa parte a Oficina Mundial para as Migracións (ONU) no seu "*Informe sobre las migraciones en el Mundo*" para 2022 amplía a perspectiva dos refuxiados a todos os inmigrantes recibidos³³¹. E confirma que no Reino de España a porcentaxe de inmigrantes está moi por baixo da de países como Suíza, Alemaña, Austria ou Suecia (como se observa no gráfico 96 da páxina 92 do citado informe). Sendo así que algúns autores estimaban en España 800.000 (e catro millóns na UE) sin papeis, irregulares ou sen dereitos, residentes de facto que existen só para o mercado laboral pero non para unha sociedade decente³³².

Con este panorama creo que relaxar as condicións de admisión de solicitudes de refuxiados á vista da súa demanda global, e das non aceptadas ou pendentes (máis de cento cincuenta mil persoas) para o Reino de España, atoparía un máis doado acomodo si as Comunidades Autónomas -como Galicia- que contan cunha porcentaxe inferior á media de traballadores estranxeiros se axustasen progresivamente a esa cifra. E non digamos si a media española pasa a acercarse a de Alemaña ou dos países con máis inmigración.

Só en Galicia poderían ser cincuenta mil refuxiados máis que acolleríamos progresivamente en empregos legais e decentes que, á vista está, moitos nativos non ocupan a día de hoxe. Para así acoller refuxiados e inmigrantes climáticos por caso africanos pois xa é esta -a causa do colapso climático global- a área do mundo con menores recursos de auga. De así non facelo as mortes rexistradas ano tras ano no mar para gañar o litoral español (nas Canarias ou en Andalucía) seguirán a ser a proba manifiesta de que fronte a unha descomunal necesidade social nos limitamos ao desentendemento ou, como moito, a especulación laboral³³³. Pero é que por riba, de facelo, axudaríamonos a deixar de ser un país minguante.

★

Unha perspectiva complementaria de como Galicia camiña nunha folla de ruta (desnortada) de país minguante é a que se refire ao chamado capital social. Nun informe da Fundación BBVA do ano 2015 titulado "*Crise económica, confianza e capital social*" faise unha análise pormenorizada da evolución recente -antes e despois da Gran Recesión de 2008- dun vector do capital que, non por ser inmaterial, sendo un vector do capital produtivo das nosas sociedades é menos importante para o noso desenvolvemento económico: o capital social³³⁴.

331 <https://publications.iom.int/books/informe-sobre-las-migraciones-en-el-mundo-2022>

332 Zapata (2004: 141) en *Multiculturalidad e inmigración*, Síntesis, Madrid

333 Sobre esta especulación e subordinación máxima ver un resumo en Berger (2002: 161) válido dende os anos 70 ata hoxe.


334 <https://www.fbbva.es/publicaciones/crisis-economica-confianza-y-capital-social/>

Os autores dese informe sosteñen que *"...as expectativas dos resultados das relacións de cooperación e confianza son a base do capital social; vectores que poden deteriorarse rapidamente e facelo oscilar con máis forza que outros capitais"* (Fundación BBVA 2015, p. 44). Deste xeito, o capital social lubrica as relacións económicas e reduce os custos de transacción, dúas razóns polas que impulsa o crecemento en fases expansivas e podería conxelar o estancamento nas recesivas. Sendo así que a recesión económica e o deterioro do capital social reforzaríanse mutuamente.

As variables empregadas no devandito informe para cuantificalo³³⁵ segundo os seus determinantes económicos son: nivel de renda, probabilidade de emprego, desigualdade, nivel educativo e acceso ao crédito. Variables que inciden positiva ou negativamente, segundo os casos, no grao de confianza e cooperación social e na súa evolución no tempo. Con estas variables se desagregamos a cuantificación do capital social dentro de España, atopamos dous grandes grupos de comunidades autónomas para o período 2007-2012. As que para os anos da crise presentan un deterioro igual ou superior á media española (aquí estarían Galicia, Estremadura, Cataluña ou Canarias) e un número reducido nas que o deterioro do capital social tería sido menos preocupante: País Vasco, Asturias e Cantabria.

Galicia non tería acompañado ás rexións do norte de España neste comportamento menos preocupante. Se queremos ter unha perspectiva temporal máis ampla -antes da crise- e tomamos como nivel 100 a situación do capital social no ano 1983, recollémola nun gráfico para o período 1983-2012 sobre a evolución do capital social en España en tres comunidades autónomas (entre elas Galicia).

³³⁵ Unha perspectiva distinta de capital social desenvolve na miña reseña do ensaio "Palacios del pueblo" (2021), https://www.infolibre.es/cultura/los-diablos-azules/si-seguimos-divididos-pereceremos_1_1322237.html



EVOLUCIÓN DO CAPITAL SOCIAL NAS CC. AA. ESPAÑOLAS (100=1983)

Fonte: Informe da Fundación BBVA (2015, p. 55)

O primeiro que se pode observar é que en todos os casos o máximo alcanzase no último ano (2007) anterior á crise. Ata ese ano, vemos que a Comunidade Valenciana teríao mellorado catorce veces (índice 1400 sobre 100), o conxunto de España teríao feito dez veces, mentres que Galicia melloraría algo menos de seis veces a súa situación inicial. Amplificaríanse así as diverxencias iniciais de 1983 e non habería converxencia rexional. Nótese, para confirmalo aínda máis, que Extremadura acompaña a Galicia na tendencia entre 1983 e 2007.

O sucedido a partir de 2007 para toda España é ben coñecido: caeu dun nivel de 1000 a outro de 300. Tal colapso supón volver en 2012 aos niveis de 2001. Unha década perdida. No caso de Galicia, o colapso prodúcese entre un nivel próximo aos 600 e outro de 178 puntos en 2012. Unha caída que tamén devolve a Galicia á situación que tiñamos no 2001. Tamén neste caso, unha década perdida, aínda que coa circunstancia agravante de que arrastramos un diferencial de menor crecemento do capital social ao longo de todo o período³³⁶. De novo un país minguant.

³³⁶ Non é posible actualizar esta análise (2012-2020) polo momento:

https://www.ivie.es/es_ES/bases-de-datos/diferencias-economicas-y-sociales-de-los-territorios/capital-social/

4.3 Protección social e sanidade neoliberais

148 O conxunto do Reino de España estivo a piques de volver a ser gobernada neste ano 2024 pola dereita neoliberal que ven facéndoo en Galicia dende hai moito tempo. É un motivo a maiores para facer balance da súa xestión en Galicia, pois non todo vai a ser pregoar a Galicia co Xacobeo, da Cidade da Cultura, das regatas de Sanchencho ou a *Next Generation*.

Afortunadamente sobre a calidade da protección social en Galicia no contexto español contamos cun balanço anual moi preciso, elaborado pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, sempre con datos de fontes oficiais³³⁷. Voume centrar aquí na situación de tres colectivos con altas probabilidades de exclusión social: as persoas en risco de pobreza, as mulleres con malos tratos e as persoas dependentes.

De entrada en Galicia non temos unha poboación en risco de pobreza por riba da media do conxunto de España, mentres Asturias por exemplo está algo por riba e Cantabria algo por baixo de nós. Pero cando avaliamos que parte desa poboación recibe unha renda mínima de inserción (o que agora se pasou a complementar cun ingreso mínimo vital) resulta que en Galicia só 6 de cada cen persoas en risco de pobreza reciben esa axuda, mentres que en Asturias fano 17 e en Cantabria son 18. O triplo. Por tanto Galicia está por baixo da media española en protección social ás persoas en risco de pobreza, un ranking no que destacan para ben Navarra e o País Vasco. Cataluña e Madrid tamén superan a Galicia na porcentaxe de persoas protexidas. Tamén nisto somos un país minguante.

Temos censadas máis de mil trescentas mulleres con orde xudicial de protección, pero só oitenta e catro prazas en centros de acollida. Isto supón que apenas seis de cada cen mulleres nesa situación teñen posibilidade de acollerse nun deses centros. De lonxe o País Vasco é a Comunidade Autónoma mellor dotada para protexer a este colectivo, seguido a distancia por Cantabria. Galicia está de novo por baixo da media española (6 fronte a 9) e tería que duplicar as prazas de acollida para mulleres con orde de protección.

A poboación potencialmente dependente está conformada por aquela que é maior dos 65 anos e máis aquela que ten recoñecido algún tipo de discapacidade. Neste caso Galicia conta cun colectivo importante (máis do sete por cento do total español) debido ao seu grao de envellecemento. Cando esa cifra se pon en relación cos beneficiarios recoñecidos do sistema de axuda á dependencia (SAAD) o resultado é que en Galicia algo menos de 8 de cada cen dependentes contan con axuda, de novo por baixo do case 10 de media de España. E moi por baixo de Castela-León (15) ou o País Vasco (11) que son as Comunidades con mellor cota de protección.

337 https://directoressociales.com/wp-content/uploads/2021/05/DEC-2020_CC-AA_baja.pdf

No caso das residencias públicas a situación de Galicia para as persoas maiores non é mellor, pois a porcentaxe de prazas por cada cen maiores é do 1,2 o que supón menos da metade da media española (2,6) e, de novo, moi lonxe das Comunidades mellor dotadas: Castela-León e Castela-A Mancha, pero tamén Aragón ou o País Vasco. Galicia conta con 8.331 prazas en residencias públicas. Si acadase a porcentaxe media española tería que dispor de case 18.000. O que quere dicir que fallan nada menos que dez mil prazas públicas de residencias en Galicia. Enténdese ben que o CES-Galicia sosteña³³⁸ que: *“Ante o envellecemento da poboación faise necesario un aumento na dotación de prazas públicas de residencias, e prazas especializadas para maiores con problemas de saúde mental, co fin de garantir o acceso, sobre todo, ás persoas usuarias de menos recursos que precisen este servizo”*.

Non mellora a situación na chamada axuda a domicilio como alternativa ao ingreso nunha residencia pública. En Galicia só a reciben o 3,3 por cento dos maiores, mentres que no conxunto de España se acada case o 5 por cento. E neste caso Madrid, A Ríoxa ou Aragón van en cabeza. Só nas prazas nos chamados centros de día Galicia supera a porcentaxe de beneficiarios medios de España respecto da poboación maior. Pois na tele asistencia de novo Galicia ten unha cota moi por baixo da media española (2 fronte a 10): cinco veces menos. Madrid ou Cataluña superan o 15 por cento segundo as fontes que manexamos.

Xa por último as prazas residenciais para persoas con discapacidade existentes en Galicia só cobren a 1,2 de cada cen persoas, mentres que no conxunto de España a cifra chega ao 1,5 por cento. A mellor cobertura témola en Castela-León cun 4,2. En Galicia temos 2.335 prazas para case douscentos mil discapacitados. Si a dotación acadase a rateo de Castela-León en Galicia debera haber 8.092 prazas: fallan nada menos que 5.757 prazas para este colectivo de discapacitados. Chove sobre mollado no país minguante.

Do conxunto de indicadores e políticas revisadas nesta análise dedúcese que a situación da protección social de Galicia está moi por baixo do nivel medio existente no conxunto de España, e non digamos das Comunidades Autónomas que definen a mellor dotación para esa protección social. Como queira que estas políticas de protección social son competencia das Comunidades Autónomas e como a Xunta de Galicia ven estando gobernada polo Partido Popular, vai de seu cualificar a súa xestión como de escaso interese nos dependentes, maiores, vítimas da violencia de xénero ou das persoas en risco de pobreza. O seu interese durante eses anos semellou ser máis pro activo para políticas como o Xacobeo, a Cidade da Cultura, ... ou os concertos con empresas privadas que cubran -para quen os poida pagar- esas

338 Memoria 2022, <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

mesmas situacións. Tal que así se resume na miña opinión a xestión eficiente (neoliberal) do sector público.

150 Como complemento do informe precedente sobre a situación da protección social en Galicia no contexto de España no ano 2020 engado brevemente a súa actualización para o ano 2021 segundo a mesma fonte. Como o lector interesado pode achegarse de vagar aos informes completos³³⁹ abonda con deixar aquí un par de titulares máis que preocupantes.

O primeiro titular vai ser que Galicia ten un suspenso absoluto en protección social: no conxunto dos quince indicadores relativos a distintos aspectos da protección social, Galicia acada un 4,4 sobre 10, mentres o conxunto de España acada un aprobado xusto (5,1) e, moi por riba, Castela-León un notable (8,4). O segundo titular informa que Galicia entre o ano 2020 e o 2021 foi a Comunidade Autónoma que máis empeorou en España a súa protección social. Pois mentres o conxunto de España mellora un 10 %, Galicia empeorou un 36 %.

★

Para a poboación xubilada e dependente da que vimos de falar no que precede (pero tamén para o conxunto da poboación) os servizos sanitarios de provisión pública están a soportar un elevado risco de corrosión neoliberal en Galicia e en boa parte do Reino de España. De entre a cuantiosa información presentada polo Instituto Nacional de Estadística (INE) con datos para toda España da Enquisa Europea de Saúde vou focalizar algúns aspectos que considero críticos para avaliar a cobertura pública desta necesidade preferente³⁴⁰. Fundamentalmente porque nos permiten relacionar o nivel de ingresos dos cidadáns, galegos en particular, coas súas opcións sanitarias.

Sabido é que no conxunto do Reino de España o Servizo Nacional de Saúde (SNS) garante a todos os cidadáns, independentemente da súa renda, unha atención sanitaria basicamente homoxénea e igualitaria. É este un logro social de máxima importancia para saber si vivimos ou non nunha sociedade decente, pois en moitos países do mundo non existe nada semellante, mesmo en países de moi alto nivel medio de riqueza (como o caso dos Estados Unidos). O SNS finánciase por impostos recadados que se supoñen progresivos: deberan pagar máis impostos aqueles que máis teñen ou ganan. Daquela serán os que máis contribúan aos custes do SNS. Co que, neste sistema, pasan dúas cousas rechamantes. Que si os máis ricos teñen unha mellor saúde, usarán menos o SNS pero aportarán máis ao seu financiamento. E que os que máis usen o sistema (por mala fortuna xenética ou de condicións de vida ou traballo)

339 <https://directoressociales.com/wp-content/uploads/2022/04/N.PrensaXXII-Dictamen.-19-4-22-jrn.pdf>

340 https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176784&menu=ultiDatos&idp=1254735573175 e <https://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?type=pcaxis&path=/t15/p420/a2019/p01/&file=pcaxis>

non van ser penalizados por riba no seu custo. As dúas cousas son axeitadas para ter unha sociedade decente na que os (maiores ou menores) ingresos, patrimonio, saúde, etc. non se consideran mérito exclusivo de quen os ten (ou os riscos de saúde a súa culpa).

Pois ben, dos case corenta millóns de persoas maiores de quince anos en España a inmensa maioría (85 de cada cen) contamos só cunha cobertura sanitaria garantida polo SNS. Pero hai tamén case seis millóns de persoas que teñen, ademais, unha cobertura privada. Son 15 de cada cen, e cando reparamos no seu nivel de ingresos mensuais medios atopámonos con que a inmensa maioría están por riba dos dous mil euros. Para estes cidadáns de maiores ingresos cabe supor dúas cousas. Por unha banda que parte da súa disposición a pagar unha prima ao seguro privado ten que deberse a que así evitan as listas de espera que veñen medrando³⁴¹ no SNS e, por outra, que a súa disposición a pagar todos os impostos que lle corresponderían será minguante. Por un dobre motivo: porque considerarán moi custoso financiar un SNS que ten que apandar coa atención de sectores sociais máis castigados por certas morbilidades, e porque eles xa teñen solucionado do seu peto escapar deses colapsos.

Si un reflexiona, neste contexto da análise, sobre a temeraria sobrecarga do SNS que se ten anotado na pandemia do Covid-19 por parte de xestores que usan ou potencian servizos médicos privados (mesmo a custo do deterioro da sanidade pública), atoparase cunha bomba tóxica que combina a defensa de impostos cero, o ataque aos traballadores dun SNS desbordado e a defensa das mínimas restricións pandémicas posibles. Porque eles xa teñen amañado como saír do lío. Xusto por iso non sorprende que cos datos da Enquisa que estamos a comentar sexan as Comunidades Autónomas máis ricas (Balears, Cataluña, Madrid, País Vasco, ..) as que teñen unha maior presenza de asegurados privados. Case tres millóns de cidadáns entre Cataluña e Madrid: un de cada catro. Unha minoría, pero moi influínte na axenda política pola súa capacidade económica. En Galicia son nada menos que uns douscentos sesenta mil. E así vai como vai o SERGAS.

Un vector da saúde que non ten acomodo no noso sistema público (SNS-SERGAS) e que pasa en grande medida pola cobertura dun seguro privado ou do pago directo do usuario é a saúde bucodental. Por tal motivo coñecer e desagregar o estado da saúde bucodental en España axuda a ter unha foto do que pasaría de non contar a maioría da poboación unha cobertura pública da maior parte das continxencias sani-

341 As listas de espera como síntoma dunha xestión neoliberal relátase en Cerviño, F. e Reyes, F. “A política sanitaria” en Díaz (Coord.) (2010: 300 e ss.). Pola súa parte anota na Memoria 2022 o CES-Galicia: “*O tempo medio de espera dos centros do Sergas foi de 75,4 días en 2022, antes da pandemia reducírase a 53,9 días, de máis de 91 días de agarda para a realización dunha proba radiolóxica, ou máis de 76 días no caso de patoloxías de prioridade 2*”. <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

tarias. Xa que neste caso a minoría social de maior nivel de renda si pode enfrontar as non pequenas facturas dos dentistas.

152 Pois ben, as persoas maiores de 65 anos que viven en fogares con ingresos moi baixos (menos de mil cen euros) valoran a súa saúde bucodental como boa ou moi boa en 48 de cada cen casos. Traducido: máis da metade téñena regular ou mal. Mentres que nos fogares de rendas altas (máis de tres mil euros) son 67 de cada cen os que a teñen boa ou moi boa. Agora xa só un terzo a teñen regular ou moi mal. Son case vinte puntos porcentuais de diferenza. Como ben se ve, no bucodental a desigualdade nos ingresos trasládase á desigualdade na saúde. E, de novo, van ser as Comunidades Autónomas máis ricas (Balears, Madrid ou Cataluña) as que concentren a poboación con mellor saúde bucodental, as rendas altas amañándose pola privada. Galicia estará por baixo da media española. Teremos máis porcentaxe de persoas con esa saúde regular ou mala. Porque se suma a exclusiva atención privada cun nivel medio de renda inferior.

Ben se observa que a anorexia orzamentaria neoliberal, e a conxestión dos servizos públicos de saúde (antes, durante e despois da pandemia), están a provocar un efecto chamada para os seguros privados sanitarios de xeito singular en Galicia. O que xera un círculo vicioso. Pois estes asegurados da privada serán activos obxectores fiscais para a cobertura pública das necesidades preferentes. Sálvese quen poida.

Unha desfeita que tamén temos en marcha nos servizos residenciais para maiores en redes privadas (con concertos públicos). Cando isto tamén sucede no ensino primario ou secundario, ben en centros privados ou concertados, e xa non digamos nos pos graos, o horizonte dunha sociedade decente na que non existan cidadáns de primeira e de segunda váisenos quedando a cada paso máis lonxe. Viviremos nunha sociedade de mercado na que só o que cada un poida pagar vai ser o argumento de máis peso.

*

A deriva neoliberal na cobertura dos servizos públicos en Galicia que vimos de revisar, e tamén no conxunto do Reino de España, afecta de xeito especialmente intenso as persoas e fogares con menos rendas (que non poden pagar servizos sanitarios, de dependencia ou educativos privados e que terán menores rendas salariais ou pensións). Pero esa deriva tamén pode corroer as transferencias de rendas que se anotan dentro do Reino de España por parte do sector público en favor das rendas máis baixas e, daquela, dos territorios como Galicia con rendas medias inferiores á media.

Por iso é oportuno que rematemos este balanço sobre os servizos públicos en Galicia caracterizando o contexto financeiro no que se realizan. Para facelo convén concretar aquí que cando as rendas primarias que se inclúen no PIB dun territorio lle restamos os impostos e cotizacións que se recadan, e lle engadimos os pagos por

transferencias (pensións ou desemprego por exemplo) así como a valoración dos gastos en servizos en especie (sanidade e ensino sobre todo) que recibe ese territorio, chegamos ao concepto de renda dispoñible axustada bruta dos fogares.

A Contabilidade Rexional que estima o INE fornece eses datos para o conxunto das CC. AA. do Reino de España, datos que en consecuencia podemos considerar unha aproximación á redistribución da renda que provoca a intervención do sector público³⁴² (do Estado e das Autonomías sobre todo). Elaborei un recadro que resume para os últimos vinte anos (2000-2020) a evolución da porcentaxe que a renda dispoñible supón respecto da renda primaria.

Dispoñible/Primaria (%)					
	2.000	2.005	2.010	2.015	2020 (P)
GALICIA	114,9	115,5	118,1	120,6	126,5
ESPAÑA	103,5	103,7	110,8	111,4	115,4
MADRID	91,6	92,5	97,2	96,8	98,7
CATALUÑA	96,6	98,5	106,0	105,1	108,3
ANDALUCÍA	114,5	111,6	120,2	121,8	125,6

DA RENDA PRIMARIA (PIB) Á RENDA DISPOÑIBLE
Fonte: elaboración propia con datos do INE

Para o conxunto de España esa relación mellora en 2020 lixeiramente, mentres que Madrid ou Cataluña ceden rendas en termos relativos pois o seu índice está sempre por baixo da media española. O contrario sucede en Andalucía e Galicia que melloran uns dez puntos a súa rateo respecto desa media. Tamén se observa que nas dúas décadas o potencial de mellora das rendas primarias increméntase. No conxunto do Reino de España a mellora é de quince puntos en 2020. Agora Cataluña mellora sete puntos menos que a media, e Madrid faino en dezaseis puntos menos. Mentres que Galicia e Andalucía acadan unha mellora de vinte e cinco puntos porcentuais³⁴³ (que en termos netos supoñen once puntos máis que a media). Recursos dos que, á vista das análises previas aquí desenvolvidas, en Galicia non estaríamos sacando como deberamos todos os potenciais rendementos de benestar social.

342 https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736167628&menu=resultados&idp=1254735576581#!tabs-1254736195584

343 O que permite mellorar a converxencia de Galicia de facelo en PIBpc, en seis puntos con esta RFBDpc, Fernández (2004: 51); tamén anotaban eses dez puntos de mellora Fernandez, X. e López, E. (2000: 99)

4.4 Do Plano Estratéxico 2020 ao do ano 2030

O Presidente da Xunta de Galicia ven de presentar o novo Plano Estratéxico de Galicia³⁴⁴ (2021-2030). Na miña opinión antes de por en ruta un novo globo de papel para o futuro, inflado por consultoras e expertos amigos, xa se sabe que o papel aguántao todo, sería conveniente facer balanço do Plano Estratéxico anterior (2015-2020).

Ademais o asunto é doado, non fai falla senón consultar un documento de seguimento³⁴⁵ elaborado pola propia Xunta de Galicia en xullo de 2021. Nese informe defínense dez retos e catorce indicadores tendo en conta que “o obxectivo xeral do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 é impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”. Impresionante. Pois ben os indicadores que contan con datos para o período completo 2015-2020 son os que presentamos resumidos na seguinte táboa.

PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020			
INDICADORES DE SEGUIMIENTO	previsto	real	logro (%)
Crecedemento medio PIB	2,5	1,0	40
Converxencia PIBpc con España	3,5	2,6	74
Incremento de exportacións no PIB	7,1	2,7	38
Incremento miles ocupados	121,0	76,2	63
Taxa de emprego 20-64 anos	7,1	8,3	117
Descenso da taxa de paro	11,4	9,9	87
Incremento I+D no PIB	0,8	0,1	13
Descenso da taxa de abandono escolar	5,9	5,0	85
Porcentaxe pob 30-34 con nivel terciario	2,9	2,5	86
Descenso taxa de risco de pobreza	95,0	117,5	124
Consumo final bruto en enerxías renovables	45,0	37,7	84

Fonte: elaboración propia con datos da Xunta de Galicia

344 https://www.planestrategico2030.gal/es_ES/presentacion-y-documentos

345 <https://www.planestrategico.gal/documents/4752806/4752831/PEG1520-informe-seguimiento-2020.pdf/2364222d-5247-4ab2-b5a4-47a1128b7076>; consultado en data 28.5.2023 non se fixo aínda seguimento de anos posteriores: <https://www.planestrategico.gal/seguimento>

Como ben se observa dos once indicadores manexados só en dous deles o balanço é lixeiramente positivo ,ao situarse por riba do cen por cen do obxectivo marcado. Na inmensa maioría dos indicadores non se acadou o obxectivo previsto polos propios planificadores. En consecuencia a xestión dos retos e dos indicadores do Plan Estratéxico para o conxunto de período 2015-2020 debe ser cualificada cun suspenso categórico. Sendo especialmente negativa a avaliación no esforzo innovador, na mellora das exportacións, no crecemento do PIB e no crecemento do emprego³⁴⁶. Toda unha síntese de país desnortado e minguante.

Chama singularmente a atención que sobre o obxectivo final global de acadar o crecemento demográfico este informe de seguimento faga un esmagador mutis no seu epígrafe 2.7. Non hai indicador previsto de crecemento demográfico e para desviar a atención os redactores marean o asunto cun feixe de detalles.

Por tal motivo neste caso débese botar man do que nos di o Instituto Nacional de Estadística sobre o asunto³⁴⁷: si tomamos como base 100 a situación do ano 2015, o conxunto de España chega a 2020 cunha poboación lixeiramente maior (índice 102) mentres que Galicia segue a perder poboación (índice 99). O que coincide coa Memoria 2022 do CES-Galicia³⁴⁸: “*A perda de poboación, o envellecemento da mesma así como a concentración nunha parte do territorio, continúan sendo as principais características demográficas en Galicia*”. Non hai nin rastro de crecemento demográfico, algo que non nos debiera estrañar á vista do resto de indicadores de seguimento: nove de once negativos. País minguante, desnortado.

Surfeando con tamaño éxito e tan grande estilo as ondas planificadoras entre 2015-2020, o lector vaime a permitir que sobre os dous tomos presentados recentemente³⁴⁹, e cos que non dubido imos a ir de éxito en éxito hasta 2030, me limite a ser máis que escéptico. Eso si, vese que a imaxinación éo todo nesta vida, pois temos catrocentas páxinas sobre o que chaman diagnóstico no tomo I, máis outras case duascenas cincuenta páxinas no tomo II. Reitero: o papel aguántao todo. Mesmo, como vimos de ver, nos informes que se chaman de seguimento.

346 Na súa Memoria 2022 o CES-Galicia anota como “ *Segundo os datos da Comisión Europea, nos últimos anos, Galicia perde posicións tanto no conxunto da Unión Europea como respecto do resto das CC.AA* ”
<https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

347 <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=9681>

348 <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/memoriasoc/G22-Consideraci%C3%B3ns.pdf>

349 Para 2022-2030: https://www.planestratexico2030.gal/es_ES/presentacion-y-documentos

Capítulo 05

Ano 2050, ¿utopía ou distopía?

157

Redacto este capítulo final en pro da *utopía* dunha *sociedade decente* para Galicia (da que escribo aquí en cursivas): aquela na que a calidade de vida de todos e cada un dos seus cidadáns non dependa do país, a xeración, a rexión, a familia, o xénero ou a herdanza xenética que lle teña tocado en sorte. Sobre isto Avishai Margalit escribe³⁵⁰: “a *sociedade decente encarna o socialismo de Orwell*”. Resumo así unha alternativa fronte a distopía á que nos conduce a actual e rampante sociedade de mercado tanto en Galicia, como polo mundo fora (España e a Unión Europea). Unha alternativa que non se limita a civilizar o capitalismo ou, mesmo, a salvalo de si mesmo, como quería Keynes.

Obxectivos eses que eran o asunto da socialdemocracia ata que foi abducida polo centrismo neoliberal dun mercado libre de friccións. Pois, hoxe, mesmo ser socialdemócrata é cualificado de esquerdistas. Que llo pregunten a Ken Loach e a milleiros de militantes expulsados do Partido Laborista por tomarse en serio a tal socialdemocracia. Por iso a miña crítica ao sistema dunha sociedade de mercado, polas súas consecuencias distópicas, ten que ser, ao tempo, una aposta *antisistema* en favor dunha *sociedade decente*. Por ver si deixa de estar no mundo das *utopías*.

Só daquela a sociedade de mercado centrada na procura obsesiva do crecemento do PIB deixaría paso a unha *sociedade decente* centrada no logro de máis desenvolvemento social con menos crecemento³⁵¹. Ao cabo trátase de dispor para todos dun tempo crecente anti consumista, fora da competitividade, tempo social e non salarial no que o altruísmo, a xenerosidade, a solidariedade, a reciprocidade, a empatía, a confianza ou o civismo medran e fortalécense na práctica social (cooperativa ou pro-común en moitos casos).

350 Margalit (2010)

351 Ver Prada (2021) e Prada (2023)

Utopía e distopía no mundo

Cara o ano 2050 penso que en Galicia seguiremos a ser un pequeno país atlántico, pero nun mundo xa non centrado neste océano, porque o mundo actual ferve cara o Pacífico. Ferve polo peso demográfico e pola actividade económica. E aí Chimérica vai ser o dilema central. A escala mundial imaxino, daquela, dúas derivas.

Unha conflitiva deriva do imperio declinante dos Estados Unidos (hoxe en Ucraína, Gaza ou Taiwan) sempre fronte ao xigante emerxente chinés, tripulada polas multinacionais e os grupos financeiros globais respectivos. Que profundarán á igualación á baixa das condicións de vida e traballo nos países máis ricos, mentres provocan ondas migratorias masivas que son tratadas como exército de reserva da man de obra mundial. Un exército laboral de reserva costeleiro do seu Estado capitalista, pero, iso si, convivindo coa liberdade plena de circulación dun capital que vai por libre da súa sociedade. Con gobernos plutocráticos post-democráticos liderados por demagogos de toda caste e apoiados por unha cidadanía a cada paso máis zombi e individualista; consumista por riba de calquera outra consideración.

Ou ben teremos unha partillada soberanía nacional con varias áreas de influencia que compartan unha nova estrutura democrática a escala mundial. Subordinando os mercados e os grupos financeiros a un contrato social global incluínte (no fiscal, no laboral, no ambiental, no comercial). E nun multilateralismo que fuxa do obxectivo do crecemento económico baseado nas exportacións da actual globalización. Un obxectivo este de suma cero que só leva, e iso en contados casos, a exportar o desemprego aos veciños.

O que suporía acometer a reforma profunda –entre nós- da ONU, OTAN, OCDE, OMC, BM, FMI, OIT, ... tamén a xestión pública ou partición dos mega monopolios (na enerxía, na banca, no dixital, ...) e unha menor xornada semanal de traballo aparelhada á robotización, a xestión local e social das novas tecnoloxías e mesmo a abandonos tecnolóxicos selectivos (como o nuclear ou os OGM).

Tamén a estabilización da poboación mundial e a caída do consumo medio por habitante nos países máis ricos, que serían criterios básicos de bo desempeño social. Esa estabilización mundial debera verse favorecida pola cooperación global para a educación feminina e a súa non discriminación. Só sobre esta base, a escala mundial e sobre todo nos países hoxe de maior PIB por habitante acadaríamos máis desenvolvemento social con menos crecemento económico.

Dependendo de como sexamos quen de movernos neste dilema seremos ou non capaces de partillar as precaucións precisas fronte as moitas incertezas que nos poden por a todos patas arriba (como aprendemos coa pandemia en 2020). Daquela, o colapso climático obrigará a máis ou menos medidas de adaptación, as disputas sobre os recursos (alimentarios, enerxéticos, auga e demais) serán -ou non- a cara

de can, a intelixencia artificial sobrehumana abrirá –ou non- escenarios de control social totalitario, as manipulacións xenéticas, biolóxicas e nos cultivos poderán volverse contra nós, a automatización someterá ou liberará aos homes e daralles tempo ceibe, os arsenais nucleares e químico-bactereolóxicos usaranse ou desaparecerán.

159

Son cousas sen dúbida demasiado importantes e que condicionarán de xeito radical tamén a vida en Galicia. Aínda que fósemos quen de facer marabillas, das que falaremos máis adiante, de portas adentro nos vindeiros trinta anos.

Utopía e distopía na Unión Europea

A actual Unión Europea podería ser un axente global autónomo e con unha sociedade decente nun mundo no que as dúas superpotencias do Pacífico procurasen, ou non, unha coexistencia civilizada. Pero, como se viu co Brexit, coa saída de Afganistán, ou co despregue do 5G ou na Ucraína as presións para dificultalo van ser continuas. Tanto polas plutocracias globais como polas internas. Pois tamén a UE (e de rebote España e Galicia) é sobre todo, a día de hoxe, o resultado dunha construción da lóxica dos mercados por riba dos dereitos da cidadanía. Resultado dun axente institucional moi ordoliberal e moi pouco social. Cunha moeda (o euro) partillada sen un Tesouro Público. Con un Goberno (a Comisión) sen un Parlamento efectivo.

¿Porque sosteño que o actual sistema que nos goberna na UE é distópico?. Pois porque está a corroer o Estado de Benestar, levándonos a unha sociedade de mercado pura e dura na que o diñeiro é a razón suprema. Todo polo mercado, a produtividade e a competitividade. E, iso si, coa arrogancia argumental que descualifica calquera outra perspectiva como anti-sistema.

Si focalizamos o corazón económico do tal sistema (e deixamos fora por razóns de espazo a faciana máis política e institucional) entenderase ben que, si nos deixamos seguir na súa deriva ata 2050, a exclusión social será máxima, a destrución das velhas clases medias consumada, o risco de pobreza –con ou sen desemprego- non vai distinguir niveis de estudos, e a precarización e desalarización do traballo serán galopantes. Converxeríamos daquela coas sociedades con máis desigualdade no mundo (China e Estados Unidos).

Porque a creación de emprego decente e uns sólidos servizos públicos conviven mal co equilibrio orzamentario da UE, co seu cativo peso no PIB europeo, co obxectivo de déficit máximo dos estados no tres por cento, coa disciplina fiscal garantida polo mercado de bonos, da prima de risco e das axencias de cualificación, co obxectivo de inflación ao dous por cento, co dereito absoluto dos acredores (blindado na nosa Constitución) e cun Banco Central Europeo que se chama independente pero que só se ocupa da inflación.

A converxencia en benestar social dentro da UE deteriórase cando as balanzas externas dos países procuran o seu máximo por medio dunha competencia á baixa (no laboral, no fiscal, no ambiental) ou cando se evitan as desvalorizacións competitivas. Tamén si hai liberdade absoluta de circulación do capital ou si, como agora sucede, a desregulación dos mercados é o catecismo para todo.

¿Porque a ruptura co sistema que vimos de resumir debe abrir o camiño á utopía? Porque só así recuperaremos a inclusividade social, unha vida digna para o conxunto dos cidadáns e unha relación co medio natural que sexa sostible de hoxe ao 2050. Porque a creación de emprego, e os servizos públicos, reclaman un orzamento europeo varias veces o actual respecto do PIB (por caso pasar do 2 % ao 20 %) (para conseguilo Piketty ten feito propostas moi atinadas sobre fiscalidade do patrimonio, sociedades e capital) e sen un equilibrio obrigado. Para eso a UE debe empurrar para o retorno aos tipos fiscais máximos sobre os ingresos que estiveran vixentes nos anos 70 do século pasado.

Tamén relaxando a disciplina do déficit anual dos Estados, e podendo financiar a súa débeda por fora da prima de risco de xeito federal e mutualizado, modificando ao alza o obxectivo de inflación do BCE e incorporando aos seus estatutos o obxectivo do desemprego. O BCE debe ser o prestamista de último recurso dos Estados e da UE. E o euro a moeda dun Estado global europeo, non só dun simple mercado.

A cohesión social dentro da UE mellorará si os países con máis superávits drenan eses excedentes, si se procura a converxencia en obrigas e dereitos (fiscais, laborais, sociais). Ou si se dificulta o comercio con países que non respectan uns mínimos dereitos sociais e ambientais. Tamén si se utilizan as desvalorizacións do euro (e non só das rendas salariais) para favorecer o equilibrio externo. Si se controlan os movementos especulativos dos capitais e se fan desaparecer os paraísos fiscais internos. En todo o que precede o criterio xeral debera ser que non se han globalizar mercados de non contar con institucións globais que os regulen.

Os novos recursos orzamentarios europeos deberan dar acomodo a tres eixos de cidadanía social: unha renda mínima europea para todos os adultos, unha pensión mínima asistencial para quen non teña unha contributiva, ou sexa insuficiente, e unha prestación mínima de desemprego de ter esgotadas as contributivas do seu país. Porque a mobilidade do traballo e dos recursos humanos na UE non se pode entender sen estas contra partes. Só así se recoñecerá o sentido dunha cidadanía europea. Só así nos afastaríamos das sociedades con máis desigualdade social do mundo (Estados Unidos e China).

A cohesión social pasa tamén por que se defendan algunhas actividades, consideradas esenciais ou estratéxicas, dos investidores estranxeiros (algo que é crucial no dixital e no big data). Tamén si se reserva a metade das compras do sector público para empresas que xeren emprego dentro da UE. Ou si se fai unha defensa pública

da competencia e das empresas de proximidade fronte aos oligopolios (xa internos ou xa globais). Tamén freando a dixitalización daqueles servizos (privados e públicos) nos que se considere que o trato persoal ou o emprego decente son máis importantes que os eventuais logros de produtividade. E si se mellora a cohesión social cunha política de inmigración a escala europea con obxectivos anuais e con dereitos.

Dependendo de como sexamos quen de movernos neste dilema profundaremos na distopía sistémica ou camiñaremos cara unha *sociedade decente*. Na UE, no conxunto de España –e daquela en Galicia- porque hoxe moitas cousas substantivas dependen do que decidamos que sexa a Unión Europea. Pero non todas, e a iso imos.

Utopía e distopía no Reino de España

Amañar ou estragar o entorno mundial e europeo de aquí a 2050, como vimos de resumir no que precede, vai axudar moito, ou dificultar, o que podemos facer por unha sociedade decente en España –Galicia incluída- pero non son poucas as cousas que podemos amañar ou estragar dentro do Reino de España pola nosa conta.

O sistema actual dominante tamén en España leva á distopía baixo a neolingua da produtividade, das reformas, da transición, da modernización, da estabilización, da competitividade. Pois asumida a desvalorización interna como a única estratexia para conseguilo o resto ven de seu. Co resultado dunha fenda crecente de desigualdade social, e outra non menos galopante de ausencia de futuro para os mais mozos (coa adición do consumismo e de vivir ao día). Por non falar duns impactos ambientais –locais e globais- que só se entenden ao actuar como si o futuro non existise. Ou dun xigantismo urbano e centrípeto que en nome das economías de escala desertiza o resto do territorio e favorece situacións de nula resiliencia.

Esta estratexia pasa por externalizar, precarizar e desalarizar. En todo, pero sobre todo nos servizos cun subemprego parcial sempre temporal (con maior frecuencia feminino). Porque tal é o medo a perder o emprego que xa a moi poucos lle preocupa a calidade do mesmo. Tamén á distopía de non poder acceder a unha vivenda senón é partillada, sempre moi lonxe das áreas xentrificadas, ou a emigración cara as economías da UE con baixas taxas de paro a facer o que manden. A neolingua da flexibilidade de reinventarse, e da posmoderna mobilidade (xa non emigración). Distopía tamén é ter que traballar a cada paso máis anos antes da xubilación nun mundo automatizado ao galope.

Estratexia que tamén pasa por adelgazar os servizos públicos, pois os recursos fiscais son a cada paso menores (porque hai que rebaixar e facilitar desgravacións na factura fiscal das empresas para reter o emprego), e a sanidade ou o ensino van ser necesariamente completados con aforro privado (especialistas, masters, centros

concertados). As axudas a dependencia chegarán en moitos casos cando un está morto, e as pensións teñen un horizonte futuro sempre inzado de dúbidas e de recortes. Solución: aforre para ser dos que escapan da distopía neoliberal e sistémica. Para ter unha praza nunha residencia ou para non ter que traballar ata os 80 anos.

E, mesmo así, o Estado non parará de estar a cada paso máis endebedado cos fondos de investimento globais. En risco permanente de rescate e de novas terapias sistémicas. E, aínda con esas, a competitividade non dará para pagar o déficit comercial enerxético se non conseguimos millóns de turistas foráneos (que na escala actual son unha praga ambiental nacional e global). Pois a cada día que pasa menos se pode esperar da demanda interna duns residentes precarizados e vampirizados polos oligopolios das finanzas, da enerxía ou dos combustibles. Oligopolios controlados polos cosmopolitas Vanguard Group ou Blackrock.

Fronte, e dentro, dun tal sistema español, non queda outra que ser antisistema. Abrindo camiño a un novo pacto social e territorial interno que favoreza a redistribución do emprego e da riqueza. Traballar todos menos para traballar todas, e favorecerse dunha parte crecente –e non minguante como ata o de agora– dunha riqueza nacional a cada paso maior. Con reformas non reformistas que vaian no camiño dunha utopía que podamos chamar sociedade decente aló polo 2050.

Así, no sector financeiro á vista da concentración bancaria en moi poucas entidades xigantes, e participadas por grupos globais, faise necesario introducir competencia con axentes públicos e cooperativos a escala local e territorial. Sobre todo na operativa dos fogares e das pequenas empresas. Algo que debe desenvolverse cun formato online para non verse desprazados polos xigantes GAFAM de aquí a pouco. Dentro do euro os riscos das operacións do BCE non deben transferirse ao Banco de España. Os custos financeiros non poden seguir a drenar as rendas da maioría pero tampouco deben facelo os prezos da enerxía (electricidade e carburantes).

Os oligopolios do sector eléctrico deben abrir espazo ao autoconsumo local e de axentes cooperativos con fontes renovables e, ao tempo, fixar os prezos cunha media ponderada das fontes utilizadas. O Goberno debe deseñar un calendario de peche nuclear e de recuperación de concesións das fontes renovables para entidades locais. E non utilizar as fontes renovables (por exemplo co chamado hidróxeno verde) para a exportación.

Os déficits de produtividade non se dan nas empresas de maior tamaño, pero non por iso se debe gañar tamaño a calquera prezo. A proximidade e autonomía dos abastecementos e o emprego decente (estable, a tempo completo en xornadas reducidas, con protección social plena, con ingresos crecentes), si ben poden non competir en prezos con opcións de fora, si o fan en resiliencia e sostibilidade social. Razóns sobradas para desmontar e desconxestionar as mega concentracións urbanas e rachar coas dinámicas centrípetas sobre o territorio.

É sobre esa base que as pequenas e medianas empresas (privadas, cooperativas ou da economía social) deben mellorar a súa organización e transferencia de tecnoloxía. Pois en moitos casos o mellor esforzo en I+D será o de detectar aquilo que nos é máis útil incorporar do xa existente no mundo. E tamén neste ámbito a dixitalización dos servizos debe subordinarse a non destrución de emprego, a calidade e persoalización do mesmo. A propia dixitalización debera ter como un obxectivo central que o 5G, o big data e a nube se manexen baixo soberanía europea.

O emprego decente tal como se caracterizou debe primarse para frear a desalarización, os falsos autónomos, o emprego a tempo parcial e todas as formas de traballo dependente que conviven co risco de pobreza (polo miúdo feminina). Para favorecerlo a Seguridade Social debe descargar os custes sobre a masa salarial e compensalos por cotizacións sobre o resto do valor engadido das empresas.

A educación do cidadán como consumidor (nos medios públicos e no sistema educativo) debera centrarse no freo do consumismo, e na solvencia das súas decisións dende o punto de vista ambiental e de inclusión social. O máis barato non é con frecuencia a mellor opción. Para axudar neste camiño as axencias de protección de consumidores e usuarios deberan facerse máis visibles e con recursos.

No que ten que ver coa reconstrución e fortalecemento do Estado de Benestar nos ingresos é preciso duplicar os efectivos da inspección (sobre todo na vixilancia pola Unidade de Control de Grandes Empresas), evitar que o tipo efectivo do imposto de sociedades sexa decrecente a partires dos cen empregados, igualar a rateo de ingresos públicos sobre o PIB coa media da UE, harmonizar o trato fiscal das rendas do capital e do traballo, suprimir o trato das SICAV e ETVE. Todo nunha reforma fiscal axeitada ao entorno europeo que quedou antes perfilado.

Con estes novos recursos da Facenda e da Seguridade Social, a aquela cidadanía europea (que garante renda básica, subsidio de desemprego e pensións non contributivas) engadiríanse agora unha cidadanía española con pensións contributivas mínimas por riba do salario mínimo actualizadas co IPC, e unha asistencia sanitaria universal e pública financiada coa mesma porcentaxe respecto do PIB que na media europea. Sen esquecer un oferta pública de ensino reforzada cos recursos financeiros e humanos que hoxe detrae a oferta concertada. E garantindo unha oferta pública de alugueiro de vivendas, por un importe mensual que non superará unha porcentaxe máxima dos ingresos do inquilino.

Si é preciso ser antisistema, por algo distinto do social, é hoxe polo argumento ambiental. Hai que deixar de andar desnortados. De entrada porque só relativizando o obxectivo do crecemento do PIB (e do consumismo que o acelera) poderemos falar seriamente de sostibilidade. Só nese marco poderemos falar en serio de transición enerxética cara as enerxías renovables e dun calendario solvente de peche nuclear e abandono dos combustibles fósiles que non temos.

Só así poderemos falar en serio con terceiros países que practiquen o dumping comercial baseado na desconsideración dos danos ambientais. E poderemos progresar en serio nun modelo de mobilidade colectivo alternativo ao privativo. De proximidade fronte aos aprovisionamentos e leceres de longas distancias. E, no transporte intraeuropeo, potenciar a cabotaxe e o ferropuerto. Non hai outra.

Utopía e distopía en Galicia

Amañar ou empeorar o entorno mundial, europeo e español de aquí a 2050 -tal como vimos de revisar ata aquí- pode axudar moito, ou dificultar, o que podamos querer facer en Galicia, pero son tamén moitas as cousas que podemos amañar -ou estragar- pola nosa conta. Seguir, como ata este 2024, ou non desnortados. Pero antes de poñer riba da mesa as propostas de cambio de rumbo procede levantar acta de si o actual sistema nos leva polo mal camiño, pola distopía, polas promesas incumplidas, afastándonos dunha sociedade decente. Nunha economía desnortada e minquante³⁵²; si é así non hai outra que tamén en Galicia resetear o sistema, ser *antisistema*, sen complexos.

Pois ben. O sistema desnortado actual lévanos cara unha sociedade de mercado xestionada polo centro-dereita neoliberal que ben campando, case sen pausas, na Galicia das últimas décadas. Neste punto o lector faría ben en revisar no capítulo anterior o noso balanço para 2000-2019, porque o balanço social da nosa economía sistémica, aínda que non nos houbésemos topado coa pandemia en 2020, obrigáranos a ter cambiado de rumbo respecto do que levamos nos últimos vinte anos. Pois a tendencia actual, sistémica ou camiño distópico, levounos a que entre 1990-2020 Galicia perdese 18.000 moz@s ocupados entre 16-25 anos, que vaia perder outros 13.000 entre 2020-2050 de seguir desnortados e a pasar de censar unha poboación entre 16-35 anos -entre 2002 e 2023- de 750.000 a 470.000 persoas. Unha perda constante de peso en PIB, poboación e emprego dentro do Reino de España. Un país minquante.

Fronte a todo o anterior o obxectivo central da utopía dunha sociedade decente debera ser mellorar a relación entre crecemento económico e desenvolvemento social, axustando esa relación cos cambios precisos para a transición enerxética (para min nisto a palabra chave é autodeterminación dos recursos propios) e cos da transición dixital (aquí a palabra chave é soberanía respecto de Chimérica) a esa nova relación. Tal como vimos que debe facerse no conxunto de España e da UE. Pero á medida dos recursos e potencialidades de Galicia. Que somos sitio distinto e non son poucos.

352 Martínez (1991: 90, 116, 126) diagnosticaba unha sociedade desmoralizada, cun papel marxinal e en situación seriamente preocupante, en Fernández, X; Baamonde, A.; Martínez, R. e Iglesias, B. (1991); vinte anos máis tarde Baamonde (2012: 16, 32-33) situaba a Galicia no medio dun ciclón sen compás e sen norte, sen proxecto, sen visión clara, sen metas.

Teño para min que, de seguir a folla de ruta que vou concretar, en 2050 o conxunto de indicadores que revisamos neste ensaio tería moitas máis notas positivas. Máis para iso temos que deixar de andar desnortados, apostar polo camiño da utopía que os distópicos do sistema chaman antisistema: moito máis desenvolvemento social, mesmo, con menos crecemento. Para non estragar en 2050 outra xeración perdida. Esa sería a miña utopía antisistema, xusto no carreiro contrario do que predicán, de novo, a maioría dos chamados expertos sistémicos: que só hai que facer medrar moito a torta, porque –desta vez seica si- todos sairemos ganando. E moito me temo que haberá quen lles siga a mercar ese xarope máxico.

Daquela para Galicia serían chegados os tempos de redefinir a fondo un sistema económico que ten escasa resiliencia fronte as incertezas, e que exclúe do benestar social de forma progresiva a cada paso máis amplos sectores sociais. De reinventar, ou si se quere resetear, a concreta sociedade de mercado na que vivimos para ter unha maior resiliencia fronte as incertezas (como xa está a suceder co colapso climático e o hipercapitalismo dixital) que de seguro teremos que enfrontar ata o 2050, acompañada dunha menor exclusión social. Para vivir nunha sociedade decente sólida, e non nunha sociedade de mercado fráxil. Utopía decente fronte a mercado distópico.

Sería boa cousa crer que é algo que o Goberno de España tamén busca co seu actual Plan de Recuperación centrado no verde e no dixital. Pero cando un revisa as súas dez políticas tractoras non sabe moi ben si o dixital vai ir da man das GAFAM ou non, ou si o verde é compatible co nuclear, coas actuais concesións hidroeléctricas ou coa electrificación do parque automobilístico. Por pór dous exemplos. Por eso en troques de tanta recuperación eu prefiro falar de redefinir, reinventar ou resetear. Vexamos de seguido –brevemente- que quere isto dicir, na miña opinión, en relación a algúns vectores –que considero substantivos- do noso tecido económico e social.

En Galicia non vivimos nun mercado financeiro competitivo, xa que está controlado por contadas entidades con ánimo de lucro que dependen de grupos inversores globais. Só unha entidade (A Banca) non é un megabanco (sistémico dise). Sorprende que, contando con mil millónarios no país, unha Fundación non replicase aquí unha Kutxabank. Precisamos novos actores non dominados polo ánimo de lucro (Kutxabank é 100% dunha Fundación) que socialicen os seus beneficios (vía Obra Social), actores que poden ser Cooperativas de Creto ou Caixas Rurais, ... apoiadas por clientes preferentes públicos (Concellos, Deputacións, Xunta de Galicia).

No sector da enerxía estamos –na tal sociedade de mercado- tamén diante dun oligopolio de mega empresas globais e privadas (Naturgy, Iberdrola, Repsol) ou do sector público italiano (Endesa). Pola contra, as nosas fontes renovábeis (eólica, hidráulica, biomasa, etc.) deberan ser a base de empresas locais que fixaran aquí as rendas dos recursos e o seu uso, para avanzar cara o abandono de recursos fósiles (importados e dos que dependemos no 80% da enerxía primaria que consumimos).

Por non falar do desenvolvemento solar domiciliario e en comunidades de veciños. Alimentando daquela unha demanda interna que permitise electrificar boa parte do transporte en canais colectivos. A carencia de axentes financeiros propios e o absentismo público explican tal desfeita, pero tamén as concesións públicas do pasado que deberan recuperarse e as futuras (por caso na eólica) que deberan facerse a iniciativas sen ánimo de lucro de ámbito local.

Para axustar o noso balanxo enerxético, sen combustibles fósiles importados, non podemos manter as industrias electro intensivas que viñamos alimentando con térmicas como fixemos moitos anos, nin con nucleares como se quixo facer (e pode volver baixo da etiqueta do “limpo”). Os megawatios renovables propios poden e deben alimentar empregos e usos internos de maior valor engadido que exportar hidróxeno verde. Porque, por riba, tampouco temos bauxita.

A localización en Galicia dunha mega empresa de ensamblaxe de automoción, baixo un control significativo do estado francés e chinés, localizada para exportación global depende agónicamente da desvalorización salarial interna, mentres ao tempo alimenta un modelo de transporte insostible. Para ganar en resiliencia interna e en menores impactos ambientais globais, deberamos reorientar as empresas auxiliares deste sector cara equipos de transporte colectivo e de enerxía sostible co apoio do Estado (por caso Zona Franca) e da Xunta (IGAPE).

No caso da confección contamos cunha mega empresa de base local (INDITEX) que en realidade é un holding de medianas empresas (agás Zara e outras marcas polo miúdo). A súa saída a bolsa forzou un crecemento explosivo e moi incerto, que por exemplo IKEA non segue. Se no seu capital tivese cota maioritaria unha Fundación privada -sen ánimo de lucro e para Obra Social do seu entorno familiar- socializaría máis e mellor os seus resultados³⁵³ (hoxe en boa medida deslocalizados e enladrillados).

Precisamos máis cooperativas de transformación e comercialización alimentaria da terra e do mar, e canais curtos de distribución a consumidores locais (centros educativos, centros hospitalarios, residencias, etc.). Con menos proteínas animais e máis vexetais, e con variedades locais diversificadas, reducindo inputs químicos. Para estas, e en xeral para todas as manufacturas, as modernas canles de distribución autóctonas deberan privilexiar un segmento de calidade e doméstico en relación ás denominacións de orixe alimentarias, ás empresas cooperativas e ás manufacturas rexionais, como unha panca para a defensa duns prezos baseados en metas de calidade, identidade, resiliencia e seguridade alimentaria.

³⁵³ Como se anotou noutra pasaxe deste ensaio Inditex que contaba dende 1997 con Carlos Espinosa de los Monteros no seu consello (Villena 2019: 151), reforzaría en 2005 a súa anclaxe coa lóxica e operativa das redes capitalistas de poder españolas coa fichaxe de Pablo Isla (entre 2005-2022) que será CEO, vicepresidente e presidente do grupo.

Debemos procurar a captura por produtores de proximidade, e por institucións locais, das rendas enerxéticas (eólica, hidráulica, biomasa). Facendo destas rendas e usos o motor dunha xestión activa dos montes que evite as vagas incendiarias tal como xa sucede en contados concellos do sur do país. Tamén do pastoreo extensivo con base as terras non agrarias, ou a diversificación e multifuncionalidade forestal e madeirable da actual aposta por eucaliptos e piñeiros. Coa reestruturación e posta ao día do proceso madeira-reciclaxe-papel, pasando páxina da estrafularia localización de Lourizán³⁵⁴. Para todo o que precede sería preciso dotar dunha renda básica de acompañamento as tarefas silvícolas e de asistencia social aos maiores. Para así fixar mozos e mozas no mundo rural.

Como quedou anotado -no entorno mundial, europeo e español- as GAFAMs globais e oligopólicas son unha bomba de incertezas (sociais-democráticas, de resiliencia-autonomía, de desemprego e secesión fiscal). Por iso Galicia debe sumarse a que a UE conte cunha opción 5G e big data propia fronte a fenda dixital de Chimérica. Os nosos distribuidores locais, transportes, comercio, finanzas, turismo, servizos xerátricos, medios de comunicación e sector público deben contar con plataformas dixitais propias a escala galega. Ao mesmo tempo debemos vencellar a axencias e entes públicos como o IGAPE, TVG, SERGAS, etc. a sectores emerxentes de vocación exportadora.

A distopía hospitalaria á que nos leva a sociedade neoliberal de mercado atopa na área de Vigo un exemplo de manual: con un hospital público (Cunqueiro) nun edificio privado, e con unha alta cota de usuarios nun centro privado-concertado (Povisa). Todo un exemplo de subordinación e abdución dun servizo público a lóxica do mercado privado. Subordinación que tamén se sofre nas formas precarizantes de contratación do persoal en centros sanitarios públicos. Así como nuns obxectivos de xestión pública que poñen o aforro en custos (laborais e outros) por riba da calidade do servizo. Como pode acontecer coa atención online indiscriminada.

Tamén é fortemente desigualitaria e segmentadora a crecente cota de ensino privado, concertado en non universitaria e en posgraos para quen os poida pagar, o que alimenta unha exclusión social sobre outra previa. Que, con frecuencia, se ampara con fondos que se restan da mellora da oferta pública (en rateos de profesores e espazos).

Partimos hoxe cara 2050 cunha cota de oferta pública de prazas de residencia para maiores en Galicia das máis baixas de España. Este modelo de sociedade de mercado de máximo ánimo de lucro non garante resiliencia e dignidade para os nosos maiores como se comprobou no ano 2020. Un desequilibrio que debe corrixiarse, a

³⁵⁴ Mágoa comprobar como o que anotara Rivas (1989: 166-167) segue estando a orde do día para ENCE, mentres CaixaGalicia, Pescanova ou Pastor-Fenosa mutaron sen norte (op. cit. p. 160-161 e 171) ou co norte das redes de poder capitalista do Reino de España que radiografía polo miúdo Villena (2019).

escala de cada comarca, e completarse cunha cobertura pública no domicilio propio axustada á capacidade de pago de cada dependente.

168 Para os máis novos, trátase de rachar coa distopía actual de vivir na casa dos pais, e para iso dotar un parque público de vivendas para alugueiro axustado ós ingresos, na medida do posible vía restauración do parque de vivendas existente e con eficiencia enerxética. Esta opción está nas antípodas da xentrificación (turística sobre todo pero non só) dunhas cidades que expulsan aos seus residentes cara periferias ou asentamentos dispersos, con custos de tempo e ambientais enormes. Dispersión que debera reconducirse cara unha compactación en vilas de tamaño medio.

O xigantismo urbano, a xentrificación, a conxestión, a especulación urbana son caldo de cultivo da exclusión social e da non resiliencia. Pola contra, as vilas de tamaño medio, interconectadas a escala comarcal con medios de transporte limpos, deberán ser o punto de equilibrio entre as mega urbes e a actual dispersión caótica e despilfarradora. Nun tal país a demarcación provincial debe ser superada e suprimida, ao tempo que se concrete unha simplificación do mapa municipal cara á metade dos concellos actuais coa integración dos de menos de mil habitantes.

A combinación ferroviaria e portuaria para as mercadorías, e a ferroviaria e tranviaria para pasaxeiros debera gañar cota fronte ao transporte por estrada (por camiión ou turismo, mesmo electrificados), dadas as actuais carencias do transporte ferroviario e a súa ausente inserción nunha estratexia portuaria intermodal, tanto transoceánica como para a cabotaxe europea. Tamén debera gañalo fronte a un uso abusivo do avión que no caso turístico debera xa ser racionado cun cupo anual por persoa. Así como o mantemento da rede de autovías, autoestradas e liñas AVE debe repercutirse nos seus usuarios cunha peaxe branda e non no conxunto da poboación.

Nesa transición do modelo de mobilidade debe priorizarse o anel urbano que conforman as vilas de Vigo-Pontevedra-Santiago-A Coruña-Ferrol-Lugo-Monforte-Ourense-Vigo así como o corredor que conecte ese anel co norte de Portugal. Por xunto supón unha masa crítica poboacional e produtiva que nada ten que envexar a outras da península. Coa vantaxe de ser policéntrica e non radial. A recuperación das estacións ferroviarias hoxe pechadas como centros loxísticos de proximidade (RSU, combustibles, recarga de baterías, etc.) debera reducir a dependencia da canle por estrada que é menos sostible.

A regresión demográfica da poboación nacida en Galicia é, ao tempo, unha oportunidade para a inclusión de poboación inmigrante en ocupacións que o demanden, e debera deixar de coexistir cunha emigración de mozos galegos en ocupacións hoxe infra dotadas (no ensino, sanidade, investigación, coidado do medio ambiente, ...) entre nós. Sendo así que á distopía migratoria da actual sociedade de mercado podemos enfrontar a fixación de poboación moza nunha sociedade decente.

Tamén en Galicia as rendas e bases retributivas non salariais (de particulares e das empresas) deben aportar á nosa Facenda -como pouco- a mesma porcentaxe que achegan hoxe as rendas salariais nos impostos e nas cotizacións. Tamén se debera contar cunha achega crecente de Obra Social de Fundacións privadas sen ánimo de lucro para dinamizar actividades colaborativas e do pro-común (un bo exemplo global xa o é a Galipedia). Na escala da UE e do conxunto de España –das que a cidadanía galega obtén dereitos que quedaron anotados máis atrás- deberan recadarse ingresos que os grandes grupos empresariais e financeiros (tamén residentes en Galicia) premen para desvalorizar nos Estados, dentro da UE, ou mesmo dentro dos Estados.

De todos os vectores anotados neste apartado derivaríanse unhas oportunidades de emprego digno e local (sobre todo en servizos, moitos femininos) que compensarían as amortizacións doutros empregos derivadas da dixitalización e automatización nas manufacturas de aquí ao ano 2050. Procesos estes que deberan ser usados con moito tino nos servizos. En xeral fronte ao crecente traballo a tempo parcial temporal, a distancia e non salarial, débese contrapor unha progresiva redución xeneralizada de xornada laboral con contrato estable e redución de xornada. Sobre todo nos servizos que son, non o esquezamos, dous de cada tres empregos na actualidade.

Para rematar. O mellor encaixe de Galicia nos mercados internos do resto da península verase facilitado e reforzado na medida en que Madrid, Barcelona ou Valencia deixen de actuar como nodos dunha economía centrípeta globalizada que non respecta estándares laborais, fiscais e ambientais nunha galopante igualación-desvalorización por abaixo. Sen imitalas dende Galicia.

Por tal motivo un pacto federal no político, que supere a actual autonomía, debera integrarse nun pacto económico e social no conxunto de España que defina as novas regras de xogo na UE e o mundo. Pero tamén as que eviten as actuais tensións centrípetas e de desenvolvemento desigual dentro dunha España que debe superar canto antes as demarcacións provinciais e municipais herdadas do século XIX. Para non seguir a vivir nun país minguante e desnortado.

Bibliografía

171

- Agranoff, R. e Bañon, R. (1998)
El Estado de las autonomías, ¿hacia un nuevo federalismo?, Instituto Vasco de Administración Pública, Bilbao
- Alcaide, J. (1998)
“Fuentes estadísticas regionales” en Mella, J.M. (Dir.): *Economía y política regional en España ante la Europa del siglo XXI*, Akal, Madrid.
- Alcaide, J. (2002)
“Delimitación y análisis de las áreas geoeconómicas españolas”, *Papeles de Economía Española*, nº 93.
- Alonso, J. e Freire, M.J. (2001)
Infraestructuras públicas y desarrollo económico de Galicia, CIEF-Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- Alonso, O. (Dir.) (2006)
La concentración geográfica de la industria en Galicia, IIEGPBM, A Coruña.
- Alvarez Corbacho, X. (2003)
A rebelión municipal: Unha esperanza para Galicia, Edicións Xerais, Vigo.
- Alvarez Corbacho, X. (2007)
“Financiación municipal: Un modelo agotado”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas* nº 22.
- Baamonde, A. et al. (2006)
Feísmo? Destruir un país, Difusora de Letras, Ourense
- Baamonde, A. (2012)
A derrota de Galicia, Edicións Xerais de Galicia, Vigo
- Baamonde, A. (2021)
Unha nova Olanda, Galaxia, Vigo
- Banco de España (mensual)
“Boletín Estadístico”, Madrid.
- Banco Mundial (anual)
Informe sobre el desarrollo mundial, The Magazine Group, Glenn Pierce y Mundi-Prensa, Madrid.
<http://www.worldbank.org/wdi>
- Barreiro, X.L. (2005)
A Terra quere pobo, Galaxia, Vigo

- Barry, F. (edit) (1999)
Understanding Ireland's Economic Growth, MacMillan, Londres.
- Beiras, X.M. (2007)
De nunca máis a máis alá, Grupo Correo Gallego, Compostela
- Beiras, X.M. (2008)
Por unha Galiza liberada e novos ensaios, Espiral Maior, A Coruña
- Beiras, X.M. (2016)
O proxecto común da nación galega, Laiovento, Santiago de Compostela
- Berger, J. e Mohr, J. (2002)
Un séptimo hombre, Huerga & Fierro, Madrid
- Boix, R. (2006)
Las Áreas Metropolitanas en Españ, XXXIII Reunión de Estudios Regionales, Ourense, 16-18 Noviembre
- Bohuier, A. (2001)
Galicia. Consellería de Agricultura, Xunta de Galicia
- Brown, L. R. (2003)
Eco-Economía, Edit. Hacer, Barcelona
- Camagni, R.; Gibelli, M.C. e Rigamonti, P. (2002)
I costi collettivi dell città dispersa, Alinea Editrice, Firenze
- Caminal, M. e Requejo, F. (eds.) (2009)
Federalisme i plurinacionalitat, Generalitat de Catalunya, Barcelona
- Cancelo, J.R. (Dir.). 2006.
La economía de Galicia. Un análisis cuantitativo, Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- Cao, M. (2004)
A política económica da Xunta de Galicia, A Nosa Terra, Vigo
- Caride, M.J. e González, X.M. (2004)
“Análise da mobilidade de pasaxeiros no corredor noroeste”, *Revista Galega de Economía*, vol. 13 num 1-2, pp. 41-60
- Carmona, X. (1996)
“La economía del siglo XX. Una panorámica”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas* nº 16.
- Carmona, X. e Nadal, J. (2005)
El empeño industrial de Galicia, Fund. Pedro Barrié de la Maza, A Coruña
- Carro, J.L. (2006)
Unha reflexión xeral sobre as áreas metropolitanas, en “As conurbacións galegas desde unha perspectiva comparada” EGAP, monografía 2, Consellería da Presidencia-Xunta de Galicia, 2006
- CCRN (2001)
“Transporte Marítimo no Espaço Atlántico: una aproximación estratégica”, Porto
- CESE - Comité Económico y Social Europeo (2004) (2007)
Las áreas metropolitanas europeas: repercusiones socioeconómicas para el futuro de Europa
Dictámenes eco/188 y 120, www.cese.europa.es
- CESR Bretagne (2001)
“Le service de transport de marchandises”, www.region-bretagne.fr

CESRA (2001)

“Pour le renouveau du cabotage sur la Façade Atlantique”, Conseils Economiques et Sociaux Régionaux de l’Atlantique

CGRL (anual)

Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma galega, Consello Galego de Relacións Laborais, Santiago de Compostela.

Chen, N. (2002)

“Intra-National versus International trade in the EU: Why do National Borders Matter?”, CEPR, Discussion Paper 3407, www.cepr.org

Comisión Europea (1997)

“Libro verde sobre los puertos y las infraestructuras marítimas”, COM (97) 678 final

Comisión Europea (2001)

“Libro blanco: la política europea del transporte de cara a 2010”, COM(2001) 370 final, Bruselas

Comisión Europea (2003)

Comunicación “Programa de fomento del transporte marítimo de corta distancia” y Propuesta de Directiva “Relativa a las unidades de carga intermodales”, COM (2003) 155 final

Comisión Europea (2003b)

Comunicación “Desarrollo de la red transeuropea de transporte: financiaciones innovadoras. Interoperabilidad del telepeaje”, COM (2003) 132 final

Comisión Europea (2004)

Comunicación “Sobre el transporte marítimo de corta distancia” y X Anexos COM (2004) 453 final y SEC (2004)875

Comissió de Treball (2005)

Acord estratègic per a la internacionalització, la qualitat de l’ocupació i la competitivitat de l’economia catalana. Document de Treball (12.01.2005).

Consellería de Economía e Facenda (1999)

Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia 2000-2006, Santiago de Compostela.

Consellería de Agricultura (anual)

Anuario de Estadística Agraria, Santiago de Compostela.

Consello Económico e Social (CES) (anual)

Memoria Anual da Economía de Galicia, www.ces-galicia.org

Consello Galego de Relacións Laborais (anual)

Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega, http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html, Santiago de Compostela.

Consejo Escolar del Estado (anual)

Informe sobre el estado y situación del sistema educativo, www.mec.es/cescs

Consultora Galega S.L. (2002)

Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, Avance de Planeamento, Xuño.

Council on Environmental Quality (1974)

The Costs of Sprawl: Environmental and Economic Costs of Alternative Residential Development Patterns at the Urban Fringe.

Department of Housing and Urban Development, and Environmental Protection Agency, Washington, D. C., Government Printing Office

Cuadrado Roura, J.R. (Director) (1998)

Convergencia regional en España: hechos, tendencias y perspectivas, Fundación Argentaria, Madrid.

- Dalda, J.L.; Docampo, M.G. e Harguindey, J.G. (2005)
Cidade difusa en Galicia, Consellería de Política Territorial, Xunta de Galicia
- Díaz, C. (Coord.) (2010)
Autonomía e modernidade en Galicia, Galaxia, Vigo
- Eaton, J. y Kortum, S. (2002)
“Technology, geography and Trade”, *Econometrica*, 70 pp. 1741-1779
- EGAP (2006)
As conurbacións galegas desde unha perspectiva comparada, Monografía nº 2, Consellería da Presidencia – Xunta de Galicia.
- EGAP (2007)
Delimitación de las áreas metropolitanas de A Coruña y Vigo, Unidade de Investigación, Documento de Traballo, xerocopiado
- EGAP (2007)
Mapa de competencias e servizos dos concellos de A Coruña e Vigo e as súas áreas de influencia Unidade de Investigación, Documento de Traballo, xerocopiado.
- Estévez, X. (2007)
“O peso da historia territorial e urbana”, en *Territorio, paisaxe e identidade*, Instituto de Estudo das Identidades, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela
- Exceltur – Xunta de Galicia (2005)
Impacto del turismo sobre la economía y el empleo. Estudio Impactur Galicia, <http://www.exceltur.org/excel01/contenido/portal/listawrap.aspx?nid=190>
- EUROSTAT (anual)
Regions, Bruselas, <http://inforegio.cec.eu.int>, <http://europa.eu.int/comm/eurostat>
- Fernández, M. (2004)
Política regional e interdependencia de la economía de Galicia, IIEG-Fund. PB de la Maza, A Coruña
- Fernández, X.; Baamonde, A.; Martínez, R. e Iglesias, B. (1991)
Catro ensaios sobre a esquerda nacionalista, Sotelo Branco, Santiago de Compostela
- Fernandez, X. e López, E. (2000)
Estructura económica de Galiza, Laiovento, Santiago de Compostela.
- Fageda, X. (2003)
“Load centres in the mediterranean port range. Ports hub and ports gateway”, Univ. Barcelona (xerocopiado)
- Fossas, E. e Requejo, F. (eds.) (1999)
Asimetría federal y Estado plurinacional, Trotta, Madrid
- Fuente de la, A.; Freire, M.J. e Alonso, J. (2002)
Infraestructuras y desarrollo regional, CIEF-Fundac. CaixaGalicia, Documento Economía nº 15
- Fuente de la, A. e Freire, M.J. (2000)
Estructura sectorial y convergencia regional, CIEF-Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- Fuente de la, A. e Gundín, M. (2008)
La financiación regional en España y cuatro países federales, CIEF-Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- Fuente de la, A. (2024)
Financiación autonómica y local, Apunts 2024/04, FEDEA, Madrid
- FUNCAS (anual)
“Crecimiento del PIB por Comunidades Autónomas”, *Cuadernos de Información Económica*.

- Fundación BBVA (bianual)
Renta nacional de España y su distribución provincial. Serie Homogénea 1955 a 1993 y avances 1994 a 1998. Síntesis y comparación de las CC.AA. con la UE (1959-1998)
 Bilbao (<http://bancoreg.fbbv.es>)
- Fundación BBVA (2005)
El stock de capital en España, Bases de Datos 1955-2000, <http://www.fbbva.es>
- Fundación BBVA (2015)
Crisis económica, confianza y capital social, <https://www.fbbva.es/publicaciones/crisis-economica-confianza-y-capital-social/>
- Fundación Pro Vigo (2002)
Plan Estratégico de Vigo, Versión provisional, xerocopiado
- Gago, A. (director) (2002)
Análise da eficiencia no servizo de recollida do lixo dos concellos galegos.
- Consello de Contas de Galicia, Colección Estudos e Informes.
www.ccontasgalicia.es
- Glabraith, J.K. (1992)
La sociedad opulenta, Ariel, Barcelona
- Glaeser, E.L. y Kohlhase, J.E. (2004)
 "Cities, regions and the decline of transport costs", *Papers in Regional Science*, 83, pp. 197-228
- Gobierno Vasco (2001)
Directrices de Ordenación Territorial de la Comunidad Autónoma del País Vasco
 Departamento de Ordenación del Territorio, Vitoria
- Gobierno Vasco (2002)
 "Estudio del Transporte Combinado e infraestructuras necesarias para su desarrollo en el Espacio Atlántico"
 Arco Atlántico , www.crpm.org/french/pages/commissions/atlantique
- Goerlich, F.; Mas, M. e Perez, F. (2002)
 "Concentración, convergencia y desigualdad regional en España", *Papeles de Economía Española* , nº93.
- González, M. (2003)
 "Competitividad intermodal del TAV a Galicia", *Información Comercial Española* nº 808, pp. 201-215
- González Laxe, F. (Coord.) (1992)
Estructura económica de Galicia, Espasa Calpe, Madrid
- Gonzalez Laxe, F. (Director) (1999)
Análisis económico del sistema portuario gallego, IIEGPBM, A Coruña.
- Gorz, A. (1997)
Metamorfosis del Trabajo, Edit. Sistema, Madrid
- Gradín, C. e del Río, C. (2001)
Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia, IIEGPBM, A Coruña.
- Gradín, C., Del Río, C. e Cantó, O. (2006)
La distribución de la renta en Galicia, CIEF-Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- Hall, P. (2007)
Planificación y desarrollo sostenible de las Regiones Capitales Metropolitanas

en Hall, P. (coord) "Congreso Regiones Capitales", Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Comunidad de Madrid

Hall, P.; Pain, K (2006)

The Polycentric Metropolis: Learning from Mega-City Regions in Europe, Earthscan, London

IAAT (2003)

"Révision des réseaux trans-européens de transport", CRPM, Comision Arc Atlantique

IGAPE (1998)

La economía gallega a partir de las TIO de 1990, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela

IGAPE (2000)

Galicia as portas do século XXI, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela

IGE-Xunta de Galicia (1996)

Proxección da Poboación de Galicia 1991-2026, Santiago de Compostela.

IGE (anual)

Enquisa de condicións de vida das familias, Santiago de Compostela.

IGE (2001)

Contas Económicas e Táboa Input-Output de Galicia 1998, Santiago de Compostela.

IGE (2008)

"Panorama demográfico de Galicia. Ano 2006", Santiago de Compostela.

IGE (anual)

"Galicia en Cifras", Santiago de Compostela, <http://www.xunta.es/auto/ige/Datos>

INE (anual)

Estadísticas de Actividades de I+D, Madrid.

INE (trimestral)

Encuesta de Población Activa, Madrid

INE (anual)

Contabilidad Regional de España, Madrid. <http://www.ine.es>

INE (anual)

España en cifras, <http://www.ine.es/escif>

Innerarity, D. (2006)

El nuevo espacio público, Espasa Calpe, Madrid

Inst. L.R. Klein e La Caixa (anual)

Anuario Económico de España, www.lacaixa.es

Inst. L.R. Klein e Sondaxe (anual)

"Atlas socio-económico de Galicia, Caixa-Nova, Vigo

ISEMAR (2003)

"Panorama des ports à conteneurs en Europe", Synthèse n° 59, novembre, www.isemar.asso.fr

ISEMAR (2002)

"Trafics portuaries européens, evolution 1970/2000", Synthèse n° 44, avril, www.isemar.asso.fr

James, F. (1989)

The Costs of Alternative Development Patterns: A Review of the Literature. Washington, DC, The Urban Land Institute

- KombiConsult (2004)
 “Study on Infrastructure Capacity Reserves for Combined Transport by 2015”
 International Union of Railways Combined Transport Group, Freiburg-París
- Krugman, P. (2001)
 “Nation in a Jam”. *The New York Times*, 13-V-2001.
- La Caixa (2007)
A economía de Galicia: Diagnóstico Estratégico, La Caixa, Barcelona.
- Lamas, S. (2004)
Galicia Borrosa, Seminario de Estudos Galegos – Ediciós do Castro, A Coruña
- Leira, E. (dir.) (1994)
Bilbao Metropolitano, La Propuesta, Gobierno Vasco – Diputación Foral de Bizkaia
- Letamendía, F. (1997)
Juego de espejos, Trotta, Madrid,
- Lomborg, B. (2003)
El ecologista escéptico, Espasa Calpe, Madrid
- López, R. (1990)
O outro desenvolvemento, Novo Século, A Coruña
- López, X. M. (2001)
 “Transformacións nas actividades e na paisaxe agraria”, en Perez Alberti (coord.), *O feito diferencial galego. As paisaxes de Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela
- López Facal, X. (2007)
 “Investimento estranxeiro directo e estratexias empresariais” en Prada, A. (Coord.) (2007) pp. 101-117, *Globalización, competencia e deslocalización*, Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Máiz, R. (2008)
La frontera interior, Tres Fronteras, Murcia
- Malthus, R. (1993)
Ensayo sobre la poboación, Altaya, Barcelona
- Margalit, A. (2010)
La sociedad decente, Paidós
- Martínez, X. L. (2001)
 “Arquitectura e paisaxe”, en Perez Alberti (coord.), *O feito diferencial galego. As paisaxes de Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela
- Martínez Suárez, X. L. (2006)
 “Urbanismo, arquitectura e paisaxe”, en *Feísmo? Destruír un país*, Baamonde, A. et al., Difusora de Letras, Ourense
- Mas, M. ; Pérez, F. y Uriel, E. (2003)
 “El stock de capital en España y su distribución territorial (1964-2000)”, Fundación BBVA, Bilbao
- Meixide, A. e Ares, J. (1999)
Galicia na Unión Europea, Comisión das Comunidades Europeas-Funcas.
- Meixide, A. e Castro, A. (2001)
Galicia e a Rexión Norte de Portugal: un espacio económico europeo, Fundación CaixaGalicia, A Coruña.
- METREX (2005)
 Sobre la práctica eficaz de la ordenación del territorio metropolitano, www.eurometrex.org (versión 3, 2005 consultada o 6.6.2007)

METREX (2007)

La Red de Regiones y Areas Metropolitanas Europeas. Informe 1996-2006, www.eurometrex.org (consultado o 6.6.2007)

Ministerio de Economía y Hacienda (2008)

Las balanzas fiscales de las CC.AA. españolas con las AA. Públicas centrales, (<http://documentacion.meh.es/doc/C18/C12/Varios/BalanzasFiscalesCCAA.pdf>).

Ministerio de Fomento (2000)

Movilia. Encuesta de movilidad de las personas residentes en España, www.fomento.es

Ministerio de Fomento (2004)

“Plan Estratégico de Infraestructuras y Transporte” (PEIT), <http://peit.cedex.es/documentos/propuesta/peit2004.pdf>

Propuesta de diciembre, Madrid

Ministerio de Fomento-Instituto Geográfico Nacional-OSE (2006)

Cambios de ocupación del suelo en España. Implicaciones para la Sostenibilidad. Mundi-Prensa, Madrid

Ministerio de Vivienda (2005)

Atlas Estadístico de las Áreas Urbanas de España, Secretaría General Técnica, Madrid

Ministerio Medio Ambiente – Fundación Biodiversidad (2006)

Sostenibilidad en España, Universidad de Alcalá de Henares, Madrid

Mota, F. (2002)

“El capital social de las Autonomías: ¿Explica el capital social por qué unas Comunidades Autónomas funcionan mejor que otras?”, en Subirats, J. e R. Gallego (Eds.): *Veinte años de autonomías en España. Leyes, políticas públicas, instituciones y opinión pública*, CIS, Madrid.

Monzón, A. (2007)

Madrid: el transporte, en Hall, P. (coord) “Congreso Regiones Capitales”, Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Comunidad de Madrid

Muñiz, I.; García, M. A. e Calatayud, D. (2006)

Sprawl: definición, causas y efectos. Document de Treball 6.3, Departamento Economía Aplicada, Univ. Autònoma de Barcelona, www.ecap.uab.es

Nogueira, C. (2008)

Galiza na Unión: A porta atlántica, Galaxia, Vigo.

Nogueira, C. (2012)

Para unha crítica do españolismo, Edicións Xerais de Galicia, Vigo

Nogueira, C. (2019)

Unha nación no mundo, Edicións Xerais de Galicia, Vigo

Nombela, G. ; Trujillo, L. Y Matas, A. (1998)

The economic aspect of charging for trans-european (TEN) seaport infrastructure in the European Union Univ. de Las Palmas, Final Report, June (xerocopiado)

ORATE-Comisión Europea (2004)

Informe intermedio sobre la cohesión territorial, <http://europa.eu.int>

Parlamento Europeo (2000)

“Informe sobre la tarificación de las infraestructuras”, 2000/2030 (INI), PE 286.577

Pérez, E. (Director) (1997)

Infraestructuras y desarrollo regional: efectos económicos de la autopista del Atlántico, Edit. Civitas, Madrid.

Pérez, F. (2005) (Dir.)

La medición del capital social, una aproximación económica, Fundación BBVA, Bilbao

https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2017/05/dat/DE_2005_IVIE_medicion_capital_social.pdf

PNUD (anual)

Informe sobre el desarrollo humano, Ediciones Mundi-Prensa, Mexico. <http://www.undp.org/undp/hdro>.

Prada, A. (1995)

“Comentarios sobre a actualización dunha escolma estadística”

en VV.AA.: *Estudios en homenaxe ao profesor X. M. Beiras Torrado*, USC, Santiago de Compostela.

Prada, A. (1999)

Economía de Galicia, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Prada, A. (2000)

“Posición económica, localización industrial e infraestruturas”, *Rev. Galega de Economía*, vol. 9.

Prada, A.; Varela, M. e Vázquez, M. (2001)

“A situación ambiental de Galicia no ano 2000: unha síntese”, en A. Prada e M.X. Vázquez (Coord.): *Economía ambiental e sociedade*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Prada, A. (2003)

Posición atlántica e infraestruturas de transporte de mercadorías na economía local

en Vázquez-Vicente, X.H. “Vigo: economía e sociedade”, Edicións Xerais de Galicia

Prada, A (2004)

Economía de Galicia, Editorial 3C3, Santa Comba

Prada, A. (2006)

Infraestructuras públicas e desenvolvemento: retos para un novo século

en Prada, A. e Álvarez, X. (coord.) “Chaves da economía pública galega”, Galaxia, Vigo.

Prada, A. (2006)

A reordenación territorial: mais aló dos concellos, *Tempos Novos*, xuño-xullo, n° 14

Prada, A. e Álvarez Corbacho, X. (2006)

Chaves da economía pública galega, Galaxia, Vigo.

Prada, A. ; Vázquez, M.X. e Soliño, M. (2006)

Electricidad verde, CIEF-CaixaGalicia, A Coruña

<https://www.investigobiblioteca.uvigo.es/xmlui/bitstream/handle/11093/952/Electricidade%20verde%202.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

Prada, A. (2007)

“Panorámica da paisaxe galega e da súa transformación social”, en *Territorio, paisaxe e identidade*, Instituto de Estudo das Identidades, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

Prada, A. (Coord.) (2007)

Globalización, competencia e deslocalización

Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

<https://www.investigobiblioteca.uvigo.es/xmlui/bitstream/handle/11093/949/Globalizacion%20competencia%20deslocalizacion.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

Prada, A. e Lago, S. (2009)

Galicia, unha economía europea, Editorial Galaxia, Vigo


Prada, A. (2017)

El despilfarro de las naciones, Clave Intelectual, Madrid

- Prada, A. (2021)
Riqueza nacional y bienestar social
 Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/358>
- 180 Prada, A. (2022)
Trabajo y capital en el siglo XXI
 Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/378>.
- Prada, A. (2023)
 ¿Sociedad de mercado o sociedad decente?, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
- Precedo, A. (1987)
Galicia: Estructura del Territorio, Edic. Xunta de Galicia
- Precedo, A. (coord) (1988)
 “Vigo. Area Metropolitana”, Fund. Caixa Galicia
- Radelet, S. Y Sachs, J. (1998)
 “Shipping costs, Manufactured Exports, and Economic Growth”, *Asoc. Americana Economía*, Chicago
 1.1.1998
- Rappaport, J. Y Sachs, J.D. (2003)
 “The United States as a Coastal Nation”, *Journal of Economic Growth*, 8 pp. 5-46
- Reich, R. (1993):
El trabajo de las naciones, J. Vergara, Madrid
- Reig, E. e Picazo, A. J. (1997)
Capitalización y crecimiento de la economía gallega, Fundación BBVA, Bilbao.
- Reig, E. (2008)
Competitividad, crecimiento y capitalización. de las regiones españolas, Fundación BBVA, Bilbao.
- Rivas, M. (1989)
Galicia, el bonsai atlántico, El País-Aguilar, Madrid
- Rivas, M. (2004)
Unha espía no Reino de Galicia, Edicións Xerais, Vigo
- Rivas, M. (2008)
A corpo aberto, Edicións Xerais de Galicia, Vigo
- Rivas, M. (2009)
Episodios galegos. Tempos de esperpento, Edicións Xerais de Galicia, Vigo
- RTA (2005)
 “Intermodalidad en transporte de carga: puertos y hinterland, transporte marítimo, incluyendo transporte de cortas distancias”, Red Transnacional Atlántica, Grupo Accesibilidad, Junio (xerocopiado)
- Rodríguez Bugarín, M. (2005)
 “La red ferroviaria gallega”, ponencia en *Jornadas sobre el Sector Ferroviario*, Escola Galega de Admón. Pública, A Coruña 15-16 febrero.
- Rueda, S. (2001)
Los costes ambientales de los modelos urbanos dispersos, www.bcnecologia.net
- Rueda, S. (2002)
Modelos de ordenación del territorio más sostenibles: la ciudad compacta y la ciudad difusa
www.geobuzon.fcs.ucr.ac.cr/modelosurbanos.pdf

- Sandel, M. (2009)
Justicia, ¿hacemos lo que debemos?, Debate, Barcelona
- Serratos, A. (Dir.) (1998)
Pla Territorial Metropolità de Barcelona, Memoria, Abril
- Sierra Club (1998)
Sprawl: the dark side of the American dream, www.sierraclub.org
- Sierra Club (2000)
Sprawl Costs Us All, www.sierraclub.org/sprawl/
- Simón, X. e Copena, D. (2013)
Energía eólica en Galicia, Serv. Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo
- Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, (2005)
Propostas para o futuro do ferrocarril en Galicia, <http://www.galicia.ccoo.es/>
- V. Smil (2021)
Energía y Civilización. Una historia, Arpa, Barcelona
- Solé-Tura, J. (1985)
Nacionalidades y nacionalismos en España, Alianza Editorial, Madrid
- Soo-Jin Kim (2006)
Gobernanza para uns mellores servizos públicos locais en cidades de tamaño medio, en “As conurbacións galegas desde unha perspectiva comparada” EGAP, monografía 2, Consellería da Presidencia-Xunta de Galicia, 2006
- Souto, X. M. (2001)
“Cambios culturais, globalización e periurbanización. Paisaxe, poboamento e ordenación territorial”, en Perez Alberti (coord.), *O feito diferencial galego. As paisaxes de Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela
- Storper, M. (2007)
Competitividad de las Regiones Metropolitanas, en Hall, P. (coord) “Congreso Regiones Capitales” Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Comunidad de Madrid
- Varela, M.M.; Surís, J.; Garza, D. e Iglesias C. (2001)
Galicia e o mar, Galaxia, Vigo.
- Varela, M.M. (coord.) (2010)
Unha estratexia marítima para Galicia, Galaxia, Vigo
- Vázquez Vicente, X.H. (Ed.) (2003)
Vigo. Economía e Sociedade, Edicións Xerais, Vigo.
- Vázquez, X.H. (2016)
A I+D+i empresarial en Galicia
Documentos de Traballo do FEG, Santiago
<https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/fb4083f4-cd8f-435c-b731-a4c5473519eb.pdf>
- Vence, X. (2005)
O fracaso neoliberal na Galiza, A Nosa Terra, Vigo
- Vergara, A. e de las Rivas, J.L. (2004)
Territorios inteligentes, Femp. Madrid
- Villares, R. (2019)
Galicia. Una nación entre dos mundos, Pasado & Presente, Barcelona

- Villares, R. (Coord.) (2022)
Os tempos son chegados. Un balance da Galicia autonómica (1981-2021), Parlamento de Galicia, Santiago
- Villares, R. (2023)
Galicia e Portugal. Irmandade e fronteira, Galaxia, Vigo
- Villeno, A. (2019)
Las redes de poder en España, Roca, Barcelona
- VV.AA. (1996)
“Galicia”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas* n° 16.
- VV.AA. (2005)
“Galicia”, *Boletín Económico de Información Comercial Española*, n° 2862.
- VV.AA. (2007)
“Galicia y Norte de Portugal” *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas*, n° 22.
- Xunta de Galicia (2000)
Libro Branco da Enerxía en Galicia, Santiago de Compostela.
- Xunta de Galicia – Consellería de Política Territorial (2004)
Avance das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)
Memoria de 318 páxinas, Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia – Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (2005)
Libro verde da Política Marítima de Galicia (PMG)
páxina web da Consellería, Santiago de Compostela, 147 pp.
- Zapata, R. (2004)
Multiculturalidad e inmigración, Síntesis, Madrid



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Últimas publicaciones na colección

La piedra de los monumentos gallegos: formas de alteración y procesos de deterioro

Benita Silva Hermo (2024)

Gibraltarians and their language. 22 linguistic biographies (2024)

Elena Seoane, M. G. Sanchez, Lucía Loureiro Porto e Cristina Suárez Gómez

As fugas de recursos, mito ou realidade colonialista en Galicia? Análise a través das políticas europeas de innovación empresarial (2024)

Diego Sande Veiga

El sistema político español. Historia, instituciones, dinámicas (2023)

Álvaro Xosé López Mira

¿Sociedad de mercado o sociedad decente? Crítica de la gran abducción neoliberal (2023)

Albino Prada Blanco



Galicia

Un país desnortado e minguante

Galicia entre 1990 e 2020 non se moveu dos dous millóns setecentos mil habitantes, cando tería que ter chegado aos tres millóns de seguir a tendencia media europea. A nosa poboación entre 16 e 34 anos pasou de 750.000 mozas e mozos en 2002 a 470.000 en 2023, unha caída que vai camiño da metade en vinte anos, mentres no conxunto do Reino de España ese colectivo é mesmo estable.

Velaí dous síntomas de que vivimos nun país minguante. Síntomas de que na produción de riqueza, no emprego ou nas rendas da maior parte da poboación transitamos por baixo das sociedade da nosa contorna española ou europea. E todo isto sucede por causa de andar desnortados. Porque en recursos naturais, en potencial laboral, en sectores concretos demostramos que de non atopar obstáculos temos recursos para reverter aquela situación.

Neste ensaio revísanse moitos deses obstáculos (de infraestruturas, institucionais, financeiros, tecnolóxicos, ambientais, de capital e benestar social, etc.) e propóñense alternativas para definir unha folla de ruta cun norte preciso: favorecer un maior desenvolvemento social e deixar de ser un país minguante.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

